



VALEDOR DO CIDADÁN

INFORME AO PLENO DO CONCELLO

2005

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE
CONSULTAS, ENTREVISTAS, EXPEDIENTES

Edita: Valedor do Ciudadán

Maquetación: Diego Durán

Imprime: Roel Artes Gráficas

Depósito Legal: xxxxxxxxxxxxxx

ÍNDICE

Presentación

Introdución

PARTE I: actuacións a instancia de parte do ano 2002
con incidencias no ano 2005

Introdución

Capítulo 1: Urbanismo

Resumo estatístico

Requirimentos

PARTE II: actuacións a instancia de parte do ano 2003
con incidencias no ano 2005

Introdución

Capítulo 1: Mobilidade e seguridade

Capítulo 2: Servizos Xerais

Capítulo 3: Urbanismo e Medio Ambiente

Capítulo 4: Xestión Municipal

Resumo estatístico

Requirimentos

PARTE III: actuacións a instancia de parte do ano 2004
con incidencias no ano 2005

Introdución

Capítulo 1: Asuntos Sociais

Capítulo 2: Medio Ambiente

Capítulo 3: Mobilidade e Seguridade

Capítulo 4: Servizos Xerais

Capítulo 5: Urbanismo

Capítulo 6: Xestión Municipal

Resumo estatístico

Requirimentos

PARTE IV: actuacións a instancia de parte do ano 2005

Introdución

Capítulo 1: Asuntos Sociais

Capítulo 2: Medio Ambiente

Capítulo 3: Mobilidade e Seguridade

Capítulo 4: Participación Cidadá

Capítulo 5: Servizos Xerais

Capítulo 6: Urbanismo

Capítulo 7: Xestión Municipal

Capítulo 8: Outros:

Exencións segundo o Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán:

Expedientes remitidos ó Valedor do Pobo

Expedientes remitidos ó “Defensor del Pueblo”

Resumo estatístico

Requirimentos

PARTE V: entrevistas

PARTE VI: consultas correo electrónico

PARTE VII: expedientes analizados no ano 2005 que se corresponden con actuacións iniciadas nos anos 2002 ó 2005

PARTE VIII: resumo estatístico

ANEXO

PRESENTACIÓN

*...a verdade resplandece por si mesma,
a mentira necesita sempre complicidade ...*

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, preséntase ante o Pleno municipal o informe das actividades levadas a cabo por este órgano durante o ano 2005.

O presente informe sobre a situación e as perspectivas das actividades (entrevistas, consultas, expedientes e actuacións de oficio) realizadas pola oficina do Valedor do Cidadán, levouse a cabo coas mesmas motivacións expostas nos informes anuais anteriores, co obxectivo de contribuír ó mellor coñecemento das queixas e das necesidades da cidade.

Convén lembrar que a convivencia, un concepto non fácil de definir, pode ser a arte de vivir socialmente, ó igual que tamén pode consistir nunha aprendizaxe continua, a modo dunha facultade que modela e dá sentido ás nosas vidas como intermediaria indispensable entre as ideas, os desexos e a acción individual. Por todo isto, non é estraño que, en todos os tempos, a historia dos grandes proxectos da humanidade e as aspiracións de cambio social intentaran, primeiro, as transformacións do individuo mediante unha ensinanza integral e unha educación cívica, entendidas máis como prácticas cotiás de culturas que como ensinanza regulada.

Con estas formulacións, aproveitamos, de novo, esta oportunidade para instar sinceramente á cidadanía de Vigo, a través dos seus representantes municipais elixidos, a enxuzar con mirada crítica o exercicio desta tarefa que estamos realizando por delegación do Pleno. Así pois, debemos deixar constancia que foi factible levar a cabo as actuacións realizadas grazas á confianza dos cidadáns de Vigo que acudiron a presentarnos os seus problemas, suxestións, dúbidas, queixas e, en bastantes casos, indignacións polos tratos recibidos.

Temos a esperanza e o desexo de que o informe que se presenta sexa de utilidade á cidadanía de Vigo e facemos constar que foi realizado con total e absoluta independencia e autonomía, sen interferencia de ningún membro dos partidos políticos que compoñen o Pleno municipal, coa única e exclusiva intervención dos compoñentes desta oficina do Valedor do Cidadán, que actuaron en todo momento con total liberdade e, polo tanto, responsabilidade do seu contido.

Como epílogo desta presentación, podemos manifestar que as persoas son as que ocupan a posición central en calquera debate relativo á posta en escena das actuacións municipais, posto que aquelas son os instrumentos e as beneficiarias.

LUIS ESPADA RECAREY

INTRODUCCIÓN

Na memoria do ano 2004 manifestábase que para acadar os propósitos constitucionais no ámbito das Administracións Públicas era preciso potencia-la eficacia administrativa e conseguir a correcta prestación dos servizos que aquelas teñen encomendados. Aludíase, entre outros, ó criterio da calidade como un sistema que hai que adoptar no ámbito da xestión, e que serve de fundamento para a procura dun modelo de excelencia.

O cidadán, o cliente, é o árbitro final da calidade do servizo. O mellor modo de optimizar a fidelidade e a credibilidade do cidadán é mediante unha orientación clara cara ás súas necesidades.

Toda organización, toda Administración pública, alcanza o seu máximo rendemento cando xestiona e comparte os seus coñecementos dentro dunha posición de innovación e mellora continuas.

Os administradores, os políticos, teñen que implicarse en adecuar a estrutura da organización, sexa cal sexa o seu ámbito xeográfico ou de competencias, ós fins previstos, e asegurar un sistema de xestión dos procesos áxil, económico e eficaz, permitindo un procedemento que mida, revise e mellore os resultados.

Precísase un reforzamento desta cultura entre as persoas, funcionarios, que integran a organización: comunicación, valoración, estratexias, plans, obxectivos e metas, accesibilidade e apoio, que permitan a participación no movemento continuo da mellora.

Neste senso, é básico o tema do persoal; o termo persoal ou persoas, afecta especialmente a determinados aspectos:

1. Xestión e mellora dos recursos humanos:

A organización, a pública tamén, ten que deseñar e desenvolver estratexias e plans de recursos humanos, implicando ferreamente ó persoal no desenvolvemento destas previsións.

Xestionarase a selección de novos membros garantindo os principios de igualdade, capacidade e méritos dos aspirantes; deberá priorizarse a utilización de enquisas de persoal e calquera outro tipo de información ou suxestión dos propios funcionarios, utilizando métodos organizativos innovadores.

O órgano xestor clasificará e adecuará o coñecemento e as competencias dos funcionarios ás necesidades reais da propia organización, programando e efectuando programas de formación que permitan que aqueles se adecúen ás capacidades actuais e ás necesidades futuras.

É básico desenvolver a capacidade das persoas a través do traballo en equipo, conectando os obxectivos individuais e dos equipos cos propios do sistema da organización, finalizando cunha avaliación do rendemento do funcionario e fomentando a súa mellora.

Hoxe estase a falar de realidades prácticas, de estudos científicos, de pragmatismos. Así, foise pasando da “ciencia da policía” ó desenvolvemento de ciencias variadas, como a socioloxía, influencias de pura acción empresarial privada, sistemas cibernéticos, etc. Non obstante, a polémica segue en pé.

A reforma administrativa augúrase desde varias fronteiras, e un dos motivos máis específicos é o aumento dos fins de cada administración. Hoxe atopámonos ante unha versión positiva da actividade pública, estamos ante unha actividade de fomento, é dicir, de estímulo, de impulso, de protección, de apoio e de promoción, a cal non é outra que o servizo público. Polo tanto, a organización e os métodos utilizados teñen que ser reformulados e actualizados.

Toda administración de medios require unha elevación da súa eficiencia, é dicir, da capacidade dunha persoa para ser resolutive no seu traballo, o que permitirá estimar o grao de rendemento do organismo en cuestión, chegando, deste xeito, a un nivel capaz de facer fronte ás necesidades presentes e, ademais, captar e absorber as previsibles.

A dirección diseña tarefas e programas; o soporte da función ou brazo executor ten que se-lo suficientemente eficiente para realizar os obxectivos. Se o deseño falla, a execución non será a axeitada.

O problema da reforma está inacabado en si mesmo, é un problema de todos os tempos; canto máis se tarde en acometelo, máis custoso resultará e, á súa vez, será insuficiente para responder ás demandas que se formulan e o proceso terá que ser interrompido.

A reforma abrangue dous aspectos:

- a) O orgánico: reparto axeitado de funcións, reforma das estruturas.
- b) O dinámico: reforma funcional do procedemento.

Non se trata de buscar ideas falsas, tan ó uso, como unha reforma desde un punto de vista espectacular; nas súas liñas básicas, débese ter presente un carácter real de modernidade, só así se poderán acadar outras metas necesarias na xestión, cales son:

- A axeitada normalización.
- A efectiva simplificación.
- A conciencia finalista: a produtividade polo viero da eficiencia.

A administración en xeral, e a local en particular, só estará en condicións de ofrecer ós cidadáns todo aquilo do que lle é debedora se é consciente de recoñecer a necesidade, e sen demora, da súa reforma, da súa adaptación, da súa mellora continua.

Neste ámbito da xestión de recursos humanos, é do maior interese unha axeitada alinación dos aspectos da remuneración, traslados e outros temas laborais coa propia estratexia da entidade. Cómpre dar o recoñecemento ós funcionarios coa finalidade de manter o seu nivel de ocupación e implicación, así como a asunción de responsabilidades.

Débase fomentar a concienciación e a implicación nos temas de hixiene e seguridade no traballo, sostibilidade do medio ambiente e responsabilidade ante os cidadáns e establecer os diferentes niveis de beneficios sociais, como plans de pensións, asistencia sanitaria, axudas infantís, fomento das actividades sociais, culturais, de esparexemento e deportivas, instalacións e servizos, flexibilidade horaria e transportes.

Para tales fins, o organismo debe ter establecidas as medidas de percepción correctas, que poden referirse a:

a) Motivación:

- Desenvolvemento de carreiras profesionais.
- Comunicación.
- Delegación e asunción de responsabilidades.
- Igualdade de oportunidades.
- Implicación.
- Liderado.
- Oportunidades para a aprendizaxe.
- Establecemento de obxectivos e a súa avaliación.
- Formación e desenvolvemento.

b) Satisfacción:

- Administración da organización.
- Condicións de emprego.
- Instalacións e servizos.
- Condicións de hixiene e seguridade.
- Salario e beneficios.
- Relacións entre persoas do mesmo nivel.
- Xestión de cambio.
- Política e impacto medioambiental.
- Rol na comunidade e na sociedade.
- Contorno do traballo.

2. Comunicación: interna e externa

É un proceso que permite o intercambio entre os funcionarios entre si e entre estes e a organización, por medio do que se transmite información.

É un proceso activo que en aparencia parece sinxelo, pero que en realidade entraña patentes dificultades, de aí a importancia que ten coñecer os feitos que poden impedir ou dificultar o proceso. Neste interveñen tres tipos de actividades:

- O proceso da información que se pretende transmitir, é dicir, qué se quere e cómo se vai realizar.

- A transmisión da información.
- O recibimento da información doutro.

Obviamente, existen tres elementos: emisor, receptor e mensaxe, pero para que o proceso sexa completo é preciso dispor dun cuarto, cal é o medio que se vai utilizar para transmitir a información.

A información que se vai transmitir pode verse desvirtuada pola existencia de obstáculos ou barreiras que poden ter varias orixes: lingüísticas, físicas, psicolóxicas e conversacionais. É básico coñecelas para tratar de eliminalas e alcanzar así unha información correcta.

Na organización ten que formularse a identificación das necesidades de comunicación que, no caso dunha Administración pública, transcenden moito máis alá que calquera outra forma de organización. Na Administración pública, ademais da información interna, que non é máis que unha ferramenta beneficiosa ó ente como tal, está a información externa, á que se cingue ó obxectivo básico da mesma, que non é outro que o de administrar bens ou dereitos que lle son alleos, é dicir, aqueles que se xestionan, se administran e se regulan en beneficio de terceiros: os cidadáns.

Á súa vez, o ente público desenvolverá políticas e plans de comunicación baseados nas súas necesidades, é dicir, nas súas obrigacións, desenvolvendo e utilizando vías de comunicación verticais, en ambos os dous sentidos, horizontais e, por suposto, externas.

Nesta comunicación externa é preciso que o informador posúa unhas determinadas aptitudes:

- Un ton cordial.
- Dar a oportunidade ó cliente para que se informe.
- A comprensión e a axuda.
- A delicadeza e a obxectividade.

Asemade, requírese que a comunicación goce dunhas características determinadas:

- Brevidade.
- Claridade, que non se opón a calidade.
- Ordenación, orde lóxica e de dificultade gradual.
- Insistente, como reforzo da mensaxe.
- Ilustrada, como reforzo da comprensión.
- Completa.
- Retorno, como comprobación de que a mensaxe foi comprendida.

Nos expedientes que anualmente se tramitan nesta Institución, son frecuentes as manifestacións dos cidadáns nas que se refliten situacións de abandono, pouca claridade ou deixazón nas informacións que se lle dan, presencial ou telefonicamente.

A comunicación materialízase a través de tres modos ou tipos:

Telefónica:

Debe estar separada fisicamente da presencial para evitar interferencias e ser clara, pausada, localizada e nun ton axeitado. Debe ser exhaustiva e chegar ata o fin da información, evitando as pausas dilatadas e as esperas.

Presenzal:

É a forma máis idónea, na cal se utiliza a palabra, o xesto, a ollada, a postura. É moi importante o ambiente, que debe estar conformado en canto ó acceso, á sinalización, á luminosidade e ó mobiliario, fuxindo das ringleiras.

O informador presencial ten que estar nominalmente identificado, tomar el a iniciativa, saudar ó cidadán invitándolle a sentar e preguntándolle que desexa. Ten que escoitar activamente, é dicir, “saber escoitar”, cooperando, indagando e requirindo información.

As obxeccións poden ser sinceras ou de protesta; neste suposto, é importante non entrar na dinámica, mantendo as rendas.

A información debe ser asertiva, de aí que se requira domina-las técnicas da libre información e da auto-revelación. A información adicional que nos procuran os demais debe ser obxecto de análise; por unha banda, facilítanos algo de que falar e, por outra, provoca que prestemos a atención debida, e con iso facilítase que o interlocutor siga falando, co que se achegará máis información da estritamente necesaria.

É frecuente que no proceso de información, é dicir, á hora de comunicarse con outra persoa, se dea a tendencia de considerar que o funcionario en cuestión ten que ser comprendido antes que el comprenda ó destinatario da información; a maioría non escoita para comprender, senón para contestar. Tense que calibrar e comprender o que está a acontecer dentro do interlocutor, dentro do cliente, do cidadán. A escoita activa, o “saber escoitar”, require facelo con atención e coidado, así seremos conscientes do que o outro está a dicir, do que intenta dicir. Con iso o cidadán dáse conta de que o funcionario está recibindo o que el lle quere dicir. Como di o proverbio chinés, “escoitar o dobre do que se fala”. A escoita empática quere dicir escoitar coa intención de comprender, hai que poñerse no pelexo do interlocutor, só así se coñecerán os seus sentimentos, a súa problemática, o que non implica que se estea de acordo co que o outro di. Trátase de buscar a confianza e a credibilidade do outro.

Escrita:

Ten que ser clara e concisa; responder a todas as cuestións formuladas; estar fundamentada en normas legais, indicando ademais as datas de publicación das mesmas; e ir acompañada da documentación que apoie ou aclare as respostas. De se-lo caso, é conveniente precisar que a información administrativa non é vinculante, senón meramente ilustrativa.

3. A información na norma xurídica:

a) A Constitución española:

A Constitución española, lonxe de ser un catálogo de principios de vinculación e cumprimento non inmediato ata que non sexa obxecto de desenvolvemento por vía legal, é unha norma xurídica, é a norma suprema do noso ordenamento. Por iso, é indubidable que os seus preceptos son alegables ante os tribunais. Neste senso pronúncianse o Tribunal Constitucional, na súa sentenza 16 (28 de abril de 1982). Este principio xeral non terá máis excepcións que aqueles casos en que así o imponha a propia Constitución, ou os que a natureza da norma impida considerala de inmediata aplicación, segundo a sentenza do mesmo tribunal (15/1982). Así o corrobora Häberle: “A Constitución está sempre no camiño”.

Por outra banda, o profesor Pérez Royo subliña que “A esfera da política é a esfera da incerteza; a esfera do dereito é, ou polo menos pretende ser, a esfera da seguridade”.

A Constitución española é a norma xurídica suprema que serve de referencia a todas as demais. A súa aplicación é directa e preferente no ámbito dos dereitos fundamentais.

Hoxe son as leis as que só valen no ámbito dos dereitos fundamentais, e non os dereitos fundamentais os que, como antes, valían só no ámbito da lei; porque, en definitiva, as leis so teñen valor no ámbito da Constitución.

O artigo 29 di que todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei. Se ben as peticións ás que se refire este artigo son peticións graciabes, non fundadas nun dereito subxectivo ou nunha norma previa habilitante, isto é o que as diferencia do dereito de instancia que recolle a Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á que nos referiremos máis adiante. Pero, no senso do artigo 29 da Constitución española, a petición só da dereito ó acuse de recibo, e para evitar distincións de difícil avaliación o máis conveniente é que a administración conteste tamén a estas peticións, aínda que sexa para comunicar a súa inadmisión ou desestimación sen máis, tal como parece deducirse da propia Lei 30/1992.

Pola súa parte, o artigo 103 di que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ó Dereito. Aquí o que interesa facer constar é que este artigo é de aplicación a todas as Administracións Públicas.

Por último, no artigo 105 dise que a Lei regulará “... b) o acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á investigación dos delitos e á intimidade das persoas”. É evidente que moitos preceptos constitucionais precisan da acción das Administracións Públicas, que moitas liberdades públicas requiren, para ser efectivas, do bo funcionamento da administración; o primeiro interese do cidadán céntrase en que as administracións presten eficazmente o abano de servizos que son da súa competencia e,

polo tanto, da súa responsabilidade. Estas prestacións van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes á solución dos problemas da vida diaria; o que realmente interesa é que a administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ó servizo dos intereses xerais. A finalidade da Constitución é acadar a eficacia administrativa, o que ó cidadán lle interesa é o bo funcionamento en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón un maior achegamento na busca da credibilidade. No ámbito da Administración local é o que a doutrina moderna define como a lexitimidade por rendemento, que está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, a mellora da situación material dos cidadáns que demandan a acción pública.

b) A Lei de bases de réxime local:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, no parágrafo 1.e do artigo 18, subliña que, entre os dereitos dos veciños, se atopa o de “ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución”.

No artigo 69 reflítese que “as Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida social”.

c) O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no artigo 147 subliña que “A tramitación administrativa deberá desenvolverse por procedementos de economía, eficacia e coordinación que estimulen o dilixente funcionamento da organización das entidades locais”.

No artigo 189 indica que “Os interesados nun expediente administrativo terán dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da súa tramitación, solicitando a oportuna información das oficinas correspondentes”.

E no artigo 231, confírmase, unha vez máis, que “As solicitudes que dirixan os veciños a calquera órgano do Concello en petición de aclaracións ou actuacións municipais, cursaranse necesariamente por escrito e serán contestadas nos termos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo”.

d) A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ó referirse á actividade das Administracións Públicas, declara no seu artigo 35, como dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas, entre outros, os seguintes:

- A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teña a condición de interesado, e a obter copias dos documentos contidos neles.

- A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan ós proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- Ó acceso ós rexistros e arquivos das Administracións Públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou noutras leis.
- A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios, que deberán facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

O artigo 39 recalca o dereito ó acceso ós arquivos e rexistros, xa citado.

Dentro do ámbito da Lei 30/1992, é necesario referirse ás disposicións que se reflíten no Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que regula os Servizos de información administrativa e atención cidadá. Dentro do capítulo de Información Xeral, determínase que esta dará cobertura a temas como:

- A identificación.
- Os fins.
- As competencias.
- A estrutura.
- O funcionamento.
- Os requisitos: xurídicos ou técnicos.
- A calquera outro dato de necesario coñecemento na relación coa Administración pública.

A información xeral facilitarase obrigatoriamente ós cidadáns sen esixir acreditación de lexitimidade ningunha. Cando fose conveniente unha maior difusión, a información de carácter xeral ofrecerase obrigatoriamente ós grupos sociais ou institucionais que teñan interese na mesma utilizando os medios que sexan axeitados de acordo coas novas tecnoloxías.

É de especial interese o desempeño correcto das funcións de atención ó cidadán, que abranguen, en canto á atención personalizada, as seguintes fases:

- A recepción e a acollida.
- A orientación e a axuda.
- A localización das dependencias e dos funcionarios.

A Lei de medidas para a modernización do Goberno local:

e) A Lei 57/2003, de 16 de decembro, trata de normalizar os desbordamentos sufridos pola lei 7/1985 (LBRL) como consecuencia do dinamismo acadado pola vida local provocado polas transformacións sociais, económicas e culturais, pretendendo a consecución simultánea de dous obxectivos:

1. Atender a necesidade dun liderado claro e diáfano ante a sociedade, o que esixe executivos con gran capacidade de xestión para actuar rápida e eficazmente.

2. Responder á existencia dun debate político aberto e creativo sobre as principais políticas da cidade.

Procúrase evitar que o cidadán se afaste da vida pública utilizando os medios ó alcance, dando a máxima participación e aplicación á nova tecnoloxía da información, facilitando así a realización dos trámites administrativos. Esta lei, segundo Castiñeira Izquierdo, pretende rachar co modelo tradicional; supón, no seu título X (réxime de organización dos concellos de gran poboación), unha ruptura co réxime local tradicional, constitúe un auténtico réxime estatutario especial que trata de dar resposta á problemática enunciada na súa introdución nun difícil equilibrio entre o anovamento e o respecto ás previsións constitucionais que enmarcan o réxime local, de obrigado cumprimento.

Dentro da ampla gama de anovamentos, atópase a creación da Comisión especial de suxestións e reclamacións, tan ligada ó Valedor do Cidadán, como unha garantía do axeitado sistema operativo de atención ó cidadán. Esta comisión podería supervisar a actividade da administración municipal no tocante ás queixas formuladas polos cidadáns e ás deficiencias no funcionamento dos servizos públicos. Para tal finalidade, o Pleno do Concello de Vigo do 25 de outubro de 2004, aprobou o seu Regulamento orgánico.

Desde outra perspectiva, Domingo Zaballos, nos seus comentarios á lei, formula, entre outras, a precisión de que non considera congruente a aplicación extensiva que se fai da mesma, directamente ou non, a outras entidades locais. Subliña que esta notable ampliación do ámbito de aplicación do réxime de organización dos concellos de gran poboación non resulta acreditado que responda a criterios de racionalidade técnica, senón que parece que só é directamente consecuencia de acordos entre os grupos políticos. De aí o elevado grao de consenso acadado para a súa aprobación, circunstancia sempre desexable e que soe facilitar a aplicación das normas emanadas das Cortes Xerais.

No seu artigo 18 recolle como dereitos dos veciños, entre outros “Ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitude á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución”.

No artigo 70.3 subliña: “Todos os cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das Corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105, parágrafo b da Constitución...”

De aí a necesidade de acomete-las medidas que fagan posible unha cultura administrativa presidida pola calidade continua da xestión, tal como se indicaba no Informe ao Pleno do Concello sobre as actuacións levadas a cabo no ano 2004.

E para rematar, é necesario lembrar ó Profesor García de Enterría: “O réxime local é unha materia con perfís propios que abrangue máis alá que a potestade de autoorganización, estendéndose a un feixe de competencias diferenciado e recoñecible”.

PARTE I

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de catro expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2002 con incidencias durante o 2005 e que corresponden a Área de Urbanismo.

Do seu contido cabe deducir:

a) O reiterado incumprimento do principio de legalidade imposto polo, entón vixente, artigo 18.1 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Cidadán, en canto que reflite que o organismo ou dependencia administrativa correspondente deberá, no prazo de quince días, remitir o informe escrito que pola Institución do Valedor do Cidadán se lle require.

O regulamento é un colaborador da lei que aclara, desenvolve, concreta e dita normas de procedemento e, ademais, regula unha organización.

Neste mesmo senso, é preciso lembrar o disposto no artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que se explicita que os termos e os prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ó persoal ó servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos. Esta lei é recoñecida como unha norma de cabeceira, reguladora do réxime xurídico da actividade, do procedemento e da responsabilidade de todas as Administracións Públicas.

b) Nas memorias dos anos 2003 e 2004 subliñábase que a potestade normativa municipal encamiñase a unha actividade de xestión, cal é a realización de fins mediante o axeitado emprego dos medios pertinentes. Esta actividade exerceuse, case sempre, respecto de bens ou intereses que lle son alleos; trátase dun perfil no que a actividade a desenvolver é o interese público.

Hoxe é indubidable que a lexitimidade da actividade pública municipal tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste eido, as estratexias son inesgotables. Esta lexitimidade por rendementos está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas de mellora da situación material dos actores que solicitan a acción pública. A eficacia deriva do des-terro das actuacións non suficientes.

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I: URBANISMO

EXPEDIENTE 7/2002

Queixa relacionada co incumprimento das ordes de derruba dun muro de contención. A petición vense interesando dende o ano 1996.

Con data 13/05/2004, máis de seis meses despois do actuado pola Concellería de Urbanismo, recíbese notificación do promotor da queixa na que nos indica que seguen sen executarse as ordes de derruba, sen impoñerse, cando menos, as multas coercitivas procedentes e sen actuación subsidiaria, tal como prescribe a lei.

Solicítase información actualizada o 14/05/2004, que ten que ser reiterada o 2/06/2004 e de novo o 21/06/2004. Recíbese a información o 19/07/2004, da que se deu traslado o 20/07/2004. No precitado informe dise: *“...o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante resolución de 7 de xullo de 2004 impuxo a ... multa coercitiva en contía de 1.200 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión Municipal de Goberno co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”*.

Transcorrido un prazo prudencial, o 1/09/2004 solicítase información actualizada, que se reitera o 5/10/2004, téndose recibido o 8/09/2004, no que se nos informa o seguinte:

“En resposta ó seu escrito de 5 de outubro de 2004, (ref. Expte: 7/02), en relación coa queixa de ..., infórmolle que por parte de ... procedeuse a rebaixar a altura do muro de contención e a retirar terras do recheo.

Segundo informa o arquitecto municipal o 22 de outubro de 2004 non se ten recuperado a rasante natural do terreo nos puntos de referencia P-1 e P-2 do levantamento topográfico realizado pola oficina de Cartografía municipal. Nos puntos P-3 e P-4 recuperouse a rasante natural do terreo.

O denunciado en data 28 de outubro personouse na oficina de Inspección Técnica de Obras manifestando a súa vontade de acatar o ordenado, pero presenta o problema de que as terras, ó haber un forte desnivel, van a caer sobre o camiño e non quere ter problemas cos veciños.”

A doutrina é coñecida nos temas en que a Administración municipal tería que poñer máis dilixencia na actuación que nos ocupa, o que é obvio que se traduce nunha falta de eficiencia, é dicir, calidade do que é eficiente, que é eficaz, que dá o resultado esperado, que é resolutivo no seu traballo, competente, eficaz.

Para tal efecto, é preciso citar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (outubro de 2003) que expresa a súa repulsa ao Concello de Vigo pola pasividade ante unha orde de derruba que significa unha medida de restauración da legalidade urbanística. Advertindo que o Concello tratou de xustifica-la dilación “polo elevado número de asuntos que se abordan”, o Tribunal, coherentemente, considera que esta non é xustificación suficiente, condenando ao Concello ao pagamento das costas. Non é preciso subliñar a quen se lle detraeron realmente as costas: aos cidadáns.

Por outra banda, en maio de 2004, tense noticia da execución dunha orde de derruba de data de setembro de 1998. Sobre este particular o Xulgado do Contencioso Administrativo, en xullo de 2001, recrimina ao Concello, é dicir, critica con dureza e rigor, por non ter levado a cabo a derruba no tempo transcorrido, rexeitando a validez do argumento de que se tiñan imposto multas coercitivas ao titular da obra.

O xuíz non considera válida a imposición de dúas sancións, unha en febreiro de 1999 e outra en marzo de 2000, estimando que as multas son unha mera cantidade simbólica aceptada polo administrado a modo de taxa ou contribución periódica, e que “non cumpren o previsto na lei”, declarando que o Concello debe derrubar subsidiariamente.

Volvendo ao cualificativo principal, cal é a eficacia, é de subliñar que a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, nas súas motivacións declara que o termo resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento. A propia Constitución española, no seu artigo 103, establece a eficacia como un dos seus alicerces.

Non se esqueza que hoxe a entidade local é máis permeable ao contorno que as outras Administracións públicas.

Retomando de novo a Constitución, tense que precisar que o primeiro interese do cidadán soe centrarse en que as Administracións públicas presten con eficacia todos os servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, citándose a continuación unha serie destes servizos, entre os que figura o urbanismo. Segue o texto legal a dicir que ao cidadán interésalle o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez. Isto supón tamén un achegamento na procura de credibilidade.

Xa en xaneiro de 2003 a prensa local facíase eco da opinión do Valedor do Pobo sobre este caso, sinalando a ineficacia da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

Despois das actuacións levadas a cabo segundo o exposto, realizáronse as seguintes:

Con data 9/11/2004 dáse cumprida información ó interesado do informe recibido o 8/11/2004.

Con data 4/04/2005 reábrese o expediente por mor dun escrito da mesma data, no que o interesado nos comunica que *“fai un mes e como sempre sen contestar”* solicitou na Xerencia Municipal de Urbanismo información sobre a situación na que se atopa o expediente 9670/423, xa que non se fixo a retirada total das terras de recheo, e que a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no seu citado informe, dá por rematado o expediente, preguntándose cómo pode ser isto se a situación segue a ser a mesma.

Pola nosa parte, indícase que as obras relativas ó expediente 9670/42.3 foron declaradas incompatibles coa ordenación urbanística vixente e, no mesmo informe, sublíñanse como obras realizadas sen licenza e incompatibles coa normativa vixente as executadas no Camiño ... (expedientes 12162-12362/423), o que resulta incomprensible. Estase a falar dun feito ilegal denunciado no ano 1996, o que reflite que a medición da calidade da atención ó cidadán implica un nivel de satisfacción non desexable por ninguén.

Solicitouse información actualizada o 5/04/2005 e, de novo, o 5/05/2005. Con data 15/06/2005 recíbese informe do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que subliña que, con respecto ó expediente 9670/42.3, as obras adáptanse ás condicións requiridas e, con respecto ó expediente 12335/423, procédese á incoación dun novo expediente de protección da legalidade urbanística pola caducidade do anterior. Tendo en conta os prazos que se subliñan, insistiremos a finais de xullo de 2005.

Con data 5/08/2005 solicítase á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) informe actualizado en relación coas actuacións previstas na resolución de 18 de maio de 2005, que se ten que reiterar nas seguintes datas: 21/09/2005, 20/10/2005, 16/11/2005 e 19/12/2005.

EXPEDIENTE 15/2002

O interesado indícanos que presentou denuncias contra un taller, lindeiro coa súa vivenda, por carecer de licenza de obra, de apertura e por contaminar o contorno.

Leva tempo facendo xestións no Concello, incluso requiriu a presenza da Policía local para parar a citada actividade, sen obter resultados, motivo polo que recorre a esta Institución.

A última actuación desta Institución data de 24/07/2003, na que se incide ante Urbanismo que, non obstante a sentenza recaída sobre a ilegalidade urbanística, a actividade seguía realizándose, e interesando unha solución axeitada ós fundamentos da queixa.

Despois das actuacións levadas a cabo segundo o exposto, realizáronse as seguintes:

Con data 21/09/2005, o interesado entrega un informe da Concellería de Urbanismo de 11/02/2005 sobre o estado da tramitación do expediente, feito polos servizos de Inspección Técnica de Obras, que relata as actuacións levadas a cabo nos anos 2003 e 2004, do que se desprende que en novembro de 2004 existe actividade. Coa mesma, data solicítase á vicepre-

sidencia da X.M.U. información en relación coas actuacións realizadas no período relativo ós oito primeiros meses do ano 2005, en aras a acadar unha protección da legalidade urbanística, a cal tivo que reiterarse o 25/10/2005, o 21/11/2005 e o 19/12/2005.

EXPEDIENTE 17/2002

Queixa relacionada cunha instalación de talleres sen licenza urbanística.

Con data 28/04/2003 incoouse atestado por desobediencia ante a negativa do responsable da actividade a que se precintase o local. Con data 15/12/2003 esta Institución solicitou informe actualizado, que se reitera o 9/02/2004, e que se recibe o 24/02/2004, no que se explicita que: *“ al parecer dicho taller ejerce actividad a puerta cerrada, las vigilancias se realizarán por agentes de paisano ”*.

Con data 24/03/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado, que se reitera o 27/04/2004, o 2/06/2004 e, posteriormente, o 17/06/2004. Recíbese o 29/06/2004 e comunícasenos que, con data 3/05/2004, o denunciado *“ presenta escrito de alegacións contra a resolución de 7 de abril de 2004 que a data de hoxe (17/06/2004) se atopa pendente de resolver. No mesmo manifesta que non realiza ningunha actividade, pero si pode realizar tarefas para o mantemento da súa vivenda ”*.

Con data 15/07/2004, é dicir, dous meses despois do escrito de alegacións, interésase informe actualizado sobre a situación exposta, que se reitera o 18/08/2004, o 15/09/2004 e, por último, o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Atopámonos ante outro suposto no que se fai patente, por un lado, a falta de colaboración e polo tanto o entorpecemento das actuacións desta Institución, xa que tras catro requirimentos sobre a resolución das alegacións feitas en relación cun expediente iniciado en 2002, en novembro de 2004 aínda non se tiña recibido resposta; e por outro, é de resaltar a falta de dilixencia, que non é outra cousa que a eficacia e a responsabilidade na execución dalgunha cousa.

Deste xeito, resulta claro que o cidadán afectado non pode ter unha valoración positiva con respecto á actuación do seu Concello.

Todo procedemento administrativo ordénase con vistas á conformación e exteriorización dunha declaración de vontade que produce o efecto de declarar, constituír ou modificar situacións xurídicas concretas. Coa lei nada é imposible, só hai que coñecer contra que clase de inxustiza se quere loitar. Os procedementos son situacións que obrigan á administración a actuacións presididas polas normas de economía, celeridade e eficacia; tense que actuar con axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata que se adopten as medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, hai que superar radicalmente a indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a administración, a eficacia da norma xurídica require da coactividade.

En ningún outro ámbito se sente máis involucrado o cidadán que no ámbito municipal.

Con data 23/11/2004 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se di:

“Con data 3 de novembro de 2004 desestimouse o recurso de reposición interposto por... contra a resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de abril de 2004 por canto nos informes da Policía local resulta probado que desobedeceu a orde de suspensión da actividade ditada polo presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 2 de outubro de 2002.

Toda vez que no informe do inspector municipal de data 1 de outubro de 2004 indica que no establecemento denunciado non consta o exercicio de actividade de taller de chapa e pintura, procede o arquivo de expediente”.

Con data 25/11/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo indicando que, segundo manifesta o interesado, a actividade denunciada segue a desenvolverse a porta pechada e en horarios non habituais de apertura ao público, incluso de noite, polo que se insta nova visita de inspección procurando que a mesma se efectúe en horarios non habituais.

Non é preciso estenderse máis en canto á axilización dos procedementos e á eficacia e axilidade da actividade pública do organismo en cuestión:

- 1º) Expediente iniciado en setembro de 2002, pero o interesado xa tiña presentado escrito de alegacións na Xerencia de Urbanismo en febreiro de 2001.
- 2º) O atestado por desobediencia incóase en abril de 2003 e remata en novembro de 2004.

Nun dos últimos traballos sobre a actividade municipal, feito polo profesor Álvarez Corbacho (*Veinticinco años después*), fálanos dos factores que explican a crise municipal e, entre outros, subliña:

- A debilidade de organización.
- A reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión.

Despois das actuacións levadas a cabo segundo o exposto, realizáronse as seguintes:

Con data 8/02/2005 a Concellería de Urbanismo comunica ó interesado que en contestación á súa solicitude de entrevista presentada no Rexistro Xeral da Xerencia o 15/11/2004, remíteselle copia da información enviada pola Oficina de Infraccións sobre a tramitación do expediente. Nesta información recóllense unha serie de informes da Policía local, dos que reflectimos os catro últimos:

- 17/07/2004 *“observaron desde la terraza de su casa como en el taller de al lado se estaban llevando a cabo trabajos de chapa y pintura”.*
- 8/11/2004 *“se realizó nuevamente atestado por desobediencia de la suspensión de actividad que se remitió al Juzgado”.*
- 16/11/2004 *“los agentes se personaron nuevamente en el taller, permitiéndoles la entrada el propietario al mismo, pudiendo comprobar que no existían indicios de ejercer actividad, si bien en el interior del mismo se encontraba un vehículo, y todo tipo de herramientas y aparatos de taller de chapa y pintura”.*
- 14/12/2004 *“una vez más y a requerimiento de D. ..., se personaron en el taller los agentes de esta Policía local, pudiendo observar que en el interior del local había luz y se escuchaba el ruido de un motor o compresor, no contestando nadie a las llamadas del timbre”.*

Con data 3/03/2005, esta Institución comunícalle á Concellería de Urbanismo que o 2/03/2005 recíbese visita do interesado, o cal nos fai entrega dos informes antes citados e manifesta que algún dos atestados xa foi ditaminado pola autoridade xudicial, descoñecendo o contido desta resolución, sen que pola Concellería de Urbanismo se lle teña dado coñecemento ou resposta e pregando información ó respecto.

Con data 4/04/2005, reiterouse o pedimento anterior, que de novo se solicita o 5/05/2005 e o 2/06/2005. Con data 8/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se informa da imposición dunha multa coercitiva de 500 euros, susceptible de ser reiterada se no prazo de un mes non se suspende a actividade. Esta Institución prevé, unha vez transcorrido o mes de xuño de 2005, instar de novo información actualizada, é dicir, vinteseite meses despois de iniciado o atestado por desobediencia. Non obstante, con data 14/06/2005 solícitase información sobre a situación dos atestados, xa solicitada o 3/03/2005, e que se reitera o 4/07/2005, o 2/08/2005, o 22/09/2005, o 20/10/2005, o 16/11/2005 e o 19/12/2005.

EXPEDIENTE 25/2002

Queixa presentada en relación coa construción dun tellado sobre un patio. Iniciado o expediente de protección da legalidade urbanística, acordouse e ordenouse a derruba das obras.

Das actuacións realizadas polo Concello, dáse este por satisfeito atendendo ao principio de proporcionalidade, engadindo que a execución subsidiaria das obras de derruba resultaría moi gravosa para a institución municipal.

Esta afirmación resulta contraria aos principios emanados de sentenzas xudiciais de supostos similares. A obriga do Concello pasa pola execución subsidiaria da derruba, asemade, a solución dada polo Concello dá a entender que non é necesario o cumprimento da normativa. Non se esqueza que *“lex est quod notamus”*; enténdese que a eficacia da norma deriva da eficacia da xestión e, polo tanto, o Concello terá que repoñer a legalidade infrinxida. Existe un decaemento da falta de rendemento.

Esta Institución, dende o 9/03/2004 ata o 5/10/2004, presentou sete requirimentos de información sobre a situación real de derruba, non obstante as multas coercitivas, sobre as que existe suficiente doutrina xurisprudencial, sen ter resposta ningunha.

Renúnciase pola nosa parte a seguir na pescuda deste expediente.

Tralo exposto, non sen certo asombro, o 18 de maio de 2005 recíbese escrito do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo polo cal se obriga á reapertura do expediente e no que se nos informa que *“con data 19/11/2004 se resolveu impoñer a ...unha nova multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1998, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes non se tivese realizado”*.

Do contido desta información deuse traslado ó interesado o 18/05/2005 e con data 23/05/2005 dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo puntualizando o seguinte:

1. Na Memoria do ano 2004 informouse que, tras sete requirimentos, por ser incoado o expediente o 9 de marzo de 2004, renunciouse a seguir a pescuda do mesmo.
2. Obviamente, ante a recepción do seu subliñado escrito, procédese á reapertura do mesmo e, sen esquecer os comentarios feitos na Memoria do ano 2004 (páxina 28), fai-se preciso manifestar o seguinte:

a) Atopámonos ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non responden ós criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é máis que un principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúe con rapidez e eficacia; é o feito que realiza o ser humano como efecto da súa vontade, que dá lugar a unha acción puntual e, no ámbito público, cando se realiza no exercicio das súas funcións ou polo traballo que se lle ten asignado.

Este principio de actividade non só é desexable, senón indispensable no seu funcionamento. Só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

b) No seu informe de 6 de maio de 2005, reflítese: *“en data 19/11/2004 resolveu impoñer a D. ... unha multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1998, co apercibimento da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado”*.

c) Conclusións:

- 1ª. Con data 18/06/98 ordénase a demolición.
- 2ª. Como esta non se leva a cabo, o 11/11/2004, seis anos e medio despois, acórdase impoñer unha multa coercitiva.

- 3ª. A multa impónse en novembro de 2004 e se lle informa ó Valedor do Cidadán seis meses despois.
- 4ª. No acordo de imposición da multa coercitiva faise especial mención a que se no prazo de un mes non se leva adiante a derruba, imporase unha nova multa.
- 5ª. Cando se asina o seu escrito (6/05/2005) xa transcorreran case seis meses desde a imposición da multa, o que indica que ninguén se ocupou de comprobar se a orde de derruba se levou a cabo ou porque aínda non se impuxo a seguinte.
- 6ª. Coñecida é por esa vicepresidencia a doutrina xurisprudencial con respecto ás derrubas non levadas cabo, carecendo de argumentación a decisión de impoñer multas coercitivas, xa que está probado que estas non son máis cunha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren coa finalidade da lei.

Por todo, prégase información puntual e actualizada da situación do expediente de referencia.

Esta información non se recibe, polo que con datas 22/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 21/11/2005 e 19/12/2005 reitérase a petición.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE URBANISMO	4
Execución de ordes de derruba	2
Obras sen licenza	2
TOTAL EXPEDIENTES	4
NÚMERO DE EXPEDIENTES DO ANO 2002 POR ÁREAS	
URBANISMO	4
REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES	
URBANISMO	100%

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2005

ÁREA DE URBANISMO		PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
QUEIXA	MOTIVO		
7/2002	Incumprimento da orde de derruba dun muro	05/04/2005 05/05/2005 05/08/2005 21/09/2005 20/10/2005 16/11/2005 19/12/2005	15/06/2005
15/2002	Apertura dun taller sen licenza que provoca contaminación acústica	21/09/2005 25/10/2005 22/11/2005 19/12/2005	Sen resposta
17/2002	Instalación dun taller sen licenza	3/03/2005 4/04/2005 5/05/2005 2/06/2005 14/06/2005 4/07/2005 2/08/2005 22/09/2005 20/10/2005 16/11/2005 19/12/2005	8/06/2005
25/2002	Construción dun tellado sobre un patio	23/05/2005 22/08/2005 27/09/2005 25/10/2005 22/11/2005 19/12/2005	Sen resposta

PARTE II

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de nove expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2003 que tiveron incidencias durante o ano 2005, e que pertencen ás seguintes áreas:

- Mobilidade e Seguridade	2
- Servizos Xerais	1
- Urbanismo e Medio Ambiente	5
- Xestión Municipal	1

Do seu contido cabe concluír o mesmo que o exposto na introdución relativa á Parte I; isto é, o incumprimento do principio de legalidade contemplado no Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Cidadán e a falta de eficacia da actuación pública.

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 30/2003

Queixa relacionada cos aparcamentos masivos nunha travesía que conta con dúas sinais verticais e que, a pesar das mesmas, se atopa case permanentemente ocupada por vehículos particulares, imposibilitando o acceso ás vivendas e ás atencións de servizos públicos imprescindibles, como ambulancias, bombeiros e taxistas.

Iniciouse o expediente o 14/04/2003, recibíndose informe da Policía local o 18/06/2003, no que se explicita que se ten incrementado o servizo de vixilancia.

Con data 3/10/2003 recíbense novamente queixas de que as transgresións das prohibicións, a pesares da vixilancia policial, son constantes, polo que o 6/10/2003 diriximos escrito á Concellería de Mobilidade e Seguridade, indicando que o escepticismo non se detén e apodérase, coma unha doenza, do espírito da colectividade sorbéndolle todas as enerxías, o que esto supón en contra do seu benestar, solicitando un incremento da acción policial.

Con data 28/06/2004, por parte do promotor da queixa comunicásenos que a persistencia do estacionamento indebido segue afectando á veciñanza, reiterando o estado da situación con data 29/07/2004, e novamente o 2/09/2004, sen ter recibido máis información ao respecto.

É sobradamente coñecida a doutrina do Valedor do Pobo naqueles termos que afectan aos dereito dos cidadáns que sofren polos rúidos, a calidade de vida, a intimidade, a saúde e o descanso, así como as situacións como a que nos ocupa, cando se ven afectados en servizos tan precisos como os do taxi, ambulancias e bombeiros, o que fai necesario accións decididas e decisivas para a aplicación da normativa coa efectividade que se precise.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/05/2005 reabriuse o expediente, xa que o interesado nos informou do seguinte:

- a) Os bolardos da beirarrúa seguen dobrados e rotos, co risco de accidentes para os transeúntes.
- b) Nalgúns puntos da rúa faltan os bolardos, o que facilita que os vehículos estacionen na beirarrúa, impedindo o paso dos peóns e obrigándoos a pasar pola rúa, co conseguinte perigo.

Solicítase, polo tanto, unha urxente actuación en aras de acadar unha solución axeitada.

Con datas 13/06/2005 e 3/08/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/09/2005 o promotor da queixa manifesta que se pintaron os pasos de peóns de García Barbón, pero non se realizou ningunha actuación na Travesía de Escolas Públicas, sentíndose, unha vez máis, non só abraiado, senón tamén ofendido polo abandono no que se atopa a veciñanza. Ante isto, con data 15/09/2005 reiteramos o pedimento, facendo mención ó sentimento anterior e, de novo, o 19/10/2005 e o 15/11/2005. Con data 17/11/2005 diriximos escrito á Sra. Alcaldesa en prol dunha solución.

Ante a falta de resposta, reitérase o pedimento anterior o 13/12/2005.

EXPEDIENTE 43/2003

Queixa presentada en representación da Asociación Veciñal de Lavadores pola falta de seguridade cidadá e ante a falta de resposta por parte do concello ás reiteradas denuncias formuladas. O interesado, en representación da mesma, expón que presentou escrito ante a máxima autoridade municipal, poñendo de manifesto a inseguridade que están a padecer os veciños da parroquia dende hai anos.

Foron postas denuncias na Policía nacional e noutras entidades e organismos, así como no Xulgado, sen obter resultado ningún, polo que solicitan a colaboración da Autoridade Municipal.

Recibiuse a queixa o 28/04/2003, solicitándose o preceptivo informe o 23/05/2003, que tivo que reiterarse o 30/07/2003 e o 18/11/2003. Recíbese o mesmo o 28/11/2003 e dáselle traslado ó interesado o 1/12/2003.

Resulta, cando menos, curioso que se nos faga chegar un informe, emitido o 10/09/2003 pola Policía local, con data 28/11/2003, o que induce a considerar ou ben unha falta de atención a esta Institución ou unha falta de coordinación na xestión municipal. A falta de coordinación implica unha desorde na disposición do esforzo de grupo, carencia de autoridade e falta da convicción do servizo mutuo.

Por outra banda, descoñécese, segundo o informe, a situación real dunha quebra do principio de legalidade urbanística derivada dun patente feito de falta de control en situacións que xeran núcleos de desarraigamento social.

Este expediente considerouse pechado no ano 2004, pero con data 10 de xaneiro foi preciso reabrilo por mor da queixa renovada pola Asociación Veciñal de Lavadores, o que motivou que se instase novamente á concellería competente a adopción de medidas e un control da zona, co fin de erradicar a perigosidade e devolver a normalidade a toda a veciñanza.

Esta petición foi reiterada nas seguintes datas: 17/02/2005, 15/03/2005, 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 22/12/2005.

CAPÍTULO II: SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 80/2003

Queixa relacionada coas inundacións que, a causa da choiva, se producen no garaxe dunha vivenda, que ademais provoca a entrada de augas fecais. Esta situación, como consta en diversos escritos, vense producindo dende agosto de 2001.

Iníciase o expediente o 27/10/2003, recibíndose o informe o 19/11/2003, no que se di:

“En mi informe de fecha 22/11/2002 explicaba que el problema se presentaba con el comienzo de las primeras precipitaciones fuertes en la ciudad para luego dejar de ocurrir según el relato de los denunciantes, por lo que puede evidenciar una falta de previsión en el mantenimiento por parte de la empresa concesionaria (Aqualia).

Como vemos el problema reaparece de nuevo, coincidiendo con las primeras precipitaciones fuertes, por lo que el técnico que suscribe se reafirma en su informe anterior”.

Con data 27/11/2003, e previa información ao interesado, diriximos escrito á Concellería de Vías e Obras, no que se reflíte o seguinte:

“Con data 19 de novembro do ano que andamos acusamos recibo do seu escrito (Negociado de Vías e Obras), nº de saída 011111, a súa referencia 36139/250, co que achega copia do informe que rende o Sr. enxeñeiro técnico de Obras Públicas con data 6/11/2003

e no que se reafirma en que as inundacións evidencian unha falta de previsión no mantemento por parte da concesionaria (Aqualia).

No suposto que nos ocupa atopámonos ante unha situación dun funcionamento anormal dun servizo público que produce, cando menos, resultados molestos para o cidadán, que non ve resolta a súa incomodidade por mor dunha falta de claridade entre unha Administración pública e unha empresa concesionaria dun servizo público, o que deriva nunhas actuacións insuficientes. As competencias teñen que ser exercitadas con eficacia e coa protección que requiren os dereitos dos cidadáns que afectan á calidade de vida.

O interesado non se ten que ver prexudicado polas discrepancias xurdidas entre o ente público e a concesionaria dun servizo público.

Por todo, é preciso chegar cunha maior axilidade á solución dun problema reiterado desde hai máis de dous anos.

Polo presente prégoille teña a ben adoptar as medidas que lle asisten para acadar a solución do problema que motivou a queixa”.

Ao non obter resposta ningunha, e non dándose actuacións posteriores, estimouse que o tema estaría solucionado.

Con data 24/11/2004 comparece o promotor da queixa que nos ocupa, e manifesta que os problemas que deron lugar á incoación do expediente séguense a producir, polo que con data 25/11/2004 instamos de novo a Vías e Obras unha solución definitiva do mal funcionamento dun servizo público.

Con data 25/02/2005 recíbese escrito de Vías e Obras, no que se limita a remitir copia do informe da concesionaria do abastecemento e saneamento de auga en Vigo, “Aqualia”, para os efectos oportunos, no que se remata que para eliminar o problema descrito é necesario proceder ó cambio da acometida, o que suporá a realización pola concesionaria dun orzamento que será presentado ó abonado para proceder ó cambio da mesma.

Con data 28/02/2005 dáse cumprida información ó interesado, quen nos mostra un orzamento de Aqualia por importe de 2.360,44 euros e manifesta a súa desconformidade, xa que a súa reclamación vai orientada ó mal funcionamento do saneamento pola unión de dous saneamentos no cruce de dúas rúas que levan un exceso de presión e produce o refluxo das augas. Solicita un informe dos técnicos municipais. Observacións que facemos chegar a Vías e Obras con data 28/02/2005.

Con data 10/03/2005, e a petición do interesado, solicítase entrevista entre este, un técnico de Vías e Obras e outro de Aqualia.

Con data 30/03/2005 ínstase unha solución urxente a un problema xa reclamado no ano 2003.

Con data 26/04/2005 recíbese escrito de Vías e Obras no que se indica que Aqualia se porá en contacto co interesado na procura dunha solución definitiva, o que se puxo en coñecemento deste, esperando que con esta xuntanza se dea unha solución ó problema.

CAPÍTULO III: URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 18/2003

Queixa presentada por unha asociación de consumidores en relación cos malos olores producidos por unha planta de residuos sólidos, asemade da acumulación de diverso material na beirarrúa.

As actuacións iníciase con data 5/03/2003 ante a Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, solicitude que ten que ser reiterada o 30/04/2003, o 14/07/2004 e, posteriormente, o 6/08/2003. Con data 16/09/2003 recíbese informe ao que se achega o informe do Inspector Municipal de 27 de agosto e se nos indica que *“o expediente continúa en trámites”*.

No informe da Inspección Municipal, entre outras, dise:

“Na planta existe un forte cheiro, provocado posiblemente polos restos orgánicos que veñen nos contenedores e o lavado de estes. Non podendo observar se a planta conta cun sistema de recollida de augas da choiva e de lavado, e se procede a pasalas por un separador de aceites grasas, debido á cantidade de contedores almacenados, e o xefe de loxística tamén o descoñece. Debido a que a persona responsable da oficina está de vacacións non poden presentar a documentación: licenza de apertura, autorización do vertido”.

Con data 22/10/2003, e ante o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado sobre a situación. Con data 20/01/2004 dende Medio Ambiente comunícasenos que a actividade desenvolvida non se axusta á licenza concedida e polo tanto dirixen as súas actuacións a Disciplina Urbanística, é dicir, a dez meses de iniciado o expediente.

Á vista do anterior e en espera de que a acción urbanística tomase o rumbo requirido, dirixímonos á Concellería de Urbanismo esperando que xa se tería comprobado todo o exposto na queixa, indicándolle que é evidente que as comprobacións ou non da existencia legal dunha actividade, denunciada en febreiro de 2003, non debe atoparse pendente do aproveitamento das vacacións (setembro de 2003) dun empregado da empresa. A Constitución española, artigos 9 e 10, consagra os principios de legalidade e eficacia na actuación da Administración pública. Téñense que evita-las actuacións insuficientes, como neste caso, e axiliza-los trámites legalmente previstos. A xestión que lle é propia debe exercerse eficazmente, máxime cando a mesma ten por obxecto preserva-los dereitos constitucionais dos cidadáns.

Con data 23/03/2004 solicítase novamente informe actualizado, que se reitera o 20/04/2004, o 5/07/2004, o 17/08/2004, o 8/09/2004 e, finalmente, o 6/10/2004.

Con data 2/12/2005 recíbese informe da XMU no que di que se procede á apertura de expediente de protección da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 20/2003

Queixa relacionada coa apertura dun local de hostalería no baixo dun edificio, carecendo da licenza preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licenza que se ten solicitado. As obras efectuadas ocasionaron danos na vivenda e molestias por ruídos e fumes.

O interesado xa tiña presentado escritos de denuncia o 24/10/2002, 27/01/2003 e 17/02/2003, sen ter recibido atención a ningún deles.

Iníciase o expediente con data 24/03/2003, reiterando o pedimento o 26/05/2003, o 29/10/2003 e, de novo, o 29/01/2004. Recíbese con data 24/02/2004 informe da Policía local, no que se reflite que, efectuada visita, non existe documentación do local, estando cheo de persoas e con música bastante alta, realizándose medicións sonométricas con resultado positivo.

Con data 2/03/2004 dirixímonos á concellería competente indicando o seguinte:

“Con data 24 de febreiro do ano que andamos recibimos informe da Policía local, a súa referencia 12923/2004, do que se achega fotocopia, no que se detallan diversas actuacións policiais, sen que ata o momento se teña coñecemento en relación coas medidas adoptadas en prol dunha solución do problema formulado dende hai case un ano, e sen ter recibido informe de Medio Ambiente, tal como sería nun axeitado proceder.

Pola nosa parte, só nos queda manifestar, unha vez máis como noutros supostos, que o réxime xurídico das Administracións públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.

O moderno Modelo Europeo de Excelencia, entre outras cuestións moi necesarias propugna que para comprender, prever e mellorar o desempeño e rendemento operativo é de maior interese revisa-la duración dos procesos de atención ao público, resolución de queixas e resposta ás demandas do contorno.

Segundo técnicos en temas de sostibilidade, as comunidades locais teñen que imaxinar, planificar, producir e gobernar as cidades de forma máis transparente, eficiente e cunha eficacia maior que a actual; tense que introducir o concepto de calidade no ámbito municipal como criterio fundamental da xestión municipal. Neste senso maniféstase a Lei 57/2003, de 16 de decembro, Lei de medidas para a modernización dos gobernos locais, que se concibe como instrumento axeitado para que os nosos gobernos locais afronten os complexos retos que lles presentan os

abrentes do século XXI. Requírese de xeito inaprazable a adopción das reformas tendentes á súa racionalización e modernización, medidas estas que xa teñen adoptado varias cidades.

Pero non sempre estas solucións son fáciles de acadar se non se pon en marcha un mecanismo imprescindible, cal é a coordinación, primeiro principio de toda organización que se prece, é dicir, a ordenada disposición do esforzo do grupo á fin de acadar a unidade de acción na procura dun propósito. A coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo. Calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora.

A doutrina moderna interesa constantemente que os temas de coordinación municipal deberían formar parte das preocupacións esenciais dos dedicados á organización municipal.

O propio Tribunal Supremo (1989) declara que toda coordinación implica un poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.

Nun xeito moi clarificador pronúnciase a Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, cando no seu artigo 18 indica que no exercicio das súas competencias propias, os órganos administrativos axustarán a súa actividade nas súas relacións con outros órganos.

Por todo, prégase, de novo, información esclarecedora das medidas levadas a cabo no expediente que nos ocupa e que poidan dar a satisfacción debida aos dereitos do cidadán”.

Con data 8/03/2004 recíbese informe, no que se di e dispón “que no caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ó coñecemento de que o establecemento denunciado non dispón da correspondente licenza, ou a licenza que ten non corresponde coa actividade que desenvolve, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda á preceptiva clausura de actividade”, co que se achegan copias de medicións sonométricas que superan os límites permitidos.

Con data 11/03/2004, á vista do anterior, dirixímonos á concellería competente co rogo de que, á vista do seu informe, se proceda a unha actuación decidida e se nos informe de xeito actualizado das xestións levadas a cabo pola unidade urbanística competente, reiterando o pedimento o 24/03/2004 e, de novo, o 16/04/2004.

Con data 19/04/2004 recíbese informe no que se di que se está a tramitar pola Inspección Técnica de Obras o expediente de protección da legalidade urbanística e que, con respecto á licenza de actividades, o informe de inspección indica que o local se axusta ao proxecto de construción, seguíndose o procedemento establecido, pendente do informe do laboratorio.

Con data 11/05/2004 solicítase nova información actualizada, que se reitera o 21/06/2004, o 22/07/2004 e o 24/08/2004. Con data 31/08/2004 recíbese informe no que se di que con data 19/08/2004 concédese licenza municipal para o desenvolvemento de café bar sen música. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 13/12/2004 o interesado reitérase na súa queixa e achega copia do parte de medicións sonométricas efectuadas pola Policía local o 12/11/2004, no que figura unha superación de 4,1 dBA no suposto de dispor de licenza para música, cousa que non se dá, polo que con data 14/12/2004 instamos a Urbanismo á adopción de medidas axeitadas. Finalmente, a instancia do interesado, con data 16/12/2004 entrégaselle ó mesmo un informe coas actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Reitérase a petición de informe nas seguintes datas: 7/02/2005, 7/03/2005, 7/04/2005, 10/05/2005, 9/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 22/12/2005.

EXPEDIENTE 21/2003

Queixa relacionada coa instalación, na azotea dun inmoble, dunha antena de telefonía móbil.

O interesado, representante dunha comunidade de veciños, presenta no Concello con data 19/11/2002 a reafirmación das denuncias presentadas o 16/04/2002 e 25/10/2002, coas que achega informes da Policía local e do Seprona nos que constan as actividades relacionadas co obxecto da queixa.

Iníciase o expediente con data 10/03/2003, pedimento que se reitera o 30/04/2003, recibíndose informe o 16/05/2003, no que se di: *“1. Con data 4 de novembro de 2002 a entidade... solicitou licenza de actividades e instalacións para o emprazamento dunha antena de telefonía móbil no edificio... 2. A día de hoxe a devandita antena carece da preceptiva licenza municipal de actividades e instalacións, atopándose o expediente en trámite, requiridos os interesados polo técnico municipal á espera de que presenten a aprobación do proxecto técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a fin de continuar coa tramitación do devandito procedemento”*.

Con data 27/05/2003 recíbese novo informe no que, en resumo, se reflite:

- A existencia dun informe da arquitecta municipal no que se indica a posibilidade de legalización da instalación en función do seu axuste ao establecido na Ordenanza municipal reguladora destes equipos.
- Que se acorde incoar expediente de protección da legalidade urbanística (23/01/2003), ordenando a paralización da obras ao carecer da preceptiva licenza.

Con data 15/07/2003 solicítase informe actualizado da situación, pedimento reiterado con data 4/11/2003. Con data 22/04/2004 recíbese o informe, no que se indica que á vista da documentación necesaria parece prudente esperar a que o interesado completase o expediente (quinze meses despois da incoación do expediente de protección de legalidade urbanística), e continúa *“o interesado non presentou a documentación requirida”*, engadindo que o expediente caducou ao non ter sido resolto no prazo legal, polo que se incoa de novo.

Á vista do anterior, e dado o tempo transcorrido, con data 10/06/2004, solicítase informe actualizado en relación co novo expediente, solicitude que se reitera o 8/07/2004, o 18/08/2004, o 16/09/2004 e finalmente o 25/10/2004. O informe recíbese o 21/12/2004, no que se conclúe coa concesión dun prazo de dous meses para que a empresa demandada complete a documentación precisa para a tramitación da licenza de obras, e de non achegar a documentación ou de non axusta-las obras ás condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación. Dáse traslado do contido do mesmo ao interesado.

Estamos ante un asunto denunciado o 19/11/2002. Dous anos despois da denuncia a situación segue sen definición. Esta Institución, pasados os dous meses subliñados, volverá instalar a información pertinente.

As reflexións son obvias, e o estado de indefensión dos afectados xorde da propia falta de rendemento no exercicio das competencias que lle son propias ao ente municipal. A situación dos cidadáns que demandan a acción pública, na protección dos dereitos que lles son propios, non mellora de ningún xeito, producindo un sentimento de exclusión social.

Con data 21/12/2004 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, co que se achega copia do acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 12 de decembro de 2004, no que, entre outras especificacións, dise e declárase *“como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente”* e que se require *“á entidade ... concedéndoselle o prazo de DOUS MESES ... para que complete a documentación De non aportar esta documentación ou de non axusta-las obras as condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación”*.

Con data 22/12/2004 deuse cumprida información do anterior ó interesado, indicándolle que *“en datas vindeiras, e de acordo co prazo que se subliña no apartado segundo do acordo, instarase á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo a que emita informe actualizado da situación”*.

Con data 7/02/2005 solicítase información actualizada, petición que se reitera o 7/03/2005 e o 7/04/2005.

Con data 29/04/2005 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflite que con data 30 de decembro de 2004 aprobouse o PXOM, no que se dispón que *“En todo caso se prohibe a instalación de dichas antenas o repetidores sobre las cubiertas de edificaciones residenciales o dotacionales”*.

Con data 2/05/2005 dáse cumprida información ó interesado, considerándose o expediente pechado. Non obstante, o 29/07/2005 recíbese copia do escrito que o interesado entregou no Rexistro Xeral da XMU con data 4/07/2005, no que insta o desmantelamento da instalación considerada ilegal, o que motiva que o 28/08/2005 esta Institución solicite da vicepresidencia da XMU informe actualizado sobre as medidas adoptadas en relación co citado desmantelamento, petición reiterada o 12/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 13/12/2005.

EXPEDIENTE 44/2003

Queixa relacionada con varias denuncias presentadas pola instalación dunha cheminea industrial que produce graves molestias, así como dun letreiro luminoso, todo iso como consecuencia da apertura dun local de hostalería sen licenza.

Iniciouse o expediente o 26/05/2003, facendo alusión á existencia dunha resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo ordenando a suspensión da actividade en aras da protección da legalidade urbanística.

Con data 16/07/2003 recíbese informe no que se di que se están a realizar as actuacións precisas para determinar se o local se axusta na actualidade á licenza concedida.

En relación co anterior, solicítase informe de tales actuacións con data 3/09/2003, que se recibe o 13/10/2003, no que se di que se ordena a incoación do expediente de protección da legalidade urbanística e a inmediata suspensión da actividade do local.

Dado traslado da información ó interesado, este comunica con data 31/10/2003 que o resultado das actuacións municipais non proporcionaron satisfacción á súa demanda principal: a retirada da cheminea e do letreiro luminoso.

Desta comunicación deuse o debido traslado á concellería competente con data 4/11/2003, indicándolle que os afectados seguen a padecer, dende hai ano e medio, unhas molestias que non se teñen erradicado polo exercicio normal dunha actividade pública. Denótase unha falta de eficacia, xa que o dano non se deriva da legalidade ou non dunha apertura dun local, senón das actividades complementarias que repercuten na saúde, na tranquilidade e no descanso dos cidadáns; a contaminación lumínica ten que ser hoxe obxecto de atención polos poderes públicos locais.

Recíbese informe o 19/11/2004, no que a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo nos di que: *“As únicas competencias atribuídas á Xerencia de Urbanismo son as relativas ó procedemento do restablecemento da legalidade urbanística”*.

Resulta incongruente a resposta se nos atemos aos problemas de competencias, que claramente se refliten e solucionan no artigo 20.1 da Lei 30/1992 – 4/1999.

Non obstante, e tras nova comunicación dos afectados, dirixímonos á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente indicando o sentimento de indefensión e humillación, manifestando a desconfianza dos afectados ante a pasividade do Concello. Pola nosa parte, incidimos en que realmente non se acada unha acción pública dilixente e eficaz en relación cun problema que se vén denunciando dende 2002, e que o escepticismo dos afectados non se detén, é como unha doenza que pouco a pouco lle vai invadindo o corpo, ao estar en contacto cunha realidade que non pode soportar.

Con data 22/03/2004 remítese copia do escrito anterior pregando información actualizada, reiterándose posteriormente o 22/04/2004, 24/05/2004, 24/06/2004, 22/07/2004, 2/09/2004,

6/10/2004 e 17/11/2004, no que se inclúe a nova queixa do interesado, na que expón a total indefensión cando se determine o carácter ilegal da colocación da cheminea no patio do seu edificio e inexplicablemente, nas novas demandas de obras para axusta-lo local á legalidade, non se fai mención ningunha á mesma, co que implicitamente a dá por boa, podéndose considerar, de feito, unha legalización por omisión, deixando á veciñanza indefensa fronte ás obras que constitúen o maior quebranto, esixindo agora, sen comunicación ningunha, unhas medidas de insonorización que producirían menor dano que a presenza da devandita cheminea.

Con data 11/01/2005 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, asinado o 17/12/2004, no que se reflite *“En resposta aos escritos desa Institución, nos que solicita información sobre a queixa presentada por ... comunícolle o seguinte:*

O enxeñeiro municipal, en data 19 de xaneiro de 2004, informa que, por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 24/07/1997, se lle concede a ..., licenza municipal para exercer actividade de cervexería no local sito na ...en base ao proxecto de adaptación do local firmado polo enxeñeiro técnico industrial... con data de visado 11/06/1996 e anexo de data 17/10/1996. Informa, ademais, o enxeñeiro municipal que no mencionado proxecto se indica que na cociña se instalará unha cheminea que, percorrendo polo patio de luces, supere en 2 m. a altura da cuberta e en 1 m. a altura do edificio máis próximo nun radio de 15 m. Asimesmo, no plano 03 de distribución de local reflítese a cheminea polo patio interior do edificio.

Por outra banda, en informe de inspección de 30 de xuño de 2004, indícase que o local se atopa pechado ao público e que segundo os propietarios de locais colindantes leva máis de tres meses pechado”.

De todo dáselle cumprida información ó interesado, estimando o expediente pechado.

EXPEDIENTE 54/2003

O interesado solicita a execución dunha sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, pola que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Iníciase o expediente o 24/06/2003, reiterándose a petición o 14/08/2003 e, de novo, o 11/11/2003, recibíndose informe o 5/01/2004, no que se di:

“...Desprazouse ao lugar unha pala retroescavadora e un camión. A derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños, que increpaban ós membros da Comisión Municipal a través duns altavoces nun vehículo aparcado diante da cancilla de entrada á vivenda, impediron o acceso á mesma.

Pola Secretaria da Comisión requiriuse ós veciños para que depoñan a súa actitude advertíndolles de que se está a executar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Policía local identifica a algúns dos veciños que impiden a entrada.

Destes feitos deuse traslado ó Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo que en data 20 de xuño de 2003 ditou sentenza no xuízo de faltas 213/2003 na que absolve ós veciños contra os que se seguiu o xuízo”.

Á vista do anterior, con data 4/02/2004, dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no seguinte senso:

“En relación co seu escrito de data 29/11/2003, nº de saída 061580, o seu expediente 12.273/423, nº de notificación 11462, e tendo en conta o tempo transcorrido dende as actuacións relatadas no mesmo, e con especial referencia á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 977, do 12 de novembro de 1998, e en atención ó principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística vixente, prégoille información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa.

Dende a nosa perspectiva faise preciso recordar que a evolución do contencioso é, en gran medida, a propia de todo o Dereito Administrativo; en termos sinxelos, redúcese todo a que o contencioso-administrativo como técnica impugnatoria existe porque ás Administracións públicas a lei lles reconece e outorga privilexios, potestades e poderes exorbitantes do Dereito Común, é dicir, sen potestade non existe actividade administrativa correcta. A administración só pode face-lo que a lei lle permite realizar, está positivamente vinculada á lei e esta é a que lle concede a potestade para actuar de xeito acomodado, é dicir, de xeito legal, como é no caso que nos ocupa e de acordo coa sentenza subliñada anteriormente.

Recórdese o artigo 24.1 da Constitución española, onde se consagra que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. No mesmo eido, hai que recordar o artigo 117.3 sobre o exercicio da potestade xurisdiccional “...xulgando e facendo executa-lo xulgado”, e para mellor entendemento o artigo 118, onde se proclama a obriga de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar a colaboración requirida por aqueles no curso do proceso e na execución do resolto.

Temos que rematar recordando que o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa, declara que “as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignan”.

A petición do anterior informe reitérase o 2/03/2004, e recíbese resposta en data 6/04/2004, no que, entre outras precisións, indícasenos que: *“Esta Administración municipal aterase ás ordes directas do Tribunal emitidas nese proceso, ó tratarse dun asunto “sub iudice” no que o Concello intervén como mero axente executor dos mandatos do órgano xudicial. Por este último motivo recoméndaselle que se dirixa directamente ó Tribunal”.*

Esta última recomendación está fóra de lugar, toda vez que o Valedor do Cidadán é, por definición legal, un comisionado do Pleno Municipal e non da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 1/07/2004 dirixímonos novamente á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no senso seguinte:

“ En relación co expediente de referencia, o seu expediente 12273/423 – 6242/423, por mor da demolición das obras de construción dunha vivenda no Camiño Centieiro, en resposta ó seu escrito de data 25/03/2004, no que se nos informaba que a derruba da edificación estaba sendo examinada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo 2/5558/1996, no que se abriera unha peza específica de execución, informámoslle o seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ó respecto mediante auto de 2/06/2004, que desestima o recurso de súplica interposto por ... contra a providencia do mesmo tribunal de data 30/04/2004. No citado auto o tribunal expón que a sentenza ditada no proceso limitouse a desestimar as pretensións da demanda interposta por ..., ditándose a sentenza cando xa entrara en vigor a Lei 2/1998, de 13 de xullo, que, no seu artigo 105, que regula a inexecución das sentenzas, non contén referencia ningunha ás sentenzas desestimatorias, polo que resulta de aplicación a doutrina da STS de 22/09/1999: “la ejecución que procede es la del acto, y no la de la sentencia, la cual, a efectos de ejecución, lo ha dejado intacto, sin quitar ni añadir nada a su fuerza ejecutiva. Una sentencia desestimatoria confirma el acto impugnado, lo deja tal como fue dictado por la Administración demandada, y el Tribunal de Justicia no puede decir ni aconsejar ni ordenar a aquélla cómo tiene que ejecutarlo”.

Polo exposto, reiteramos a solicitude feita con data 4/02/2004 a esa Xerencia Municipal de Urbanismo; que en atención ao principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística, se adopten as medidas que corresponden en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, en concreto, que por parte desa administración se executen os seus actos administrativos firmes, e se proceda a cumprir a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno do 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 12 de novembro de 1998.

Prégolle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa”.

Con data 20/08/2004 reitérase o pedimento de información actualizada, que de novo se ten que solicitar o 21/09/2004 e o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Con data 8/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflite que *“con data 12/01/2005 impuxo a ... unha multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no Acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10/05/1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”.*

Con data 9/02/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 15/03/2005 diriximos escrito literal á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo:

“Con data 8 de febreiro do ano que andamos recíbese desa vicepresidencia escrito de data 25 de xaneiro de 2005, número de saída 063076 do 7 de febreiro, o seu expediente 12.273/423, no que se explícita o seguinte: “...que con data 12-01-2005...impuxo...unha nova multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10-05-1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”

Ante esta puntualización, pola nosa parte temos que reiterar e recordar o exposto no noso escrito de 1/07/04, en canto que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ao respecto mediante auto de 2/06/2004 que desestimou o recurso de súplica e continúa facendo aclaracións referentes á Lei 2/1998, de 13 de xullo, que agora non imos repetir, soamente que se preste a debida dilixencia en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, é dicir, que, en concreto, esa administración execute os seus actos administrativos FIRMES e, se procede, cumpra a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno de 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza firme do TS de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 1998.

As actuacións parciais de multas coercitivas, como a que se indica no seu escrito, xa teñen un referente na doutrina xurisprudencial, por esa Xerencia de Urbanismo coñecida, e que non é outra que o rexeitamento das medidas adoptadas que non refliten máis que unha actitude pasiva, e que a validez da imposición de sancións pecuniarias é un mero simbolismo que non cumpre coa finalidade da lei. Esta esixe para que sexa cumprida, e neste suposto o Concello debe derrubar subsidiariamente, acudir a todos os medios que a lei pon á súa disposición. A coercitividade obriga a actuar de forma concreta.

Signifícase ademais que en data sete dos corrente, recíbese a visita, unha vez máis, de D. ..., manifestando de novo a súa decepción e desesperanza polo estado dunha situación ilegal denunciada xa en 1994.

Por todo, requírese unha solución urxente e correcta que permita, na medida que sexa posible, recupera-la confianza por parte do cidadán ante unha tardía actuación da lexitimidade pola vía dos rendementos.

Prégase información puntual e actualizada en relación co exposto anteriormente”.

Con datas 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 18/08/2005 e 27/09/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/11/2005 recíbese resposta, na que se indica a imposición dunha multa coercitiva, co apercibimento dunha nova se no prazo de un mes non se realiza a derruba. Do anterior dáse traslado ó interesado o 15/11/2005, indicándolle que en datas vindeiras se instará nova información. Compróbase que o contido deste informe é o mesmo que o do recibido o 12/01/2005.

Con data 15/11/2005 dirixímonos á vicepresidencia da XMU indicando o noso estupor pola falta de axilidade e coherencia ó deixar pasar case dez meses para segui-los pasos precisos na procura da defensa da legalidade urbanística, petición reiterada o 13/12/2005.

CAPÍTULO VI: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 28/2003

Expediente relacionado coa inundación nunha vivenda ocasionada por atasco de canos a cargo da empresa concesionaria do abastecemento e saneamento.

As actuacións iníciáanse o 3/04/2003, reiterando a petición de informe o 26/05/2003. Con data 8/07/2003 recíbese informe de Vías e Obras mediante remisión do correspondente da concesionaria de augas, que se manifesta en desconformidade co interesado. Con data 5/08/2003 dende esta Institución indícaselle que a situación se deriva dun incorrecto funcionamento dun servizo público, recibíndose resposta o 11/08/2003, na que se indica que o interesado damnificado debe presentar reclamación patrimonial, cousa que fixo o 24/09/2003.

Con data 15/04/2004, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítase a Xestión Municipal (Patrimonio) informe sobre a resolución recaída, indicándonos, o 5/05/2004, que o expediente está aínda en trámite.

Con data 7/06/2004 solicítase novo informe actualizado, co ánimo de impulsa-la tramitación, recibíndose resposta o 7/07/2004 indicando que, en breves días, o interesado recibirá no seu domicilio escrito dándosele trámite de audiencia.

Con data 25/08/2004 solicítase informe acerca da situación actual do expediente, que se recibe o 10/09/2004, no que se nos informa que está pendente de redactarse o informe de resolución para o seu posterior trámite ante o Consello Consultivo de Galicia para ditame.

Tense que reflexionar que un expediente non realmente complexo, para chegar á situación descrita, é dicir, sen finalización, foi preciso que transcorresen 17 meses. O rendemento das actuacións públicas non resulta apropiado ao requisito de capacidade de dar resposta satisfactoria á demanda xustificada do cidadán; demoras como esta provocan tamén situacións de exclusión social e polo tanto desacougo inxustificado.

Tense que recordar o tema da simplificación e axilización nos procedementos, co ánimo de acadar-la calidade satisfactoria.

Despois das actuacións levadas a cabo segundo o exposto, realizáronse as seguintes:

Con data 16/09/2004 dáse cumprida información ó interesado do informe recibido o 10/09/2004.

No informe da Concellería de Xestión Municipal de 31/08/2004 sublíñase que o mesmo se traslada “para seu coñecemento e demais efectos”. Con relación ós “demais efectos”, comunicámoslle á concellería competente que con data 28/02/2005, é dicir, seis meses despois, comparece nesta oficina o interesado co ánimo de recibir información sobre o tema (expediente iniciado o 3/04/2003), tendo pola nosa parte o convencemento de que se atopa solucionado, polo que instamos informe actualizado ó respecto.

Con data 15/03/2005 recíbese informe de Patrimonio no que se explicita que o expediente se remite para informe do Consello Consultivo de Galicia (sete meses despois de que estivese pendente de redactar informe de resolución para envío ó citado Consello, segundo escrito da Concellería de 31/08/2004).

Con data 17/03/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 27/04/2005, e dado o tempo transcorrido desde o último informe da Concellería (10/03/2005), reitérase o pedimento.

Con data 4/05/2005 recíbese informe no que se subliña que, recibido o informe do Consello Consultivo de Galicia, o expediente está pendente de resolución pola Xunta de Goberno Local, dándose traslado do mesmo ó interesado e quedando pendente da resolución definitiva. Con data 13/06/2005 solicítase informe actualizado sobre a resolución da Xunta de Goberno Local, o cal se recibe o 20/06/2005, no que se indica que a mesma xa resolveu e que con data 12/06/2005 lle foi enviada a resolución ó interesado. Esta Institución descoñece o contido da citada resolución, polo que o 21/06/2005 se solicita copia da mesma, a cal se recibe o 5/07/2005, na que se resolveu desestimala reclamación formulada polo interesado, quedando aberta a vía do recurso de reposición ou a contencioso-administrativa.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	2
Seguridade cidadá	2
ÁREA DE SERVIZOS XERAIS	1
Inundacións	1
ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE	5
Apertura sen licenza	3
Orde de derruba	1
Varios	1
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL	1
Responsabilidade patrimonial por danos materiais	1
TOTAL DE EXPEDIENTES	9

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS*

Urbanismo e Medio Ambiente	55,55%
Mobilidade e Seguridade	22,22%
Servizos Xerais	11,11%
Xestión Municipal	11,11%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2003 CON INCIDENCIAS NO ANO 2005

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
30/2003	Aparcamento nunha rúa con sinais de prohibición e destrución de bolardos	11/05/2005 13/06/2005 3/08/2005 15/09/2005 19/10/2005 15/11/2005 17/11/2005 13/12/2005	*1 Sen resposta
43/2003	Falta de seguridade na veciñanza dun barrio	17/02/2005 15/03/2005 13/04/2005 12/05/2005 13/06/2005 7/07/2005 18/08/2005 27/09/2005 25/10/2005 24/11/2005 22/12/2005	Sen resposta

*1 - Ante a pasividade da concellería competente, dáse coñecemento da situación á Excma. Sra. Alcaldesa

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
80/2003	Inundacións producidas nun garaxe a causa da choiva	Varias no 2004 28/02/2005 30/03/2005	25/02/2005 26/04/2005

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
28/2003	Inundación dunha vivenda polo atasco dos canos	28/02/2005 27/04/2005 13/06/2005 21/06/2005	15/03/2005 4/05/2005 20/06/2005 5/07/2005

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
18/2003	Malos olores en planta de residuos Varios no 2004 2/12/2005		
20/2003	Local de hostalería sen licenza que provoca ruídos e fumes	7/02/2005 7/03/2005 7/04/2005 10/05/2005 9/06/2005 7/07/2005 17/08/2005 27/09/2005 25/10/2005 14/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
21/2003	Instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza	7/02/2005 7/03/2005 7/04/2005 28/08/2005 12/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 13/12/2005	29/04/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
44/2003	Apertura dun local de hostalería sen licenza que produce molestias lumínicas, fumes e cheiros	Varios no 2004	11/01/2005
54/2003	Solicitud de execución dunha sentenza que ordena a derruba de obras	Varios no 2004 15/03/2005 13/04/2005 12/05/2005 13/06/2005 7/07/2005 18/08/2005 27/09/2005 15/11/2005 13/12/2005	8/02/2005 14/11/2005

PARTE III

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de corenta expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2004 que tiveron incidencias durante o ano 2005, e que pertencen ás seguintes áreas:

- Asuntos Sociais	2
- Medio Ambiente	5
- Mobilidade e Seguridade	8
- Servizos Xerais	3
- Urbanismo	14
- Xestión Municipal	8

Do seu contido dedúcese un claro quebranto do principio de legalidade recollido no Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Cidadán, ó non respectar de forma reiterada o disposto no seu artigo 18 en canto á colaboración que o mesmo subliña, sen prexuízo das puntualización que se fagan en cada suposto das áreas ou sectores que se refliten.

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I: ASUNTOS SOCIAIS

EXPEDIENTE 53/2004

O interesado expón que se matriculou no curso 2003-2004 en “Inglés Perfeccionamento II” na Escola de Artes e Oficios, curso no que por parte da súa mestra non se lle permitiu o uso do galego nos seus traballos escritos. Unha vez se dirixiu á mesma, alegando o seu dereito ao uso do idioma galego e, sen obter ningún resultado, entregoulle un escrito ao respecto, que non foi aceptado.

Ante a actitude da mesma, o interesado dirixiuse ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo en dúas ocasións, esixindo que se rectificase a súa situación, así como que se adopten as medidas oportunas para que non se repita en vindeiros cursos. En particular, solicita que se impartan cursos do inglés ao galego (do mesmo xeito que existen cursos do inglés ao castelán).

Queixa presentada o 1/07/2004. Con data 5/07/2004 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Asuntos Sociais (Normalización Lingüística), que foi recibido con data

22/07/2004, co que achega informe do director da Escola Municipal de Artes e Oficios. No mesmo se indica que, segundo a mestra da materia, as clases de inglés, dende o seu inicio naquel Organismo Autónomo no ano 1978, entendéronse sempre como clases de castelán-inglés, engadindo que son moitos os docentes da Escola de Artes e Oficios que desenvolven o seu labor en galego. Informe que se traslada ao interesado o 26/07/2004.

Con data 18/08/2004 recíbese novo escrito do interesado en resposta ao informe antes indicado, no que manifesta a súa desconformidade co mesmo nos seguintes puntos: en primeiro lugar, alega que na matrícula do curso só se facía mención a “clase de inglés” (e non “castelán-inglés”); en segundo lugar, que o acordo do ano 1978 é previo á promulgación da Lei de normalización lingüística de Galicia e á Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Vigo; finalmente, engade que non é de recibo contestar que na Escola de Artes e Oficios se emprega moito o galego ante un problema de vulneración de dereitos lingüísticos, por tratarse así mesmo dunha vulneración das leis antes referidas.

Por isto, con data 19/08/2004 dirixímonos novamente ao Servizo de Normalización Lingüística trasladando a postura exposta polo interesado. Con data 25/10/2004 solicitamos do citado servizo que se nos informe das medidas adoptadas para evita-los inconvenientes que motivaron a queixa. Recíbese con data 5/11/2004 escrito no que se indica que se solicitou informe ao director do centro e ao secretario asesor da Xunta Rectora.

Con data 23/12/2004 reiteramos a petición de informe solicitado o 25/10/2004.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2005 recíbese escrito da Concellería de Asuntos Sociais no que se indica que, pola súa parte, reitera a petición do informe á dirección da Escola de Artes e Oficios e á Secretaría Asesora da Xunta Rectora.

Pola nosa parte, reitérase a petición de informe en datas 27/01/2005, 24/02/2005 e 29/03/2005.

Con data 5/04/2005 recíbese escrito do Servizo de Normalización Lingüística no que se explicita que a implicación deste servizo no tema cuestionado limitouse á remisión dun informe interno ó secretario da Xunta Rectora da Universidade Popular.

Con data 25/05/2005 esta Institución volveu reiterar a petición do informe en cuestión.

Con data 27/05/05 recíbese escrito da Concellería de Asuntos Sociais, co que achega o informe solicitado, expedido polo secretario da Xunta Rectora, no que, tralas consideracións xurídicas (Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de calidade da educación, artigo 53; decreto 88/1999, de 11 de marzo, artigos 2 e 5; Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, artigos 6, 13.2 e 16; decreto 247/1995, de 14 de setembro, artigo 3) chega á seguinte conclusión:

“As normas citadas levan a concluír que calquera actuación que vaia dirixida a prohibir o uso do galego deba considerarse excepcional debe estar sobradamente xustificada pois, do contrario, haberá de presumirse que aquela resulta discriminatoria e, polo tanto, contraria os artigos 5 do Estatuto de Autonomía e 14 da Constitución española.

A vista do que se acaba de indicar, resulta moi difícil xustificar que non se poida utilizar o galego para superar as probas do curso de inglés impartido na Escola de Artes e Oficios.

O ámbito no que se imparte o curso, educación para adultos de carácter complementario a formación cultural das persoas a quen vai dirixido, fai pouco creíble que tal curso teña un carácter tan técnico que obligue a utilizar exclusivamente o inglés e o castelán para superar as probas correspondentes.

O anterior refórzase se se ten en conta que nun ámbito moito máis técnico, como é o da licenciatura en filoloxía inglesa que se imparte na Universidade de Vigo, se vén admitindo de xeito pacífico o uso do galego.

Sobre a base das consideracións expostas cabe formular as seguintes conclusións:

1º.- Os alumnos da Escola de Artes e Oficios, incluídos os que asistían ó curso de inglés que motiva o presente informe, teñen dereito a usar a lingua galega nas probas establecidas para superar os cursos que naquela se impartan.

2º.- Débese impedir calquera conducta que supoña discriminar os alumnos por razón do uso da lingua galega.”

Con data 2/06/2005 dáse cumprida información ó interesado, quen cualifica a resposta como incompleta, xa que non fai referencia á programación do curso 2005-06 “galego-inglés-galego”, instando nova información. Neste senso dirixímonos á concellería competente o 20/06/2005 e, de novo, o 2/08/2005 e o 21/09/2005, xa que non se coñecen as medidas adoptadas con respecto ó curso 2005/06, próximo a comezar. Esta petición ten que reiterarse o 25/10/2005 e o 28/11/2005.

Con data 20/12/2005 recíbese o informe, no que indica que se adoptaron as medidas oportunas solicitadas no seu día, o que se comunica ó interesado o 21/12/2005.

Entendemos que un informe solicitado pola Concellería de Asuntos Sociais a membros de dependencias da súa área, tería que ser cumprimentado coa axilidade e a eficacia que se require en accións como a que nos ocupa.

Non é correcto responder que na Escola Municipal de Artes e Oficios se emprega moito o galego, o que se interesa é o cumprimento da Lei de normalización lingüística e a Ordenanza municipal de normalización lingüística.

É preciso manter o principio de coordinación como unha ordenada disposición do esforzo do grupo, co ánimo de acadar unha unidade de acción na procura dun propósito. A coor-

dinación é un problema de autoridade en primeiro lugar, e despois unha convicción de servizo mutuo.

EXPEDIENTE 97/2004

O interesado manifesta o seu desacordo coa actitude que manteñen algúns cargos públicos e funcionarios do Concello de Vigo, entre outros organismos, por mor da non utilización do galego nas súas intervencións públicas ou oficiais.

Queixa presentada o 22/12/2004, solicitándose o preceptivo informe o 23/12/2004.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 27/01/2005 reitérase o pedimento anterior, recibíndose o informe por parte da Concellería de Asuntos Sociais o 28/01/2005, no que nos di o seguinte: *“...comprácame informarlle que a lingua galega é un dos valores máis importantes da nosa cultura e, por iso, dentro dos obxectivos deste goberno está o facer cumprir a Ordenanza de Normalización Lingüística que foi publicada no B.O.P: en data 17 de maio de 1989. Por todo iso xa se lle fixo chegar a orde de subsanación de erros os servizos correspondentes.”*

Con data 31/01/2005 deuse cumprida información ó interesado, dándose así por pechado o expediente.

CAPÍTULO II: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 2/2004

O interesado presenta queixa en relación co ruído provocado por unha discoteca sita na avda. de Beiramar, que non permite o descanso dos veciños durante as fins de semana. Engade que ten presentado unha solicitude ao respecto no rexistro xeral do Concello, así como efectuado numerosas queixas ante a Policía local, sen obter resultado ningún.

A queixa foi presentada con data 9/01/2004, e con data 12/01/2004 solicitouse o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, que foi recibido o 24/02/2004, co que se achega copia da resolución pola que se ordena á entidade denunciada o cese da actividade ata a obtención de licenza municipal para tal actividade, indicando que tal cese sería definitivo en caso de non obter a citada licenza. Dáse traslado do mesmo ao interesado o 25/02/2004.

Con data 9/07/2004 o interesado diríxese novamente a esta Institución para comunicarnos a reapertura da subliñada actividade, polo que o 12/07/2004 solicítase novo informe á Xerencia Municipal de Urbanismo. Con data 9/08/2004 o promotor da queixa presenta a

documentación recibida da Xerencia de Urbanismo en relación coa citada licenza de apertura, indicando o seu desacordo coa mesma. O 18/08/2004 solicítase novo informe ao respecto, que se reitera o 20/09/2004 e, de novo, o 25/10/2004.

Con data 4/11/2004 recíbese o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que indica que, mediante resolución de data 1/07/2004, autorizouse licenza de actividades e instalacións para café-cantante e discoteca no precitado local, subliñando que a mesma se tramitou de conformidade co Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, e que foron emitidos informes técnicos favorables respecto das medidas de seguridade, hixiene e de protección contra a contaminación acústica, axustándose ao ordenamento urbanístico e demais normativa vixente. Informe que se traslada ao interesado o 8/11/2004, sen que se desen actuacións posteriores.

Independentemente de que despois do 8/11/2004 non se desen actuacións con respecto a un expediente iniciado o 9/01/2004, non é óbice para reflexións válidas non só para este suposto, senón para todos aqueles que teñen incidencias no ámbito da contaminación acústica e, en especial, a chamada contaminación acústica por mor da “cultura do ocio”:

No 2003 apróbase a Lei 37/2003, á que se incorporan as previsións básicas da Directiva Europea 2002/49 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25/06/2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación reflítese na Lei 7/1997, de 11 de agosto, que establece a competencia municipal e regula as seguintes actividades: tráfico, edificación e actividades varias.

Con posterioridade, o Decreto 150/1999, aproba o regulamento de protección acústica e o Decreto 320/2002, describe o regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre contaminación acústica para que sirva de modelo aos Concellos.

Destácanse como fontes da orixe as seguintes:

- Tráfico rodado80%.
- Actividade industrial10%.
- Tráfico ferroviario6%.
- Tráfico aéreo, locais de ocio4%.

O ruído do ocio, hoxe en día, acadou un nivel destacable de sensibilidade; rúas e zonas de lecer e descanso convértense en infernos, segundo opinións doutriniais e tamén cidadáns, sen que o poder municipal, competente e responsable, acade a protección do cidadán; tanto é así que os expertos na materia sentan a tese dos “ruídos evitables”.

O ruído, dende a óptica doutrinal, atópase moi relacionado co dereito á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, no senso que proclama a Constitución española. Así:

- O artigo 43 reconece o dereito á protección da saúde.
- O artigo 47 reconece o dereito a aproveitar unha vivenda digna e adecuada.

Aproveitar a vivenda non é sufrir, penar ou rabiarse; existe un dereito fundamental clara e directamente afectado polo ruído, como é o dereito ao domicilio inviolable e á intimidade persoal e familiar, tal como proclama o artigo 18 da Constitución española.

O ruído é unha forma sutil de irromper no domicilio, agresiva, aínda que non implica a presenza de persoas; e os poderes públicos, nestes supostos os Concellos, teñen a obriga de garanti-la defensa dos cidadáns mediante procedementos axeitados en temas, entre outros, de seguridade e saúde.

A doutrina identifica os personaxes desta interpretación:

- Locais de ocio.
- Usuarios ou clientes dos anteriores.
- Convidado de pedra (Administración local).

Deste último destaca a súa deixadez, incompetencia e pasividade. Ante esta pasividade, o cidadán ten que acudir a outro medio para acadar unha defensa do seu dereito, da súa saúde e da súa tranquilidade; este non é outro que a tutela xudicial.

No ámbito xurisprudencial, hai de citar algúns casos:

- Sentenza do Tribunal Constitucional do 24 de maio de 2001, na que o propio relator fixo un voto particular introducindo novos argumentos non asumidos polo Pleno.

Solicítase unha indemnización ao Concello de Valencia polos ruídos producidos por unha discoteca, e conclúe *“vulnera os dereitos fundamentais á vida, á saúde, á intimidade e á inviolabilidade do domicilio”*, facéndose referencia a populares fallos do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. A sentenza recolle: *“a pasividade dos poderes públicos, o Concello e a súa inoperancia que resulta máis censurable, recalándose que o exercicio das potestades municipais convértese en obrigada cando a agresión aos dereitos fundamentais acada un determinado nivel de gravidade”*.

Saliéntase que a relación entre o ruído, como axente patóxeno, e a saúde, está expresamente recollida na Lei de ordenación da edificación (38/1999), incluíndo que aos dereitos fundamentais afectados xa reconecidos tense que engadir o da libre circulación e libre elección do domicilio (artigo 19 da Constitución española), que tamén quedarían acurtados a consecuencia das condutas ruidosas.

- O Tribunal Supremo (sentenza 52/2003) declara que a contaminación acústica pode xerar graves prexuízos á saúde física e psíquica; é unha agresión que esixe unha *“resposta do Dereito”*.

- O Tribunal Superior de Xustiza de Murcia (outubro 2002) considerou responsable dun abandono de funcións nesta materia do ruído ao Concello de Cartaxena, por non ordenar o cese da actividade en locais de hostalería, impoñéndolle unha indemnización a favor dos denunciantes.

- O Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (outubro 2002) condenou ao Concello de Sevilla, declarando que non é suficiente con regula-la protección mediante as oportunas ordenanzas, téñense que facer efectivas as disposicións reguladoras e, nos supostos de excede-los límites esixibles, tense que proceder ao peche dos establecementos infractores; e incluso dispersar as concentracións dos mozos cando se excedan os límites.

- Na Comunidade Autónoma Galega, en maio de 1989, o Tribunal Supremo revoga un auto da Audiencia Territorial da Coruña que levantou a suspensión de outorgamento dunha licenza de obras e apertura dun local de ocio, mantendo a suspensión por excede-los límites permitidos ao considerar o prexuízo á saúde de todos os afectados.

- Dentro doutra órbita da contaminación acústica, é de interese subliñar que o Tribunal Superior de Xustiza condenou á Xunta de Galicia (setembro de 2004) polos ruídos causados polo tráfico rodado nunha zona da autopista do Val Miñor, xa que non se adoptaron as medidas para palia-lo impacto acústico ocasionado nunha propiedade privada.

- A un nivel máis amplo, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, condenou á Administración española (16/11/2004) por non evita-lo alboroto que xeran as discotecas, considerando que supón unha violación do dereito ao respecto do domicilio e da vida privada. A vulneración do artigo 8 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos provocou a condena, o referido artigo alude á “pasividade da administración ante o barullo nocturno”.

Para rematar, é preciso reiterar que as condicións do acougo público atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais e nas que pola noite sexamos capaces de concilia-lo sono sen alteracións da intimidade.

A OCU ten contrastado que nas discotecas o nivel medio sonoro situábase por enriba dos 90 dBA e, en momentos puntuais, situábase en 120 dBA. A OMS considera que a superación de 65 dBA pode causar danos ao organismo humano.

Estímase que máis do 50% das vivendas urbanas sofren niveis acústicos superiores ao permitido. Tense que desterrar a falta de medios, de decisión e de axilidade das autoridades municipais.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa que *“se resolveu declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada”*.

Con data 13/01/2005 dáse cumprida información ó interesado, sen realizarse actuacións posteriormente, o que permite considerar o expediente pechado.

EXPEDIENTE 9/2004

O interesado presenta queixa en relación coa contaminación acústica provocada por tres locais-discotecas nos baixos dun edificio da rúa Colón, situación que ten denunciado ante a Concellería de Urbanismo dende o ano 2001 pola carencia de licenza para a actividade que desempeñan.

Denuncia, ademais, unhas obras ilegais no semisoto do citado edificio, que afectan á estrutura do mesmo, supostamente para a instalación dunha discoteca.

Queixa presentada o 5/02/2004. Con data 9/02/2004 solicitamos o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 2/03/2004, o 14/04/2004 e, de novo, o 18/05/2004, recibíndose o 26/05/2004, no que se indica que dous dos locais denunciados solicitaron as correspondentes licenzas de obra de adaptación, así como a licenza para o desenvolvemento de actividade de bar con música, atopándose os procedementos en trámite. Respecto ao terceiro local denunciado, indica o informe que consta na oficina de Inspección Técnica de Obras expediente de protección da legalidade urbanística, atopándose pendente de que o inspector municipal informe se a actividade desenvolvida se axusta á licenza concedida. Con data 27/05/2004 trasládase o citado informe ó interesado.

Con data 28/06/2004 solícítase informe actualizado en relación aos tres locais denunciados, solicitude que se reitera o 22/07/2004, o 25/08/2004, o 27/09/2004, o 26/10/2004 e, de novo, o 23/11/2004, sen resposta ningunha.

Tralo informe oficial, recibido o 26/05/2004, no que se indica que as solicitudes de licenza están pendentes do informe de Inspección Técnica de Obras, solicitouse, ata seis veces, o informe en cuestión, sen ningunha resposta.

Estamos a falar dunha situación da que por parte do interesado xa se formulou denuncia en marzo do ano 2001; tres anos e medio despois aínda descoñecemos a situación.

Non só nos encontramos cunha situación que afecta a cuestións relacionadas coa defensa da legalidade urbanística, senón que, en paralelo, afecta negativamente ao dereito á tranquilidade e, polo tanto, á saúde da veciñanza, por mor dos ruídos e perturbacións difíciles de aturar, entre os que é preciso citar os altercados que provocaron intervencións frecuentes dos axentes da orde.

Dende o punto de vista urbanístico, parece existir unha posición contraditoria:

- Expediente 11727/423, pendente de informe en canto ao cumprimento do contido da licenza concedida.

- Expediente 10795/423, onde consta que as obras non serían legalizables se o local fose destinado a actividade de bar.

Sexa o que sexa, a realidade é que funcionan locais de ocio sen que a legalidade estea determinada, e polo tanto declarada. ¿Que ocorre cos principios de legalidade e de eficacia?

Tódalas revisións deben contempla-los argumentos de fondo, axiliza-los trámites legalmente previstos respecto dos expedientes de reposición da legalidade urbanística e o aspecto sancionador coas obras ilegais, aínda que posteriormente sexan legalizables.

Por outra banda, e isto é o máis importante para os cidadáns directamente afectados, a veciñanza, estes locais, ademais de funcionar sen licenza, producen trastornos serios en materia de contaminación sonora, co que implica na calidade de vida e na propia saúde.

Xa en 1974, o entón Ministro de Sanidade de Canadá, facía mención de algo como isto: hai que engadir vida aos anos, e non só anos á vida.

Dise que falta por demostrar a vontade pública para acadar un tratamento axeitado, pois as medidas máis avanzadas poden non ser efectivas se non hai vontade política para aplicalas. Xa non cabe dúbida de que o ruído excesivo viola dereitos fundamentais, incluso o Tribunal Constitucional fai unha equiparación entre a contaminación acústica e a polución atmosférica, subliñando que é unha fonte permanente de perturbación da calidade de vida dos cidadáns.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 24/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa da incoación de dous expedientes de protección da legalidade urbanística e o cese da actividade de discoteca.

Con data 26/01/2005 dáse cumprida información ó interesado, non producíndose máis actuacións, polo que se considera o expediente pechado.

EXPEDIENTE 15/2004

Queixa en relación cunha solicitude de autorización para a apertura temporal dun pozo negro, en tanto non recaía sentenza definitiva sobre unha servidume de desaugadoiro para proceder á conexión á rede de sumidoiros na rúa Ramón Nieto. O interesado solicita, ademais, a visita dun inspector municipal para que certifique a situación que está a padecer para os efectos da elaboración dun informe que poida presentar no xulgado. Achega copia do recibo da empresa concesionaria que está a pagar sen recibir ningún servizo a cambio.

Recibida a queixa o 23/02/2004, solicitouse informe de Sanidade o 4/03/2004, que se reiterou o 26/03/2004, sendo recibido o 5/04/2004. No mesmo, indícase que por parte desa

concellería se fixeron distintas solicitudes en orde a acadar unha solución, solicitando diversa documentación ó interesado, informe técnico á empresa concesionaria Aqualia e, finalmente, á Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais, unha inspección sanitaria, así como o correspondente informe. Deuse traslado da información ó interesado o 6/04/2004.

Con data 7/05/2004, o interesado achéganos copia da documentación presentada no Concello, polo que o 10/05/2004 solicítase a Sanidade se acade unha solución ao problema exposto. Con data 10/06/2004 solicítase información actual sobre o tema exposto, que se reitera o 12/07/2004, o 18/08/2004 e, de novo, o 20/09/2004.

Con data 6/10/2004, o interesado manifesta que recaeu sentenza no xuízo de cognición por el interposto, declarándose o xulgado incompetente por entender que non é posible constituír unha servidume de acueduto sen previo expediente administrativo xa que se trata dunha competencia puramente administrativa. Achega copia da citada sentenza e do informe do técnico municipal de medio ambiente. O promotor da queixa indica que, unha vez coñecida a sentenza, dirixiuse a Augas de Galicia, onde lle indicaron que de tratarse dun asunto da súa competencia trataríase dun procedemento longo.

Tendo en conta que a solución definitiva ao problema que motivou a queixa, posiblemente, tardará anos en acadarse, o interesado solicita unha vez máis a nosa intervención para obter a autorización temporal para a apertura do pozo negro por parte do Concello

Con data 22/10/2004 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente, no que se indica que o expediente se atopa en trámite, pendente de que o interesado presente a documentación que se lle requiriu, así como de ter información relativa ao procedemento de cognición iniciado. Informe que se traslada ó interesado o 26/10/2004.

Con data 25/10/2004 dirixímonos á Concellería de Asuntos Sociais (Sanidade) manifestando as novas alegacións presentadas polo promotor da queixa o 6/10/2004, e interesando unha actuación decidida que lle permita a utilización temporal do pozo requirido. Con data 26/10/2004 dirixímonos á Concellería de Medio Ambiente achegando copia do escrito dirixido á Concellería de Asuntos Sociais, e subliñando que no procedemento citado recaeu sentenza con data 29/09/2004, solicitude que foi reiterada o 23/11/2004 e o 23/12/2004 á Concellería de Medio Ambiente.

Este expediente comezou ante Asuntos Sociais (Sanidade), posteriormente trasladouse a Medio Ambiente e atópase sen unha solución axeitada.

O interesado ve prexudicada a súa saúde, non obstante ter cumprido no seu día as obrigas de conectarse á rede, resultando incomprensible que se lle prohiba a apertura dun pozo negro despois de verse obrigado a acudir á xustiza por mor da aptitude insolidaria doutro cidadán.

Ata cando se vai ver nesta situación que afecta seriamente a dereitos constitucionais tales como: protección da saúde (artigo 43 CE), protección da calidade de vida (artigo 45 CE), protección a usuarios mediante procedementos eficaces en temas de saúde (artigo 51 CE), dereito

a utiliza-los servizos públicos municipais conforme ás normas (artigo 18 LBRL), dereito a esixir a prestación e, de se-lo caso, ao establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio (artigo 28 LBRL).

Téñense que evita-las actuacións insuficientes, máxime cando están en xogo dereitos constitucionais dos cidadáns, que ademais xa mostraron o cumprimento das obrigas que lles son propias e non poden beneficiarse do servizo público.

Esta é unha situación que nos fai recordar que hai que engadir vida aos anos e non só anos á vida.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 26/01/2005, 24/02/2005 e 29/03/2005 reitérase o pedimento de informe.

Con data 15/04/2005 recíbese escrito do departamento de Medio Ambiente no que informa que o expediente se atopa en trámite, pendente de que o interesado achegue a documentación que lle foi requirida.

Con data 19/04/2005 deuse traslado da anterior información ó interesado, recibíndose posteriormente documento do convenio de constitución de servidume de paso de cano de desague, o que indica que o expediente se pode considerar pechado.

EXPEDIENTE 17/2004

O interesado, en representación de veciños das rúas D. Cadaval e Lugo, expón que presentou no Concello denuncias pola instalación, no baixo dun edificio da rúa, de aparatos electrónicos de orixe descoñecida que emiten ruído e calor, e que sospeitan perigosos. Non recibiron resposta do Concello sobre se hai concedida licenza ao respecto.

Queixa recibida o 25/02/2004, da que se solicita o preceptivo informe o 26/02/2004 que se reitera o 22/03/2004, o 20/04/2004, o 20/05/2004, o 24/06/2004 e, de novo, o 21/07/2004.

Atopámonos cun suposto no que o interesado formulou cinco denuncias, entre xullo do 2003 e xaneiro do 2004, sen ter recibido resposta ningunha; esta actitude é contraria á obriga da Administración, a cal se lle impón por lei.

É claro que a eficacia resulta un principio activo de todas as Administracións públicas. O Estado de Dereito apela a uns contidos, e significa a loita contra as inmunidades do poder, tarefa na que o Dereito Administrativo asume un destacado protagonismo porque vai ser o dereito que reconduza as grandes palabras.

O primeiro interese do cidadán céntrase en que as Administracións públicas presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia, que van den-

de a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

O cidadán ten dereito a obter información e orientación en relación coas actuacións ou solicitudes que se propoñan.

Por outra banda, existe unha responsabilidade na tramitación dos asuntos e a obriga de resolver, así como de dar información ao respecto.

Estamos ante unha inxerencia dunha veciñanza porque a actividade se realiza nun edificio antigo, con todas as instalacións, incluídas as eléctricas, antigas; unha actividade sen licenza, con aparello eléctrico, ventiladores e outro tipo de aparellos, cun ruído insistente, e efectos de calor elevada, non descartándose outro tipo de efectos na saúde por mor das radiacións.

A interrogante xorde no suposto de que se produza un accidente, se a cuestionada instalación carece de licenza, ¿que rol lle corresponde ao Concello por non actuar en tempo e forma?

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 21/03/2005, un ano despois do último requirimento, recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no que informa que con data 10/03/2005 acordou incoar expediente de protección da legalidade urbanística, do que se deu traslado ó interesado con data 29/03/2005.

Con data 25/04/2005 solicítase da citada vicepresidencia informe actualizado en relación coa situación do expediente de protección da legalidade urbanística, reiterándose esta petición o 30/05/2005.

Con data 30/05/2005 recíbese o anterior informe, no que se indica que se tomou o acordo de suspensión da actividade. Esta información trasladouse ó interesado o 14/06/2005, considerándose o expediente pechado.

EXPEDIENTE 59/2004

Queixa en relación cos ruídos provocados por un local de copas na rúa Oliva que impiden o descanso dos veciños. O interesado achega copia do informe da Policía local, no que se indica que con data 10/06/2004 os axentes actuantes comprobaron que no interior do local denunciado soaba música a gran volume, engadindo que unha hora máis tarde volveron acudir ao lugar, comprobando que novamente soaba a música.

Queixa presentada o 11/08/2004. Solicítase informe da Concellería de Medio Ambiente o 18/08/2004, petición que se reitera o 22/09/2004. Con data 23/09/2004 o interesado remítenos copia dun novo informe da Policía local, no que se indica que con data 25/08/2004 os

axentes actuantes puideron comprobar que existía son musical, comunicando á encargada que debía retirar a instalación musical para axustarse á licenza concedida (bar sen música); o informe engade que, no mes de setembro, comprobaron novamente que o local seguía exercendo actividade con música.

Con data 27/09/2004 solicitamos informe das actuacións levadas a cabo, facendo referencia aos precitados informes da Policía local, petición que foi reiterada o 27/10/2004, o 29/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004, sen resposta.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 27/01/2005, 24/02/2005, 29/03/2005, 25/04/2005 e 26/05/2005 reitérase a petición de informe.

Con data 13/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que indica que se procede á protección da legalidade mediante a suspensión da actividade ata que se axuste á licenza concedida.

CAPÍTULO III: MOBILIDADE E SEGURIDADE

EXPEDIENTE 41/2004

O interesado formulou reclamación alegando que solicitou en diversas ocasións unha tarxeta personalizada de acceso ao Casco Vello, sen recibir resposta ningunha ao respecto. Engade que, como el non conduce, vese obrigado a acceder á súa vivenda, sita na Praza da Pedra, utilizando os servizos dun taxi, situación que se repite cada vez que a visitan os seus pais, agravándose o custo do taxi en numerosas ocasións en que se producen demoras de ata 20 minutos para conseguir paso.

Queixa presentada o 26/05/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 28/05/2004, petición que se reitera o 30/06/2004, o 19/08/2004, o 20/09/2004, o 25/10/2004 o 18/11/2004 e o 7/12/2005.

No pedimento da información preceptiva de data 28/05/2004, á vista da particularidade do caso, expoñiamos que, pola nosa parte, e con todos os respectos e consideracións á normativa vixente, precisábase facer algunha reflexión:

Tense que desterrar a idea de que os Concellos son só unha unidade burocrática, tense que proxectar a faceta política e a súa organización pública. Hoxe por hoxe a entidade local é máis permeable ao contorno cás outras Administracións públicas.

As estruturas municipais presentan dúas vertentes: a política e a administrativa, que teñen puntos de vista distintos sobre a institución, dúas culturas antagónicas: política e funcional.

O técnico pode propiciar decisións políticas, incluso definindo obxectivos, pero nun caso concreto como o que nos ocupa tense que reflexionar sobre un principio, moitas veces esquecido, que non é outro que a equidade.

O concepto de equidade resulta, certamente, equívoco; xa numerosos textos legais históricos sinalábana como fonte complementaria ou subsidiaria da norma (Foro de Aragón, Foro das Costumes de Valencia), que ligan á equidade coa razón natural e coa función do xuíz.

As leis, aínda sendo xustas, fallan en certos casos nos que a súa estrita observancia iría contra o Dereito natural. Non hai entón que xulgar segundo a literalidade desa norma, senón consonte á equidade, que non é outra cousa que a xustiza do caso concreto. Non se trata dunha violación da xustiza, non é suavidade senón xusteza, non ten que ver co indulto, é simplemente un personaxe conciliador.

Non se trata de pedirlle á autoridade o que excede das súas posibilidades. A autoridade ten o deber de asegura-las condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

O propio Código Civil, no seu artigo 3, fai referencia á equidade ao reflectir que as normas se interpretarán segundo o senso propio das súas palabras, en relación co contexto, cos antecedentes históricos e legislativos e coa realidade social do tempo en que se van aplicar, atendendo fundamentalmente ao seu espírito e finalidade.

Independentemente do anterior, neste suposto o interesado non ve unha acción eficaz con respecto á axilidade na resolución das súas peticións; xa fixera tres solicitudes antes de dirixirse a esta Institución. Ao cidadán o que realmente lle interesa, é o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na procura da credibilidade.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 8/04/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 19/04/2005 recíbese escrito da Área de Mobilidade e Seguridade, no que remata co seguinte: “... , non cumpre os requisitos indicados no Bando, aínda que si se considera que debe autorizárselle o acceso á súa vivenda, poderá solicitar no Rexistro Xeral do Concello unha autorización ao obxecto de que se lle facilite o acceso coa única finalidade de recoller aos seus pais e volver a saír, en ningún caso estacionar”. Desta información dáse traslado ó interesado o 21/04/2005.

Con data 6/05/2005 recíbese nesta Institución escrito do promotor da queixa no que manifesta non estar de acordo co anterior e que se considera discriminado ó non concedérselle a tarxeta polo feito de non posuír vehículo propio, máxime tendo en conta os problemas derivados da idade dos seus pais, que a visitan frecuentemente, cando o desprazamento se fai en taxi se non funciona o servizo de apertura.

Con data 10/05/2005, á vista do anterior, dirixímonos novamente a Mobilidade e Seguridade reiterando a petición, na procura dunha solución baseada no principio de pura equidade que ningunha Administración pública debe descartar.

Con datas 9/06/2005, 7/07/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase a petición anterior.

EXPEDIENTE 55/2004

Queixa por mor dunha sanción de tráfico na avda. de Castelao. O interesado indícanos que, unha vez recibida a notificación da sanción, presentou alegacións manifestando a súa desconformidade, xa que, por unha banda, confunden os datos do denunciado e, por outra, confunden a situación do vehículo, sendo o motivo da non notificación da denuncia “vehículo infractor en rota” e o feito denunciado “estaciona-lo vehículo en dobre fila sen condutor”.

Nunha segunda notificación de denuncia, examinadas as alegacións do interesado, mófanse os datos do titular por terse producido un erro na gravación informática. No entanto, o interesado segue sen recibir resposta en relación coa confusión da situación do vehículo, considera que se produciu un defecto de forma e solicita a anulación da sanción.

Queixa presentada o 28/07/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 29/07/2004, petición que é reiterada o 8/09/2004, o 6/10/2004, o 10/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004.

Ante unha primeira notificación, con data 16/01/2004 o interesado alega en apoio da súa desconformidade un erro nos datos do denunciado e, ademais, un erro substancial no motivo da infracción cando se di “estaciona-lo vehículo en dobre fila sen condutor”, cando a realidade é “vehículo infractor en rota”.

Posteriormente, con data 28/05/2004 recibe comunicación na que se indica que por “error en la grabación informática de la denuncia practicada por el agente” anúlase a primeira notificación e practícase unha nova.

Débase subliñar que as denuncias dos axentes notificaranse no acto e, nos supostos de “sen parar aos denunciados” non serán válidas, a menos que consten nas mesmas as causas concretas e específicas polas que non foi posible dete-lo vehículo; entre estas causas, enténdense a grande intensidade de circulación, ou por outros motivos debidos a factores meteorolóxicos adversos, obras ou outros que poidan derivar en riscos concretos, así como cando se fixese un uso de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

A denuncia practícase case seis meses despois da infracción; non é de recibo a alusión “error informático”. Resulta evidente que o interesado foi notificado de xeito incongruente,

segundo consta na notificación ao respecto, ao comunicárselle o motivo da non notificación, totalmente contraditorio co feito denunciado, así como co artigo infrinxido, o que racha co principio de igualdade e co propio ordenamento xurídico, xa que cando os datos básicos da denuncia, ou ben se ocultan ou ben non son verdadeiros, o expediente debe ser desestimado por nulidade.

Unha Administración pública é eficiente, congruente e sa cando os seus servidores promoven e xestionan servizos e desenvolven liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

A Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, introduce dous principios de actuación dos entes públicos: por unha parte, o principio de boa fe e, por outra, tamén recollido pola xurisprudencia, o da confianza lexítima dos cidadáns en que a actuación das Administracións públicas non se pode alterar arbitrariamente.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 13/01/2005, 27/06/2005, 2/08/2005, 7/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reiterouse o pedimento anterior.

EXPEDIENTE 68/2004

O interesado indícanos que un día, ao chegar á súa casa, na Baixada á Salgueira, atopou un paso de peóns e un sinal de reserva de parada para autobús dun colexio sobre unha entrada da súa propiedade, da que se serven sete propietarios máis. Segundo o mesmo, o paso de peóns, nun principio, estaba situado a uns tres metros do actual e o traslado do mesmo realizouse para beneficiar ao colexio alí situado.

Por todo isto, dirixiuse ás dependencias municipais en varias ocasións manifestando a súa queixa, desprazándose un inspector, que recoñeceu o erro, indicando que se procedería á súa rápida solución. Pasados uns meses, asfaltouse a rúa, polo que o interesado compareceu novamente nas dependencias municipais para que se situasen correctamente o paso de peóns e a reserva de parada. Porén, ao mes seguinte, o interesado atopou de novo o paso de peóns sobre a entrada á súa vivenda, dirixíndose en distintas ocasións ao Concello sen conseguir unha solución ao problema exposto.

Queixa presentada o 10/09/2004. Con data 13/09/2004 solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, recibíndose por parte da mesma con data 28/09/2004, no que se indica que con data 30/06/2004 se procedeu ao repintado da marca vial e que fora borrada polas obras de reposición da capa de rodadura na rúa. Informe que se traslada ó interesado o 29/09/2004.

Con data 6/10/2004 o promotor da queixa reitérase nos feitos por el expostos, e subliña que o paso de peóns actual está en propiedade privada, ademais de ser perigoso, xa que se atopa nunha saída de vehículos na que non existe a visibilidade necesaria.

ria, tal como están aparcados os autobuses do colexio. Con data 25/10/2004 diriximos escrito á Concellería de Mobilidade e Seguridade trasladando as novas alegacións do interesado, tendo que reiterar o mesmo o 16/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004, sen resposta.

Obsérvase no desenvolvemento deste expediente unha clara contradición:

Trala visita da inspección pertinente, que reconece un erro na sinalización dun paso de peóns, pasado un tempo asfaltase a rúa e solicítase que a situación do paso de peóns e reserva de parada se faga correctamente. Despois de un mes, o interesado atopa de novo o paso de peóns sobre a entrada da súa vivenda.

Actualmente, o paso de peóns atópase en propiedade privada, con perigo, xa que está situado nunha saída de vehículos sen a visibilidade necesaria por estar xunto a unha parada de autobuses dun colexio.

Estamos a tres meses do inicio dun expediente que segue sen solución, a pesar da posibilidade de producir danos irreparables nas persoas. Non é congruente que para permitir a comodidade dun colexio, se poña en dificultades e en situación de perigo aos cidadáns de sete vivendas.

É obvio que a lexitimidade por rendemento non se acada, os resultados non son os adecuados, xa que non se fai efectiva a capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 24/01/2005, 23/02/2005, 29/03/2005, 21/04/2005, 24/05/2005, 20/06/2005, 2/08/2005, 7/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reiterouse o pedimento anterior.

EXPEDIENTE 72/2004

Queixa en relación coa falta de aparcamento na rúa Tomás A. Alonso. O interesado manifesta que na rúa Barcena existe un campo de fútbol en estado de total abandono, e considera que no mesmo se podería autorizar o aparcamento, o que suporía un alivio para todos os traballadores da zona.

Queixa recibida o 23/09/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 27/09/2004, petición que foi reiterada o 27/10/2004, o 29/11/2004 e, de novo, o 28/12/2004.

Estamos ante unha solicitude individual que afecta, pola súa situación, a un continxente considerable de cidadáns que se ven afectados, por mor das dificultades de aparcamento, nas súas relacións laborais.

Tras tres meses de silencio por parte da entidade local, fainos reflexionar que non se aca-da unha acción pública dilixente e eficaz.

A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, á mellora da situación material dos actores que demandan unha acción pública que proporcione unha mellora nas condicións de traballo pola vía da adopción dunhas medidas en prol da mobilidade.

O escepticismo dos afectados non se detén, ao estar en contacto cunha realidade que só lles ofrece dificultades, unha realidade que só lles ofrece un trato desigual.

Posteriormente, déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2005, 16/06/2005, 13/07/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reiterouse o pedimento anterior.

EXPEDIENTE 76/2004

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O promotor da queixa expón que con data 1/10/2004 foi multado na rúa Lepanto, previo enganche do seu vehículo, facendo efectiva a taxa pola inmovilización. O motivo da sanción foi estar aparcado en zona reservada para discapacitados, manifestando o interesado que non existe sinal que indique tal prohibición e que, ademais, a rúa en cuestión estaba ocupada por varios vehículos en dobre fila, sen que ningún deles fose sancionado, enganando o seu vehículo por serlle fácil a operación.

Queixa presentada o 1/10/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 4/10/2004, petición que foi reiterada o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004.

Ao igual que noutros supostos xa revisados, neste atopámonos cunha clara deficiencia na referencia aos datos que se subliñan na denuncia. No número subliñado no boletín da denuncia, nº 2 da rúa Lepanto, non existe ningunha prohibición de reserva de discapacitados.

Por outro lado, dáse unha situación discriminatoria, toda vez que aos demais vehículos aparcados xuntamente co do interesado, a ningún se lle procedeu a sancionar, vehículos en zona de obras e con aparcamento en dobre fila.

O erro é atribuíble á Administración pública, xa que o dato referido non é correcto, así como a pasividade mostrada con outros vehículos infractores, de aí que o expediente debería ser declarado nulo.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 17/02/2005, 17/03/2005, 16/06/2005, 13/07/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 17/12/02005 reiterouse o pedimento anterior.

EXPEDIENTE 77/2004

O interesado presenta a súa queixa en relación cunha solicitude, presentada en distintas ocasións no Concello, de sinalización expresa, tanto vertical como horizontal, que prohiba o aparcamento no Camiño do Castañal.

Manifesta que como consecuencia do estacionamento de vehículos no citado camiño, de aproximadamente 4 metros, a circulación normal no mesmo vese dificultada e, nalgúns casos, imposibilitada, como sucede con ambulancias e camións de reparto de gas. Achega ademais informe do servizo de urxencias sanitarias (061), no que se fan constar as dificultades de acceso ao citado camiño, subliñando ata tres ocasións nas que non se puido acceder ao domicilio do interesado debido ao estacionamento duns vehículos nunha curva do camiño.

Queixa presentada o 7/10/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 25/10/2004 e reiterándose o 15/12/2004, sen resposta.

O interesado presentou, dende o 9/09/2003 e, posteriormente, en maio, xuño e setembro de 2004, escritos solicitando actuacións en relación coas dificultades de aparcamento na zona do seu domicilio (San Xoán do Monte), que impide a prestación de servizos mínimos como urxencias médicas, reparto de butano, gasóleo, etc., instando a sinalización vertical e horizontal correspondente; sen recibir resposta ningunha ao respecto.

Atopámonos ante unha debilidade da organización da atención cidadán no ámbito rural, variable substantiva pero escasamente considerada polos gobernos locais. Ademais, situacións como esta reflicten unha reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión. Todo isto implica unha política xestora triste e decepcionante, impropia do século XXI, que non reflicte unha actitude eficiente, xa que os seus servizos non se promoven en liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

Con desatencións como esta, o cidadán do rural especialmente, vese condenado a un perpetuo abaneo entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a todos os esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

A lexitimidade por rendemento está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno; non é máis que a mellora da situación material dos actores que demandan a acción pública.

É preciso acudir ás motivacións da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, onde de forma clara se proclama que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento en termos de calidade, axilidade e rapidez; só así se logra o achegamento na procura da credibilidade.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 13/01/2005 e 17/02/2005 reiterouse o pedimento anterior, salientando no último escrito a indignación manifestada polo interesado ante o abandono no que se atopa.

Con data 10/03/2005 recíbese informe de Tráfico, no que subliña que en data 24/04/2005 deuse orde de traballo para colocar un sinal vertical tipo S-15 e outro tipo R-307 por desaparición do primeiro e que con data 9/11/2005 deuse orde de traballo de pintar liñas amarelas continuas en ámbalas dúas marxes do devandito camiño. Desta información deuse información ó interesado o 14/03/2005.

Con data 18/03/2005 recíbese escrito do interesado no que manifesta que os sinais subliñados no escrito de Tráfico seguen sen se repoñer, así como a necesidade de sinalización conxunta, vertical e horizontal, e que unha vez colocadas se proceda a realizar un seguimento periódico da súa permanencia.

Con data 19/04/2005 solicítase informe sobre a proposta anterior.

Con datas 19/04/2005 e 25/04/2005 recíbense novos escritos do promotor da queixa reclamando unha solución ó seu problema, do cal damos traslado ó departamento de Mobilidade e Seguridade o 27/04/2005, solicitando de novo información o 18/05/2005.

Con datas 23/05/2005, 2/06/2005 e 13/06/2005 recíbense novos escritos do interesado insistindo nas incomodidades que está padecendo.

Con datas 16/06/2005 e 13/07/2005 reitérase de novo o pedimento de informe.

Ante a falta de resposta e actuacións, con data 1/08/2005 remítese informe do actuado á Sra. Alcaldesa, na procura dalgunha actuación ó respecto.

Con data 6/09/2005 reitéranse os pedimentos anteriores á Concellería de Mobilidade e Seguridade.

Con datas 12 e 19 de setembro, o interesado entrega novos escritos de queixa, facendo consta a desatención por parte do Concello, non obstante as conversas mantidas coa Policía local e, ademais, estima que por parte desta Institución non se lle dá solución ó problema. Con datas 20/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 diriximos novo escrito á concellería competente, expresando a forte repulsa exposta polo interesado en visita do 2/11/2005.

O 17/11/2005 remitimos novo escrito á Sra. Alcaldesa na procura dunha solución.

EXPEDIENTE 81/2004

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O interesado expón que, tendo o seu vehículo correctamente aparcado á altura do número 74 da rúa Romil, onde non existe sinal de prohibición de aparcamento nin de entrada de carruaxes, foille retirado polo guindastre municipal e sancionado cunha multa por estacionar nunha entrada de carruaxes. O interesado indícanos que presentou ata tres escritos no Concello solicitando que se lle indique cal é a infracción cometida, a anulación da sanción e a devolución do pagamento efectuado pola retirada, depó-

sito e custodia do vehículo. Achega fotografías do lugar do estacionamento, podéndose comprobar que non existe sinal de prohibición do aparcamento.

Queixa presentada o 14/10/2004, solicitándose informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 25/10/2004, petición reiterada o 8/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004.

O motivo da reclamación é a imposición dunha sanción de tráfico, sen que exista un sinal que impida o aparcamento, con retirada do vehículo, polo que, para recuperalo, tivo que aboar a taxa correspondente. O promotor da queixa achegou fotografías como medio probatorio e solicitou a anulación da sanción e a devolución do pagamento en tres ocasións sen obter resposta ningunha, facendo a primeira solicitude o 17/06/2004.

Non consta instrución de procedemento ningún, dado o tempo transcorrido. Dáse, ademais, a circunstancia de que os feitos obxecto da denuncia non son verdadeiros, existindo polo tanto un erro atribuíble á propia administración que só se pode arranxar declarando nulo todo o actuado, procedendo á devolución das taxas ao interesado e, cando menos, a declaración de desculpas.

Este erro provoca unha desviación de poder, que tería que ter sido arranxado xa no momento en que o cidadán presentou as probas contraditorias.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 12/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005 e 27/06/2005 reitérase o pedimento de informe.

Con data 7/07/2005 recíbese informe, co que se achega proposta de estimación da reclamación, procedendo á devolución do importe da multa, do que se dá traslado ó interesado o 11/07/2005.

EXPEDIENTE 91/2004

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en dobre fila. O interesado manifesta que efectivamente aparcou o seu vehículo en dobre fila na praza de Compostela, pero subliña que o fixo sen estorbar o tráfico, por un tempo inferior a 5 minutos e debido á necesidade de acudir a un servizo, xa que é diabético, motivo polo que presentou o 20/11/2004 recurso de reposición ao respecto.

Queixa presentada o 26/11/2004. Con data 29/11/2004 dirixímonos ao interesado indicándolle que, segundo o disposto no artigo 17.2 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Cidadán, a queixa queda en suspenso en tanto non recaia resolución ao recurso de reposición por el interposto.

Como consecuencia de non ter constancia da resolución do recurso de reposición, posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 27/01/2005, 24/02/2005, 30/03/2005, 25/04/2005, 26/05/2004, 27/06/2005, 2/08/2005 e 7/09/2005 solicitouse información sobre o recurso de reposición citado, que se reiterou o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

CAPÍTULO IV: SEVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 42/2004

Queixa en relación coas deficiencias detectadas nunha mina de auga, chamada Mina Souto do Chan de Riba. O interesado indícanos que solicitou no Concello, en Augas de Galicia e na propia AAVV de Beade que se emenden as deficiencias na citada mina para evitar posibles derrubas da mesma, así como outros posibles danos á veciñanza. Solicita, ademais, que se proceda ao inventario e rexistro da mina.

Queixa presentada o 27/05/2004. Con data 28/05/2004 solicítase informe á Concellería de Asuntos Xerais, o cal se recibe o 3/06/2004, e no que se indica que a citada mina non figura rexistrada como municipal, motivo polo que o Concello non puido actuar sobre a mesma; engade que a documentación presentada polos veciños ao respecto foi remitida a Augas de Galicia para que procedesen ao seu rexistro a nome do Concello de Vigo, atopándose o expediente en trámite. Con data 3/06/2004 dáse cumprida información ao interesado do citado informe.

Con data 21/07/2004 solicítase informe actualizado do expediente en trámite, petición que foi reiterada o 26/08/2004 e, de novo, o 29/09/2004, recibíndose o 19/10/2004. No mesmo se indica que o expediente se atopa paralizado, pendente da presentación por parte do interesado da documentación requirida pola Consellería de Medio Ambiente. Información que se traslada ao interesado o 20/10/2004.

Con data 2/11/2004 recibimos novo escrito do interesado en resposta ao informe da Concellería de Servizos Xerais, polo que con data 18/11/2004 dirixímonos novamente á citada concellería trasladando o manifesto por aquel, e que se relata a continuación co ánimo de acadar unha solución a unha situación que vén manifestándose dende marzo de 2003:

1) O interesado, trala última información recibida dende o Concello, manifesta o seguinte:

a) A imposibilidade de achegar a documentación solicitada, que é moito máis extensa que a subliñada no informe. Entenden que a titularidade da mina tería que ser do Concello, xa que nin os residentes, nin os regadores a teñen; de aí que os seus elevados custos, informes técnicos e xestión administrativa, deberían ser a cargo da propia administración.

b) Que en toda a documentación instrumentalizada, non consta que a veciñanza solicita-se a concesión administrativa ao seu nome, soamente a súa inscrición, potabilidade da auga,

conservación e arranxo da mina, e a conseguinte tramitación regulamentaria, asignándoselle a concesión ao Concello de Vigo.

c) Alude, ademais, ao silencio practicado polo Concello, así como á falta de coordinación entre as distintas dependencias, como Medio Ambiente, Vías e Obras e a propia Concellería de Distrito.

d) Remata instando a esta Institución para que interceda ante Medio Ambiente e Augas de Galicia para que se leve a termo a concesión da citada mina "Souto do Chan".

2) Pola nosa parte ínstase unha solución en base a:

1. O uso da auga procedente da mina "Souto do Chan de Riba" vén sendo utilizado desde tempo inmemorial pola comunidade de regadores, non estando inscrita e, polo tanto, carece de legalidade.

2. Á vista da existencia, desde tempo inmemorial, dunha comunidade de regadores, a cal renova os dereitos que lle podan asistir, tería que ser o Concello de Vigo o único solicitante da concesión que se cuestión, e o aproveitamento da mesma reverter en beneficio da comunidade constituída en Asociación de veciños, non sendo preciso que se constituía en comunidade de regadores, pasando o Concello a exercer-la tutela, e renunciando a todo tipo de dereito que lles asiste en canto á titularidade de concesión das augas se refire.

De aí que se estime que os interesados, dado que non reclaman a concesión do caudal, non son parte do expediente e, polo tanto, o mesmo debe continuar coa soa presenza do Concello como órgano tutelar e solicitante da concesión en beneficio da comunidade constituída en asociación de veciños e, unha vez solicitado, o mantemento, reparación e demais custos deben correr a cargo do solicitante da concesión.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 27/01/2005 interésase información con respecto á proposta feita o 18/11/2004.

Con data 18/02/2005 recíbese escrito da Área de Servizos Xerais, co que se achega copia do informe da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, de data 22/11/2004, sobre a legalización da citada mina de auga, no cal se indica que están coa tramitación do expediente.

Con data 21/02/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que, en tempo prudencial, solicitarase información actualizada en relación co tema que nos ocupa.

Con data 30/03/2005 solicítase a subliñada información actualizada, reiterándose nova petición con datas 25/04/2005 e 30/05/2005.

Con data 6/06/2005 recíbese escrito do enxeñeiro industrial municipal do Servizo de Electro-Mecánicos, no que informa que solicitaron informe á Oficina de Patrimonio sobre se

a citada mina que alimenta a fonte do Camiño do Abanico se pode rexistrar a nome do Concello de Vigo, toda vez que pasa por terreos privados, segundo se recolle no escrito de exposición dos feitos presentado polo cidadán solicitante. Desta información dáse traslado ó interesado o 7/06/2005.

Con data 6/07/2005 solicítase información actualizada con respecto ó anterior que se recibe o 7/07/2005 por parte do Servizo de Electro-Mecánicos. Neste informe indícase que con data 15/06/2005 publicouse no BOP anuncio para os efectos do rexistro da concesión como pública do lavadoiro e fonte. Co mesmo se achega informe da Asesoría Xurídica que indica a posibilidade de que sexa rexeitado como fonte por non acadar a potabilidade necesaria. Dáse traslado desta información ó interesado o 11/07/2005.

Con data 1/09/2005 solicítase información actualizada que se recibe o 23/09/2005, coa que achega copia do BOP de 8/09/2005, do que se dá información ó interesado.

Con data 19/10/2005 solicítase nova información actualizada que se recibe o 21/10/2005, na que se indica que o 10 de outubro se solicita autorización para o arranxo da galería para a súa estabilidade e para o entubado da auga e así garantir a potabilidade da mesma. Do anterior dáse información ó interesado o 24/10/2005.

Con data 18/11/2005 pídesse información actualizada, que se recibe o 2/12/2005 e na que se indica que non recibiron a autorización. Dáse traslado do anterior ó promotor da queixa o 5/12/2005.

EXPEDIENTE 64/2004

Queixa en relación coa falta de resposta por parte da empresa concesionaria Aqualia. O interesado, no seu escrito de queixa, indícanos que con data 9/06/2003 presentou escrito na citada empresa solicitando duplicado dos recibos correspondentes aos anos 1992 a 1995 para presentar a reclamación do pago dos mesmos.

Queixa presentada o 6/09/2004. Con data 8/09/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente (Control de Concesionarias), petición que foi reiterada o 25/10/2004 e, de novo, o 15/11/2004. Recíbese o 26/11/2004 resposta por parte do Servizo de Atención Cidadá, indicando que non teñen recibido fotocopia da queixa, tal como se indica na solicitude de informe de 8/09/2004, polo que con data 29/11/2004 dirixímonos á Concellería de Medio Ambiente facendo referencia á resposta recibida e subliñando a falta de coordinación entre os distintos departamentos da entidade local, achegando, ademais, copia dos escritos de solicitude de informe.

Con data 15/12/2004 remitímoslle copia da reclamación presentada á Concellería de Vías e Obras.

Este expediente andou errático dunhas dependencias para outras, esquecendo a obriga que determina o artigo 20 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, sobre as decisións de

competencia, e obviándose ademais os principios reflectidos nos artigos 6 e 10 da Lei de bases de réxime local en canto á coordinación e á colaboración debida entre os órganos da Administración pública.

É obvio que deste xeito o cidadán non chega a acadar a credibilidade requirida en canto á súa administración máis próxima se refire, producindo deste xeito un afastamento non deseado.

O cidadán ten dereito ao acceso aos documentos que lle afectan, neste caso ás copias dos recibos, aínda que sexan dunha concesionaria.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 13/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005 e 19/04/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

Con data 26/04/2005 recíbese escrito de Vías e Obras, no que informa que a concesionaria do servizo xa se puxo en contacto co interesado, indicándolle a documentación que ten que presentar.

Con data 28/04/2005 deuse cumprida información ó promotor da queixa.

Con data 15/06/2005 recíbese escrito de Vías e Obras, co que achega informe emitido pola concesionaria do servizo no que consta que o interesado non remitiu a documentación; o que se traslada ó interesado con data 20/06/2005, entendendo, pola nosa parte, que o expediente debería estar solucionado.

Con data 24/06/2005 recíbese comunicación do interesado no que indica unha serie de circunstancias que achaca á concesionaria, manifestando o seu desacordo con todo o actuado. Por isto, con data 27/06/2005 trasladamos o anterior a Vías e Obras para que coa súa mediación se poda chegar a unha solución axeitada.

Con data 5/08/2005 interesouse un novo informe sobre as xestións levadas a cabo para alcanzar unha solución ó problema, que se reitera o 26/09/2005, o cal se recibe o 27/09/2005 e trasládase ó interesado o 28/09/2005. Dáse o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 87/2004

O interesado, en representación dun grupo de veciños, indícanos que presentaron escritos no Concello nos que interesan resposta ás súas demandas en relación coas obras de saneamento do Camiño do Lago en Beade, xa que cando chove non poden acceder ás súas vivendas.

Queixa presentada o 10/11/2004, solicitándose informe o 11/11/2004 á Concellería de Servizos Xerais (Vías e Obras), solicitude que foi reiterada o 13/12/2004, sen resposta.

Tema relacionado con problemas de saneamento, sen ter recibido axuda nin actuación ningunha para a súa solución.

A Constitución española consagra o principio de eficacia nas actuacións da Administración pública; as competencias municipais teñen que se exercer eficazmente, sobre todo cando se trata da defensa de dereitos constitucionais dos cidadáns que se ven afectados no ámbito do medio ambiente axeitado, da calidade de vida e da súa saúde. De non ser así, caemos na situación penosa de exclusión social.

Tense que converter o principio de eficacia en fórmulas precisas, que é o que realmente lle interesa ao cidadán, para evitarlle as penalidades que por mor da lentitude e da inoperancia vese sometido con frecuencia.

A conversión destas situacións de necesidade en feitos reais depende, en gran medida, da profesionalidade e da responsabilidade dos empregados públicos que están suxeitos a unha función colectiva. O decisivo é a eficacia e a calidade do servizo e, polo tanto, que a administración sexa responsable.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 28/01/2005 recíbese escrito de Vías e Obras, no que informa que as obras salientadas corresponden a obras de saneamento que executa e financia a Xunta de Galicia, competéndolle á Dirección de Obras Técnicas de Augas de Galicia.

Sublíñase que, con data 20/01/2005, o interesado comunicou a esta Institución por vía telefónica que as obras en cuestión xa estaban realizadas, polo que se dá por pechado o expediente.

CAPÍTULO V: URBANISMO

EXPEDIENTE 19/2004

O interesado indícanos que no baixo do edificio onde vive, sito na rúa Zamora, se están levando a cabo obras para as oficinas da Delegación Provincial de Tráfico, e que puido comprobar que as mesmas están invadindo a propiedade da Comunidade, sen a autorización da mesma. Así mesmo, instaláron unha plataforma sobre a cuberta que non consta no proxecto presentado para a licenza. Dirixiuse en distintas ocasións á Delegación de Tráfico e tamén ao Concello solicitando unha inspección, sen recibir resposta.

Queixa recibida o 26/02/2004. Con data 1/03/2004 solicitamos o preceptivo informe de Urbanismo, petición que se reitera o 26/03/2004 e o 22/04/2004. Recíbese o informe o

23/04/2004, co que se achega copia do informe do aparelador municipal, no que se indica que respecto aos equipos de climatización instalados sobre a cuberta do local, o arquitecto entendeu que, segundo os planos, os mesmos serían instalados baixo a cuberta e non sobre a mesma, xa que, ademais, a Ordenanza municipal de ruídos e vibracións prohibe a instalación de equipos de climatización en fachadas ou patios. Deuse traslado do mesmo ao interesado con data 26/04/2004.

Na mesma data dirixímonos novamente á Concellería de Urbanismo para solicitar información sobre as medidas adoptadas en relación coas irregularidades recoñecidas no informe técnico, petición que se reitera o 24/05/2004, recibíndose con data 27/05/2004 informe da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se indica que mediante resolución desa xerencia do 11 de maio de 2004 ordenouse incoar expediente de protección da legalidade urbanística á Dirección General de Tráfico- Jefatura Provincial de Pontevedra, indicando que achega copia da citada resolución, pero sen achegarse efectivamente a mesma. Informe que se traslada ao interesado o 28/05/2004.

Con data 31/05/2004 solicitamos se nos faga chegar copia da citada resolución, petición que foi reiterada o 28/06/2004, solicitando, ademais, informe sobre a situación actual do expediente. Esta petición reitérase novamente o 27/07/2004 e se recibe o 30/07/2004, achegando copia da precitada resolución, na que se recoñece a instalación dos citados equipos de climatización e a ilegalidade dos mesmos, por non axustarse á licenza e non ser permisibles segundo a Ordenanza Municipal de ruídos e vibracións. Esta información trasládase ao interesado o 2/08/2004.

Con 18/08/2004, e a instancia do interesado, esta Institución diríxese novamente ao vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información actualizada en relación ao expediente que nos ocupa, así como petición dunha copia compulsada da memoria e planos de obra, solicitude reiterada en distintas ocasións polo interesado e que non foi atendida. Esta petición foi reiterada o 21/09/2004.

Con data 29/09/2004, a instancia do interesado, emítese informe das actuacións realizadas ata a data.

Con data 18/11/2004 recibimos novo escrito do interesado, co que achega copia dos distintos escritos que o mesmo dirixiu a Urbanismo e Medio Ambiente. No mesmo, expón a nova situación e as actuacións por el levadas a cabo, subliñando a súa desconformidade coa nova instalación das bombas de calor obxecto da queixa, xa que, aínda que as mesmas foron trasladadas e instaladas debaixo da cuberta e a plataforma foi desmantelada, as citadas bombas levan incorporados uns ventiladores, de maneira que o aire sae por 12 troncos deixados no patio de luces, incumprindo así o disposto no artigo 26 da Ordenanza municipal de protección do medio ambiente.

Con data 29/11/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo trasladando as novas alegacións expostas polo interesado.

En base ao auto de data 14/04/2004, ditado polo Xulgado contencioso-administrativo número 1 de Vigo, en Procedemento Ordinario nº 66/2004, no que se dispón: “...*prohibición del uso del inmueble durante la tramitación de este procedimiento*”, o interesado instou do Concello de Vigo a suspensión do procedemento que se atopa en trámite para o outorgamento da licenza de apertura ou actividade.

Con data 29/11/2004 faise preciso instar ao Concello para que se atendan as peticións do interesado, así como para que se teñan en conta diversas puntualizacións:

- 1) Que as bombas de calor na situación actual incumpren o artigo 26 das Normas de Medio Ambiente.
- 2) A sorpresa pola información recibida desde o Negociado de Electromecánicos, por terse aberto outro expediente de infracción urbanística (12652/423) no que se restablece a legalidade da obra. Non se entende como tendo presentado tres denuncias un mes antes, non se tivo en consideración ningunha delas.
- 3) Reunión co Sr. xefe de Medio Ambiente, concluíndo a falta de cumprimento do artigo 26 antes citado.
- 4) Que polo responsable de Medio Ambiente, que ten que informar ao respecto, non se ten coñecemento da existencia de ningún escrito sobre o anotado no punto 2 anterior.
- 5) Que ante as anormalidades citadas, no departamento de Medio Ambiente maniféstase que ten que resolver o de urbanismo. Inténtase entrevista co responsable de licenzas de urbanismo, intento errado.
- 6) Que con data 4/11/2004, preséntase en Urbanismo escrito dirixido a Infraccións Urbanísticas para incorporar ao expediente. Con data 9/11/2004 contáctase co responsable, que manifesta que por el non pasou ningún escrito para informe e que contactase coa xefatura de Infraccións, onde se manifesta que o expediente de legalidade está informado favorablemente e pechado, para o seu envío a Tráfico. Coméntanse as denuncias e contéstaselle que “non sabe onde” e que o expediente está pechado.
- 7) Á vista do anterior, acudiu ao Rexistro Xeral de Urbanismo, onde se atopaban os escritos, e alí lle indicaron que se dirixise ó departamento de Infraccións, onde lle manifestaron que dos tres escritos, dous chegaran aquela mañá e que faltaba un; dos presentados en Medio Ambiente non chegara ningún.
- 8) Que o día 15/11/2004 acudiu a Infraccións Urbanísticas para inquirir sobre os escritos/denuncias, onde se lle informa que so chegara un, e que o último, presentado o día 3, no que denunciaba a anormalidade da resolución do expediente de infracción urbanística, aínda non o vira a xefa do negociado; solicitou falar con ela, e dixéronlle que non recibía a ninguén.

É obvio que, cando menos, a descoordinación é patente e manifesta. A coordinación xeral ten que entenderse como a aplicación de medios e sistemas que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias, de tal xeito que se acade a integración dos actos parciais na totalidade do sistema. Nada máis lonxe da realidade, segundo o exposto.

Como é posible que funcionarios competentes para entender do procedemento non teñan intervido por mor de non se sabe que. Como é posible que os documentos, solicitudes e denuncias, non se axilicen nos percorridos internos da mesma Concellería.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 5/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa que se acordou declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada pola instalación dun equipo de climatización, por canto os mesmos foron retirados. Esta información trasladouse ó interesado o 10/01/2005.

Con data 17/01/2005 recíbense novas alegacións do promotor da queixa, así como unha relación das incidencias polas que tivo que pasar como consecuencia das súas comparecencias ante persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo, do que se deu traslado á vicepresidencia da citada xerencia con data 18/01/2005.

Con data 3/02/2005 o interesado remítenos novo escrito, co que achega copia do expediente de ilegalidade urbanística nº 12.652/423, ó que fai determinadas precisións, das que damos traslado ó vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 9/02/2005.

Con datas 21/03/2005 e 21/04/2005 reitérase o pedimento das aclaracións solicitadas nos escritos anteriores.

Con data 26/04/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de urbanismo, no que informa que, á vista dos antecedentes, procedeuse á emisión de novos informes técnicos, quedando pendente un informe sobre a distancia de separación das unidades de recuperación de enerxía. Deste informe deuse cumprida información ó interesado en data 28/04/2005.

Con data 30/05/2005 solicitouse información actualizada en relación co informe pendente citado anteriormente.

Con data 14/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa do acordo do Consello da Xerencia de 26/05/2005, no que se estima parcialmente o recurso interposto polo interesado, suspendendo parcialmente a actividade que afecta ó sistema de climatización do local. O 15/06/2005 trasládase esta información ó promotor da queixa.

Con data 23/06/2005 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que di que con data 14/06/2005 incóase novo expediente de reposición da legalidade urbanística e medioambiental polo sistema de climatización.

Con data 27/06/2005 infórmase cumpridamente ó interesado do anterior, quen, en data 11/07/2005, comunícanos que os equipos de climatización funcionan todos os días.

Con data 12/07/2005 ínstase á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo a que faga cumprir a orde dada na resolución de 14/06/2005, informándonos aquela con data 10/08/2005 que, por Resolución de 26/07/2005, procedeuse ó precintado do sistema de climatización. De todo o anterior deuse cumprida información ó interesado o 17/08/2005.

Con data 24/08/2005 recíbese escrito do interesado, no que indica que segue activo o sistema de climatización e que pediu a intervención oficial oportuna, así como documentación relativa ó expediente, polo que o 25/08/2005 solicitouse información con respecto ó anterior á Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 8/09/2005 recíbese certificación do Sr. Secretario do Concello referente ó acordo do Consello da XMU de 26/05/2005, a cal xa fora recibida o 14/06/2005, así como do acordo de 14/06/2005, anteriores á resolución de 26/07/2005, o que se traslada ó interesado o 12/09/2005.

Con data 26/09/2005 reitérase o pedimento de 25/08/2005.

O 17/10/2005 recíbese informe da vicepresidencia da XMU co que se achega comunicación ó interesado de 23/08/2005 e informe técnico de 27/09/2005, do que se dá traslado ó interesado.

EXPEDIENTE 21/2004

Queixa en relación coa construción ilegal por parte dun veciño dun muro que invade terreos alleos á súa propiedade no Camiño dos Carballeiros, cortando, ademais, o paso por invadir o mesmo un camiño público.

A queixa foi presentada con data 4/03/2004, solicitándose informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente o 8/03/2004, a cal foi reiterada o 6/04/2004, o 27/04/2004, o 24/05/2004, o 23/06/2004 e, de novo, o 26/07/2004. Recíbese o mesmo con data 29/07/2004, no que se indica que o enxeñeiro de Vías e Obras informa que as pedras que forman o peche se atopan en propiedade privada, aínda que no informe emitido polo Arquitecto municipal se indica que o citado peche non reúne as condicións de seguridade e ornato públicos, polo que mediante resolución de 4/05/2004 ordenouse a incoación de expediente de orde de execución. Información que se traslada ao interesado con data 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo para solicitar información actualizada sobre o tema que nos ocupa, petición que é reiterada o 6/10/2004, o 8/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, sen resposta.

Con data 22/07/2004 indícasenos que, mediante resolución da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de 4/05/2004, ordenouse a incoación de expediente de orde de execución. Non obstante, e transcorrido un tempo prudencial que permite o desenvolvemento dos mecanismos correspondentes, solicítase informe actualizado en relación coa resolución citada o 8/09/2004, o 6/10/2004, o 8/11/2004 e, por último, o 9/12/2004, sen resposta ningunha.

Por todo, indúcese que o interese do cidadán non se ve satisfeito, dada a falta de dilixencia e de eficacia na actuación do órgano competente. Non se dá unha prestación obrigada coa axilidade necesaria na resolución do expediente, xa que o carácter instrumental que a Administración pública debe ter, segundo imperativo constitucional, non se manifesta ao non prestar un servizo de interese xeral, cal é a defensa da legalidade urbanística, o que se vén comprobando polo efecto de que o réxime xurídico da Administración pública, que debe transcender ás propias regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos sexan efectivos, non se ve acadado.

O control posterior esixe que o Concello utilice con rigor os medios de que dispón, en especial os técnicos, como neste caso, pero aínda así a actuación eficaz non se acada, porque os procedementos parálanse sen xustificación ningunha. Falla o impulso dos mecanismos, ou quizais falla o interese, o cal non é máis que unha obriga legal. Entre a norma e a realidade existen, ás veces, distancias esgotadoras; fai falta un exercicio de reflexión histórica, cantos expedientes de disciplina urbanística se iniciaron e cantos se completaron (Álvarez Corbacho).

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2005 e 11/02/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 14/03/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa que se resolveu (31/01/05) ordenar ó propietario do terreo a inmediata retirada dos bloques de pedra, apercibindo da imposición dunha multa coercitiva se transcorrido o prazo de un mes non se tivesen retirado, do que se deu cumprida información ó interesado o 17/03/2005.

Con data 19/04/2005 solicitouse do vicepresidente da XMU informe actualizado en relación coa orde de retirada dos bloques, segundo consta no anterior informe, petición que tivo que ser reiterada con datas 18/05/2005, 16/06/2005 e 13/07/2005.

Con data 2/08/2005 recíbese escrito a vicepresidencia da XMU, no que informa que, con data 28/06/2005, resolveu proceder ó arquivo do expediente por terse retirado os bloques de

pedra e os ferros verticais localizados. Desta información deuse traslado ó interesado o 3/08/2005, dándose o expediente por concluído.

EXPEDIENTE 23/2004

Queixa en relación coa ilegalidade dunha obra na parroquia de Alcabre. O interesado denuncia a instalación na finca veciña dun galpón que contén unha caldeira que provoca cheiros e ruídos. Engade que denunciou a situación en Urbanismo, sen acadar ningunha solución ao respecto.

Queixa recibida o 9/03/2004. Con data 10/03/2004 solicitamos da Concellería de Urbanismo o preceptivo informe, petición que se reitera o 6/04/2004, recibíndose o 23/04/2004, no que indica que, unha vez iniciado o expediente de reposición da legalidade urbanística, requiriuse ao interesado para que procedese á derruba das obras de construción dos galpóns, así como das consistentes na adición dun piso á edificación xa existente, engadindo que a seguir se iniciará a execución forzosa do acordo de derruba dos galpóns. Do mesmo dáse traslado ó interesado o 26/04/2004.

Con data 27/05/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actual en relación cos expedientes antes citados, petición que se reitera o 29/06/2004, o 27/07/2004, o 26/08/2004, o 5/10/2004, o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, sen resposta.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/03/2005 recíbese escrito do interesado insistindo no cumprimento total da orde de derruba, polo que o 21/03/2005 diriximos escrito ó vicepresidente da XMU insistindo na petición de información actualizada que poida responder ós intereses lexítimos do promotor da queixa, xa que estamos ante unha situación que se mantén desde hai case sete anos. Esta petición reiterouse con datas 21/04/2005, 18/05/2005, 20/06/2005, 01/08/2005, 31/08/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005

EXPEDIENTE 24/2004

Queixa en relación coa ampliación dunha nave dentro dunha propiedade lindeira coa do interesado, sita na rúa Cabalaria, instando do Concello en reiteradas ocasións á execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que desestima o recurso interposto polo denunciado e confirma a orde de derruba das obras de ampliación.

Queixa presentada o 17/03/2004, solicitándose o preceptivo informe o 18/03/2004 á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 12/04/2004 e o 10/05/2004. Recíbese o mesmo con data 31/05/2004 da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se fai unha relación das diversas multas que lle foron impostas ó denunciado. Do mesmo dáse traslado ó interesado o 2/06/2004.

Con data 16/06/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando información actualizada sobre as medidas adoptadas con posterioridade ao informe remitido, petición que se reitera o 14/07/2004. Recíbese o informe con data 29/07/2004, no que se manifestan as dificultades existentes para notificar as multas ao denunciado, así como as resolucións dos recursos que sucesivamente interpón aquel, engadindo que se procedeu á apertura de novo expediente polo exercicio de actividade de almacén e reparación de portas sen licenza na citada nave. Dáse traslado do mesmo ó interesado o 3/08/2004.

Con data 2/09/2004 solicitamos novo informe actualizado á Xerencia Municipal de Urbanismo, petición que se reitera o 5/10/2004, o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004, sen resposta.

Asunto con orde de derruba confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se ten denunciado en xuño de 2003, iniciándose o expediente nesta Institución o 18/03/2004.

O Concello xa foi repulsado pola súa pasividade polo órgano xudicial; estamos ante unha actitude pasiva e dilatoria en canto ás obrigas de defensa que impón a norma de disciplina urbanística. Dáse un abandono de funcións, un abandono fronte á ilegalidade urbanística, ilegalidade constatada polos servizos técnicos municipais, non sendo de recibo as pretendidas xustificacións, nin sequera a imposición de multas coercitivas, que veñen impulsando unha credibilidade dubidosa, xa que o cidadán adopta unha actitude de asumilas como unha contribución ou taxa periódica, non sendo esta a finalidade das mesmas.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa de que debido ás novas denuncias, con data 3/12/2004 solicitouse informe á Policía local sobre se se cumpre a orde de suspensión da actividade decretada o 2/09/2004, información que se notifica ó interesado o 13/01/2005.

Con data 23/02/2005 solicítase da vicepresidencia da XMU informe actualizado sobre a actuación da Policía local, segundo a orde de 3/12/2004 antes citada, solicitude que tivo que reiterarse con datas 29/03/2005, 25/04/2005 e 26/05/2005.

Con data 13/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que se desestimou o recurso de reposición interposto contra a orde de suspensión da actividade e dáse orde de cese definitivo da actividade que, de non cumprirse, suporá a imposición de multas coercitivas en contía de entre 1.000 e 10.000 euros. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 14/06/2005.

EXPEDIENTE 25/2004

Queixa en relación coa instalación dunhas chemineas no patio de luces dun edificio na rúa López Mora. As mesmas instaláronse á altura das ventás da vivenda do interesado, que

considera que incumpren a legalidade por non respectar as distancias esixidas. O interesado expón que presentou tres escritos na Xerencia Municipal de Urbanismo, sen obter ningún resultado.

Recibida a queixa o 18/03/2004, con data 22/03/2004 solicitamos o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 14/04/2004, o 11/05/2004, o 15/06/2004, o 14/07/2004 e, de novo, o 23/08/2004. Con data 8/09/2004 dirixímonos ao interesado informándolle das actuacións feitas ata a data.

Con data 6/10/2004 solicitamos á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, unha vez máis, que se nos remita o preceptivo informe, petición que foi reiterada o 15/11/2004, sen resposta.

Queixa presentada polo cidadán interesado, que formulou tres escritos de denuncia, en outubro e decembro de 2003 e xaneiro de 2004. Sen actuación municipal ningunha, acudiu a esta Institución en petición de axuda.

Tras seis peticións de informe por parte de esta Institución, sen resposta ningunha, o interesado instounos a dar unha explicación do silencio ante as súas demandas, o que propiciou que se lle dese unha información en canto ás actuacións desta oficina, e que motivou un requirimento máis, o sétimo, de forma explícita ante a concellería competente en data 6/10/2004, e que se reiterou novamente o 15/11/2004, sen resposta ningunha, estimando esta actitude como entorpecedora.

Nun senso doutrinal, está claramente indicado que o Dereito é unha ciencia para a vida, para ser aplicada, ou senón non é nada. A norma xurídica require por parte do individuo un cumprimento por grao ou por forza; a arbitrariedade propiamente atenta contra a seguridade normativa.

De tal xeito, as actuacións debidas no ámbito do urbanismo implican consideracións como a comentada polo Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao dicir: *“O urbanismo é considerado no Dereito comparado como o medio ambiente artificial que condiciona de xeito decisivo a calidade de vida”*.

Estamos ante situacións que promoven a necesidade de superar radicalmente a indisciplina e os comportamentos primarios que nesta materia mantén a Administración pública.

Tense que exercer de xeito eficaz a competencia que lle asiste á autoridade facultada; para iso, téñense que evitar as actuacións insuficientes, e moito máis a falta de actuacións, como se desprende dos antecedentes expostos.

Non só se teñen que adoptar os trámites legalmente previstos respecto dos expedientes de reposición da legalidade urbanística, incoando o expediente sancionador que proceda por infracción urbanística pola realización de obras sen previa licencia, aínda que posteriormente sexa legalizable, senón que os citados trámites requiren de actuacións áxiles e dilixentes.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 12/01/2005, 24/02/2005, 25/04/2005, 30/05/2005 e 28/06/2005 reitérase a información solicitada o 6/10/2004.

Con data 7/07/2005 recíbese o informe, no que se comunica que as obras, segundo informe técnico de data 1/07/2005, axústanse sensiblemente ó proxecto autorizado. Dáse cumprida información ó interesado o 11/07/2005.

EXPEDIENTE 30/2004

O interesado presenta queixa en relación coa construción no ano 1998 dunha nave industrial na rúa Espiñeiro, data dende a que vén solicitando do Concello as actuacións pertinentes. Engade que por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo se incoou expediente en relación coa actividade desenvolvida na citada nave, así como expediente coercitivo pola construción ilegal, coa imposición de tres multas.

Queixa presentada o 23/04/2004. Con data 26/04/2004 solicitamos a remisión do preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 25/05/2004, o 28/06/2004 e, de novo, o 26/07/2004 e que se recibe o 29/07/2004. No mesmo, indícase que se tramitou expediente de protección de legalidade urbanística, resolto por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 1/06/2000, que declarou as obras citadas como realizadas sen licenza e incompatibles coa ordenación urbanística vixente, decretando a súa derruba e impoñendo tres multas coercitivas ao respecto. Engade que tamén se ordenou o cese definitivo da actividade desenvolvida no citado local mediante resolución de 21/05/2003. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado dos expedientes anteriormente citados, petición que se reitera o 25/10/2004, o 11/11/2004 e o 13/12/2004.

A denuncia no Concello foi instada en decembro de 1998. Por parte desta Institución iníciase o expediente o 26/04/2004 a petición do interesado, en escrito de queixa de 23/04/2004.

Da situación exposta anteriormente non cabe reflexionar máis que o seguinte:

Moitas liberdades públicas esixen, para ser efectivas, o bo funcionamento da administración. O primeiro interese do cidadán, céntrase en que a administración preste eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites (o que nos ocupa iniciouse polo interesado hai seis anos), ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. O verdadeiramente importante é que a administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ao servizo do interese xeral; estes intereses veñen subliñados pola nor-

ma xurídica. Sen un funcionamento axeitado en temas de calidade, axilidade e rapidez, non pode darse unha aproximación á credibilidade.

Estamos ante un suposto dun esaxerado burocratismo dos gobernantes, que non reflicte de ningunha maneira unha tarefa de administración do colectivo, o que afasta que a realidade sexa tan satisfactoria como a probabilidade coa que finalizan as accións lexítimas e concordantes coa lei; máxime no caso que nos ocupa, no que existe unha sentenza (17 de xaneiro de 2002) que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo denunciado, no que se explicita que a derruba das obras realizadas por razóns de restauración da legalidade urbanística material non pode considerarse contraria a Dereito.

Coñecida é a decisión xudicial na que se recrimina ao Concello por non ter derrubado a obra no tempo transcorrido (estamos a falar de maio de 2004), sen que teña valor o argumento das multas coercitivas, xa que estas non son máis que unha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren o previsto na lei. O Concello tería que derrubar subsidiariamente.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 13/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que foi desestimado o recurso interposto pola entidade afectada e indica que non cabe discutir a firmeza da sentenza de 17/01/2002 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra. Do contido desde informe deuse cumprida información ó interesado o 17/02/2005.

Con data 21/03/2005 solicítase da vicepresidencia da XMU informe actualizado en relación coa orde de derruba das obras obxecto da reclamación, petición que se tivo que reiterar con datas 21/04/2005, 18/05/2005 e 20/06/2005.

Con data 21/07/2005 recíbese o informe solicitado, no que se indica que se impuxo unha multa coercitiva por importe de 1.200 euros, advertindo que se nun prazo de un mes non se procede á derruba, imporanse novas multas coercitivas. Con data 26/07/2005 dáse traslado do contido do informe ó interesado.

Con data 6/09/2005 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente, petición reiterada o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

EXPEDIENTE 34/2004

O interesado presenta queixa en relación coas molestias ocasionadas por unha chatarreiría na rúa Baixada á Ermida. Expón que vén denunciando a situación ante o Concello dende o ano 2002, xa que a citada chatarreiría provoca unha contaminación ambiental e acústica, impedindo a tranquilidade e o descanso dos veciños.

Queixa presentada o 4/05/2004. Con data 5/05/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que foi reiterada o 7/06/2004, e que se recibe o 29/06/2004. No mesmo, indícase que non consta licenza de actividades e instalacións para chatarreiría no devandito enderezo e que o inspector municipal informa que no lugar existe depositada diversa chatarra, polo que se solicita informe do técnico municipal para determinar se procede a apertura de expediente de protección de legalidade urbanística. Informe que se traslada ao interesado o 30/06/2004.

Con data 26/07/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado das actuacións levadas a cabo, petición que se reitera o 26/08/2004, o 29/09/2004, o 26/10/2004, o 23/11/2004 e o 23/12/2004.

Asunto que se iniciou como competencia de Medio Ambiente, pero, de acordo co informe de data 28/06/2004 da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, trasladouse a Urbanismo, xa que con data 31/03/2004 a oficina de Licenza de Actividades informa que non consta licenza de actividade e instalación para chatarreiría, e que con data 17/06/2004 solicítase ao técnico municipal informe sobre se o denunciado se pode considerar unha actividade ou non para proceder, no seu caso, á apertura do correspondente expediente de protección de legalidade urbanística ou orde de execución.

Con data 26/07/2004, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co exposto anteriormente, petición que se ten que reiterar ata catro veces máis, a última o 23/11/2004, sen resultado ningún.

A disciplina urbanística esixe que o Concello controle o proceso construtivo primeiro, paso previo e obrigatorio, que nace coa autorización ou licenza que se outorga para construír e, segundo, a esixencia de comprobar que o construído se axusta ao proxecto autorizado; da non observancia destes presupostos, xorde o descontrol e, ás veces, a anarquía.

A autoridade municipal ten a obriga inescusable de abrir expediente e suspender de inmediato calquera obra ou actuación que, ou ben carece de licenza, ou non se axusta ás condicións daquela.

Cando non se adoptan as medidas necesarias xorde a responsabilidade correspondente, mais, como di a doutrina (X. Álvarez Corbacho), entre a norma e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica e coñecer cantos expedientes de disciplina urbanística se incoaron nos últimos dez anos, cantos se completaron, cantas multas se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, cantos incumpridores públicos foron requiridos e denunciados ante o Ministerio Fiscal.

Nestes temas, a xustiza xa ten expresado a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non cabe xustifica-la demora ou pasividade baseándose nos trámites dos expedientes polo elevado número de asuntos que se abordan; isto non é xustificación. A Administración pública dispón de competencias para adopta-las medidas en torno ás necesidades e capacidades do persoal ao seu servizo.

Segundo o que antecede, procede preguntarse canto tempo se require para emiti-lo informe técnico ordenado o 17/06/2004.

Baste citar o artigo 103.1 da Constitución española, onde se proclama que a todas as Administracións públicas lles corresponde servir con obxectividade aos intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

O primeiro interese do cidadán céntrase en que as Administracións públicas presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións, van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 11/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que con data 14/12/2004 ordenouse a suspensión da actividade que se viña desenvolvendo e que se procedeu á comprobación do cumprimento da orde por parte da Policía local. Esta información trasladouse ó interesado o 13/01/2005.

Con data 27/01/2005 o promotor da queixa entrega copia do escrito depositado na XMU o mesmo día, no que denuncia que a situación segue a ser a mesma, é dicir, non se restableceu a legalidade pretendida. Por isto, con data 23/02/2005 dirixímonos á vicepresidencia da XMU subliñando a necesidade improrrogable de que se faga cumprir a orde de suspensión, sen que procedan máis dilacións, na defensa dos dereitos do interesado, tal como foron recoñecidos pola propia xerencia e instando información actualizada sobre tales actuacións.

Con datas 29/03/2005, 25/04/2005 e 26/05/2005 reiterouse o pedimento anterior, recibíndose o informe da vicepresidencia da XMU o 21/06/2005, no que comunica que de novo se insta á Policía local a que emita informe ó respecto (orde xa comunicada o 31/01/2005).

Con data 22/06/2005 deuse cumprida información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitaranse de novo unhas actuacións definitivas sobre o tema, no caso de que non conste a existencia das mesmas.

Con data 2/08/2005 solicitouse información actualizada en relación co informe recibido o 21/06/2005, petición reiterada o 7/09/2005 e que se recibe o 28/09/2005. Nel reflítese que non se recibiu aínda o informe da Policía local, solicitado o 7/06/2005, o que volve indicar a falta de eficacia das accións públicas nun tema iniciado no ano 2002. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 29/09/2005.

Con data 31/10/2005 reitérase a petición de informe actualizado, na que se indica a falta de coordinación entre os servizos da administración municipal, o que provoca unha falta de eficacia e dilixencia, insistindo no mesmo o 30/11/2005 e o 21/12/2005.

EXPEDIENTE 51/2004

O interesado indícanos que presentou no Concello varias peticións sobre a instalación dunha antena de telefonía móbil que vén funcionando sen permiso na avda. Manuel de Castro, achegando copia dun informe da Inspección de Urbanismo no que se reflite que, realizada visita de inspección o 11/07/2003, comprobouse a existencia de tal antena, que ten en trámite a solicitude de licenza. O interesado pide o peche da instalación en tanto non se fagan os trámites necesarios ata a obtención da licenza, no caso de cumprir as normas ao efecto.

Queixa presentada o 21/06/2004. Con data 23/06/2004 solicítase informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 22/07/2004, recibíndose o mesmo o 30/07/2004, co que se achega informe do arquitecto municipal indicando que se trata dunhas instalacións sen a preceptiva e previa licenza, atopándose a mesma en trámite, e que serían legalizables de cumprir coas determinacións da Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de elementos e equipos de telecomunicacións. Informe que se traslada ao interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.

No informe recibido o 30/07/2004, reflítese: *“que as obras serían legalizables de cumprir as determinacións da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de Elementos e Equipos de Telecomunicación no termo municipal de Vigo e demais determinacións urbanísticas e normativa sectorial de aplicación”*.

Ínstase ata catro veces a información actualizada que se deriva daquela *“posibilidade de legalización”*, sen resposta ningunha.

¿Que pasa entre a instalación e o funcionamento da mesma ata que se adopte o acordo de legalización? ¿Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972 de Protección do medio ambiente atmosférico (modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación) de darse o caso de que houbese presenza no aire de formas de enerxía que implicasen risco, dano ou molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?.

A planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria, xa que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto tense que basear en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción conduzan a xestionar as cidades de xeito máis transparente, eficiente e eficaz. Como se di nalgún ámbito doutrinal, non abonda o procedemento de actuar baixo perspectivas estratéxicas, xa que o horizonte máximo de actuación, responsabilidade e toma de decisións, vincúlase ao *“tempo político”* dos anos que dure o mandato. Isto fai, polo común, que se actúe con miras moi curtas e sen prospección de futuro, o que leva ao desaproveitamento de recursos e esforzos.

Téñense que exercitar eficazmente as competencias municipais que teñan por finalidade a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns, e incoar os expedientes sancionadores por infracción urbanística por realización de obras sen previa licenza, aínda que posteriormente sexan legalizables.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 13/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005 e 14/04/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 9/05/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que o PXOM, aprobado provisionalmente o 30 de decembro de 2004, e o artigo 5.9.3 da Normativa Urbanística, prohiben a instalación de antenas de telefonía móbil nas cubertas dos edificios veciñais, do que se dá cumprida información ó interesado con data 11/05/2005.

Con data 23/12/2005 recíbese a visita do interesado que nos comunica que a antena segue funcionando, non obstante a prohibición. Con data 26/12/2005 comunicámoslle o anterior á Concellería de Urbanismo, interesado información ó respecto.

EXPEDIENTE 52/2004

Queixa en relación coas obras, internas e externas, nun local situado na rúa Carral, consistentes na instalación dun forno con saída de gases pola planta baixa do edificio, o que produce molestias de cheiros e rúidos derivados da extracción. Asemade, obrouse na fachada, cando se trata dun edificio considerado a conservar. O interesado indica que presentou no Concello varios escritos de denuncia, sen ter recibido resposta ao respecto.

Engade que con data 16/04/2004 presentou escrito dirixido á Xerencia Municipal de Urbanismo alegando a falta de notificación da solicitude de licenza de actividades aos veciños afectados, tal como recolle o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

Queixa presentada o 24/06/2004. Con data 28/06/2004 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, recibíndose o 3/08/2004, no que se indica que con data 21/01/2004 solicítase licenza de actividades e instalacións para a ampliación da actividade que se vén realizando no citado local, engadindo que, tralos trámites oportunos de información e exposición pública, o inspector municipal emitiu informe segundo o cal o local se axusta ao proxecto de construción, así como ao cumprimento da normativa esixible, estando pendente na actualidade do informe do técnico municipal. Informe que se traslada ao interesado con data 4/08/2004.

Con data 8/09/2004 solicítase á Xerencia Municipal de Urbanismo que nos remita o resultado do informe do técnico municipal e, no seu caso, das actuacións posteriores levadas a cabo, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.

Con data 3/08/2004 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflite: “a data de hoxe (29/07/2004), o expediente queda pendente do informe do técnico municipal para continuar co seu trámite”.

Posteriormente, ata catro veces, ínstase o informe con relación á xestión encomendada ao técnico municipal, sen terse recibido resposta, descoñecéndose polo tanto o resultado final en relación coa coincidencia práctica das ampliacións con respecto ao proxecto de construción.

Sabido é que a mellora da lexitimidade das corporacións locais tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste ámbito, as estratexias son inesgotables. Todo vén definido pola capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, sen que a estrutura burocrática xere a proliferación de excesivos mecanismos que leven a unha lentitude excesiva nas solucións.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 13/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005, 14/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

EXPEDIENTE 57/2004

Queixa en relación coa construción dun galpón no Camiño Vivas. O interesado indícanos que en agosto de 2002 presentou denuncia contra o propietario da finca veciña por ter en fase de construción un galpón nun espazo destinado ao recuado, segundo esixencia da ordenanza vixente, na zona entre as dúas vivendas, sen constar licenza. Engade que legalmente os recuados establecidos son de 4 metros e a obra que se denuncia apoia no muro divisorio das dúas fincas. Indica que en agosto de 2003 a denuncia en cuestión estaba aínda pendente de informe de inspección de obras e que en febreiro de 2004 reiterou a denuncia, solicitando novamente a suspensión inmediata das obras e a reposición da legalidade urbanística.

Queixa presentada o 6/08/2004. Con data 18/08/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 21/09/2004, o 25/10/2004 e o 15/11/2004. Recíbese o mesmo o 21/12/2004, co que se achega copia do informe técnico emitido polo arquitecto municipal, no que se indica como presunta infracción “*obras de construción adosada á fachada e lindeiro en licenza e non legalizable por non respectar recuados (4 m) esixibles segundo a ordenanza de aplicación 1.3.B*”. Informe que se traslada ao interesado con data 22/12/2004.

Expediente iniciado o 18/08/2004, pero do que xa constan denuncias do interesado dende o ano 2002 (agosto), nas cales se fixeran precisións con respecto á Lei 1/1997, do Solo de Galicia (artigos 175, 176 e 177).

A falta de rendemento, lexitimador das actuacións municipais, é clara, o que está a producir unha situación de total indefensión pola actitude de abandono fronte a unha ilegalida-

de denunciada, máxime cando, segundo indica o interesado, en agosto de 2003, un ano despois da denuncia, o tema cuestionado estaba aínda pendente de informe por parte da inspección de obras.

Non caben xustificacións baseadas no elevado número de asuntos. Non se pode esquecer e, polo tanto, é preciso reiterar, as motivación legais da norma reguladora do Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992 – 4/1999), onde se reafirma que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexable, senón tamén indispensable no seu funcionamento.

Pero xa antes, a Constitución española, no seu artigo 103, tiña consagrado o principio de eficacia, sen esquecer o de control.

A coordinación municipal é fundamental e debería ser a máxima preocupación a recoller nos regulamentos orgánicos e na súa actividade; diso depende o bo funcionamento municipal. A estrutura burocrática actual vén poñendo de manifesto unha lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados. Tense que fuxir das actuacións insuficientes, axiliza-los trámites establecidos legalmente, con especial referencia aos temas urbanísticos, así como á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Con data 21/12/2004 recíbese informe técnico no que se di que o expediente lle foi remitido o 30/07/2004 e indícase que se trata dunha obra sen licenza e non legalizable; é dicir, máis de dous anos dende a súa denuncia. Seguiranse as actuacións durante o ano 2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 24/01/2005 solicítase información actualizada con respecto ó informe da Inspección Técnica antes aludido, no que se propuña a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Con datas 22/02/2005, 29/03/2005, 21/04/2005 e 24/05/2005 reiterouse o pedimento anterior.

Con data 9/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que con data 23/05/2005 ordenouse a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística (informe técnico do 7 de novembro de 2004, nove meses antes) ordenando a inmediata paralización das obras por carecer de licenza municipal e dispendo a vixilancia periódica do cumprimento da paralización. Desta información deuse traslado ó interesado o 13/06/2005, indicándolle que en datas vindeiras interesaríase información actualizada en relación co procedemento subliñado na resolución comunicada.

Con data 5/08/2005 solicítase información actualizada en relación co expediente de protección da legalidade urbanística, petición reiterada o 26/09/2005 e que se recibe o 21/10/2005, na que se contempla a orde de derruba. Con data 24/10/2005 infórmase do anterior ó interesado.

Con datas 28/11/2005 e 21/12/2005 solicítase nova información en relación coa execución forzosa.

EXPEDIENTE 65/2004

Queixa en relación coa construción ilegal dunha vivenda en Beade. O interesado, no seu escrito de queixa, expón que a citada construción, que se atopa en fase de execución, non conta coa correspondente licenza e carece de calquera tipo de permiso, polo que solicita a paralización das obras. Presentou na Xerencia Municipal de Urbanismo dous escritos ao respecto con datas 30/08/2004 e 24/09/2004.

Queixa presentada o 7/09/2004. Con data 4/10/2004 solicitamos informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 3/11/2004 e o 9/12/2004, sen resposta.

Estamos ante unha pasividade que non atopa xustificación máxime cando se dan actitudes por parte de veciños que implican agresións e ameazas, tal como consta na sentenza do 26/11/1993.

Ademais, consta informe da Policía local de data 6/09/2004, no que reflite que o denunciado manifesta que carece de todo tipo de permiso.

É claro que a eficacia, como principio activo indispensable que debe presidir o exercicio de todas as competencias, non goza de presenza neste suposto.

A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas xustificadas do contorno e, cando isto non se acada, o escepticismo dos afectados non se detén e impulsa a vivir nunha realidade que non se pode soportar e que, incluso, chega ás agresións e ao risco de danos máis graves; de aí que a norma xurídica require por parte do cidadán o seu cumprimento, por grao ou por forza. O dereito, para ser eficaz, require coactividade, téñense que preservar de xeito eficaz as competencias que teñen por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns afectados.

A reposición da legalidade urbanística require de axilidade no cumprimento dos trámites establecidos; coa norma nada é imposible, só fai falta a vontade de coñecer contra que irregularidade, contra que inxustiza se quere loitar. Téñense que incoar con rapidez os expedientes sancionadores por infraccións comprobadas, aínda que posteriormente as obras fosen legalizadas, o non facelo implica un manifesto abandono de funcións.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2005 e 11/02/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 3/03/2005, a petición do interesado, emítese informe das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Con data 14/03/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que “a vista do informe da inspección técnica de data 23/09/2004, procedeuse á apertura do expediente de protección da legalidade urbanística por obras sen licenza, e que a data do informe queda pendente do informe da técnica municipal para continuar co seu trámite”. Desta información deuse traslado ó interesado o 17/03/2005.

Con datas 4/04/2005, 5/05/2005, 6/06/2005, 6/07/2005 e 1/09/2005 reiterouse o pedido anterior.

O 12/09/2005 recíbese informe, no que se indica o acordo de incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que se comunica ó interesado o 13/09/2005.

Con data 30/09/2005, ó vicepresidente da XMU comunica que o interesado presentou alegacións e que o expediente legalmente non rematará ata o 25/06/2006; non obstante, o 17/11/2005 e o 21/12/2005 solicítase información actualizada.

EXPEDIENTE 75/2004

Queixa en relación cos ruídos provocados por un taller de serrar pedra situado a uns 100 metros da vivenda do interesado, na parroquia de Matamá, situación que é denunciada polo interesado dende outubro de 2002, recibindo o 5/08/2003 notificación da Xerencia Municipal de Urbanismo na que se indica que non consta licenza de actividades e instalación no enderezo denunciado.

Queixa presentada o 1/10/2004. Solicítase informe á Concellería de Urbanismo o 4/10/2004, petición que foi reiterada o 4/11/2004 e 9/12/2004, sen resposta.

Tema que, en principio, correspondería a Medio Ambiente, pero que se pasa a Urbanismo toda vez que, con data 5/08/2003, o director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, Licenza de Actividades e Instalacións, comunícalle ao interesado que “*Non consta licenza de actividades e instalacións*”.

Non obstante as denuncias efectuadas polo interesado, así como a medición de ruídos efectuada no seu momento pola Policía local, o tema segue pendente, por non terse recibido información a partires da data antes citada.

Atopámonos, por carecer de información, cunha presunta falta de actividade por parte da concellería competente, unha pasividade patente que deixa aos cidadáns afectados na máis palmaria situación de abandono fronte a unha ilegalidade denunciada e que, segundo o escrito dos Servizos Técnicos, a denuncia é correcta, xa que tal ilegalidade está constatada.

Cómpre expoñer que, entre a norma e a realidade, danse distancias esgotadoras, aínda que a norma nestes supostos é clara e contundente.

A eficacia da Administración pública, neste caso, non é dende logo un principio activo non só desexable, senón indispensable, producindo un retroceso claro na mellora da lexitimidade da Corporación local, dado que o rendemento é negativo. Esta lexitimidade está inesorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 12/01/2005 e 17/02/2005 reiterouse o pedimento anterior.

Con data 7/03/2005 recíbese informe da vicepresidencia da XMU, no que se indica que con data 25/02/2005 resolveu ordenar a inmediata paralización da actividade do taller, xa que a mesma non está permitida no tipo de chan de que se trata, indicando que o incumprimento da orde poderá dar lugar á comisión de delito de desobediencia (artigo 556 do Código Penal). Do contido deste informe deuse información ó interesado o 8/03/2005.

Cando o problema se consideraba resolto, con data 1/08/2005 comparece o promotor do queixa e manifesta que, se ben se practicou o precintado do local, desde había uns días volvíanse a producir rúidos insoportables que indicaban que se reiniciou a actividade considerada ilegal, polo que solicita a nosa intervención. Por todo isto, coa mesma data se poñen os feitos en coñecemento da vicepresidencia da XMU para que proceda en consecuencia.

Con datas 26/09/2005, 25/10/2005 e 28/11/2005 reiterouse o pedimento anterior.

Con data 5/12/2005 recíbese informe, no que se indica que se deu traslado do expediente á Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, o que se comunica ó interesado o 7/12/2005.

EXPEDIENTE 78/2004

O interesado indícanos que con data 7/10/2004 presentou denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coa realización de obras sen licenza e non susceptibles de legalización na parroquia de Beade. As citadas obras consisten na edificación dunha vivenda unifamiliar de nova planta sobre unha edificación en ruína, así como o recheo nunha finca lindeira e a construción do peche da mesma.

Queixa presentada o 8/10/2004. Con data 10/11/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 15/12/2004, sen resposta.

Non obstante a denuncia presentada polo interesado (7/10/2004) sobre a realización de obras sen licenza non susceptibles de legalización por tratarse dunha edificación catalogada como ruínosa, segundo informe da Policía local de data 5/10/2004, consta licenza municipal para un cambio de cuberta e obras interiores co número de expediente 48666/421, aprobada o 13/05/2004.

A denuncia detallada, complementada con gráficos e fotografías, baséase en diversos defectos formais, segundo o disposto na vixente Ordenanza 1.3.B de Edificación familiar, así como no establecido no artigo 217.3 da LOUG.

Non obstante, e dado o tempo transcorrido dende a denuncia, espérase unha acción decidida en aras ao restablecemento da legalidade urbanística, unha vez comprobados os feitos alegados na denuncia.

Entendemos que, neste ámbito do urbanismo, as inspeccións téñense que axilizar ó máximo e, en consecuencia, de existir as infraccións, as respostas que procuren un restablecemento da legalidade teñen que ser rápidas e eficaces, aínda no suposto de que posteriormente as obras fosen legalizables.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 26/01/2005 e 23/02/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

Con data 3/03/2005, a petición do promotor da queixa, emítase informe das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Con data 14/03/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, no que informa que *“a vista do informe do inspector de data 3 de novembro de 2004, se procedeu á apertura de expediente de protección da legalidade urbanística por obras non axustadas a licenza, e que o expediente queda pendente do informe do técnico municipal para continuar co seu trámite”*. Deuse traslado desta información ó interesado con data 17/03/2005.

Con data 4/04/2005 solicitouse información actualizada en relación co trámite pendente antes subliñado, reiterándose de novo a petición con datas 5/05/2005, 6/06/2005 e 6/07/2005.

Con data 18/07/2005 recíbese informe da vicepresidencia da XMU, no que se declara a paralización das obras por non axustarse á licenza e determínase a vixilancia da mesma con carácter periódico.

Con data 1/08/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que se procederá puntualmente á comprobación da orde citada.

Con data 1/09/2005 solicítase información sobre a protección da legalidade urbanística, que se reitera o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

EXPEDIENTE 96/2004

O interesado presenta queixa por mor dos ruídos que vén padecendo no seu domicilio, sito na Baixada á Salgueira, indicando que os mesmos son causados polo funcionamento no bai-

xo do edificio dunha Asociación Cultural, sen licenza, que produce ruídos insoportables ata altas horas da madrugada, e na que ademais se despachan bebidas alcohólicas.

Engade que presentou denuncias ao respecto ante o Concello de Vigo, non recibindo resposta; a única actuación foi a realizada por parte da Policía local o 27/11/2004, achegando copia do informe emitido pola mesma, no que consta a falta de licenza.

Queixa presentada o 16/12/2004, solicitándose o preceptivo informe con data 17/12/2004 á Concellería de Urbanismo.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 27/01/2005 reiterouse o pedimento anterior.

Con data 22/02/2005 o interesado fainos chegar novo escrito de queixa, no que manifesta a súa desconformidade cun informe da Policía local que se fixo chegar desde esta Institución, segundo informe recibido da vicepresidencia da XMU o 16/02/2005. Á vista das alegacións, con data 24/02/2005 diriximos novo escrito á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente (Medio Ambiente), indicando que ó interesado considera totalmente parcial o informe da Policía local e que tramitou unha nova denuncia avalada por unha trintena de veciños instando para que se adopten as medidas necesarias para a defensa dos seus dereitos fundamentais e, de se-lo caso, se dea a protección á legalidade urbanística.

Con datas 30/03/2005 e 28/04/2005 reitérase o pedimento anterior, recibíndose escrito da vicepresidencia da XMU o 13/06/2005, no que informa que, con data 6/04/2005, a Inspección Técnica de Obras solicita á Policía local informe sobre cal é exactamente a actividade que se realiza no local denunciado e se se pode considerar que esta actividade produce ruídos ou provoca outros actos molestos ou vandálicos que podan molestar ós veciños. Desta información deuse traslado ó interesado o 14/07/2005, indicado que en datas vindeiras solicitarase información actualizada en relación co informe citado.

Con data 5/08/2005 solicítase información actualizada en relación co control policial antes citado, petición reiterada o 26/09/2005.

Con data 28/09/2005 recíbese informe, no que se reflite que aínda non se recibiu o informe da Policía local solicitado o 6/04/2005 (cinco meses), caso semellante ó do expediente 34/2005. Con data 29/09/2005 dáse cumprida información ó interesado, o cal comparece nesta oficina o 4/10/2005 e manifesta que os titulares da Asociación Cultural abandonaran o local, non obstante a falta de axuda por parte do Concello. O anterior trasládase á vicepresidencia da XMU facendo mención á falta de axilidade, eficacia e coordinación entre os órganos públicos do Concello, pois despois de requirir un informe, pasados seis meses aínda non se recibiu. Dáse o expediente por pechado.

CAPÍTULO VI: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 8/2004

O interesado expón que con data 10/10/2002 sufriu unha caída debido ao mal estado das lousas da beirarrúa, ocasionándolle unha escordadura cervical, do que precisou tratamento ata o 21/03/2003. Con data 7/11/2002 presentou no Concello reclamación indemnizatoria por responsabilidade patrimonial. Transcorrido o prazo sinalado no Real Decreto 429/93, do 26 de marzo, que aproba o regulamento de procedemento das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, e sen obter resolución ningunha, o interesado, con data 27/10/2003, solicitou do Concello resolución expresa, non recibindo a mesma.

Queixa presentada o 3/02/2004. Con data 4/02/2004 solicitouse informe da Concellería de Xestión Municipal- Patrimonio, que nos remite o mesmo o 13/02/2004, no que se indica que o expediente se atopa en trámite, non podendo ser resolto en prazo debido ao excesivo volume de expedientes sobre reclamacións patrimoniais, estimando que os próximos trámites a seguir serán a audiencia ao interesado, a redacción da proposta de resolución e a solicitude do ditame ao Consello Consultivo de Galicia. Con data 17/02/2004 dáse traslado ó interesado do informe recibido.

Con data 1/09/2004 solicítase informe actualizado, que se recibe o 8/09/2004, indicando que o expediente se atopa pendente da elaboración do informe-proposta de Resolución para o seu envío ao Consello Consultivo de Galicia, información que se traslada ó interesado o 9/09/2004.

Con data 25/10/2004 solicítase información actualizada do expediente en trámite, petición que se reitera o 11/11/2004, e que se recibe o 16/11/2004. No informe indícase que o expediente foi remitido ao Consello Consultivo de Galicia o 11/11/2004 para a emisión de ditame. Información que se traslada ó interesado o 17/11/2004.

Chama a atención que un expediente iniciado polo interesado en novembro de 2002, estea sen resolver en novembro de 2004, máxime cando o Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, declara no seu artigo 13 que o prazo para resolver será de seis meses.

Esta normativa trata de regular o marco deseñado na Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, na que se estipula a posibilidade de acudir a procedemento abreviado, posibilidade que non se plasma na realidade cotiá; máxime cando, coma neste suposto, non se cumpre nin sequera co prazo que subliña o artigo 13 do Real Decreto citado, incluíndo o período de proba do artigo 9 (trinta días).

Da desculpa alegada de *“excesivo volume de expedientes”*, non se pode inducir unha xestión áxil e eficaz. O primeiro interese do cidadán vai dende a axilidade na resolución dos

expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. Nas súas relacións cos cidadáns, todas as Administracións públicas someten a súa actividade á disciplina do Dereito administrativo; este dereito outórgalle notables privilexios, que se xustifican como instrumentos para que o ente público poida cumprir coas finalidades que a Lei e a Constitución lle atribúen. Pero este mesmo dereito, como contrapartida inescusable, define mecanismos que permiten o control da actividade administrativa.

Tense que potencia-la eficacia administrativa, xa que o cidadán mantén un elevado interese en que a administración se mostre en termos de calidade, axilidade e rapidez.

A eficacia e o control son os alicerces básicos do ámbito constitucional (artigo 103).

Tense que eludir o risco dun burocratismo gobernante e propiciar unha axeitada proxección en dirección á administración real de todos os cidadáns.

A entidade local ten á súa disposición mecanismos regulamentarios para dotarse dos medios humanos e materiais necesarios para a procura dunha xestión eficaz.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con data 31/01/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

Con data 8/02/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o 4/02/2005 se lle deu traslado ó interesado da resolución da Xunta de Goberno Local. Comunícase o anterior ó interesado o 9/02/2005, indicándolle que esta Institución descoñece o contido da citada resolución, polo que na mesma data se solicita copia da mesma, a cal se recibe o 15/02/2005.

Con data 17/02/2005 dáse traslado do contido da resolución recibida ó interesado, sen que se desen actuacións posteriores, polo que se dá por pechado o expediente.

EXPEDIENTE 26/2004

Queixa en relación cunha caída na rúa Travesía de Vigo debida a un desperfecto na beirarrúa. O interesado necesitou asistencia médica e quedou impedido para realiza-los labores diarios durante 6 meses.

A queixa foi presentada o 1/4/2004. Con data 5/04/2004 solicitouse o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio), que se recibe o 21/04/2004 indicando que o expediente de reclamación de danos interposto polo interesado se atopa en trámite. Información que se traslada ó interesado o 22/04/2004.

Con data 15/07/2004 solicitamos informe da situación actual do expediente, que se recibe o 12/08/2004, e no que se indica que se solicitara determinada documentación ó interesado. Con data 21/09/2004 solicitamos informe actual do expediente, que se recibe o

29/09/2004, e no que se indica que se deu trámite de audiencia ó interesado. Dáse traslado do mesmo ó promotor da queixa o 30/09/2004.

Con data 27/10/2004 dirixímonos novamente a Patrimonio solicitando informe da situación actual do expediente, recibíndose o mesmo o 16/11/2004, no que se indica que o expediente foi remitido ao Consello Consultivo de Galicia o 10/11/2004 para o seu informe preceptivo. Información que se traslada ó interesado o 17/11/2004.

O accidente ocorreu o 17/06/2003 e presentouse a documentación requirida o 16/12/2003. En decembro de 2004 atópase pendente de resolución.

Hai que incluír neste expediente as reflexións feitas no expediente número 8/2004, en canto á axilidade e á eficacia que na tramitación e na resolución destes supostos se requiren para acadar unha credibilidade na xestión pública por parte dos cidadáns afectados no seu vivir cotián por incidencias das que non son responsables.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 31/01/2005 solicítase á concellería competente informe actualizado sobre a situación do expediente. O mesmo se recibe o 8/02/2005, no que di que se atopa pendente da resolución da Xunta de Goberno Local.

Con data 9/02/2005 dáse cumprida información ó interesado do anterior, o cal, con data 16/02/2005, entrega copia dun escrito de patrimonio de data 9/02/2005 no que lle comunica a resolución favorable á mesma, polo que se dá por pechado o expediente.

EXPEDIENTE 46/2004

O interesado indícanos que presentou no Departamento de Patrimonio do Concello solicitude de reclamación de danos en relación cunha caída como consecuencia do mal estado dunha arqueta dunha rúa pública, o que lle provocou unha rotura no pé dereito. Esta solicitude deu lugar á instrución do correspondente expediente, do que o interesado solicita se dite unha resolución expresa, dado o tempo transcorrido.

Queixa presentada o 4/06/2004. Solicítase informe o 7/06/2004 á Concellería de Xestión Municipal, recibíndose o 7/07/2004, no que se indica que respecto ao expediente en trámite, citáronse ás testemuñas e ao reclamante para realizar a proba testemuñal para o día 3/08/2004. Información que se traslada ao interesado o 8/07/2004.

Con data 26/08/2004 solicítase información da situación actual do referido expediente, recibíndose o 10/09/2004, na que indica que o mesmo está pendente da valoración dos danos por parte da compañía de seguros, e que a continuación daráselle trámite de audiencia ao reclamante. Informe do que se dá traslado ao interesado o 13/09/2004.

Con data 27/10/2004 solicítase información actualizada do expediente, que se recibe o 23/11/2004, indicando que, unha vez recibida a valoración dos danos físicos, deuse trámite de audiencia á concesionaria do servizo de abastecemento de augas. Información que se traslada ao interesado o 24/11/2004.

Estamos ante un suposto que motivou o inicio do expediente de reclamación de danos o 25/11/2003, e que trece meses despois aínda non ten recaído resolución ao respecto.

Hai que incluír neste expediente as reflexións feitas no expediente número 8/2004, en canto á axilidade e á eficacia que na tramitación e na resolución destes supostos se require para acadar unha credibilidade na xestión pública por parte dos cidadáns afectados no seu vivir cotián por incidencias das que non son responsables.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 31/01/2005 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente.

Con data 8/02/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente está en trámite de audiencia ó interesado, do que se dá traslado a este o 9/02/2005.

Con data 21/03/2005 solicítase información actualizada da situación do expediente.

Con data 5/04/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente foi remitido, con data 14/02/2005, ó Consello Consultivo de Galicia. Esta información trasládase ó interesado o 7/04/2005.

Con data 12/05/2005 solicítase información actualizada sobre o estado do expediente.

Con data 8/06/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente está pendente da resolución da Xunta de Goberno Local, trasladándose esta información ó interesado o 8/06/2005.

Con data 29/06/2005 o promotor da queixa remítenos escrito e copia da resolución da Xunta de Goberno Local, pola que se estima a reclamación a favor do mesmo, subliñando que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Aqualia-FCC, empresa concesionaria do servizo. No seu escrito, o interesado mostra o seu desacougo, xa que recibiu comunicación telefónica da empresa concesionaria participándolle que a mesma vai recorrer a resolución do Concello en vía administrativa, o que suporá a demora por longo tempo da resolución definitiva do problema, coa dilación conseguinte no recibo da indemnización.

Con data 4/07/2005, esta Institución solicita á concellería competente unha medida de satisfacción para o cidadán: o pagamento por parte do Concello e o exercicio da acción de retorno posterior por parte da concesionaria, facendo as seguintes alegacións:

Pola nosa parte, e ante a solución presentada, procédese a formular as seguintes reflexións:

“1. A sentenza do Tribunal Supremo, de 28 de abril de 1992, sinala que se foi transformando a apreciación do principio subxectivo, ora pola canle da inversión ou atenuación da carga probatoria, presumindo culposa toda acción ou omisión xeradora dun dano indemnizable, a non ser que o axente demostre haber procedido coa dilixencia debida a teor das circunstancias do lugar e do tempo, demostración que non se logrará co mero cumprimento das disposicións regulamentarias; ora esixindo unha dilixencia específica máis alta que a administrativamente regulada, basta para exonerar de responsabilidade cando as garantías adoptadas para prever os danos previsibles e evitables non ofreceron resultado positivo, revelando a ineficacia do fin perseguido e a insuficiencia do coidado previsto.

Xa o mesmo Tribunal Supremo (26/02/1935) sinalou que a responsabilidade extracontractual só pode enervarse demostrando a concorrencia do caso fortuíto, culpa do prexudicado ou dilixencia do bo pai de familia. Esta orientación conságrase na sentenza de 30/06/1959.

2. A doutrina maniféstase no senso de que o feito esencial radica en que se produciu un dano que hai que reparar, independentemente das circunstancias que rodearon a produción do mesmo, e avoga por unha construción unitaria da responsabilidade, calquera que sexa a súa orixe. Hoxe, segundo Jordano Fraga, obsérvase unha aproximación entre ambas responsabilidades; a responsabilidade contractual evoluciona e convértese en algo máis que a responsabilidade polo incumprimento da prestación principal, abarcando calquera dano producido entre os que están ligados por un vínculo obrigatorio, estendéndose incluso ós derivados do incumprimento da obriga precontractual.

Santos Briz indica que para falar de responsabilidade, contractual ou extracontractual, é preciso que exista un dano a alguén.

3. A importación da conduta de incumprimento identifícase como correspondente ó contratista, subcontratista ou concesionario. Por outra parte, a imputación da conduta identifícase como correspondente ó ámbito das Administracións públicas, como titular do centro de traballo, ben por imputación directa, ben por imputación en responsabilidade “in vigilando ou in instruendo”.

É obvio que a Administración pública ten un réxime de responsabilidades solidarias igual ó de calquera outra empresa principal (artigo 149.1.7 da Constitución española), sen prexuízo do exercicio da acción de regreso.

Por todo, prégase que se estude a viabilidade de adoptar unha solución que permita ó interesado percibir a indemnización acordada, mediante o abono da mesma dende o Concello, sen prexuízo de que posteriormente a entidade municipal exercite a acción de regreso correspondente.”

Con data 15/07/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que se reflite o seguinte: *“En resposta á súa solicitude de 04/07/2005, relacionada co expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial nº 16751/240 (a súa referencia 46/2004), interposto por D. ..., infórmlle que o Concello actúa dentro da legalidade vixente, conforme o ordenamento xurídico, sen que en ningún caso se produza indefensión dos administrados, posto que a estes se lles confiren todas as posibilidades de actuación no expediente recoñecidas pola lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, para formular alegacións, propoñer probas así como para interpoñer recursos contra a resolución que poña fin ó procedemento.”*

Con data 3/08/2005 manifestámoslle á Concellería de Xestión Municipal o seguinte, como reflexión ás precisións do escrito anterior: *“Esta precisión non encaixa no asunto que nos ocupa, toda vez que, segundo a resolución de 6/06/2005, declárase “estimar a reclamación de D. ...” e que “a responsabilidade patrimonial dos danos corresponda a Aqualia-FCC”.*

É obvio que non se ten en conta a construción unitaria de responsabilidade “calquera que sexa a súa orixe”, así como o esquecemento deliberado de que a responsabilidade contractual evoluciona e convértese en algo máis que a responsabilidade polo incumprimento de prestación principal, abarcando calquera dano producido entre os que están ligados por un vínculo obrigatorio, estendéndose incluso ós derivados do incumprimento da obriga precontractual.

Reiteramos o apunte feito de que é obvio que a Administración pública ten un réxime de responsabilidade solidaria igual ó de calquera outra empresa principal (artigo 149 Constitución española), sen “prexuízo do exercicio da acción de regreso”.

Non atender a estas consideracións é deixar ó cidadán nun compás de espera que condúce a unha situación de desconforto.”

Con data 18/08/2005 recíbese resposta de Patrimonio, na que se fan novas precisións ó respecto, do que se dá cumprida información ó interesado, o cal remítenos novo escrito no que expresa o seu pesar pola actitude do Concello e insta a execución da resolución definitiva, indicando que, neste senso, presentou varias solicitudes en agosto e setembro.

Con data 19/10/2005 dirixímonos ó servizo de Patrimonio manifestando a preocupación do promotor da queixa e suxerindo o abono por parte do Concello con vía de retorno. Con data 14/11/2005 recíbese a resposta, na que indica que se requiriu a Aqualia o pago da indemnización e que, de non facelo no prazo de dez días, incoaríase expediente de incautación de fianza para satisfacer a indemnización. O anterior trasládase ó interesado, indicándolle que se impulsará o procedemento de incautación de fianza.

Con data 7/12/2005 solícítase información actualizada sobre o anterior trámite, que se recibe o 16/12/2005, na que se nos comunica que en data 30/11/2005 procedeuse á indemnización do promotor da queixa.

EXPEDIENTE 58/2004

O interesado expón que con data 13/10/2003 sufriu unha caída no paseo de Alfonso XII por mor do mal estado no que se atopaba a rúa, sendo atendido no ambulatorio de diversas contusións e recibindo puntos nunha cella. Ademais, como consecuencia da caída rompeu os anteollos graduados que levaba. Engade que na súa reclamación ó Concello non reclamou danos físicos, aínda que os houbo, senón que se limita a reclamar o abono dos anteollos que rompeu como consecuencia da caída.

Queixa presentada o 10/08/2004. Solicítase informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) o 18/08/2004, que se recibe o 9/09/2004, e no que se indica que o expediente de reclamación de danos se atopa pendente do informe do servizo de ambulancias. Informe que se traslada ó interesado o 13/09/2004.

Con data 23/09/2004 o interesado indícanos que recibiu escrito do Concello, co que se achega copia do expediente en trámite e no que se lle dá trámite de audiencia, presentando o mesmo novas alegacións no Concello de Vigo.

Con data 25/10/2004 solicitamos informe actual da situación do expediente, que se recibe o 9/11/2004, indicando que o expediente se atopa pendente de informe do servizo de ambulancias, tralo escrito presentado polo interesado. Informe que se traslada ó interesado na mesma data.

Atopámonos cun expediente en fase de tramitación, no que se insta informe a un servizo de ambulancias o 24/09/2004 e do que, ao peche da memoria do ano 2004, non constaba a súa existencia.

Insístese na conveniencia de esgota-los procedementos nos prazos que se subliñan no Real decreto 429/1993, xa que os mesmos, segundo o artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, obrigan ás autoridades e ó persoal ó servizo das Administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2005 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente, a cal se recibe o 2/02/2005 e na que se reflite que o expediente se atopa pendente de envío ó Consello Consultivo de Galicia. Dáse traslado do anterior ó interesado o 3/02/2005.

Con data 30/03/2005 solicítase información actualizada sobre o estado do expediente.

O 7/04/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente foi remitido o 1/04/2005 ó Consello Consultivo de Galicia, o que se traslada ó interesado o 8/04/2005.

Con data 2/06/2005 solicítase nova información actualizada sobre a situación do expediente, recibíndose escrito de Patrimonio o 20/06/2005, no que informa que o 31/05/2005 o expediente remitiuse á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Con data 23/06/2005 dáse cumprida información ó promotor da queixa e, nesta mesma data, solicítase á concellería competente que, unha vez recaída a resolución, se faga chegar unha copia a esta Institución.

Con data 27/06/2005 o interesado entrega copia da resolución, na que se desestima a reclamación por non resultar probada a conexión causal da caída co funcionamento de ningún servizo público do Concello.

Con data 28/06/2005 solicítase da concellería competente copia do informe do Consello Consultivo de Galicia do 28/04/2005.

Con data 5/07/2005 recíbese copia da resolución da Xunta de Goberno local, non así da do Consello Consultivo de Galicia, polo que se volve a interesar o 6/07/2005.

Con data 7/07/2005 recíbese copia do informe do Consello Consultivo de Galicia, do que se dá cumprida información ó interesado.

EXPEDIENTE 86/2004

Queixa en relación cunha caída na rúa Montero Ríos. O interesado expón que con data 15/01/2004 tropezou cunha lousa da beirarrúa que se atopaba levantada na precitada rúa, á altura do Hotel Universal. Por mor da caída sufriu diversos danos, consistentes en contusións nos xeonllos e na cara, especialmente na dentadura, movéndoselle algúns dentes. Presentou a correspondente reclamación no Concello con data 29/09/2004, sen recibir resposta.

Queixa presentada o 9/11/2004, solicitándose informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) con data 10/11/2004.

Con data 11/11/2004, o interesado recibe escrito do departamento de Responsabilidade Patrimonial, no que se lle solicita que achegue unha relación de documentos e informes relacionados coa súa solicitude.

Con data 18/11/2004 recíbese o informe solicitado por esta Institución, no que se indica que o expediente se atopa na xefatura da Policía local para que remitan o parte orixinal da intervención policial referida ao sinistro sufrido polo reclamante. Informe que se traslada ó interesado con data 19/11/2004.

Con data 28/12/2004 solicítase informe da situación actual do expediente.

Con data 15/11/2004 o expediente atopábase en poder da Policía municipal para informe, descoñecendo ao peche da memoria do ano 2004 a situación do mesmo.

É do maior interese que o procedemento se adecúe ao disposto no Real Decreto 429/1993, así como á rigorosidade no cumprimento dos prazos, segundo estipula o artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente se atopa na oficina de Vías e Obras para informe, o que se traslada ó interesado na mesma data.

Con data 24/02/2005 solicítase á concellería competente informe actualizado sobre a situación do expediente, que se recibe o 3/03/2005 comunicándonos que está pendente da valoración dos danos físicos por parte da asesoría médica. Trasládase esta información ó interesado o 7/03/2005.

Con datas 30/06/2005 e 3/08/2005 solicítase nova información actualizada sobre a situación do expediente.

O interesado entréganos copia da contestación recibida, na que se reflite a desestimación da reclamación.

Con data 20/10/2005 o promotor da queixa interpón recurso de reposición contra a desestimación, do que con data 22/12/2005 esta oficina solicita información, dado o tempo transcorrido desde a súa interposición.

EXPEDIENTE 89/2004

O interesado expón que, con data 20/01/2004, solicitou a exención do imposto de vehículos en razón dunha minusvalía acreditada, concedéndoselle a mesma con data 13/04/2004, pero só con efectos dende o ano 2005. Engade que recibiu o vehículo o 30/12/2003, non podendo presentar a documentación necesaria ata a precitada data de 20/01/2004.

Con data 4/05/2004 presentou escrito no Concello solicitando a exención para o ano 2004, subliñando o interesado que xa fixo efectivo o pago do mesmo, non recibindo resposta ao respecto.

Queixa presentada o 24/11/2004, solicitándose o preceptivo informe o 29/11/2004.

O cidadán, para acada-la credibilidade necesaria que lexítima a actitude pública en función dos rendementos amosados, require unha resposta de xeito áxil ante as súas peticións. Neste suposto, o interesado formulou pedimento razoado en data 4/05/2004, sen obter resposta ningunha.

A eficacia non só é un principio activo, senón tamén desexable e indispensable no funcionamento da xestión pública.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 10/01/2005 reitérase o pedimento feito o 29/11/2004.

Con data 18/01/2005 recíbese escrito da xefatura de Tributos, no que informa que as solicitudes de informe foron trasladadas ó Servizo de Recursos e Asesoramento, xa que o expediente figura nese departamento desde xuño de 2004 para a súa resolución.

Con data 28/02/2005, á vista do anterior, ínstase a petición do informe a Recursos e Asesoramento, reiterándose nas seguintes datas: 30/03/2005, 28/04/2005, 31/05/2005, 27/06/2005 e 1/08/2005.

Con data 1/09/2005 recíbese resposta, na que se refliten as desculpas pola demora, coa que se achega copia da concesión do dereito con efecto de 2005, porque así o subliña a normativa aplicable, e da resolución desestimatoria do recurso de reposición.

Con data 5/09/2005 dáse cumprida información ó interesado, á vez que nos diriximos á Concellería de Xestión Municipal para manifestarlle o noso desacordo coa citada resolución, xa que se ditou tres meses e medio despois da presentación do recurso, o que incumpre o disposto no artigo 117.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

EXPEDIENTE 90/2004

O interesado presenta queixa en relación cunha caída sufrida debido ao mal estado da beirarrúa, feito sucedido na rúa Policarpo Sanz, á altura da Casa das Artes. Engade que tivo que ser trasladado en ambulancia ao hospital e precisou repouso durante quince días. Por todo, presentou a correspondente reclamación no Concello, sendo requirido, despois de sete meses, para que presentase os partes de baixa e alta médica. Unha vez presentados, non recibiu noticia ningunha por parte do Concello.

Queixa presentada o 24/11/2004. Con data 29/11/2004 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio), recibíndose o 30/12/2004, no que se indica que o expediente foi remitido á asesoría médica para a valoración de danos físicos, así como que se solicitou información ó reclamante.

Atopámonos cun expediente iniciado ante o Concello o 23/07/2003, segundo consta na data de rexistro de entrada da solicitude do interesado. Posteriormente, con data 12/02/2004 e número de documento 40014236, reitera a súa petición.

Con data 24/11/2004 presenta queixa nesta Institución, indicando que, sete meses despois da súa solicitude, reclámaselle o parte de baixa e mailo de alta, sen máis noticias respecto ao expediente.

Con data 30/12/2004 recíbese nesta Institución informe no que se indica que con data 22/12/2004 remítese o expediente á asesoría xurídica para valoración dos danos físicos.

O Real Decreto 429/1993 establece un prazo de seis meses para resolver, máis un mes de período de proba, se fose necesario, e atopámonos con que transcorren 19 meses sen unha resolución definitiva, o que impulsa a recoñecer a falta de eficacia na prestación dun servizo. A falta de axilidade maniféstase na extremada lentitude na resolución do expediente, así como na adopción das medidas tendentes a resolver o problema. A Administración local tamén está obrigada a somete-la súa actividade á disciplina do Dereito administrativo; a eficacia depende, en última instancia, dos empregados públicos e dunha política funcional que prime aos competentes e estimule o mérito e a capacidade.

A lexitimidade por rendemento non reside en que sexa representativa, senón no seu carácter servicial; a Constitución española xa o di: a administración serve. Isto fainos lembrar aquel pensamento de que “o home non pode aturar tanta realidade”.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 10/01/2005 dáse cumprida información ó interesado do informe recibido o 30/12/2005.

Con data 24/02/2005 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente, a cal se recibe o 3/03/2005 e na que nos informan que o expediente está pendente do informe da oficina municipal de Vías e Obras. Trasládase esta información ó interesado con data 7/03/2005.

Con data 2/05/2005 solicítase nova información actualizada sobre a situación do expediente, que tivo que ser reiterada o 2/06/2005.

Con data 20/06/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente se atopa pendente de informe do Consello Consultivo de Galicia desde o 11 de maio de 2005. Dáse traslado do anterior ó interesado o 23/06/2005.

Con data 26/09/2005 solicítase informe actualizado sobre a situación do expediente, que se recibe o 5/10/2005, no que se comunica que se ditou resolución estimando o pedimento do promotor da queixa.

EXPEDIENTE 92/2004

O interesado presenta queixa en relación co que considera unha subida excesiva da cota de abono do aparcamento da rúa Venezuela, subliñando que no último ano sucedéronse tres subidas, resultando que na actualidade ten que pagar 100.-€, cando un ano atrás a cota era de 60.-€.

Polo exposto, presentou a correspondente queixa no Concello, sen recibir ningún tipo de resposta. Presentou, ademais, queixa ante o Valedor do Pobo, que o remitiu ao Concello de Vigo.

Queixa presentada o 26/11/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) o 13/12/2004.

Se ben a queixa formúlase ante esta Institución o 26/11/2004, existe unha reclamación do interesado ante unha dependencia municipal (OMIC) o 22/01/2004, sen ter recibido resposta nin información de ningún tipo.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2005, 24/02/2005, 30/03/2005, 28/04/2005 e 2/06/2005 reitérase de novo o pedimento de informe.

Con data 23/06/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que se iniciou o expediente e que se requiriu á empresa concesionaria para que achegue as autorizacións das subas de prezo, xa que non teñen constancia de que por parte do Concello se autorizen, ó entender que a modificación das mesmas está suxeita ós mesmos requisitos que ós aplicados para a modificación das tarifas horarias ou por fraccións.

Con data 27/06/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 5/08/2005 solicítase información actualizada sobre as autorizacións antes citadas, petición reiterada o 26/09/2005, o 25/10/2005, o 28/11/2005 e o 22/12/2005.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS	2
Normalización lingüística	2
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	5
Contaminación acústica	4
Pozo negro	1
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	8
Aparcamiento/Entrada de carruaxes	4
Multas	4
ÁREA DE SERVIZOS XERAIS	3
Infraestructuras	2
Varios	1
ÁREA DE URBANISMO	14
Obras sen licenza	10
Execución de orde de derruba	1
Infraccións urbanísticas	3
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL	8
Exención do imposto de vehículos	1
Responsabilidade patrimonial por danos persoais	7
TOTAL DE EXPEDIENTES	40

REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS*

URBANISMO E MEDIO AMBIENTES	47,5%
MOBILIDADE E SEGURIDADE	20,0%
XESTIÓN MUNICIPAL	20,0%
SERVIZOS XERAIS	7,5,0%
ASUNTOS SOCIAIS	5,0%

*Ordenadas porcentualmente de maior a menor.

**REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2004
CON INCIDENCIAS NO ANO 2005**
ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
53/2004	Incumprimento da Ordenanza de Normalización Lingüística na Escola de Artes e Oficios	Varios no 2004 27/01/2005 24/02/2005 29/03/2005 25/05/2005 20/06/2005 21/09/2005 25/10/2005 28/11/2005	12/01/2005 5/04/2005 27/05/2005 20/12/2005
97/2004	Incumprimento da normativa de normalización lingüística por parte de cargos e funcionarios	27/01/2005	28/01/2005

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

2/2004	Contaminación acústica procedente dun local de lecer	Varios no 2004	11/01/2005
9/2004	Contaminación acústica provocada por tres locais de lecer	Varios no 2004	24/01/2005
15/2004	Solicitud de autorización para apertura temporal dun pozo negro	26/01/2005 24/02/2005 29/03/2005	15/04/2005
17/2004	Contaminación acústica pola instalación de aparatos electrónicos	Varias no 2004 25/04/2005 30/05/2005	21/03/2005 30/05/2005
59/2004	Contaminación acústica procedente dun local de lecer	27/01/2005 24/02/2005 29/03/2005 25/04/2005 26/05/2005	13/06/2005

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
41/2004	Solicitude de tarxeta personalizada de acceso ó Casco Vello	8/04/2005 10/05/2005 9/06/2005 7/07/2005 1/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	19/04/2005
55/2004	Sanción de tráfico con erros de identificación e situación	13/01/2005 27/06/2005 2/08/2005 7/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta
68/2004	Sinalización dun paso de peóns en propiedade privada	24/01/2005 23/02/2005 21/04/2005 24/05/2005 20/06/2005 2/08/2005 7/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta
72/2004	Falta de aparcamento nunha rúa	26/01/2005 16/06/2005 13/07/2005 6/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
76/2004	Sanción de tráfico en zona reservada	17/02/2005 17/03/2005 16/06/2005 13/07/2005 6/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta
77/2004	Falta de sinais nunha vía estreita	13/01/2005 17/02/2005 19/04/2005 27/04/2005 18/05/2005 16/06/2005 13/07/2005 1/08/2005 6/09/2005 20/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 17/11/2005 7/12/2005	13/05/2005
81/2004	Sanción e retirada do vehículo por estacionamento indebido	12/01/2005 17/02/2005 17/03/2005 27/06/2005	7/07/2005
91/2004	Sanción por aparcar en dobre fila	27/01/2005 24/02/2005 30/03/2005 25/04/2005 26/05/2005 27/06/2005 2/08/2005 7/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
42/2004	Deficiencias nunha mina de auga	27/01/2005 30/03/2005 25/04/2005 30/05/2005 6/07/2005 1/09/2005 19/10/2005 18/11/2005	18/02/2005 6/06/2005 7/07/2005 23/09/2005 21/10/2005 2/12/2005
64/2004	Solicitude reiterada de copia de recibos de auga	13/01/2005 17/02/2005 17/03/2005 19/04/2005 27/06/2005 5/08/2005 26/09/2005	26/04/2005 15/06/2005 27/09/2005
87/2004	Solicitude de información respecto a obras de saneamento	13/01/2005	28/01/2005

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
19/2004	Obras que invaden propiedade privada e non se axustan á licenza	Varios no 2004 18/01/2005 9/02/2005 21/03/2005 21/07/2005 30/05/2005 12/07/2005 25/08/2005 26/09/2005	5/01/2005 26/04/2005 14/06/2005 23/06/2005 8/09/2005 17/10/2005
21/2004	Construción ilegal dun muro	10/01/2005 11/02/2005 19/04/2005 18/05/2005 16/06/2005 13/07/2005	14/03/2005 2/08/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
23/2004	Construción ilegal dun galpón	21/03/2005 21/04/2005 18/05/2005 20/06/2005 1/08/2005 31/08/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta
24/2004	Construción ilegal dunha nave	Varios no 2004 23/02/2005 29/03/2005 25/04/2005 26/05/2005	11/01/2005 13/06/2005
25/2004	Instalación de cheminea nun patio dun edificio	12/01/2005 24/02/2005 25/04/2005 30/05/2005 28/06/2005	7/07/2005
30/2004	Construción dunha nave industrial	13/01/2005 21/03/2005 21/04/2005 18/05/2005 20/06/2005 6/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	21/07/2005
34/2004	Industria sen licenza	Varios no 2004 23/02/2005 29/03/2005 25/04/2005 26/05/2005 2/08/2005 7/09/2005 31/10/2005 30/11/2005 21/12/2005	11/05/2005 21/06/2005 2/09/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
51/2004	Instalación de antena de telefonía móbil sen licenza	13/01/2005 17/02/2005 17/03/2005 14/04/2005 26/12/2005	9/05/2005
52/2004	Obras no baixo dunha vivenda	13/01/2005 17/02/2005 17/03/2005 14/04/2005 12/05/2005 13/06/2005 5/09/2005 19/10/2005 7/11/2005 7/12/2005	Sen resposta
57/2004	Construción ilegal dun galpón	24/01/2005 22/02/2005 29/03/2005 21/04/2005 24/05/2005 5/08/2005 26/09/2005 28/11/2005 21/12/2005	9/06/2005 21/10/2005
65/2004	Construción ilegal dunha vivenda	10/01/2005 11/02/2005 4/04/2005 5/05/2005 6/06/2005 1/09/2005 17/11/2005 21/12/2005	14/03/2005 30/09/2005
75/2004	Contaminación acústica procedente dun taller sen licenza	12/01/2005 17/02/2005 1/08/2005 26/09/2005 25/10/2005 28/11/2005	7/03/2005 5/12/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
78/2004	Obras sen licenza	26/01/2005	
		23/02/2005	
		4/04/2005	
		5/05/2005	
		6/06/2005	
		6/07/2005	
		1/09/2005	
		19/10/2005	
		7/11/2005	14/03/2005
		7/12/2005	18/07/2005

96/2004	Contaminación acústica procedente dun local sen licenza	27/01/2005	
		24/02/2005	
		30/03/2005	
		28/04/2005	
		5/08/2005	
		26/09/2005	13/06/2005
		4/10/2005	28/09/2005

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
8/2004	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	31/01/2005	8/02/2005
		9/02/2005	15/02/2005
26/2004	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	31/01/2005	8/02/2005
46/2004	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	31/01/2005	8/02/2005
		21/03/2005	5/04/2005
		12/05/2005	8/06/2005
		4/07/2005	15/07/2005
		3/08/2005	18/08/2005
		19/10/2005	14/11/2005
		7/12/2005	16/12/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
58/2004	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	17/01/2005 30/03/2005 2/06/2005 23/06/2005	2/02/2005 7/04/2005 20/06/2005 5/07/2005
86/2004	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	Varias no 2004 24/02/2005 30/06/2005 3/08/2005 21/12/2005	13/01/2005 3/03/2005
89/2004	Solicitude de exención do Imposto de Circulación en relación cunha discapacidade	10/01/2005 28/02/2005 30/03/2005 28/04/2005 31/05/2005 1/08/2005	18/01/2005 1/09/2005
90/2004	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	24/02/2005 2/05/2005 2/06/2005 26/09/2005	3/03/2005 20/06/2005 5/10/2005
92/2004	Subida excesiva da cota de abono dun aparcamento subterráneo	18/01/2005 24/02/2005 30/03/2005 28/04/2005 2/06/2005 5/08/2005 26/09/2005 25/10/2005 28/11/2005 22/12/2005	23/06/2005

PARTE IV

INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de 110 expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2005 e que pertencen ós seguintes sectores:

- Asuntos Sociais	10
- Medio Ambiente	14
- Mobilidade e Seguridade	26
- Participación Cidadá	5
- Servizos Xerais	12
- Urbanismo	26
- Xestión Municipal	12
- Outros	5

Do seu contido cabe deducir o reiterado incumprimento do principio de legalidade imposto polo vixente Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello en sesión do 25 de outubro do 2004, o cal, no seu artigo 10.2, establece a obriga de responder por parte do órgano correspondente no prazo de quince días mediante informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

Para maior abundamento, o artigo 12 subliña que todos os órganos e organismos da Administración municipal están obrigados a colaborar e auxiliar ó Valedor nas súas actuacións con carácter prioritario. O último parágrafo do mesmo precepto reflite: *“A actitude hostil ou entorpecedora do labor do Valedor por parte de calquera organismo, funcionario, directivo u persoal ó servizo da Administración municipal poderá ser obxecto dun informe especial, ademais de destacalo no informe anual”*.

Neste senso informativo hai que ter en conta, como se pode comprobar no relatorio das distintas áreas de xestión, que, agás nas áreas de Medio Ambiente e de Mobilidade e Seguridade, as respostas soen ser puntuais, denotándose certa melloría, aínda non exemplar, en Urbanismo, e persistindo a falta de colaboración xeneralizada en Mobilidade e Seguridade, área que ocupa unha porcentaxe de actuación do 23,64%, non obstante o número de requirimentos reiterados, como consta no capítulo correspondente.

Unha vez máis, cómpre lembrar que os regulamentos son o resultado da potestade normativa municipal e forman parte do seu ordenamento xurídico, polo tanto susceptibles de aplicación reiterada; innovan o ordenamento xurídico e responden ás noción de xeneralidade e obrigatoriedade, con suxeición ó principio de xerarquía normativa.

Os regulamentos orgánicos deben ser obxecto da máxima atención por todos os dirixentes municipais, que terán que poñer ó servizo das súas actividades toda a imaxinación e capacidade, pois diso depende o bo funcionamento do sistema.

Sen un axeitado cumprimento das propias normas emanadas do ente municipal, dificilmente se pode acadar o dereito dos cidadáns a participar na xestión dos asuntos públicos que forman parte dos principios democráticos comúns a todos os Estados membros do Consello Europeo, dereito que no nivel local pode ser exercido máis directamente, o que permite unha administración á vez eficaz e próxima ó cidadán (Sentenza do Tribunal Supremo do 20 de febreiro de 1998).

EXPEDIENTES

CAPÍTULO I: ASUNTOS SOCIAIS

EXPEDIENTE 7/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude feita no Concello coa finalidade de que os documentos relativos ós expedientes nos que é interesado se lle fagan chegar en castelán, por non ter coñecementos de galego.

SITUACIÓN

Esta reclamación foi presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe ó Servizo de Normalización Lingüística o 27/01/2005, o cal se recibe o 11/02/2005. No mesmo se informa que, se ben toda a administración sita en Galicia ten a obriga de “potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa” (artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia), así como “promover o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”, subliña que máis por enriba da obriga da administración sabemos que están os dereitos das e dos cidadáns: “ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua” (artigo 4.4 do EAG). Máis adiante, o informe indica que o artigo 14.1 da Ordenanza municipal de normalización lingüística reflite que “A declaración da obrigatoriedade do idioma galego esixe que todo o persoal ó servizo da corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo”. Así, todos e cada un dos departamentos do Concello poden traballar en ambas as dúas linguas.

Tralo análise desta ben coñecida situación lingüística, e mesmo sociolingüística, concluímos indicándolle que lle informaremos á Xerencia Municipal de Urbanismos de ter que notificar os acordo e outra información de interese para o Sr. ... en castelán, tal como se recolle no artigo 1.3 da OMNL: “*Os cidadáns teñen dereito a ser atendidos e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección*”.

Esta información trasladouse ó interesado o 17/02/2005 e, non habendo máis incidencias nin actuacións, deuse o expediente por pechado.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha actuación puntual e efectiva por parte do órgano municipal correspondente.

EXPEDIENTE 11/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa presentación no Concello de varias solicitudes interesando diversas actuacións municipais, sen recibir resposta a ningunha delas. Estas actuacións solicitadas fan referencia a distintas áreas municipais:

- Asuntos Sociais (Festas).
- Servizos Xerais (Vías e Obras).
- Xestión Municipal (Patrimonio).
- Mobilidade e Seguridade.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 1/02/2005, solicitándose os preceptivos informes ás dependencias citadas o 3/02/2005.

Con data 11/02/2005, desde o Servizo de Atención Cidadán, recíbese informe do departamento de Relacións Públicas e Protocolo sobre o tema referente ós Premios Max de Teatro.

Con data 15/02/2005 recíbese, a través do Servizo de Atención Cidadá, informe de Patrimonio Histórico sobre a ponte medieval de Balaídos.

Dos informes anteriores deuse cumprida información ó interesado con data 17/02/2005.

Con data 18/02/2005 recíbese información sobre o gasto total das festas do 2001, trasladándose a mesma ó interesado o 22/02/2005.

Con data 25/02/2005 recíbese a información correspondente ó departamento de Vías e Obras, do que se informa ó interesado o 28/02/2005.

Con data 16/03/2005 acúsase recibo dun escrito do promotor da queixa no que indica que recibiu as notificacións antes citadas e manifesta o seu desacordo pola falta de desagregación dos gastos e doutros conceptos en relación co asunto das festas.

Con data 17/03/2005 dirixímonos á Concellería de Asuntos Sociais (Festas e Animación Sociocultural) interesando información sobre o punto anterior; e, coa mesma data, solicítase á Área de Participación Cidadá – Departamento de RR.PP. e Protocolo informe sobre a partida presupostaría que soporta a información proporcionada o 11/03/20005.

Con data 29/03/2005 recíbese escrito do Servizo de Atención Cidadá, no que nos participa que *“tendo en conta o establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seu artigo 35 (dereitos dos cidadáns), non parece que a desagregación dos gastos e das partidas que os soportan lle poidan afectar como interesado, tendo en conta que os mesmos, conforme a normativa vixente, se atopan fiscalizados e aprobados polos órganos competentes.*

Polo anteriormente exposto e salvo mellor criterio, xa se ten respondido á solicitude de información incluída na queixa de referencia”.

Con data 18/04/2005 deuse cumprida información ó interesado, insistindo previamente ante Atención Cidadá a falta de información nos pedimentos referidos a Mobilidade e Seguridade.

Con data 11/05/2005 o promotor da queixa manifesta o seu interese pola información que non se recibiu, polo que con data 20/05/2005 dáse traslado do anterior ó Servizo de Atención Cidadá, facendo, pola nosa parte, as seguintes reflexións:

a) Do artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, non parece deducirse que a desagregación dos gastos e das partidas que os soportan lle poidan afectar como interesado dunha forma expresa e taxativa; pero do parágrafo h do mesmo : “acceso ós rexistros e arquivos das Administracións públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou noutras leis”, si que cabe tal dereito:

1º. Constitución española, no seu artigo 105.b

2º. Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, no seu artigo 37.1

3º. Artigos 69 e 70.3 da Lei 7/1985, de bases do réxime local

b) O artigo 112 da Lei 7/1985, proclama que as Entidades Locais aproban anualmente un orzamento único que constitúe a expresión cifrada (en números), conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer, e dos dereitos con vencemento que se prevea realizar durante o correspondente exercicio económico.

O orzamento exporase ó público, co obxecto de que os interesados (tódolos cidadáns) poidan interpoñer reclamacións.

c) O artigo 60 da Lei 7/1985, hoxe vixente, subliña que as Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade, e a participación de todos os cidadáns na vida local.

d) O artigo 18 da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, establece, entre outros, o dereito dos cidadáns a “ser informados, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución”.

e) A citada Lei 57/2003, entre outros, modifica o artigo 70 da Lei 7/1985, agás no seu parágrafo 3, onde se reflite que “tódolos cidadáns terán dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das Corporacións Locais e dos seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105 da Constitución”.

Para rematar, resulta obvio que, se os cidadáns poden consultar os orzamentos na fase de exposición pública, tamén poderían ser informados posteriormente dos seus contidos en relación cos mesmos para os efectos da execución, xa que estes son un expediente ou documentación municipal que obra nos arquivos e rexistros municipais, segundo o artigo 105.b da Constitución española.

Con datas 20/06/2005, 07/07/2005 e 17/08/2005 reitérase a petición de informe.

Con data 26/08/2005 recíbese escrito de Partición Cidadá, co que achega informe sobre a desagregación das partidas orzamentarias, así como do Servizo Administrativo da Alcaldía, no que se reflite que “co obxecto de rematar este asunto, poderíase dar trámite de audiencia ó interesado para deixarlle estudar, por tempo determinado e en presenza dun funcionario, o expediente relativo ós Premios Max das Artes Escénicas (557/101 de 2003) para que tome as anotacións que estime oportunas”.

Con data 26/08/2005 infórmase ó interesado que por parte desta Institución solicítase á Concellería de Asuntos Sociais autorización para o trámite de audiencia, a cal se solicita coa mesma data.

Con data 2/09/2005 recíbese escrito do promotor da queixa, no que acusa recibo da información trasladada e pon de manifesto que se lle conculcan os dereitos recollidos nos artigos 10, 20.2 e 53 da Constitución española, así como no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Con datas 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005 reitérase o pedimento de audiencia ó interesado

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación múltiple en relación coa información solicitada. O cidadán séntese insatisfeito pola falta de axilidade na resposta dada; en canto á súa dispoñibilidade para poder consultar os arquivos municipais, pasan seis meses desde a súa solicitude para ter notificación sobre tal posibilidade.

Nos asuntos relativos ós sistemas de información, é preciso ter sempre en conta que a Administración pública, os funcionarios ó seu servizo, teñen que ser capaces de comprender os sentimentos plasmados nas peticións, solicitudes e reclamacións dos cidadáns, é dicir, do sector alleo, mediante un proceso de identificación cos outros, coa outra parte, cos cidadáns. Só así estaremos en condicións de dar respostas áxiles e efectivas ás súas demandas.

Neste caso, faise notar que o Servizo de Participación Cidadá actuou dilixentemente na tramitación que correspondía ós diversos servizos.

É salientable a total inhibición, como é costume, das dependencias correspondentes a Mobilidade e Seguridade, dando así ó traste co Regulamento orgánico polo que se regula a Institución do Valedor do Cidadán.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento das obrigas que dimanan da Lei 30/1992, da Lei de bases de réxime local, da Lei 57/2003 e da Constitución española, en canto ó dereito que ten o cidadán a ser informado.

EXPEDIENTE 12/2005

ASUNTO

Queixa presentada pola entidade Plano Comunitario Casco Vello, que ten subscrito un convenio en prol da Festa da Reconquista e a quen se lle abriu expediente informativo por entender que existe un documento manipulado relativo á Seguridade Social. A entidade interesada persiste na non manipulación deste.

Por mor desta discrepancia, quedou pendente de pagamento a metade do convenio, o cal se segue a reclamar.

SITUACIÓN

Esta reclamación foi presentada o 3/02/2005, solicitándose o preceptivo informe coa mesma data. Este recíbese o 16/02/2005, no que se subliña a tramitación do expediente administrativo no que figura unha dilixencia de embargo da Seguridade Social, así como a petición de aclaración á mesma entidade sobre a existencia dunha certificación presentada polo Plan Comunitario de non ter débedas con este organismo, tendo aberto un expediente de embargo non liquidado. Cítase a existencia dun informe da D.P. da Tesourería Xeral da Seguridade Social e a remisión en decembro de 2004 do expediente á Asesoría Xurídica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural para a adopción das medidas que correspondan.

Con data 17/02/2005 dáse cumprida información do anterior ó promotor da queixa.

Con data 13/04/2005 dirixímonos á concellería competente solicitando información actualizada sobre a situación do expediente, dado o tempo transcorrido, reiterándose a mesma con datas 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 8/08/2005 e 6/09/2005.

Con data 30/09/2005 recíbese escrito no que se indica que o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local declarou nulo o convenio de colaboración para a organización dos actos da Reconquista 2004, do que se deu traslado ó interesado o 5/10/2005. Dáse o expediente por pechado.

EXPEDIENTE 13/2005

ASUNTO

Queixa en relación co estado dunha finca, lindeira coa vivenda do interesado, que está chea de maleza e silveiras nunha altura que supera os tres metros, así como a existencia no mesmo terreo dunha fosa séptica de considerable profundidade con dúas bocas sen tapar que presenta unha situación perigosa pola sucidade e a presenza de ratos e outros depredadores.

O interesado indica, ademais, que está a recibir respostas violentas e insultos do propietario do citado terreo cada vez que se dirixe a el co ánimo de que adecúe a situación ás normas de limpeza, subliñando tamén a obriga existente en relación coa conexión á rede de saneamento.

Para tal fin, presentou dúas denuncias en datas 6/11/2003 e 27/07/2004 e presenta copia das resolucións do Servizo de Sanidade do 22/03/2004, pola que se lle impón ó denunciado unha multa de 90,15 euros, e outra do 20/05/2004, pola que se lle require ó mesmo para que no prazo dos quince días seguintes termine de cortar o mato e que, noutro prazo igual, conecte a súa vivenda á rede de saneamento, advertíndolle das sancións ás que habería lugar no caso de incumprimento.

Non obstante o antedito, a situación segue igual, polo que interesa unha acción decidida en defensa da regulamentación vixente.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 15/02/2005. Con data 17/02/2005 solicitouse o preceptivo informe, que tivo que ser reiterado o 29/03/2005 e que se recibe o 7/04/2005, no que, tras relatar o exposto no asunto, remata literalmente: *“O 24 de febreiro de 2005, o inspector de Sanidade emite o informe que se transcribe: “Se comprueba que la finca denunciada se encuentra con malezas cortadas sobre la finca y la existencia de una tubería de desagüe de aguas sucias que vierten al aire libre sobre el terreno de la finca y al mismo tiempo se observa en la finca un pozo negro sin tapar, creando un gran riesgo medioambiental, o la provocación de un accidente a las personas, incumpliendo con las Ordenanzas de Protección del Medio Ambiente”.*

Á vista do anterior informe, o 3 de marzo de 2005 impúxose unha nova sanción a ...”

Con data 8/04/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase á concellería competente unha solución definitiva do problema, do que lle daremos cumprida información.

Con data 18/05/2005 insistimos ante a Concellería de Asuntos Sociais na procura dunha solución definitiva e precisando a doutrina xurisprudencial existente sobre o pormenor das multas, que non supoñen máis que unha mera cantidade simbólica aceptada polo administrado a modo de taxa ou contribución periódica, que non cumpren co previsto na norma en tanto que o cidadán prexudicado segue a padecer as serias molestias dunha situación que resulta perigosa para a súa saúde.

Con data 2/06/2005 insistimos no pedimento anterior, subliñando que o interesado, con data 1/06/2005 comunícanos que a propiedade da finca está a cubrir con terra a fosa séptica, deixando un cano aberto ó aire libre que espalla cheirume polo contorno.

Con datas 20/06/2005 e 4/07/2005 reitérase o pedimento anterior, indicando, ademais, no último que o interesado volve comunicar que se procedeu a cubrir con terra a fosa séptica pero que seguen a producirse vertidos e cheiros insoportables.

Con datas 2/08/2005 e 6/09/2005 reitéranse de novo os pedimentos anteriores.

Con data 14/09/2005 recíbese o informe, no que se fai consta a imposición dunha nova multa, así como que se interesa de Aqualia información sobre se o sancionado se deu de alta no servizo de abastecemento e se procedeu ó aterrado do pozo negro. O que se traslada ó promotor da queixa para a súa información o 15/09/2005, quen, con data 6/10/2005, fai unha descrición das actuacións levadas a cabo e solicita unha visita técnica para comprobar se aquelas son axeitadas ou non, o que se solicita á XMU con datas 19/10/2005 e 15/11/2005.

Con data 5/12/2005 recíbese informe de Urbanismo, no que indica o funcionamento do abastecemento, do que se deu traslado ó interesado o 7/12/2005.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha denuncia que se formalizou o 6 de novembro de 2003, da que parece que se lle procura unha solución dous anos despois.

A Constitución española, no capítulo III do Título I (Dos principios reitores da políticas social e económica) reflite, no artigo 43.1, o dereito á protección da saúde, establecendo que compete ós poderes públicos a organización e a tutela da saúde pública a través de medidas preventivas e de prestación e servizos necesarios, e subliña que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ó respecto.

O preámbulo da Lei 4/1999, que reforma a Lei 30/1992, de 26 de novembro, Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, subliña a confianza lexítima dos cidadáns en relación coa actuación da Administración pública, a cal non pode ser alterada arbitrariamente. Este principio de boa fe inclúe tamén o principio de lealdade institucional como criterio reitor que facilite a colaboración e a cooperación entre as diferentes Administracións públicas. Ademais, o artigo 3 da mesma, establece que as Administracións públicas teñen que actuar de acordo cunha serie de principios, entre eles o da eficacia.

Unha vez mais, temos que referirnos a que a mellora da lexitimidade das Corporacións locais acádase pola vía dos rendementos. Neste ámbito as estratexias son inesgotables e teñen que ser capaces de dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, á mellora da situación material daquela que solicita a acción pública, máxime en temas relativos á saúde.

RECOMENDACIÓN

Actuacións áxiles e decisivas en termos de calidade, como a que nos ocupa.

EXPEDIENTE 38/2005

ASUNTO

Queixa en relación con oito denuncias feitas entre o 8/03/2004 e o 11/04/2005 sobre as irregularidades cometidas polos propietarios dunha vivenda lindeira coa do interesado, o cal manifesta a falta de interese amosada polo Concello.

As denuncias refírense á tenencia de animais de granxa nun lugar non permitido, á falta de sumidoiros e saneamento, o que produce uns cheiros desagradables, e á construción ilegal dun hórreo.

SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 9/05/2005, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente o 10/05/2005.

Debido a que existe unha resolución da Concellería de Asuntos Sociais – Sanidade pola que se incoa un expediente sancionador (9865/310) por incumprimento das disposicións administrativas sanitarias, con data 11/05/2005 dirixímonos a esta concellería solicitando información actualizada e poñendo de manifesto que se seguen producindo as deficiencias relativas á presenza de gando, así como os malos cheiros na vivenda lindeira.

Con data 9/06/2005 reiteramos as peticións feitas ás Concellerías de Urbanismo e Medio Ambiente e de Asuntos Sociais.

Con data 24/06/2005 recíbese informe da Concellería de Asuntos Sociais-Sanidade, no que di o seguinte: *“Con data 22 de marzo de 2003, D. ..., presenta denuncia contra D. ..., por vaciado de fosa séptica ós campos xunto ó seu domicilio, producindo cheiros desagradables.*

Unha vez solicitado o regulamentario informe ó Servicio Técnico de Aqualia, esta informa que no ... existe rede de saneamento á cal se pode conxionar ó inmovible nº 3 mediante equipo de bombeo, e que non se observaron vertidos de augas fecais ó exterior.

O 4 de maio de 2004 dítase resolución de inicio de expediente, requirindo a D. ..., propietario da vivenda emprazada no ..., para que conxione a súa vivenda á rede xeral de saneamento.

O 28 de maio de 2004, ... presenta alegacións no sentido de que todas as vivendas da parte esquerda do ..., ó gran desnivel existente no terreo, atópanse nas mesmas condicións, pero que sen embargo, el solicitou a Aqualia presuposto para a conxión da súa vivenda ó saneamento municipal.

Con data 21 de xuño de 2004, a petición do Negociado de Sanidade, ó Servizo Técnico de Aqualia informa que con data 1/06/04 se solicitou acometida de saneamento para o citado inmovible. Polo que se procedeu o arquivo do expediente.

Sen embargo o 2 de agosto de 2004, D. ... presenta escrito no que reitera a denuncia anterior. Tralo cal, solicítase de novo informe a Aqualia, informando esta que a 29 de setembro de 2004, a vivenda ... non se atopa conectada á rede de saneamento municipal.

Postos en contacto con D. ... este manifesta que non conectou na actualidade á rede xeral, por estar en negociacións, xunto cos propietarios das demais casas da parte esquerda do ..., cos propietarios dos terreos traseiros para a autorización de colocación de tuberías co fin de conxionar á rede xeral de saneamento por outro enderezo, a fin de evitar a necesidade de instalación de cadansúa bomba de impulsión. Pero rematado o prazo concedido, sen presentar por escrito o citado acordo e compromiso, procedeuse a sancionar a D. ... (resolución de data 31/05/05), por non haber efectuado a requirida conxión.

O 10 de xuño do ano que andamos, ..., presenta o escrito no que se comprometen, el e os seus veciños, a levar a cabo as obras de conxión e acompañan escrito de autorización dos donos dos predios polos que se colocarán as tuberías de condución de augas fecais. ”

Con data 27/06/2005 deuse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 3/08/2005 dirixímonos á Concellería de Asuntos Sociais-Sanidade solicitando informe actualizado en relación co apartado referido ó compromiso de levar a cabo as obras de conxión, e subliñando que o seu informe non fai referencia ningunha á tenencia de animais de granxa en lugar non permitido.

Con data 7/09/2005 reiterouse a petición anterior e recíbese o informe o 28/09/2005, no que indica que o asunto dos animais pasou a Medio Ambiente para informe. Do anterior dáse

traslado ó interesado. Polo que respecta á predisposición do enganche, queda pendente da revisión do orzamento.

Con datas 31/10/2005 e 12/12/2005 reitérase o pedimento de informe ó servizo de Medio Ambiente con respecto ó asunto dos animais.

REFLEXIÓN

Descoñécese o motivo polo que non se alude ó tema da existencia de animais de granxa, que a Concellería de Asuntos Sociais traslada a Medio Ambiente, o que non xustifica a lentitude no tratamento.

Por todo, faise extensiva a reconsideración que se contempla no expediente número trece deste capítulo.

RECOMENDACIÓN

A mesma que no expediente 13/2005.

EXPEDIENTE 67/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha resolución de Sanidade pola que se lle requiría ó interesado para que procedese á conexión da súa vivenda á rede xeral de saneamento (expediente 9865/310).

Obviamente, dedúcese que se trata do cidadán denunciado no expediente 38/2005.

O promotor da queixa manifesta que solicitou no servizo correspondente un presuposto para a acometida, que lle foi notificado o 21/07/2005 e que estima lesiva para os seus intereses, polo que formulou alegación ó mesmo en base ó previsto no artigo 4.a do Regulamento do Servizo municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo. Non estima xusto que o citado presuposto comprenda a realización dunhas obras que son competencia exclusiva da empresa concesionaria, sen esquecer que a vía pública na que se pretenden levar a cabo as obras xa conta coa rede xeral de saneamento e que se o que se pretende é substituír a existente por unha nova non procede repercutir os custes á veciñanza, e menos aínda cando o importe das obras a realizar ascende a 5.702,10 euros por cada veciño, o que acada un monto de 22.808,40 euros. Estima que el non pode afrontar a cifra que se lle presupostou.

SITUACIÓN

Esta queixa foi presentada o 22/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 23/08/2005 que se reiterou o 19/09/2005.

Con data 28/09/2005 recíbese escrito, co que se achega informe de Aqualia, do que se dá cumprida información ó interesado o 29/09/2005.

Con datas 31/10/2005, 16/11/2005 e 5/12/2005 reitérase a petición de información sobre os orzamentos, que se recibe o 5/12/2005. Coa mesma achégase informe de Aqualia sobre os orzamentos, o cal se traslada ó interesado o 7/12/2005.

EXPEDIENTE 72/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dunha finca lindeira coa da propiedade do interesado. O terreo atópase inzado de maleza que invade o seu e, tendo feito as xestións oportunas nas dependencias de Sanidade do Concello e en Aqualia, por mor dun colector instalado no leito dun regato, dáselle por resposta que esa empresa non é responsable da conservación de propiedades alleas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/08/2005, solicitándose o preceptivo informe a Sanidade o 17/08/2005.

Con data 14/09/2005 recíbese o informe, no que se conclúe que, ó non constar o propietario da finca, con data 8/09/2005 dáse a orde de que se proceda á súa limpeza polo servizo municipal competente. Desta información dáse traslado ó promotor da queixa o 15/09/2005.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha actuación puntual e efectiva por parte do órgano municipal.

EXPEDIENTE 78/2005

ASUNTO

Queixa en relación con dúas solicitudes presentadas na OMIC, sen recibir contestación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 8/09/2005, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 19/10/2005, 9/11/2005, 5/12/2005 e 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

O cidadán ten dereito a recibir información puntual e de xeito áxil en relación coas solicitudes, demandas ou pedimentos que formule ante as oficinas públicas municipais.

RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas que respondan ós principios de axilidade e eficacia.

EXPEDIENTE 91/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa tenencia de animais domésticos en zona urbana, cunhas instalacións (cortellos) situadas a uns quince metros da vivenda do promotor da queixa, que producen constantes cheiros, o que se incrementa cando se retira o esterco e causa a presenza de moscas, piollos e outros parasitos.

Ò interesado cónstalle que o Concello ten aberto expediente, pero descoñece as accións levadas a cabo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/11/2005, o cal se reiterou o 14/12/2005.

REFLEXIÓNS

Hai que reflectir as mesmas que xa figuran no expediente número 13/2005.

RECOMENDACIÓN

A mesma que se reflite no expediente número 13/2005.

EXPEDIENTE 103/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha consulta efectuada na OMIC o 10/10/2005, sen recibir resposta ningunha dous meses despois.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/12/2005. Con data 15/12/2005 solicitouse o preceptivo informe.

REFLEXIÓNS

O cidadán, tal como se reflite na introdución desta memoria, ten dereito a ser informado puntualmente en relación coas súas solicitudes e peticións.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da normativa ó respecto en termos de información, orientación, etc.

CAPÍTULO II: MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE 5/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que soporta a veciñanza de catro edificacións por mor da actividade dun taller de caldeirería. Esta contaminación padécena desde o verán de 2004 e cunha frecuencia que abrangue desde as oito ata as vinte e unha horas, perturbación que afecta, ademais, ás tarefas de estudo dos seus fillos, tal como xa ten denunciado en escrito de 12/01/2005 entregado no Rexistro Xeral do Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe a Medio Ambiente o 27/01/2005, o cal tivo que ser reiterado o 28/02/2005 e o 29/03/2005.

Con data 8/04/2005, a petición do promotor da queixa, expídese un relatorio das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Non obstante o anterior, reiterouse a petición de informe nas seguintes datas: 27/04/2005, 30/05/2005, 3/08/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 9/11/2005 e 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

Existe a posibilidade de que, neste caso, a actividade contaminante non dispoña de licenza para tal mester.

Atendendo a que se trata dunha actividade industrial de caldeirería situada nunha zona de edificios para uso residencial, segundo a Ordenanza Municipal reguladora, trataríase dunha acti-

vidade non permitida, de aí a necesidade de que xa se tivese comprobado que tipo de licenza ten a empresa e incluso, de se-lo caso, que niveis de ruído están permitidos.

Hoxe, o audioambiente urbano vén conformado polas condicións de “acougo público” no que se desenvolve a nosa existencia, é dicir, o medio ambiente da cidade na que habitamos e na que pasamos a maior parte da nosa vida.

En Europa, o 80% da poboación reside en áreas urbanas, de aí que numerosos organismos internacionais incidan na necesidade de dar un tratamento prioritario a tal medio.

As condicións de acougo atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, na que as vibracións non fagan tremer as paredes das vivendas, na que non se dean cheiros intolerables e na que pola noite sexamos capaces de concilia-lo sono.

Unha contaminación producida por un dano ao medio ambiente é susceptible de desvirtuar o dereito de propiedade, dando lugar así a unha “expropiación parcial” do mesmo, segundo ten declarado a Comisión Europea de Dereitos Humanos (14/10/1992).

A mesma Organización Mundial da Saúde coloca o ruído de Vigo fóra dos límites permitidos, o que provoca ansiedade, insomnio, xordeira e produce unha desatención pública en canto á falta de barreiras do son do tráfico e á falta de actuación comprobada contra a contaminación producida pola “cultura do ocio”, ata converterse nun “convidado de pedra”.

Son demasiados os dereitos fundamentais que se lesionan pola contaminación acústica. A Constitución española diseña os tipos de protección no seu artigo 53, recollidos individualmente nos artigos 10.1, 15, 18.1.2 e 19.

A doutrina reconece que a lesión dos dereitos fundamentais non require que o ruído sexa dun nivel tan intenso que poña en grave perigo a saúde das persoas; existe un deber dos poderes públicos de garantirmos o goce deste dereito, sexan cales sexan as circunstancias.

¿Cal é o contorno local?

O artigo 25.2,f da Lei 7/1985 (Lei de bases de réxime local) establece as competencias en materia de Medio Ambiente, e o artigo 26 prescribe os servizos obrigatorios, con especial atención á protección do medio ambiente en determinados municipios segundo o índice de poboación.

Neste ámbito, como en tantos outros, é fundamental a existencia dunha potestade regulamentaria na que é básica a acción preventiva. Non vamos a relatar agora a numerosa xurisprudencia neste ámbito, xa citada na memoria de anos anteriores.

Dáse unha sensibilidade doutrinal no senso de considerar que a normativa que agora se reconece como Dereito ambiental, non pode ser concibida como o punto de chegada das respostas que desde o ámbito xurídico se poden propoñer ós problemas derivados da crise eco-

lóxica, senón máis ben como o punto de partida dun novo nesgo, dunha nova visión xeral que podemos chamar “ecoloxización” difusa e capilar do ordenamento xurídico, e que debería desenvolverse en paralelo á “ecoloxización” da política, da economía e da cultura da nosa sociedade; é máis, se dentro de vinte ou trinta anos o Dereito ambiental aínda se segue a considerar como unha rama do ordenamento xurídico, ese será síntoma inequívoco de que se ten progresado moi pouco na boa dirección (Gordillo Farré).

O dilema entre descansar ou durmir, fronte á diversión ou ocio, e o dereito empresarial é falso. O dereito ó descanso é máis primario, máis fundamental; o debate está falseado. O vreiro de integración europea non pode reducirse soamente ó estritamente político-económico.

A maquinaria administrativa non resulta eficaz, ó non realizarse as oportunas comprobacións e inspeccións e non acudir á potestade sancionadora, o que fai que o diagnóstico non sexa optimista.

A protección social acompaña á individual, e é conveniente atribuír accións e mecanismos de defensa tanto ó individuo como ós grupos; a acción colectiva, sen dúbida, fará máis efectiva a defensa. Un 60% dos españois xa ten condicionado o seu sono polo ruído.

Para rematar este capítulo de reflexións, válido para todos os expedientes semellantes, faise preciso lembrar ó profesor Pablo González Mariñas (La Voz de Galicia, 10 de febreiro de 2005), quen, ó comentar “Nuestros Ayuntamientos”, subliña que a Constitución española di que as Administracións públicas actúan con sometemento pleno á Lei e ó Dereito, e, por desgracia, mantéñense aínda no ámbito local exercicios de autoridade cargados de personalismo, paternalismo e clientelismo, cos que se goberna a casa de todos, coma se se tratase da propia casa particular, e nese clima medran o favoritismo, o capricho e o desleixo.

Rematamos coa introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por rúidos e vibracións: “O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns. Por este motivo, desenvolveuse esta ordenanza, cos obxectivos de regulamenta-la actuación municipal co fin de protexer ás persoas e ós bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica, nas súas manifestacións máis representativas, os rúidos e as vibracións, e a achega de solucións ambientais operativas e de control”.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O cumprimento da legalidade que dimana dos textos legais xa citados na introdución, en canto ós dereitos que asisten ós cidadáns sobre a información e tramitación das súas peticións.

Partindo do marco constitucional, o que primeiro lle interesa ó cidadán é que as Administracións públicas presten con eficacia todos os servizos que son da súa compe-

tencias e, polo tanto, da súa responsabilidade. Estas prestacións van desde a axilidade na resolución dos expediente e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. Ó cidadán interésalle o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón un achegamento na procura da credibilidade.

A Administración municipal tería que poñer máis dilixencia nas actuacións que nos ocupan, xa que manifestan unha falta de eficiencia, é dicir, non se produce o resultado esperado, senón unha falta de capacidade de resolución.

Sen un bo funcionamento da acción pública non se poden considerar efectivas moitas liberdades. No ámbito máis próximo ó cidadán, na vida local, a mellora búscase pola vía dos rendementos; a lexitimidade por rendimento está inexorablemente unida á capacidade para dar unha resposta satisfactoria ás demandas do contorno e, neste eido, a coordinación municipal é fundamental e debería ser a máxima preocupación a ter en conta nos regulamentos orgánicos. A propia Constitución española, no seu artigo 103, explícita que a administración actúa de acordo co principio de eficacia.

EXPEDIENTE 23/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local dedicado a cafetería. Esta situación vén sendo denunciada desde o ano 1997, denuncias acompañadas das correspondentes medicións sonométricas.

Achegase coa queixa documentación do Servizo de Medio Ambiente na que, trala comprobación das irregularidades, instouse a adopción de medidas correctoras (4/05/2005 e 10/09/2004), así como da Xerencia Municipal de Urbanismo (19/01/1999) e da Xunta de Galicia, sen que a actitude contaminante desapareza.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/03/2005, petición que tivo que reiterarse o 25/04/2005, o 26/05/2005, o 30/06/2005, o 3/08/2005, o 7/09/2005, o 19/10/2005, o 10/11/2005 e o 12/12/2005.

REFLEXIÓNS

Ademais das expostas no expediente 5/2005, que serán de aplicación a todos os expedientes referentes á contaminación acústica, cómpre facer unha mención especial a que, no caso que nos ocupa, o interesado leva loitando pola defensa dun dereito fundamental desde o ano 1997, cos precedentes de expedientes sancionadores contra o perturbador, os cales están todos caducados e, polo tanto, arquivados.

Non consta unha acción que permita medidas correctoras, sen que se dea cumprimento ó disposto na Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións. ¿Que pasa cos artigos 44, 45 e 47 da citada ordenanza? Estamos a referirnos ás situacións tipificadas como agravantes, medidas complementarias e medidas cautelares.

Deste xeito non é posible acadar un sentimento de credibilidade. A norma describe as medidas oportunas para que a administración se xustifique na súa eficacia pola vía dos rendementos; se estes non se acadan, é obvio que aquela non se realice.

RECOMENDACIÓN

Literalmente as mesmas reflectidas para o expediente 5/2005.

EXPEDIENTE 24/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos producidos, case diariamente, por un local dedicado a bar situado no soto dunha vivenda. Estes ruídos son cualificados de infernais, acentúanse as fins de semana e posiblemente o establecemento non dispoña de licenza nin reúnan os condicionantes de seguridade necesarios.

Esta situación vense denunciando desde novembro de 2001, coa realización de medicións santométricas desde febreiro de 2002, o cal deu lugar á incoación de expedientes por falta “moi grave”. A última denuncia formulada é do 18/03/2005, xa que as infraccións seguen persistindo.

Con data 20/06/2005 o interesado volve denunciar ante a Xerencia Municipal de Urbanismo a carencia de medidas de seguridade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 30/03/2005, petición que se reitera nas seguintes datas: 25/04/2005, 26/05/2005, 30/06/2005, 3/08/2005, 7/09/05, 19/10/2005, 10/11/2005 e 12/12/2005.

REFLEXIÓNS

Ademais das expostas nos expedientes 5/2005 e 23/2003, cómpre incidir nunha situación que, por riba da contaminación acústica, presenta unha actividade que non se corresponde coa licenza da que goza, parecendo imposible que siga desenvolvéndose tal actividade, o que indica que, ou ben non se realizou ningunha actuación restauradora da legalidade, ou, se se realizou, carece de efectividade, seguramente por falta de control no seguimento, non obstante as denuncias do afectado e os requirimentos desta Institución.

Resulta anómalo que se estean a dar casos nos que, existindo unha denuncia por contaminación acústica, se comprobe ademais que o local carece de todo tipo de licenza e, sen embargo, mentres se inicia o procedemento de protección da legalidade urbanística da actividade que vai logo a ser legalizable, a contaminación acústica segue campando a feito.

RECOMENDACIÓN

A mesma que para o expediente 5/2005.

EXPEDIENTE 37/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción imposta por tender roupa no oco da fachada exterior dun edificio, visible desde a vía pública.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 5/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/05/2005, petición que tivo que reiterarse o 9/06/2005, o 5/07/2005, o 3/08/2005, o 5/09/2005, o 19/10/2005, o 9/11/2005 e o 7/12/2005.

REFLEXIÓNS

Partindo da realidade de que a situación dos tendais esta sobre un patio interior, é dicir, dun espazo pechado con paredes ou galerías que nos edificios sóese deixar ó descuberto, segundo se mostra nas fotografías achegadas co expediente, resulta preciso ter en conta as reflexións que se deducen das alegacións presentadas polo interesado no expediente sancionador e que esta Institución formulou na solicitude de informe preceptivo e nas que se reafirma.:

a) Tipicidade: pola nosa parte, entendemos que do que se trata é de caracterizar unha norma común axustando as condutas a un mesmo tipo, modelo que sirva para valorar cousas dunha mesma especie. De aí que se requira a predeterminación e descrición legal das condutas a considerar, das que unhas poderán ser sancionables e outras non, sen que caiban cláusulas xerais, contrarias ademais ao principio de seguridade xurídica.

Se a norma (Ordenanza municipal sobre limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, de 28 de outubro de 1994) prohibe tender roupa nos ocos das fachadas exteriores dos edificios que sexan visibles desde a vía pública, resulta obvio que non debe ser obxecto de sanción que nas fachadas onde se atopan instalados os tendedeiros que non estean sobre ningunha vía pública, senón sobre un patio interior da propiedade en común, un patio de luces, do que o termo “visible” é susceptible de especial e moi precisa apreciación ou deficiencia para encadralo nunha conduta típica sancionable, segundo a ordenanza vixente.

b) Discriminación: pola nosa parte, entendemos que as diferenzas de trato requiren xustificar axeitadamente a existencia dos motivos de tales diferenzacións.

Danse aquí condicións ou circunstancias que delimitan uns tratamentos desiguais ante situacións totalmente idénticas que non xustifican tal tratamento, tal como se explicita na alegación quinta do referido escrito dos afectados, de 14 de febreiro de 2005.

c) Caducidade: pola nosa parte, entendemos que se se fai fundamento da aplicación do RD 1398/1993, de 4 de agosto, terase que prestar atención ao artigo 6, parágrafo 2, onde se contempla o arquivo das actuacións polo transcurso de dous meses dende a data de inicio do expediente sen terse practicado notificación ao imputado.

Se o informe da inspección se emitiu o 12/11/2004, e a notificación do inicio do expediente data do 2/02/2005, parece que o tempo ou prazo subliñado non se cumpriu axeitadamente.

d) Por último, entendemos que na conduta dos denunciados dáse unha clara actuación de boa fe, entendida nun senso obxectivo. Dáse o exercicio dun dereito baseado nas crenzas da boa fe contrastada coa realidade e a lealdade nas relacións de convivencia, téndose empregado unha dilixencia socialmente esixible.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento da legalidade en canto ós prazos dos procedementos, segundo o artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

EXPEDIENTE 42/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dun taller de chapa e pintura no patio interior dunha vivenda, con dúas chemineas que emiten fumes considerados tóxicos e producen, ademais, vibracións na vivenda do interesado.

Polo anterior, o promotor da queixa presentou denuncia o 27/02/2005 no Rexistro Xeral do Concello e o 3/04/2005 na Xerencia Municipal de Urbanismo, sen resposta nin actuación de ningunha clase.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe con data 16/05/2005, solicitude que se reitera nas seguintes datas: 15/06/2005, 7/07/2005, 8/08/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005.

REFLEXIÓNS

Descoñécese se a actividade está en posesión de licenza, subliñando que a vixente Ordenanza municipal en canto á protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruído e vibracións, no seu artigo 11.4.7, reflite: “*Non se permitirá a instalación en edificios con uso residencial de actividades industriais especialmente molestas polos ruídos que se xeran, tales como talleres de carpintería de aluminio ou de madeira, taller de caldeirería, carpintería metálica e reparación de chapa de vehículos*”. De aí que sexa preciso comprobar a existencia de licenza e de qué tipo a ten a empresa, así como as esixencias de funcionamento, tanto no referente ós fumes como ás vibracións.

Qué pasa neste período de comprobación se non existe licenza e se pretende legalizar a ilegalidade urbanística, se seguen a producirse as vibracións e os fumes, do tipo que sexan.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O cumprimento da legalidade da Ordenanza municipal vixente e a derivada dos dereitos que lle asisten ó cidadán de ser informado con respecto ás súas peticións e denuncias.

EXPEDIENTE 46/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos e cheiros procedentes dun local dedicado a restaurante. O promotor da queixa presentou escritos de denuncia no Concello en xaneiro e febreiro de 2005, sen unha solución positiva. Subliña que os ruídos duran, nalgúns días, ata as tres da madrugada e os cheiros son permanentes.

Co seu escrito, o interesado achega copia dos partes da Policía local en relación coas medidas sonométricas, as cales superan en 7,4 dB(A) e en 10,4 dB(A) os niveis máximos permitidos.

Indica, ademais, e así o acredita, que o seu cónxuxe se atopa nun estado delicado de saúde que require dun ambiente fisiolóxico e hixiénico, sobre todo a nivel de ruído, que lle permita un descanso reparador, o que coas circunstancias expostas e imposible acadar.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, petición que tivo que ser reiterada o 15/06/2005, o 7/07/2005, o 8/08/2005, o 6/09/2005, o 19/10/2005, o 21/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

É salientable que a Xerencia Municipal de Urbanismo, en decembro de 2004, lle comunique ó interesado que existe unha solicitude de licenza de inicio de actividade para café-bar, e que o local leve máis de dous anos dedicándose a unha actividade que non coincide coa solicitude presentada e, ademais, que causa contaminacións superiores ós niveis legais permitidos.

¿Que ocorre coa protección da legalidade urbanística? ¿Que ocorre coa defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns? ¿Como se pode xustificar a falta de axilidade e a ineficacia da acción municipal, incluso no caso de denuncias contrastadas con informes dos propios funcionarios municipais?

A credibilidade queda baixo mínimos. Xa Antonio Gramsci, hai case un século, dicía que “o vello non acaba de esvaecerse, e o novo non termina de consolidarse”.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento da legalidade en canto á Ordenanza municipal reguladora da protección do medio contra a contaminación acústica e vibracións.

EXPEDIENTE 50/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos producidos por unha discoteca situada no baixo dunha vivenda. O promotor da queixa presentou oito medicións sonométricas entre o 24/03/2005 e o 30/04/2005, todas con niveis superiores ó permitido, incluso nalgunha supera o 90%, sen que se dese ningunha actuación por parte do Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2005, solicitándose información o 25/05/2005, petición que tivo que ser reiterada o 23/06/2005.

Con data 27/06/2005, esta Institución dirixe o escrito que se transcribe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente – Medio Ambiente:

Como continuación ós nosos escritos de data 25/05/2005, número de saída 386, e 23/06/2005, número de saída 512, ámbolos dous sen resposta, maniféstolle o seguinte:

1. Con data 17 de xuño do 2005, madrugada do 18, efectuouse unha inspección por inmisión de ruído ó ambiente interior na vivenda sita na rúa Areal nº 20, 1º piso.

Os emprazamentos da medida máis desfavorables localizáronse no salón da vivenda, iniciándose a inspección ás 22,45 horas e finalizándose ás 3,46 horas, mediante a utilización dos instrumentos técnicos axeitados, sendo o resultado final o seguinte:

- Nivel obtido (dBA) = 50, 60 dBA.

O nivel máximo legalmente permitido é de 35 dBA.

2. Con data 17 de xuño de 2005, madrugada do 28, efectuouse unha inspección por inmisión de ruído ó ambiente interior na vivenda sita na rúa Areal nº 20, 2º piso.

Os emprazamentos de medida máis desfavorables localizáronse no dormitorio da vivenda, iniciándose a inspección ás 23,17 horas e finalizándose ás 3,46 horas, mediante a utilización dos instrumentos técnicos axeitados, sendo o resultado final o seguinte:

- Nivel obtido (dBA) = 39,5 dBA.

O nivel máximo legalmente permitido é de 30 dBA.

Signifícase que as intervencións subliñadas e requiridas foron realizadas por unha entidade debidamente acreditada por ENAC para a realización de Inspeccións de Ruído Ambiental.

Resulta irrefutable o incumprimento da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de 28 de xullo de 2000, que reconece na súa introdución que “o ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte dos cidadáns. Por este motivo desenvolveuse esta ordenanza, cos obxectivos de regular-la actuación municipal co fin de protexer ás persoas...”

Seguindo co capítulo 3 da mesma norma, de obrigado cumprimento para todos, os índices subliñados de superación dos niveis autorizados supoñen, nun dos casos, unha falta grave e, noutro, roza a tipificación de moi grave. Polo tanto, débese esixi-lo cumprimento da referida norma mediante a adopción das medidas correctoras que na mesma se refliten.

Non se pode obviar que o ruído producido pola chamada cultura do ocio acada cada vez máis un nivel destacable de sensibilidade, de aí que o poder local, que é o competente, ten-se que converter en responsable. Tal como ten declarado a xurisprudencia, hoxe tales ruídos considéranse técnica e doutrinalmente como “ruídos evitables”.

O ruído está intrinsecamente relacionado co dereito constitucional á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, cuxo uso ou aproveitamento non ten que ser un sufrir, penar ou rabiarse, e así se reconece a nivel constitucional. Tanto é así, que se ten proclamado que a Administración local ten que deixar de ser o “convidado de pedra” no ámbito da cultura do ocio.

Por todo, prégase unha actuación urxente e decidida non só coa Ordenanza Municipal vixente, senón tamén coas Directivas básicas Europeas e coas numerosas decisións da Administración de xustiza.

Con data 3/08/2005 reitérase o pedimento de informe preceptivo.

Con data 25/08/2005 recíbese escrito do Departamento de Medio Ambiente, no que se subliña o acordo adoptado para incoar expediente sancionador ó respecto pola comisión de tres infraccións administrativas de carácter grave e dous moi graves.

Do anterior deuse cumprida información ó interesado na mesma data, indicándolle que, en datas vindeiras e en tempo prudencial, solicitaríase información actualizada sobre a situación do expediente.

Con data 24/10/2005 solícitase información actualizada en relación co expediente sancionador, que se reiterou o 21/11/2005 e o 15/12/2005.

REFLEXIÓNS

Son diversas as consideracións que se fan sobre a contaminación acústica. Neste expediente, farase especial referencia ós efectos sobre a saúde, seguindo os ditames de recentes estudos sobre medicina preventiva e saúde pública efectuados na Universidade Autónoma de Madrid.

Segundo a OCDE, en España, o 74% da poboación está sometida a niveis sonoros altos; xa no 1987, o Consello das Comunidades Europeas ditaminou que: “a loita contra as molestias acústicas é un dos sectores prioritarios que deben centra-la actividade comunitaria”.

As principais fontes de contaminación acústica proceden da industria, do tráfico (rodado, ferroviario e aéreo), do sector da construción, das obras públicas e da cultura do ocio.

Ó analiza-los efectos do ruídos, tense que distinguir entre os trastornos auditivos e os non auditivos. Como auditivos considéranse aqueles que producen problemas na vida normal dos individuos, existindo o que se denomina efecto máscara, é dicir, cando un son impide a percepción parcial doutros, especialmente na comunicación oral, que pode ocasionar o illamento das persoas que están sometidas ó mesmo, a diminución na eficacia do traballo e, ademais, pode ser causa de accidentes, sen desdeña-la denominada fatiga auditiva, provocada por ruídos continuos a partir de determinados índices sonoros.

Nos trastornos non auditivos, e segundo un estudo realizado en Francia sobre 2.000 persoas sometidas a niveis de ruído superiores a 85 dB(A), déronse unha serie de patoloxías específicas (problemas cardiovasculares, neurolóxicos, dixestivos); concretamente, a relación entre o ruído e a actividade cardiovascular ten efecto sobre o sono.

Outros estudos relacionan o ruído con alteracións psíquicas (inseguridade, inquietude, falta de concentración, astenia, agresividade, irritabilidade, alteración da personalidade e trastornos mentais). Dende outra perspectiva, a nivel de comportamento solidario, acredítase que o nivel de axuda entre veciños diminúe; sen esquecer a denominada tensión sonora, relacionada con ruídos moderados pero continuos, e os efectos acreditados tamén en relación cos estados de embarazo, coa poboación escolar e, recentemente, segundo un estudo realizado

na cidade de Madrid, conséctase que o ruído é o factor ambiental que presenta unha maior asociación cos ingresos hospitalarios, por riba dos contaminantes químicos tradicionais.

RECOMENDACIÓN

- Unhas actitudes públicas axeitadas e unha revisión da normativa local vixente que preste especial atención ás medidas preventivas.
- Unha axeitada planificación do uso do chan, cunha clara separación entre as zonas industriais e as residenciais.
- Unha axeitada planificación das actividades de lecer nocturnas, con apoio indispensable de medios e vías de transporte.
- Un axeitado desenvolvemento dunha arquitectura urbana na que se reflita seriamente a congruente insonorización das vivendas e medidas de apantallamento.
- A utilización de sistemas que reduzan as emisións de determinadas actividades industriais.
- Un estricto cumprimento das medidas reparadoras nos casos de infraccións das normas reguladoras.

EXPEDIENTE 63/2005

ASUNTO

Queixa formulada por unha Asociación de Veciños en relación co conflito presentado entre a veciñanza por mor da suspensión do funcionamento das campás do reloxo parroquial.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/07/2005, solicitándose o preceptivo informe o 8/08/2005, no que se fai constar o seguinte:

“A resultas do exposto, esta Institución promoveu unha avaliación dos niveis sonoros emitidos polo campanario, a cal foi realizada por unha entidade debidamente acreditada por ENAC para levar a cabo inspeccións do ruído ambiental.

O son emitido polo campanario ten dúas compoñentes diferenciadas: unha melodía inicial (son máis continuo) e as propias badaladas, que xorden a continuación.

Os rexistros efectuados realizáronse sempre mentres soaba a melodía inicial, pois o nivel do son xerado por esta resulta superior ó nivel inducido polas badaladas.

Preténdese que o nivel sonoro de inmisión recollido no interior da aula (pois tamén se atopa próximo ó colexio Eduardo Pondal) este por debaixo, non só do nivel máximo requirido para recintos docentes, senón tamén para vivendas (de cara a adaptarse en todos os extremos ós límites normativos).

Os resultados foron:

- 1. Nivel no exterior do colexio (0,5 m. da fachada) LAeq = 70,5 dBA.*
- 2. Rexistro no interior da aula LAeq = 38,5 dBA.*
- 3. Dado que o nivel no interior da aula supera o límite permitido para as vivendas, rebai-xouse o nivel de emisión das badaladas e volveuse medir na aula, co resultado de 33,0 dBA.*
- 4. De cara a axustar en maior medida o valor anterior respecto ós niveis permitidos, aumentouse lixeiramente o nivel de emisión do campanario e volveuse medir no interior da aula (obténdose 34,2 dBA). Nesta medida colocouse a emisión definitiva do campanario, xa que o nivel acadado se atopa dentro dos valores tolerados pola OM, tanto para vivendas (35 dBA) como para recintos docentes (40 dBA).*
- 5. Comprobouse que o nivel de emisión xerado polas badaladas na aula (sen melodía ini-cial) acada 31,5 dBA.*
- 6. Co ánimo de comprobar a posible influencia do ruído de fondo nas medicións colleu-se o seu valor, observándose como ó resultar superior en 10 dBA non modifica as medidas anteriores LAS₉₀ = 23,5 dBA.*

Por todo, esta Institución solicita se adecúe o funcionamento do reloxo municipal ó estu-do reflectido, co ánimo de acadar o equilibrio que impida a conflictividade na veciñanza, tal como consta na petición do interesado”.

Con datas 7/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

EXPEDIENTE 71/2005

ASUNTO

Queixa en relación co uso indebido que se fai dun ben escaso como é a auga. O intere-sado comprobou que os traballadores encargados da limpeza empregan grosos chorros de auga para limpar as zonas que só teñen area, como no caso do paseo de Samil, a primeiras horas da mañá. Subliña, ademais, que o funcionamento do rego automático da zona da roton-da de Samil non é eficaz, podendo ser corrixido cunha axeitada orientación do mesmo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 8/08/2005, o cal tivo que ser reiterado o 28/09/2005.

Con data 7/10/2005 recíbese escrito, no que se explicitan as razóns dos posibles desvíos de presión, así como as medidas adoptadas. Do anterior dáse cumprida información ó inte-resado o 10/10/2005.

REFLEXIÓNS

Teríase que dar exemplo por parte do Concello en favor dun uso axeitado e responsable da auga. O consumo ten que estar dentro dun ámbito de sostibilidade, de non face-lo así careceríase de forza exemplificante ante os cidadáns, máxime cando nos atopamos nunha época de teimuda seca.

As áreas urbanas pódense, en moitos ámbitos, varrer, tarefa máis laboriosa que a de utiliza-la mangueira. Os desbaldíos non son lóxicos cando é sabido que o paseo vai durar limpo de areas moi pouco tempo. Nalgúns supostos, poderíase utilizar auga previa e oportunamente recollida en depósitos ou cisternas.

Os usos desmedidos e non axeitados destas tarefas, a longo prazo van resultar prexudiciais para mesteres máis precisos e que non é preciso subliñar ou relacionar.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A atención ó uso público da utilización da auga.

EXPEDIENTE 74/2005

ASUNTO

Queixa en relación co ruído producido na avenida de Castrelos por mor do tráfico pesado, especialmente en horario nocturno, o que impide o descanso da veciñanza que reside naquela zona.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 20/09/2005 e o 19/10/2005.

Con data 16/11/2005 comunícasenos telefonicamente que non poden actuar, xa que non dispoñen dos datos do enderezo do interesado na cidade, a quen nos diriximos o 29/10/2005. Non obstante o anterior, é de precisar que a contaminación non só afecta ó promotor da queixa, senón á totalidade dos veciños da zona.

REFLEXIÓNS

Atopámonos de novo co tema do son non desexado, reafirmando a doutrina constitucional (STC de 23/02/2004) que subliña que cando se superan os niveis normais

afecta á integridade física e moral das persoas e que unha exposición prolongada, como a que aquí se describe, pode obxectivamente cualificarse como evitable e insoportable. O Concello tería que actuar decisivamente en temas como este, no que estamos a falar de colectivos amplos de cidadáns. A protección dispensada é nula, por inexistente. Hai que ter en conta que situacións como esta permiten ós cidadáns dispor dunha mellor capacidade de defensa en todas as ordes xurisdiccionais.

Sorpréndenos a nula ou case nula eficacia das accións administrativas simples; ata o de agora, é manifesta a desidia dos entes locais, é dicir, a falta de coidado ou de esforzo, debida ó desinterese ou á negligencia que produce abandono dos cidadáns.

Hoxe albíscase, afortunadamente, a actividade dos Tribunais contencioso-administrativos, que condenan ós Concellos pola pasividade manifesta e permanente no control da actividade acústica, non obstante as normas xurídicas europeas, estatais, comunitarias e locais que se afanan en promulgar.

Como modelo, baste citar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra (10 de decembro de 2004) que afirma:

1º. O deber xeral da administración en canto ás tarefas de inspección e policía lle atinxen.

2º. O deber especial en canto se trata da seguridade dos cidadáns.

3º. A administración demandada intenta utiliza-la vía de escape que lle ofertan a Constitución española e as Leis, a forza maior, pero a xurisprudencia sae ó paso desa alegación porque, aínda que non é esixible á administración que saiba todo nada máis ocorrer, determinados sucesos son “previsibles e evitables cunha axeitada inspección”.

4º. Ad cautelam, a xurisprudencia vese na obriga de precisar que a administración “sempre poderá repetir contra quen apareza como causante da quebra do servizo público”.

5º. Dáse, premisa capital, unha actuación municipal negligente que configura un funcionamento anormal do servizo público.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O cumprimento da normativa plural e propia da Ordenanza sobre ruídos e vibracións.

EXPEDIENTE 79/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de limpeza por parte do Concello, desde comezo do ano 2005, dunha praza configurada por varias vivendas, zona que sempre se considerou como un patio que serve de lugar de convivencia á veciñanza.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/09/2005, e que se recibe con data 23/09/2005 dende a oficina de Inventario Municipal, a cal se pronuncia pola conservación da superficie por parte dos propietarios da vivenda e dos locais comerciais.

Con datas 19/10/2005 e 16/11/2005 dirixímonos á subliñada oficina pedindo unha aclaración á resposta anterior, a cal se recibe o 5/12/2005, na que indica que un dos documentos que se piden (prego de condicións do servizo de limpeza) ten que reclamarse ó órgano competente, o que se fai con data 12/12/2005.

EXPEDIENTE 80/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos procedentes dun bar instalado no baixo da vivenda do interesado que lle impide o descanso nocturno especialmente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 28/09/2005, o cal se reitera o 25/10/2005, o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

As recollidas no resto dos expedientes deste capítulo.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. Unhas accións decididas e eficaces na defensa dun dereito xa recoñecido en todos os ámbitos.

EXPEDIENTE 90/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que se producen como consecuencia das festas parroquiais nos distintos lugares de Vigo, especialmente os provenientes dos altofalantes que manteñen a música a un volume moi alto ata as tres da madrugada, coas conseguíntes molestias para a veciñanza que ten que madrugar ó día seguinte.

Asemade, o promotor da queixa indica que nesas datas prodúcense outro tipo de molestias motivadas pola emisión das misas en directo a un nivel de volume alto e que considera que se estamos nun estado aconfesional non ten sentido ningún espallar unha doutrina relixiosa ós catro ventos, cousa que non se produce noutras confesións relixiosas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/10/2005.

Con datas 24/11/2005 e 22/12/2005 reiterouse o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS

Se ben é certo que as distintas festividades son datas de celebración, coa presenza de instalacións para o lecer dos cidadáns, sería conveniente que as transmisións musicais e doutros tipos tivesen un control que non permitise excesos no volume e na persistencia temporal fóra dos horarios tolerados.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O control do horario e do volume das instalacións feirais.

EXPEDIENTE 105/2005

ASUNTO

Queixa en relación con queimas nunha finca próxima á vivenda do interesado, o que lle impide ter as xanelas abertas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/12/2005.

REFLEXIÓNS

Tras varias demandas e comparecencias da Policía local, non consegue paralizar as actuacións molestas, xa que o veciño ten permiso do departamento de medio ambiente da Xunta de Galicia. Posto en contacto o promotor da queixa con esa administración, comunícaselle que o Concello é quen ten que vixiar tales accións, polo que volve ó Concello e o remiten á Policía local, e esta ós bombeiros, que non actúan sen orde do Concello e, por último, remíteno á páxina de internet.

Queda de manifesto, unha vez máis, a falta de identidade de xestión e, polo tanto, de eficacia municipal.

A falta de coordinación e dunha xestión axeitada resulta incomprendible e, mentres, o cidadán non entende tanta desidia.

RECOMENDACIÓN

O estrito cumprimento das obrigas das autoridades municipais competentes.

CAPÍTULO III: MOBILIDADE E SEGURIDADE

Antes de entrar na análise dos expedientes que corresponden, cómpre puntualizar o exposto na introdución da Parte IV desta Memoria do ano 2005.

Estamos nun capítulo onde se prodiga o reiterado incumprimento do principio de legalidade imposto polo vixente Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán. Téñase en conta, por outra parte, que é un dos capítulos onde hai máis queixas dos cidadáns.

O artigo 12 do citado regulamento, utiliza os termos de hostil e entorpecedora en canto ás actitudes adoptadas por calquera organismo, funcionario, directivo ou persoal ó servizo da Administración municipal. Esta Institución, coa experiencia de tres anos, non ten máis remedio que acudir á axuda que lle brinda o regulamento, no que se subliña que, nos supostos de hostilidade ou entorpecemento, faga que tales actitudes sexan obxecto de información destacada no informe anual.

O termo hostil, graficamente, non ten máis que un significado: contrario, inimigo, algo que molesta. O termo entorpecedor significa turbar o espírito, actuar mal, retardar, dificultar algo.

EXPEDIENTE 8/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico imposta cando o vehículo circulaba en dirección ascendente pola Gran Vía, próximo ó cruce coa rúa Venezuela, tendo como predecesor un camión que impedía a visibilidade dos sinais verticais. O vehículo detívose no semáforo que regula a circulación descendente de Gran Vía e o tránsito pola rúa Venezuela en dirección á rúa Vázquez Varela, intre no cal o promotor da queixa observou que un axente municipal tomaba notas con atención ó vehículo que conducía.

Pasados uns días, recibiu unha notificación de denuncia, sen que lle fose impedida a marcha do vehículo ou, permitíndolle a marcha, se lle indicase que se detivese na beirarrúa para facerlle

entrega da proposta de sanción e así identificalo correctamente, xa que o interesado non é o propietario do vehículo. Ademais, non está de acordo co motivo da infracción: “vehículo infractor en ruta”, cando o vehículo estaba parado, motivo polo que incide que nese intre lle terían que comunicar a proposta de denuncia, así como proceder á identificación correcta do infractor.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe o 27/01/2005, o cal tivo que ser reiterado nas seguintes datas: 28/02/2005, 29/03/2005, 26/04/2005, 30/05/2005, 30/06/2005, 3/08/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 9/11/2005 e 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

As denuncias notificaranse no acto, e nos supostos de “sen parar ós denunciados” non serán válidas, a menos que consten nas mesmas as causas concretas e específicas polas que non foi posible dete-lo vehículo (intensidade de circulación, factores meteorolóxicos adversos ou outros que poidan derivar en riscos concretos), cousa que non se dá neste suposto.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento da legalidade, segundo o Real Decreto 320/1994 e as súas modificacións de 1998, 2000 e 2003.

EXPEDIENTE 10/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa imposición de tres sancións de tráfico case simultaneamente:

- 1ª. Por circular en sentido contrario ó da marcha autorizada.
- 2ª. Por non utilizar o casco de seguridade, obrigatorio para o uso de motocicleta.
- 3ª. Por non haber pasado a inspección técnica de vehículos a motor.

As discrepancias xorden por mor do seguinte:

1. Por circular en sentido contrario ó da marcha autorizada. Non se corresponde coa realidade, toda vez que non circulaba, nun senso estrito, senón que saía da rúa María Berdiales nº ..., esquina con Hernán Cortés, debido a que no nº ... da rúa María Berdiales ten o seu domicilio. Subliña que na proposta de sanción o feito penalizado tivo lugar as 12,50 horas.

2. Por non utiliza-lo casco. Esta sanción imponse á altura da rúa Gran Vía nº 70, dato que non se fai figurar na notificación da sanción e que se modifica na proposta de denuncia.

É totalmente imposible que nun espazo de cinco minutos se poida percorrer a distancia desde a esquina de Hernán Cortés con María Berdiales ata a saída do túnel da Gran Vía (praza de España), distancia aproximada de 600 metros, con cinco semáforos polo medio, ás doce da mañá e no verán. Nos dous supostos o axente municipal foi o mesmo.

O interesado formulou escrito de alegacións, que non foi tido en conta, e posteriormente recurso de reposición, ó que non recibiu resposta.

Subliña, ademais, a actitude dos dous axentes que interviñeron nesta ocasión.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/02/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/02/2005, que tivo que ser reiterado nas seguintes datas: 2/03/2005, 4/04/2005, 5/05/2005, 2/06/2005, 4/07/2005, 3/08/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

Os recursos administrativos configúranse como un elemento de control e garantía e teñen por obxecto a revisión dun acto administrativo que, doutra maneira, só se podería facer nos supostos de revisión de oficio.

É obvio que o recurso de reposición que presentou o interesado non foi respondido, o que confirma que nos atopamos ante unha “actividade pasiva”. A Constitución española (artigos 9 e 10) consagra os principios de legalidade e de eficacia nas actuacións públicas; a seguridade xurídica, aínda que non pode constituír un valor absoluto, si afecta á confianza e á credibilidade dos cidadáns. O recurso tense que resolver, feito que vén dado polo artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e que obriga, ademais, a que os funcionarios que teñen ó seu cargo o despacho dos asuntos instrúan e resolan en prazo.

Dáse unha deixadez ante o propio recurso, o que empurra ós cidadáns a dirixirse á vía xudicial, con todo o que isto comporta, e que racha co fundamento do recurso, que non é outro que o carácter de control e garantía que permite revisa-los actos.

A Administración pública goza dun carácter instrumental posto ó servizo dos cidadáns, e o seu réxime xurídico debe transcende-las regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade, a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos dos cidadáns sexan reais e efectivos. Para tal fin, o procedemento administrativo é o instrumento axeitado para dinamiza-lo seu avance, e as regras fundamentais do procedemento son unha peza esencial no proceso de modernización da sociedade e da súa administración.

O procedemento ten un fin unitario: protexer de xeito inmediato a orde xurídica e mediatamente o dereito do cidadán, sendo o interese primordial deste que a Administración pública exerza eficazmente as competencias que por lei lle correspondan.

A mellora da lexitimidade das Corporacións Locais tense que buscar sempre, e sobre todo, pola vía dos rendementos, dando resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Por outra banda, é imposible que o interesado, dadas as circunstancias enunciadas no escrito de alegacións, no recurso de reposición e nos documentos do expediente sancionador, puidese estar ó mesmo tempo ou no tempo subliñado de cinco minutos en dous lugares fisicamente medibles e en circunstancias de tráfico mensurables, ademais de utiliza-la técnica de circular en sentido contrario en vía de sentido único, cando o cidadán sae coa motocicleta, con toda a precaución, nun tramo que non acada nin dez metros.

Descóidase o obxecto do procedemento, que non é outro que a congruencia cos fins previstos. Tense que adecuar o principio de oportunidade e estar acorde coa realidade dos feitos acaecidos, que resultan imposibles en si mesmos.

É obvio que os medios de proba non se teñen en consideración; téñense que adoptar as decisións en relación coas cuestións suscitadas, de tal xeito que o obxecto do procedemento se corresponda adecuadamente cos fins previstos no ordenamento xurídico.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O cumprimento da legalidade que dimana da Lei 30/1992 e do procedemento, que supoñen unha diminución efectiva, real e transcendente das garantías previstas na mesma norma xurídica.

EXPEDIENTE 16/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar o vehículo, un taxi, en dobre fila e sen condutor, fronte a unha vivenda para atender a un cliente que solicitou o seu servizo e que, debido a que súa situación física lle impedía desprazarse por si mesmo, acompañouno ata o portal. Esta acción é cualificable de humanitaria ou asistencial, non só obriga de calquera servizo público, senón tamén de calquera cidadán. Solicitouse unha revisión da proposta de sanción.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/03/2005, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, o cal tivo que ser reiterado o 19/09/2005, o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

Tería que considerarse o motivo do estacionamento, que se podería comprobar cunha simple visita do persoal municipal ó domicilio do viaxeiro. En calquera caso, estamos ante unha conduta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo e, repetimos, demostrable; algo que tamén se dá e así se recoñece nas motivacións da xustificación penal.

O comportamento non pode entenderse como antixurídico, xa que se actúa nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais polas condicións especiais e nun momento determinado. Realmente, xorde un dereito a actuar así e pode esixir que ese dereito se lle respecte; é un caso no que se cumpre o pre-suposto básico de estado de necesidade e, por iso, exímese da responsabilidade.

Estamos ante un suposto suxeito a ineludibles imperativos de moralidade e de atención social.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. Consideración humanitaria.

EXPEDIENTE 17/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo por estacionar en zona reservada para o estacionamento de discapacitados.

O promotor da queixa formulou escrito de alegacións, co que achegaba como medio de proba fotografías, e no que indicaba que o sinal vertical de prohibición se atopaba desprazado en sentido interior da beirarrúa, nunha posición de case corenta e cinco graos, e diante do mesmo estaba un farol que atrancaba a súa visión, non apreciándose, ademais, no chan a pintura azul coa correspondente sinalización.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/02/2005, solicitándose o preceptivo informe o 1/03/2005, que se recibe o 16/03/2005, no cal indica que a solicitude de anulación da sanción de tráfico foi rexeitada polos motivos seguintes: "la denuncia está perfectamente justificada por lo que el recurso carece de sentido". Deuse cumprida información ó interesado con data 17/03/2005.

REFLEXIÓNS

Coa expresión de que “la denuncia está perfectamente justificada por lo que el recurso carece de sentido” o Concello pecha o expediente, indicando, ademais, que non existe recurso ningún contra tal decisión.

Resulta salientable a desvirtuación dos elementos probatorios propostos polo cidadán que, sen máis fundamentos, quedan non só esquecidos, senón totalmente rexeitados pola declaración do axente denunciante, quen se limita a reafirmarse na denuncia, sendo tamén o mesmo axente o que declara que o recurso (escrito de alegacións) carece de sentido.

Atopámonos cun caso de desviación de poder en toda regra; a administración, e non por medio do axente, é quen debe fundamentar a decisión de forma razoada á vista dos documentos achegados como proba da inadecuación da situación dos sinais. Xorden máis que dúbidas razoables de que a mesma fose elemento substantivo para ratificar a denuncia.

Nula defensa se pode opoñer cando a denuncia por si mesma limítase a indicar “estacionamento reservado a minusválidos”; o xusto sería revisar e facer constar as deficiencias que se dan no lugar dos feitos e que desvirtúan o contido da situación, tal como figuran no escrito de alegacións e nos documentos fotográficos. Os datos completos da denuncia son fundamentais para poder realizar unha defensa debida e conforme a dereito, situación que aquí non se ten en conta. O rexeitamento das probas ten que ser motivada e, se non se concede a práctica das probas solicitadas, a imposición da sanción non pode materializarse.

RECOMENDACIÓN

A revisión do expediente e, de se-lo caso, a devolución da sanción. A desestimación de solicitudes sen motivación suficiente produce unha quebra do dereito do cidadán e, polo tanto, incorrese en desviación de poder.

EXPEDIENTE 19/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación que están a vivir os veciños e os comerciantes da rúa Carral por mor do Plan de Remodelación do contorno da praza de Compostela, situación que cualifican de inxusta. Estima o promotor da queixa que o mesmo presenta unha serie de incongruencias e que non ten en conta a normativa vixente, o que pode producir unha desvalorización da vida da veciñanza.

Solicitou entrevista coa secretaria particular da Sra. Alcaldesa e co Xefe Técnico, sen resposta ningunha.

As súas alegacións baséanse en que:

- A situación actual converte a zona nun lugar de padecementos físicos e psíquicos e con prexuízos de orde material.

- A eliminación do aparcamento que o plan contempla provoca un incremento do tráfico de vehículos, non só en frecuencia, senón tamén en tonelaxe, ó cambiar a circulación procedente de Cánovas del Castillo pola rúa Carral.

Subliña que na rúa García Olloqui o firme está especialmente preparado para soportar a tonelaxe e a frecuencia de circulación que se produce e a improcedencia da prohibición de circular coa escusa de obras para afondar a rede de sumidoiros, xa que aquela rúa foi adaptada hai dez anos para ese fin co gallo da peonilización de Montero Ríos e para axeitala ó túnel de Beiramar. Alude á falta de estudos serios sobre o impacto ambiental e ó esquecemento das recomendacións que sobre contaminación acústica se teñen publicado por expertos, xa que ó circular vehículos pesados prodúcense vibracións que afectan ás xanelas, ós balcóns e ó mobiliario das vivendas.

Por outra parte, subliña a creación ficticia duna zona hora na praza de Compostela para uso exclusivo de residentes que dificulta a mobilidade do resto dos cidadáns.

Solicita unha revisión do proxecto, que contempla:

- O ancho das rúas Carral e García Olloqui.
- O espazo pechado en Carral e máis aberto en García Olloqui.
- O asentamento sobre area.
- A antigüidade e as características dos edificios.
- A circulación en pendente, contraria ó sentido do proxecto.
- O incremento ó dobre do volume de vehículos.
- Os incrementos adicionais de vehículos polo peche temporal do túnel.
- A atención á normativa da Unión Europea.
- A atención á normativa sobre ruídos da Xunta de Galicia.
- Estudos serios de impacto ambiental.
- O aparcamento dos residentes.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/03/2005, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, petición que tivo que ser reiterada nas seguintes datas: 14/04/2005, 12/05/2005, 20/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005.

RELEXIÓNS

As medidas adoptadas para levar a cabo os acordos de reorganización das rúas sempre ocasionan molestias e, ás veces, torturas ós cidadáns máis directamente afectados.

Non obstante, non se pode esquecer que, en ocasións, deberían pórse a disposición dos cidadáns medidas correctoras que fixesen menos onerosas as cargas e as molestias que teñen que soportar.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. Unha análise en profundidade de situacións como a que nos ocupa que, non sempre, son as máis axeitadas.

EXPEDIENTE 22/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa recollida dunha motocicleta, baseándose a petición do interesado de devolución da mesma na decisión xudicial do Xulgado de Instrución número 4 de Vigo, decisión adoptada nun xuízo de faltas. O citado vehículo tería que atoparse no depósito municipal a disposición do referido xulgado. A sorpresa do interesado é que o vehículo se atopaba nunha empresa dedicada ó despezamento e presentaba golpes e pintadas que non tiña no momento da recollida, polo que interesa, ademais, as fotografías do momento da recollida ou depósito nas dependencias municipais. Para tal fin, con data 4/02/2005 formulou solicitude no Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/03/2005, petición que tivo que ser reiterada nas seguintes datas: 21/04/2005, 24/05/2005, 23/06/2005, 3/08/2005, 29/08/2005, 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005.

REFLEXIÓNS

Como é posible que unha decisión xudicial non sexa respectada. O Concello ten que responder dunha xestión prexudicial en todos os sentidos e esixi-la responsabilidade dos autores da decisión inoportuna.

RECOMENDACIÓN

A devolución inmediata da motocicleta no seu estado no momento da recollida ou a indemnización congruente dos danos.

EXPEDIENTE 27/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa de tráfico imposta nunha situación de emerxencia derivada dunha avaría mecánica, o que obrigou a dete-lo vehículo do interesado por un queamento do motor, indicando, como consta na matrícula, que o vehículo é moi antigo.

A sanción faise por “estacionamento en dobre fila con condutor”, cando en realidade trátase dunha detención por esixencia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/04/2005, o cal tivo que ser reiterado o 11/05/2005, o 9/06/2005, o 5/07/2005, o 3/08/2005, o 5/09/2005 o 19/10/2005, o 9/10/2005 e o 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

A Ordenanza Municipal de circulación de Vigo (BOP de 30 de xuño de 1993), como complemento ó disposto no Real Decreto Lexislativo 339/90, no seu artigo 11 delimita e define claramente o estacionamento como a inmovilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada; é a detención como a inmovilización dun vehículo por emerxencia.

O estacionamento supón a instalación durante un certo tempo, a detención ou parada é unha acción de deterse ou lugar habitual onde algo se detén, un autobús por exemplo; pero a detención ou parada por emerxencia responde a un suceso inesperado ou imprevisto que demanda unha solución inmediata, de aí o estado de emerxencia, coa finalidade de evitar o máis rapidamente posible algún mal maior.

A conduta adoptada provén, pois, dunha situación, é unha conduta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo e recoñecido pola norma, de aí que tal comportamento non pode entenderse como antixurídico, xa que estamos ante a necesidade de obrar de tal maneira para evitar unha consecuencia ou feito peor. O mesmo Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro (Regulamento xeral de circulación), contempla as situacións de emerxencia.

Por todo, a cualificación da infracción como estacionamento en dobre fila con condutor non se corresponde coa realidade da situación, xa que, antes de proceder a formular a denuncia, teríase que indagar o motivo da parada.

A motivación da sanción non responde co sentido teleolóxico da actividade realizada, esta está orientada a paliar o efecto dunha situación de emerxencia, o cal ten que producir, para que o acto da sanción se adecúe á legalidade extrínseca, un efecto distinto. Debido a isto, ó erro fundamental do expediente non achacable ó condutor, debería ser nulo.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A anulación e o arquivo do expediente sancionador.

EXPEDIENTE 30/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que atopan os veciños do Casco Vello para acceder ás vivendas en vehículos por mor dos bolardos instalados.

Estas dificultades afectan, ademais, ó transporte de viaxeiros en taxi, así como ás necesidades de índole asistencial (ambulancias, bombeiros, subministración de butano, etc.), que se solucionarían cunha axeitada regulación da zona peonil e dos bolardos. A queixa está asinada por máis de cincuenta veciños.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005, reiteirándose a petición do mesmo nas seguintes datas: 12/05/2005, 20/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005.

REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente número 19/2005.

RECOMENDACIÓN

As mesmas do expediente número 19/2005.

EXPEDIENTE 31/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude da tarxeta de Vitrassa como pensionista, a cal lle foi denegada por superar a pensión mínima (500 euros), indicando que a súa pensión real é de 657,35 euros e a súa unidade familiar está formada por dúas persoas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005 á Concellería de Asuntos Sociais, desde a que nos comunican que a petición se trasladou a Mobilidade e Seguridade.

Con datas 12/05/2005, 20/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 26/09/2005, 25/10/2005, 24/11/2005 e 22/12/2005 reiterouse o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS

Pártese da consideración que fai o interesado de que a situación da súa petición non se ve con correspondida con xustiza, en base ó suposto seguinte:

Un matrimonio de dous pensionista, cunha percepción individual de 500 euros, dá como resultado uns ingresos de 1.000 euros por unidade familiar en cómputo de dúas persoas. No seu caso, a unidade familiar tamén consta de dúas persoas, cunha renda mensual por pensionista de un só dos membros, e non se lle concede a tarxeta por superar a contía mínima da pensión, mentres que no primeiro caso si se lle concede.

En primeiro lugar, temos que indicar que no suposto que nos ocupa non existe un axeitado principio de racionalidade social, é dicir, a norma non se axusta á razón. Non se trata de ter en conta experiencias sensibles, e moito menos experiencias afectivas, é simplemente aplicar criterios da razón, aplicando ponderadamente os principios de capacidade económica, así como dos beneficios de utilidade na procura dun axeitado trato no impulso que sempre debe presidi-la acción pública, o que permitirá unha mellora da calidade de vida dos cidadáns en situación de xubilación, non só tendo en conta os anos.

Seguindo a Carta Europea de Autonomía Local (15 de outubro de 1985), temos que reflexionar sobre a convicción de que a existencia de Entidades locais investidas de competencias efectivas permite unha administración á vez eficaz e próxima ó cidadán.

A Carta Magna española non é só unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor de integración social, unha canle de comunicacións, un instrumento cotián.

Tense que promover, remover e facilitar, é dicir, hai que ter unha actitude activa. O poder público, sexa o que sexa, ten a obriga de promove-las condicións de igualdade dos individuos e dos grupos (entre eles as unidades familiares), removendo os obstáculos que a dificultan, e promove-lo progreso para asegura-la calidade de vida ("dar vida ós anos e non só anos á vida").

A Constitución española vai degrañando unha serie de situacións básicas na procura da integración social. Así:

- O Artigo 32 declara a igualdade xurídica plena do home e da muller no ámbito matrimonial.
- O Artigo 35 recoñece a todos os españois o dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e ás da súa familia.
- O artigo 39 declara que o poder público debe asegura-la protección social da familia.
- O artigo 50 garante un sistema de pensións axeitadas e a suficiencia económica durante a terceira idade, promovendo o seu benestar social mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultural e de ocio.

No ámbito local, non se debe esquecer que a lei básica do seu réxime (Lei 7/1985) considera ó municipio como o marco por excelencia da convivencia social. O equilibrio social estivo asociado, desde a antigüidade, ó florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refire; se ben os tributos os soportan os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

A liberdade humana é “*facultas voluntatis et rationis*”, a liberdade cunde e se fortalece coa reflexión, coa memoria e coa experiencia. Trátase de dotar a determinados colectivos dos instrumentos que favorezan a autonomía persoal e social para afrontar os cambios que a nivel socio-económico prodúcense na sociedade actual, facilitándolles o acceso a determinados ámbitos, tales como o espaxamento, a cultura estática, a asistencia, o aprovisionamento, as relacións con outros cidadáns, etc., é dicir, a participación, que non é outra cousa que unha das claves do deseño futuro das cidades.

O cidadán atópase fronte a unha alternativa: marcha cara adiante con crecente velocidade en prol de melloras ilimitadas e, ata o de agora, inconcibidas, ou ser condenado a unha perpetua oscilación entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a todos os esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

Hoxe, a actividade administrativa preséntase como un problema de carácter social, porque a solidariedade é un ditado da natureza que eticamente se impón a todos os individuos proporcionalmente á súa capacidade de obrar e, por iso, imponse tamén ós gobernantes, e precisamente con maior intensidade, porque neles é maior aquela capacidade.

Ten que afondarse no senso de seguir inculcando, no ámbito social, os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte ós novos desafíos, ás novas necesidades da nova sociedade do benestar, que ten que afrontar un novo piar, ese que se chama dependencia. Ten que conseguirse o compromiso dunha xestión política integral para lograr unha capacidade para mellora-las condicións de vida das persoas de idade, pondo á súa disposición unha ampla rede de recursos e posibilidades que dean respostas axeitadas ás necesidades da asistencia.

Existe unha demanda social que reclama decisións políticas eficientes e sostibles; a súa atención é un principio da máis elemental equidade, sobre todo nos aspectos operativos.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A revisión da normativa aplicable ó sistema de adxudicación das tarxetas de viaxe urbano, así como daquelas outras que regulen medidas de apoio para as persoas na terceira idade.

EXPEDIENTE 32/2005

ASUNTO

Queixa formulada polo director dunha autoescola en relación co acoso que vén padecendo por parte dos axentes municipais por mor do seguinte:

a) O funcionamento das autoescolas distribúese en clases teóricas e prácticas.

b) Coa finalidade de evitar tempos mortos e, polo tanto, perdas de tempo, é feito usual que uns alumnos sigan aos outros sen solución de continuidade e, no mesmo lugar e momento en que se apean os dunha quenda, acceden ao vehículo os da quenda seguinte. Esta operación faise directamente na rúa, é un costume de todas as autoescolas.

c) O problema xorde cun grupo de axentes municipais que parece ser que teñen manía persecutoria cos profesores da entidade. Estes recollen aos alumnos na rúa Aragón, na marxe esquerda, entre Jenaro de la Fuente e a zona peonil, sitio onde menos se estorba a circulación. Nese intre, espazo curtísimo de tempo entre que sae un alumno e entra o seguinte, os axentes persónanse, e baixo o lema de que o vehículo de prácticas está estacionado en “dobre fila”, o que non é certo xa que o profesor-condutor non abandona o vehículo e, polo tanto, non pode considerarse “estacionamento” senón situación de parada, segundo o epígrafe 68 anexo da Lei de seguridade vial, e non obstante, proceden á imposición da sanción.

d) Ante as reclamacións verbais no momento dos feitos só reciben o desprezo dos axentes municipais.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/04/2005, o cal tivo que reiterarse o 24/05/2005, o 6/06/2005, o 23/06/2005, o 3/08/2005, o 7/09/2005, o 19/10/2005, o 10/11/2005 e o 12/12/2005.

Con data 3/06/2005 o interesado entrégnos un novo escrito no que nos comunica que recibiu do Concello notificación de denuncia polas supostas infraccións cometidas polos monitores da autoescola, nas que se subliña que o condutor do vehículo estaba dentro do mesmo, o que implica que non estaba “estacionado”, senón en situación de “parada”. Subliña que os axentes seguen actuando con manifesto abuso de autoridade. Todo o exposto fíxose constar na reiteración do 6/06/2005.

REFLEXIÓNS

Queda claro que a cualificación da infracción como “estacionamento” queda desvirtuada pola notificación, na que se recolle o termo de estacionar en dobre fila con condutor, que realmente é unha parada con condutor inevitablemente necesaria para atender ás finalidades

que lle incumben como servizo de autoescola, isto é, recoller aspirantes a condutores previa baixada dos practicantes anteriores. A motivación da parada é congruente coa finalidade e a actividade á que se dedican os vehículos de xeito legal.

Por outra parte, o comportamento de menosprezo e con abuso de funcións pode supor unha falta de vexación e incluso maltrato.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. A anulación e o arquivo do expediente sancionador.

EXPEDIENTE 36/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estar estacionado na beirarrúa para proceder á descarga dunhas bolsas e paquetes no seu domicilio. Salienta o interesado a falta de atención e os malos modos do axente municipal e que non lle entregou a copia do boletín de denuncia, indicando que formulou escrito de alegacións nos que expuxo o estado de necesidade no que se atopou por mor da súa idade (83 anos).

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005, pedimento que tivo que reiterarse o 6/06/2005, o 4/07/2005, o 3/08/2005, o 1/09/2005, o 19/10/2005, o 9/11/2005 e o 15/12/2005.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un caso dunha conduta que se realiza nun estado de necesidade obxectiva; non é un obrar antixurídico nun sentido estrito. A idade do sancionado, a proximidade da vivenda e o motivo do estacionamento deben servir de motivación para o acto que se realiza.

Por outra banda, o interesado declara insistentemente que non lle foi entregada no momento da infracción a copia da denuncia e que non é certa a declaración do axente de que se negou a asinala.

Sublíñase, como noutros casos, a reiteración dun comportamento menosprezante e abusivo, que pode implicar vexacións, sen que, en ningún caso, conste análise de ningún tipo en relación con actitudes que non son propias dun axente da autoridade.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O respecto dos dereitos dos cidadáns a ser tratados con deferencia polas autoridades e funcionarios.
3. O órgano competente deberá decidir sobre todas as cuestións e situacións que se susciten no procedemento, aínda que non fosen alegadas.

EXPEDIENTE 47/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas continuas sancións que lle foron postas ó interesado, residente do Casco Vello, como consecuencia das paradas do seu vehículo para efectuar tarefas de descarga de mercadorías necesarias para a familia, de aí que non puidese estar presente no momento da sanción. Indica que presentou alegacións no Concello, sen recibir resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2005, solicitándose o preceptivo informe con data 25/05/2005, o cal tivo que ser reiterado o 22/06/2005, o 2/08/2005, o 29/08/2005, o 25/10/2005, o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

Se ben existe máis de un suposto de estacionamento en zona de carga e descarga, resulta evidente que na zona onde se produce a acción non existe espazo suficiente para tarefas desta índole en relación cos residentes, que precisan tal estacionamento tendo en conta as necesidades comerciais dalgúns deles.

O caso do Casco Vello, neste sentido, debe ser obxecto dunha atención especial que permita unha mobilidade axeitada ás necesidades reais. A situación actual obriga a que os residentes se vexan “forzados” a incorrer nestas infraccións, en caso contrario estarían obrigados a actuar de portadores, tarefa para a que non reúne condicións físicas calquera persoa. Isto implica realmente a necesidade de que os afectados manteñan condutas que implican verdadeiros estados de necesidade que a normativa localizada ten que contemplar e, senón, debe ser a propia resolución de cada expediente quen contemple as alegacións e xustificacións que neles figuren e resolver de acordo cos estados de necesidade.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. A revisión dos criterios aplicables en zonas como a do presente expediente.

EXPEDIENTE 52/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude dun certificado de convivencia coa finalidade de solicitar unha axuda familiar na Seguridade Social, xa que o interesado atendía un familiar directo enfermo que finou no mes de marzo.

O certificado foille denegado por non estar de acordo coas alegacións, indicándolle na oficina municipal que presentase unha reclamación, trámite que formalizou o 19/04/2005. Con data 17/05/2005 reclama a resposta ó Servizo de Información, onde lle suxiren que volva a falar co funcionario da dependencia onde se expiden os referidos certificados, instando deste xeito unha resposta escrita axeitada á súa solicitude.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 2/06/2005, que se recibe o 10/06/2005 e no que se explicita que o certificado solicitado está desestimado, xa que o interesado non reside no domicilio salientado desde hai tempo, sendo afirmativo outro certificado expedido a nome do seu irmán, quen si residiu no enderezo interesado ata a morte do familiar que se indicou.

Con data 23/06/2005 deuse cumprida información do anterior ó promotor da queixa, sen que desde entón se desen actuacións, polo que se dá o expediente por pechado.

REFLEXIÓNS

Cabe indicar o puntual recibo da información interesada.

EXPEDIENTE 59/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa actuación da Policía local, que o 19 de maio do ano 2004 procedeu á retirada dun vehículo por medio do guindastre municipal, fronte ó Liceo Marítimo de Bouzas, zona que é competencia da Autoridade Portuaria, polo que o interesado considera que é unha actuación impropia e fóra da competencia da Policía local.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/06/2005, solicitándose o preceptivo informe con data 23/06/2005, o cal tivo que reiterarse o 3/08/2005, o 19/09/2005, o 19/10/2005 e o 14/11/2005.

Con data 18/11/2005 recíbese a resposta, na que se rexeita o recurso de reposición porque o vehículo impedía a mobilidade doutro sito na mesma zona.

REFLEXIÓN

Dado que a zona do Liceo Marítimo de Bouzas, segundo a Memoria Anual do Porto de Vigo (2004) é competencia do Estado, non resulta correcta a actuación da Policía local de Vigo nesa zona sen unha autorización escrita e expresa do titular da competencia ou dos seus representantes, autorización que non consta nos actos polos que se inicia o expediente. Polo tanto, estamos ante unha actividade local viciada de principio, é dicir, nula de pleno dereito, xa que, ó carecer da motivación principal, prodúcese un quebranto do principio de autoridade e da propia competencia, máxime cando a situación non propicia un estado de necesidade manifesto.

O acto non responde a unha actividade administrativa que pretenda unha defensa dun interese público e, polo tanto, está condicionado a ineludibles imperativos do principio de competencia que, é claro, non lle é propicia.

Estamos ante unha situación que se podería cualificar de secuestro. Dado que entendemos que non existe un informe preceptivo ó respecto por parte do Concello, o silencio por parte deste e tendo en conta, ademais, a circunstancia de que o feito está viciado por falta de competencia, a solución inmediata sería a declaración de nulidade de todo o actuado, procedendo á devolución das taxas e demais custes e, cando menos, a declaración de desculpas, xa que o erro provoca unha desviación de poder que debería ser arranxado no momento no que o cidadán interesado presentou as probas contraditorias.

Cómpre facer notar que os casos de retención de vehículos retirados polo guindastre ata o pagamento da taxa considéranse ilegais, xa que o Real Decreto Lexislativo 399/1990, no seu artigo 7.c, establece a competencia dos municipios para a retirada dos vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta; pero nada establece acerca da posibilidade de reter o vehículo ata que non se faga efectivo o pagamento da taxa polo servizo do guindastre. Os Concellos terían que aterse ós procedementos legais, isto é, respecto ó período para o pagamento voluntario para, posteriormente, proceder á vía de constrinximento e con recargo, nos supostos de non satisfacerlo seu importe.

Isto está avalado pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, de 17/09/1992 (439), na que se subliña que a actuación administrativa consistente en esixir previa e imperativamente o pagamento da taxa de recollida de vehículos, como medio indispensable para retirarlos mesmos, lesiona a liberdade de decisión e actuación persoal.

Do mesmo xeito se pronuncia o Tribunal de Xustiza de Madrid, o 18/01/1998 (13), que subliña que non procede esixi-lo pagamento da taxa como requisito previo á devolución do vehículo, e impón decreta-la nulidade da liquidación practicada. O Concello ten que proceder á súa exacción segundo os procedementos establecidos legalmente.

Con respecto á resolución do recurso de reposición, non é congruente co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992 e, no suposto da especificidade de tráfico, o expediente teríase que resolver antes de que transcorrese un ano da denuncia, a cal se interpuxo o 19/03/2004, sendo a resolución de data 13/10/2005.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A rectificación instantánea do erro cometido.

EXPEDIENTE 60/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas incomodidades que ten que soportar a veciñanza da rúa Castelar por mor das continuas obras de reforma do firme e das beirarrúas, que coa maquinaria utilizada acaparan todos os espazos de aparcadoiro daquela zona. Engade, ademais, que a maioría dos edificios, de construción antiga, carecen de garaxe e que se trata dunha zona turística, o que incrementa as dificultades. Subliña que a Sra. Alcaldesa prometera que a zona norte da praza de Compostela reservárase para aparcadoiro exclusivo dos veciños, o que non se está a cumprir, e a Policía local non presta o servizo coa dilixencia que lle ten que ser propia.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 23/06/2005, o cal tivo que reiterarse o 3/08/2005 e o 19/09/2005.

REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente 19/2005.

RECOMENDACIÓN

As mesmas do expediente 19/2005.

EXPEDIENTE 61/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas incomodidades que ten que soportar a veciñanza da rúa Castelar por mor das continuas obras de reforma do firme e das beirarrúas, que coa maquinaria utilizada acaparan todos os espazos de aparcadoiro daquela zona. Engade, ademais, que a maioría dos edificios, de construción antiga, carecen de garaxe e que se trata dunha zona turística, o que incrementa as dificultades. Subliña que a Sra. Alcaldesa prometera que a zona norte da praza de Compostela reservárase para aparcadoiro exclusivo dos veciños, o que non se está a cumprir, e a Policía local non presta o servizo coa dilixencia que lle ten que ser propia. Como exemplo, subliña que o 17 de agosto, ás 18 horas, varios veciños comprobaron a situación, que deu como resultado que dos corenta e seis vehículos aparcados só tres levaban o distintivo NR1, polo que chamaron a Policía local, que lles respondeu que avisaran ó guindastre. Avisado este, a resposta foi que non tiñan ningún dispoñible, ou que xa “vai para aí”, pero nunca chegou.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 30/06/2005, o cal se reiterou o 3/08/2005 e o 19/09/2005, o 19/10/2005, o 14/11/2005 e o 13/12/2005.

REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente 19/2005.

RECOMENDACIÓN

As mesmas do expediente 19/2005.

EXPEDIENTE 64/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa noticia da aprobación dos proxectos para seis novos aparcamentos subterráneos, interesando que se lles apliquen as mesmas medidas tomadas no aparcamento de Castela sobre as reservas de prazas para os veciños.

Estima o promotor da queixa que na zona do seu domicilio (rúa Carral) se lles privou de todas as prazas nos aparcamentos do contorno, polo que cre de xustiza e equidade establecer un convenio economicamente axeitado no aparcamento da Estación Marítima, no proxectado en Policarpo Sanz e no existente na Porta do Sol, erradicando así as discriminacións actuais.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/07/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/07/2005, o cal tivo que reiterarse o 18/08/2005, o 28/09/2005, o 8/11/2005 e o 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente 19/2005.

RECOMENDACIÓN

As mesmas do expediente 19/2005.

EXPEDIENTE 75/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa circulación das motocicletas polas beirarrúas sen ningún impedimento por parte da Policía local, feito que denunciou o 13 de abril, sen resultado ningún, cunha incidencia especial na Gran Vía (Corte Inglés). Indica o interesado que para aparcar terían que facelo desmontados da motocicleta e auxiliándose co motor, pero non circulando.

O promotor da queixa mantivo entrevistas con persoal do departamento de Tráfico e Seguridade, sen resultado ningún; incluso os funcionarios responsables do asunto “desculpán” a actitude dos motoristas. Ante isto, pregúntase que pasará en caso de accidente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 25/08/2005, o cal se reiterou o 28/09/2005, o 9/11/2005 e o 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

A democracia municipal cumpriu xa o seu vinte e cinco aniversario e non deixou de seguir ofrecendo unha reducida cualificación profesional en distintas áreas de xestión, así como unha insuficiente cultura de colaboración entre o público e o privado. Todo isto pon de manifesto unha incapacidade institucional para satisfacer con solvencia as esixencias dos diversos ámbitos, o que xera unha tristura e desafección social. O Concello ten que proporcionar servizos, pero, ademais, ten a obriga de fornecer a educación cidadá; o futuro, e iso sábeno moi ben os políticos, non se pode reducir á teima polo voto (Álvarez Corbacho).

O artigo 5 da Ordenanza xeral de circulación do Concello de Vigo, é claro sobre o carácter de interese público para a circulación e a seguridade vial da prestación dos servizos permanentes de gardería e aparcamentos de uso público que requiren autorización e sinaliza-

ción informativa; de non ser así, o que se está a facer é producir uns obstáculos na vía pública que dificultan a circulación dos viandantes e non se acata o disposto no artigo 18 da citada ordenanza.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O control de zonas con aparcamentos autorizados co obxecto de controlar o uso axeitado das mesmas.

EXPEDIENTE 81/2005

ASUNTO

Queixa en relación cuns feitos derivados dunha sanción de tráfico. O interesado subliña que se atopa nunha situación de desidia como consecuencia da ineficacia do Concello, mostrada nos seguintes feitos:

1. O 11/03/2005 foi multado por estacionamento indebido.
2. O 20/06/2005 notificóuselle a denuncia e a apertura do correspondente expediente por unha sanción cualificada como grave.
3. O 14/07/2005 procedeu ó pagamento da multa.
4. O 20/09/2005 volvéuselle a notifica-la mesma sanción, co mesmo número de expediente.

O promotor da queixa considera intolerable este erro, que non admite desculpas tendo en conta o número de funcionarios e os medios técnicos dispoñibles, que deberían realizar as verificacións axeitadas. Ademais, tendo en conta que é unha persoa de idade avanzada, tivo que desprazarse en taxi para aclarar-la situación, o que lle supuxo un gasto de 18 euros que entende que lle debe ser devolto polo Concello.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/10/2005, o cal se reiterou o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

Atopámonos ante un suposto de clara ineficacia. Téñense que adoptar medidas que removan obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio dos dereitos dos cidadáns, ademais de elimina-las anormalidades dos procedementos e esixir responsabilidades. Os Concellos son algo máis que unha unidade burocrática.

No ámbito máis próximo ó cidadán, é dicir, na vida local, debe buscarse a mellora da lexitimidade pola vía dos rendementos; as estratexias son inesgotables, desde a modernización da xestión ata o desenvolvemento dos papeis de identificación e orientación das demandas dos cidadáns.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A compensación dos gastos ocasionados ó interesado por mor do funcionamento anormal dun servizo municipal.

EXPEDIENTE 82/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha multa imposta como consecuencia da actuación do guindastre municipal por considerar a Policía local que o vehículo do interesado entorpecía o tránsito do camión de recollida de lixo.

O promotor da queixa estima que a motivación non é xusta porque non se adapta á realidade da normativa reguladora do tráfico, xa que o camión en cuestión circulaba pola rúa en dirección prohibida, feito que se produce decotío.

O interesado achega copia do boletín de proposta de denuncia e da notificación da mesma, nas que se observa que non coinciden na cualificación da falta, xa que non existe un sinal expreso no senso da denuncia e que a pretendida obstaculación faise a un vehículo que circula en dirección prohibida.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, o cal se reiterou o 20/12/2005.

REFLEXIÓNS

Dos medios de proba presentados resulta que a sanción imponse a un vehículo que se atopa perfectamente aparcado e que obstaculiza o tránsito dun camión de recollida de lixo que circula, diariamente, por dirección prohibida. Esta pretendida retirada do vehículo non se corresponde con ningún dos pronunciamentos do artigo 20 da Ordenanza xeral de Circulación do Concello de Vigo, xa que o funcionamento do servizo de recollida de lixo non pode verse dificultado en circunstancias dunha circulación axeitada, o que non sucede neste caso, que descorre por unha vía coa circulación prohibida en determinado sentido, sendo,

polo contrario, o camión do lixo o que está a por en perigo a seguridade dos vehículos que si circulen na dirección correcta.

Tampouco se pode asemellar a prestación do servizo de limpeza, agás en situacións de catástrofe, á prestación necesaria doutros servizos públicos, como os de policía, bombeiros, sanidade, etc.; e non estamos ante un suposto dos recollidos no artigo 22 da citada ordenanza.

Por outra banda, resulta salientable que a dilixencia municipal nesa zona só se reflita erroneamente neste suposto, pero si ocorre o contrario, situacións nas que non se dá unha actuación en relación ós vehículos que sen ter a tarxeta de residentes aparcan naquela zona.

Para maior abundamento, as cualificacións do feito sancionado non son iguais no boletín de denuncia e na notificación da sanción, o que debe propiciar, por si mesmo, que tal erro, achacable á administración, debe derivar na anulación do expediente e no arquivo do mesmo.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A anulación da sanción, por non axustarse á normativa reguladora da Ordenanza xeral correspondente.

EXPEDIENTE 85/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha reserva de entrada de carruaxes dun local comercial. A empresa titular do mesmo fixo reformas no baixo, debido as cales os veciños non teñen a posibilidade de aparcar os seus vehículos privados, xa que cando aparca algún cidadán que non sexa cliente do local dan aviso ó guindastre municipal para que proceda á súa retirada e á imposición da sanción correspondente.

Asemade, o promotor da queixa solicita que naquel lugar se poida, cando menos, habilitar unha zona reservada para minusválidos, xa que carece da mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, que se reitera o 22/11/2005 e o 20/12/2005.

REFLEXIÓNS

A principal é que non está permitido estacionar nos espazos reservados a entrada de carruaxes instalados legalmente.

No suposto que nos ocupa, sería conveniente que a autoridade competente, á vista do declarado, realizase unha comprobación ó respecto, xa que é moi probable que casos como este se estean producindo, o que daría lugar ó exercicio duns dereitos que hoxe poden considerarse incorrectos ou, polo menos, obsoletos ou decaídos.

Do mesmo xeito, teríase que calibrar o número de prazas reservadas a discapacitados en función da lonxitude das vías públicas.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. Unha actualización real das entradas de carruaxes e das prazas reservadas a minusválidos.

EXPEDIENTE 86/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de oportunidades de que dispoñen os minusválidos vigueses para acceder ós vehículos públicos, con especial atención ós taxis, xa que só existen dúas licenzas en todo o municipio, negándose a prestar o servizo algúns deles, nalgunhas ocasións, aducindo motivos persoais. Estima tamén o interesado que o servizo debería prestarse durante as vinte e catro horas do día.

Por outra parte, en canto ó servizo público de transportes de autobús (Vitrasa), se ben dispoñen de plataforma baixa de trinta centímetros, deberían habilitarse ramplas de igual medida para que os discapacitados puidesen acceder sen axuda.

Ademais, indica que no transporte marítimo non se permite o acceso ás persoas discapacitadas ós vapores de transporte pola ría.

O promotor da queixa presentou solicitudes, no só no Concello, senón tamén nas empresas correspondente, sen resultado positivo en ningún dos casos.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/10/2005, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

A Constitución española reflite unha serie de situacións básicas ás que, como factor de integración que é, procura encontrarlles canles que promovan as condicións de igualdade dos individuos, removendo os obstáculos que as dificulten. Moitas destas actuacións vanse reparando en función das competencias que se atribúen ós distintos poderes públicos ou Administracións públicas.

No caso que nos ocupa, o artigo 49 reclama unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e INTEGRACIÓN dos diminuídos físicos, ós que se lles prestará a atención especializada que se requira e amparará especialmente para o GOCE dos dereitos que se lles outorgan a todos os cidadáns.

Non é lícito esquecer que a Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985) considera e magnifica ó municipio como o marco por excelencia da convivencia social; o equilibrio social asóciase co florecemento municipal.

Tense que extremar o rigor distributivo que permita acadar situacións de goce igual para todos, coa adopción das medidas que permitan igualar as situacións diferenciadas. A liberdade ten que fortalecerse dotando a determinados colectivos dos instrumentos e medios que favorezan a súa autonomía persoal e social para afrontar os cambios que, a nivel físico ou doutro tipo, danse na sociedade, facilitándolles o acceso a determinados ámbitos que melloren a súa calidade de vida.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. Lograr a eliminación permanente de todo tipo de barreiras que, en gran medida, existen na cidade e prexudican notablemente a colectivos diminuídos fisicamente.

EXPEDIENTE 95/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunhas obras que se están a realizar na rúa da residencia do interesado que lle impiden acceder ós vehículos, agás ós que acceden a un aparcamento, cando na súa vivenda habitan persoas de idades elevadas que para acudir ós servizos de atención médica, o que sucede con frecuencia, necesitan o emprego de taxis, ós que tamén se lles prohíbe o acceso.

O promotor da queixa acudiu ó concello en solicitude de axuda, sen resultado ningún.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, o cal se reiterou o 14/12/2005.

REFLEXIÓNS

Non cabe dúbida que as obras de remodelación que se están a levar a cabo na configuración urbana teñen como obxectivo perseguir unha mellora da calidade de vida dos cidadáns, pero é obvio que algunhas persoas vense en situacións incómodas de xeito temporal. Por iso, teríanse que coidar aqueles supostos e condicionamentos das persoas prexudicadas neste expediente e aplicar medidas excepcionais e puntuais que lles permitan facer uso dos servizos de transporte axeitados ás súas necesidades.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. A análise pormenorizada de atencións como as deste expediente.

EXPEDIENTE 108/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude de prazas para estacionamento de discapacitados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 27/12/2005.

REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente 86/2005.

EXPEDIENTE 109/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dun colaborador de Protección Civil.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/12/2005, iniciándose o procedemento (solicitude de informe preceptivo) en xaneiro do ano 2006.

EXPEDIENTE 110/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dun colaborador de Protección Civil.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/12/2005, iniciándose o procedemento (solicitude de informe preceptivo) en xaneiro do ano 2006.

CAPÍTULO IV: PARTICIPACIÓN CIDADÁ

EXPEDIENTE 18/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de liberdade de expresión que se vén dando ultimamente na casa do Concello. O promotor da queixa explica que o 28 de febreiro de 2005 acudiu ó Pleno convocado para aquela data, de xeito pacífico e portando un cartón no que indicaba o estado de abandono da praia da Punta, en Teis.

Na entrada do Concello, a Policía local prohibiulle o acceso ó salón de Plenos co citado cartón, prohibición, segundo lle indicaron, feita en cumprimento das ordes recibidas ó respecto, polo que tivo que deixalo e foi obxecto de vixilancia permanente por parte da Policía durante o Pleno.

Subliña que falou co primeiro Tenente de Alcalde quen lle manifestou que non existía ningunha orde de prohibición. O interesado pregúntase de quen partiu a orde e por que existe un especial receo ós veciños de Teis.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/03/2005. Solicitouse o preceptivo informe o 13/03/2005 e, como excepción, sen necesidade de requirimento posterior, o 9/04/2005 recibíuse escrito do Servizo de Atención Cidadá co que achega informe da Policía local, no que subliña o seguinte:

“Con relación al asunto de referencia, por medio del presente informo a Vd.: Que efectivamente, el día 28 de febrero, mientras se celebraba una Sesión Plenaria de este Excmo. Ayuntamiento, y encontrándose el que suscribe como Jefe del Servicio en el propio Salón de Sesiones, fue informado por el Cabo C-30 que se encontraba controlando los accesos en el hall de la Policía de que un ciudadano pretendía acceder con una pancarta de considerables dimensiones (como el propio denunciante dice, de aproximadamente un metro cuadrado), consistiendo esta en un cartón semirígido y sin especificar su leyenda.

Este Suboficial comunica al Cabo que dadas las características físicas de tal pancarta informe al ciudadano de que no puede entrar en el interior del Salón con ella, a lo que accede sin mostrar disconformidad en ningún momento y dejando la pancarta detrás de una de las sillas del citado hall, subiendo al Salón y recogéndola una vez finalizada la sesión.

Obviamente, una de las principales funciones de la Policía local es garantizar la Seguridad Pública, y concretamente “proteger a las Autoridades de las Corporaciones Locales y la vigilancia o custodia de sus edificios e instalaciones” (Art. 53.1 a de la L.O.FF. y CC. de Seguridad). Para el ejercicio de sus funciones podrán, entre otras facultades, intervenir objetos que puedan suponer un riesgo en caso de agresión (Lei 1/92 de Seguridad Ciudadana). Dicha facultad queda a criterio de los Agentes actuantes, sujeta únicamente a los principios básicos de oportunidad, congruencia y proporcionalidad.

En el caso que nos ocupa, teniendo en cuenta los recientes antecedentes de alteración del orden en otras sesiones plenarias, el que suscribe estimó que dadas las características de dicha pancarta, no procedía que se introdujera en el Salón.

Es de señalar que habitualmente se permite el acceso con pancartas y carteles, pero siempre que por sus características físicas (y no de contenido) no supongan un riesgo en caso de incidentes.

Por último, decir que lo que literalmente denuncia el Sr...de “...fun vixiado en todo momento polos mencionados Policías mentras estiven no Pleno” no se ajusta a la realidad ya que en el interior del Salón prestaba servicio la dotación mínima de Policía (dos Agentes y un mando) y la presencia del Sr... resultaba absolutamente indiferente, siendo significativo que ni allí ni en ningún otro punto se procedió ni siquiera a su identificación.

Se adjunta la denuncia del interesado, escrito del Valedor do Cidadán y del Jefe del Servicio de Atención Ciudadana.”

Con data 13/04/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado quen, con data 19/04/2005, entrérganos novo escrito no que manifesta a súa desconformidade con parte da exposición anterior e formula a pregunta de que se en próximos Plenos pode asistir cun cartón, dándosele desde esta oficina a resposta de que o permiso, en función dos antecedentes, podería estar supeditado ás dimensións do mesmo.

REFLEXIÓN

Faise constar a axilidade mostrada polo Servizo de Participación Cidadá na tramitación da queixa.

RECOMENDACIÓN

Que o resto das actuacións se realicen coa axilidade e a eficacia do suposto que nos ocupa.

EXPEDIENTE 40/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades nas que se atopa o interesado por mor da adquisición duns edificios por parte dunha promotora de vivendas.

En maio de 2004 comunicáronlle que se procedera á venda do edificio no que reside, e a empresa compradora notificoulle que debía abandonala vivenda xa que a súa intención era construír un edificio novo. Dado que, en principio, non aceptou a petición, desde ese momento fíxoselle difícil a situación con respecto á súa calidade de vida debido a que lle deron as chaves do piso superior a unha parella coa finalidade de que lle perturbase a convivencia.

Con data 30/07/2004 presentou denuncia no Rexistro Xeral do Concello, na que declara a ocupación ilegal do inmovible, o que provocou altercados que motivaron chamadas á Policía local en varias ocasións.

Con data 22/10/2004 reitera a denuncia anterior, engadindo, ademais, as inundacións que se producen na súa vivenda debido á derruba da parede do patio de luces, feita polos propios propietarios. Este feito foi comunicado ós mesmos sen resultado ningún, polo que solicita a presenza de persoal técnico do Concello para a súa verificación. Isto propiciou a visita da Policía local en data 18/10/2005, en cuxo parte se confirma a entrada da auga no baño e que esta procede do piso superior.

Subliña o promotor da queixa que os axentes se puxeron en contacto cos moradores do piso superior, comprobando que esa vivenda se atopa completamente seca, polo que deron aviso á empresa Aqualia para que procedese ó corte da subministración de auga á vivenda e así evitar males maiores, xa que se estima que a inundación procede dalgún cano picado. Desde entón non se adoptou ningunha medida por parte de Aqualia para evitar a entrada de auga.

Posteriormente, en abril de 2005, presentou dúas denuncias máis, unha delas na OMIC.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/05/2005. Con data 27/05/2005 recíbense escritos do Servizo de Atención Cidadá nos que nos informa que un dos apartados da denuncia afecta ó departamento de Seguridade e outro ó departamento de Vías e Obras. Con este último achega informe dese departamento, no que se reflite que o 10/05/2005 dirixiu escrito ó interesado comunicándolle que a súa denuncia non é competencia desa Administración municipal ó tratarse dunha controversia puramente civil.

Con data 2/06/2005 dáse cumprida información ó interesado do antedito e, previamente, participaselle ó Servizo Atención Cidadá que falta a información correspondente ó departamento de Seguridade.

Con data 16/06/2005 recíbese informe da OMIC, no que subliña que *“toda vez que o reclamado non formula alegacións procederase a reiterar o escrito, concedéndolle un novo prazo de 10 días para alegacións. Se transcorrido o mesmo non se formulasen as alegacións, trasladarase todo o actuado á Xunta de Galicia”*.

Con data 17/06/2005 recíbese escrito do Servizo de Atención Cidadá, co que achega copia do informe sobre o estado das vivendas en cuestión. Do anterior dáse traslado ó interesado o 20/06/2005 quen con data 1/07/2005 comunícanos que segue a avaría de auga, sen que por parte de ninguén se proceda á reparación.

Con data 4/07/2005 diriximos novo escrito ó Servizo de Atención Cidadá, subliñando o seguinte:

1. Non existe un pronunciamento da empresa subministradora sobre o corte de auga. Esta ameazou co corte da subministración, xa que o propietario non procedía ó arranxo da avaría.
2. O Concello non prestou amparo nin axuda ningún.
3. Estase a producir un desbaldir dun ben necesario e escaso, non entendendo como se pode tolerar este desperdicio, do que ninguén se preocupa.

No mesmo tamén se pregunta sobre a adopción das medidas procedentes para a solución do problema.

Con datas 29/08/2005 e 26/09/2005 reitérase o pedimento anterior, recibíndose novo informe o 11/10/2005 co que se achega escrito de Aqualia, no que se informa que a rotura é interior e non é da súa competencia a reparación da mesma pero que, non obstante, se puxo en coñecemento do Concello para intentar *“forzar ó propietario”*.

Entendemos, pola nosa parte, que a intención, en base á súa discrecionalidade, pode ser pouco efectiva, quedando o tema nunha cuestión puramente privada. Non obstante, con datas 22/11/2005 e 22/12/2005 solicitouse información actualizada por se houberse unha solución.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha cuestión que se define, por unha parte, polo departamento de Vías e Obras, como civil ordinaria e, por outra, o informe da Policía local indica que a empresa só fai referencia a que están á espera da concesión da licenza correspondente para a derruba do edificio para construír de novo.

A pregunta é obvia: ¿entre tanto, que pasa coa auga que se filtra, se derrama e se despreza? Ós cidadáns o que lles interesa son actuacións ou, alomenos, colaboración da súa administración máis próxima en termos de economía, axilidade e eficacia, o que, obviamente, aquí non se albisca. Se a licenza segue demorándose, cando pasen dous anos quen é o responsable dese anómalo proceder. Ó parecer, é fácil deducir quen se fai “cargo”, converténdose o problema nunha cuestión privada.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles e eficaces, como propugna a Constitución española.

EXPEDIENTE 56/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos danos orixinados polas obras levadas a cabo na rúa San Sebastián e a reparación dos mesmos. O interesado presentou no Concello seis denuncias, sen recibir unha solución.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 14/06/2005. Con data 29/06/2005 recíbese escrito de Participación Cidadá no que reclama unha documentación complementaria do expediente, a cal se lle remite o 30/06/2005.

Con datas 19/07/2005 e 22/07/2005 o Servizo de Participación Cidadá remítenos informes relativos a Montes, Parques e Xardíns, Policía local e Patrimonio Histórico, respectivamente, dos cales se dá cumprida información ó interesado o 3/08/2005.

Con data 4/08/2005 recíbese novo escrito de Participación Cidadá co que achega informes da Xerencia Municipal de Urbanismo e da Oficina de Rehabilitación, o que se traslada ó promotor da queixa o 8/08/2005.

Con data 17/08/2005 dirixímonos ó Servizo de Participación Cidadá acusando recibo de todos os seus escritos anteriores e participándolle que con esa mesma data recibimos a visita do interesado, quen nos expresa a súa sorpresa ó recibir tanta información pero que bota en falta que ninguén fai mención ás súas peticións de indemnización de danos ou de reparación

dos mesmos, xa que foron consecuencia das obras de acondicionamento das escaleiras da rúa San Sebastián.

O promotor da queixa insiste en reclamar unha resposta á súa petición sobre os desperfectos que se produciron nos seus locais de negocio, dos que os destinados a almacén e tenda non acadaron as condicións axeitadas desde que se levaron a cabo as obras de acondicionamento, tendo en conta que era o seu único medio de subsistencia, que impediron a actividade como tal e repercutiron no incumprimento das súas obrigas ante a Seguridade Social como traballador.

Con datas 19/10/2005 e 8/11/2005 reitérase a petición de informe en relación cos danos sufridos, que se recibe o 18/11/2005, no que se subliña que se está pendente de informe técnico. Do anterior dáse cumprida información ó promotor da queixa e solicítase nova información actualizada o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

É obvio que, neste suposto, dáse un efecto propio da responsabilidade patrimonial do ente público local ou dalgún concesionario da obra pública de acondicionamento. O interesado, como todos os cidadáns, ten dereito a obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións impoñen ás actuacións ou solicitudes; neste caso, as indicacións que sexan procedentes na procura ou inicio do procedemento reparador dos danos sufridos.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles conformes coas peticións dos cidadáns, do mesmo xeito cás que se veñen realizando por parte do Servizo de Participación Cidadá.

EXPEDIENTE 68/2005

Non iniciado por falta da documentación necesaria para o inicio da tramitación, requirida ó interesado.

EXPEDIENTE 69/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa actuación dunha pala municipal que esnaquizou a vexetación, as árbores e o poste dunha finca de propiedade do promotor da queixa. Este considera que a acción é responsabilidade do Servizo de Participación Cidadá, xa que persoal adscrito a ese servizo comprometeuse a restablece-los danos causados.

Subliña, ademais, que o informe técnico que achegou non coincide co municipal e non considera válida a medición topográfica realizada por non estar presentes os propietarios. Para tal fin presentou dúas denuncias no Concello, en maio e xullo de 2005.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/07/2005. Solicitouse o preceptivo informe o 3/08/2005, o cal tivo que reiterarse o 19/09/2005. Con data 20/09/2005 recíbese escrito de Participación Cidadá, no que nos informa o seguinte:

“Unha vez recibida esta documentación (refírese a documentos de Disciplina Urbanística relacionados coa queixa que nos ocupa) e debido ás discrepancias na delimitación dos terreos propiedade do demandante, sen prexuízo de que se reclame á empresa adxudicataria das obras da pista polideportiva do Centro Cívico de Teis a reparación dos danos causados pola maquinaria da mencionada empresa na propiedade do reclamante, solicitouse:

- Ó departamento de Cartografía, o deslinde da propiedade da finca de ..., proceda coa propiedade municipal nº..., informe do que se achega copia.

- Ó Servizo de Patrimonio, que inicie o expediente de deslinde das propiedades anteriormente mencionadas.

Unha vez realizado o deslinde, darase orde á empresa ... de que proceda á reparación dos danos causados na propiedade ...”

Do anterior, así como do informe do departamento de Cartografía, deuse cumprida información ó interesado o 20/09/2005, quedando pola nosa parte pendente de, en datas vindeiras, solicitar información actualizada en relación co expediente de deslinde subliñado.

Con data 19/10/2005 solicitouse o anterior informe, o cal se recibe o 28/10/2005, no que se indica que aínda non está efectuado o citado deslinde. Do anterior deuse cumprida información ó interesado o 31/10/2005.

Con data 28/11/2005 solicítase novo informe actualizado, que se recibe o 7/12/2005, sen que exista aínda informe técnico ó respecto.

REFLEXIÓNS

É preciso salientar a axilidade mostrada polo Servizo de Participación Cidadá na tramitación do expediente que nos ocupa.

RECOMENDACIÓN

Que se tomen como exemplo as actuacións do Servizo de Participación Cidadá.

CAPÍTULO V: SERVIZOS XERAIS

EXPEDIENTE 34/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas solicitudes que desde decembro de 2002 vén presentando o promotor da queixa polas sucesivas inundacións que padece na súa vivenda por mor das fortes chuvias e que, debido á falta de sumidoiros de recollida de augas idóneos, lle producen graves prexuízos, tanto de saúde como económicos.

Ademais das copias das denuncias, remítenos copias de documentación varia, entre a que é preciso subliñar:

- Informe da Policía local (21/09/2004) no que se fai constar a incapacidade dos rexistros dos sumidoiros, o que provocou unha precipitación de barro sobre a propiedade privada.

- Informe da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, como parte da inspección levada a cabo o 8/09/2004, no que se refliten como feitos probados: *“Debido ao pouco diámetro e a falta de limpeza das baixantes das augas pluviais, provócalles inundacións aos veciños que teñen a súa vivenda en ... xusto debaixo da mencionada curva de ...Xúntanse planos de situación.”*

SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005. Con data 1/06/2005 recíbese escrito do Negociado de Vías e Obras co que achega copia do informe emitido por Aqualia, no que se reflite: *“Durante los días 4 y 6 de Septiembre del año 2.004, se produjeron precipitaciones de lluvias extraordinarias que anegaron prácticamente la totalidad de la ciudad de Vigo, coincidiendo en dichos días las filtraciones de agua denunciadas.*

Ante la reiteración de estas inundaciones en días de intensas lluvias, y de las responsabilidades que se le exigen por dicho motivo, Aqualia ha procedido a la inspección de las redes generales de saneamiento, concluyendo que la elevada intensidad de precipitación que se produjo superó la máxima capacidad de transporte de los colectores existentes.

Asimismo, y en relación con los hechos que nos ocupan, se ha podido comprobar que los anegamientos que se produjeron en algunas calles se derivaron de las fuertes e intensas lluvias registradas durante las fechas referidas en nuestra ciudad, una vez que las citadas lluvias cesaron, el alcantarillado comenzó a desaguar correctamente, evidencia inequívoca de su buen funcionamiento.

No obstante, le informamos que dada la naturaleza de los hechos, el Consorcio de Compensación de Seguros podría estar atendiendo estos casos.”

Con data 19/10/2005 dirixímonos ó departamento de Vías e Obras interesando información sobre o expediente, segundo se fai constar nas reflexións, que se recibe o 15/11/2005, no que se indica que con data 9/11/2005 deron traslado do expediente ó departamento de Responsabilidade Patrimonial, competente da responsabilidade por danos. Do anterior deuse cumprida información ó interesado o 16/11/2005.

Con data 12/12/2005 solicítase información ó departamento de Responsabilidade Patrimonial, que se recibe o 27/12/2005, na que indica que se inicia o expediente de responsabilidade patrimonial. Dáse traslado desta información ó interesado na mesma data.

REFLEXIÓN

No informe de Aqualia (15/03/2005) reflítese que as causas das inundacións se deben a chuvias extraordinarias.

No informe da Concellería de Medio Ambiente, segundo a inspección do 8/09/2004, reflítese que o pouco diámetro e a falta de limpeza das baixantes das augas pluviais provocáronlles inundacións ós veciños.

As preguntas que xorden son: ¿Cal é a realidade? ¿Que actuacións levou a cabo o órgano municipal responsable se o propio Concello define e recoñece “pouco diámetro” e “falta de limpeza”? ¿Hai ou non hai un funcionamento anormal dun servizo público? ¿Que ocorre coa solicitude entregada no Rexistro Xeral do Concello o 22/02/2005, na que o afectado solicitou o resarcimento de danos cifrados en 900 euros? ¿Iniciouse ou non o procedemento que subliña o Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de procedemento das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial? Estes interrogantes preséntanse con data 19/10/2005, cando transcorreran máis de catro meses desde o recibimento do escrito de Vías e Obras antes subliñado.

O cidadán, segundo o artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, ten, entre outros, o dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que sexa interesado, así como a obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos e técnicos que as disposicións impoñan ós proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

RECOMENDACIÓN

Actuar consonte ás directrices que dimanan das propias normas dos procedementos específicos.

EXPEDIENTE 43/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dunha canella na que as continuas quebras na canalización das augas da traída, como consecuencia da construción efectuada nunha rúa próxima, produce cortes de auga e impedimentos para acceder ás vivendas e ós garaxes da zona. Este feito foi denunciado en agosto de 2004.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, o cal tivo que ser reiterado o 15/06/2005 e o 7/07/2005. Con data 8/07/2005 recíbese escrito do Servizo de Vías e Obras, no que informa que:

- Con data 30/06/2005 Aqualia presentou un presuposto de substitución dos canos do tramo danado.

- O seguinte consistiría na elaboración do proxecto correspondente, a dispensas da dispoñibilidade orzamentaria necesaria.

Con data 11/07/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitarase informe actualizado sobre a situación do expediente, o cal se fixo con data 7/09/2005, que tivo que reiterarse o 19/10/2005.

Con data 11/11/2005 recíbese o informe, no que se subliña que xa se redactou o proxecto de substitución de canos de fibrocemento por fundición, o cal se someterá á Xunta de Goberno Local. Do anterior deuse cumprida información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras se solicitaría informe ó respecto, petición que se formula o 12/12/2005.

Con data 27/12/2005 recíbese información de Vías e Obras, na que se indica que o proxecto foi aprobado, estando previsto o inicio das obras na segunda quincena de xaneiro de 2006. O anterior comunícase ó interesado coa mesma data e considérase que o expediente pode quedar pechado.

REFLEXIÓNS

Trátase dun problema relacionado con deficiencias por roturas de canalizacións denunciadas no mes de agosto de 2004, e os afectados reciben a primeira información oficial trece meses despois.

A credibilidade que se deriva da rapidez e da axilidade das actuacións públicas, constitucionalmente referendadas, non se acada, xa que, un ano despois do feito, non se arranxaron os desperfectos.

RECOMENDACIÓN

Actuacións que sigan as canles da normalidade que ten que derivar dunha administración áxil e eficaz.

EXPEDIENTE 45/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello reclamando unha facturas de consumo de auga coa intención de pedi-las devolucións que puidesen corresponderlle.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/15/2005. O 27/05/2005 recíbese escrito do Servizo de Vías e Obras, no que indica que o 18 do mesmo mes solicitaron á empresa Aqualia informe ó respecto. Do anterior deuse cumprida información ó interesado con data 2/06/2005.

Posteriormente, o 15/06/2005, recíbese novo escrito de Vías e Obras co que achega informe de Aqualia, no que se explican os trámites a seguir no procedemento, o cal se pon en coñecemento do promotor da queixa o 16/06/2005.

REFLEXIÓN

Hai que reflectir a xestión puntual, é dicir, áxil e eficaz, por parte do Servizo de Vías e Obras.

RECOMENCIÓN

A reiteración de comportamentos como o que nos ocupa.

EXPEDIENTE 54/2005

ASUNTO

Queixa en relación co estado do chan do ramal 3 de Fonte Escura. O promotor da queixa indica que con data 7/06/2005 lle foi comunicada a inmediata operación de asfaltado, subliñando que, segundo consta en certificación do Arquitecto Municipal de Patrimonio (26/04/2005), o ramal é de propiedade pública "non obstante a posible titularidade privada do camiño correspondería ó que estivese recollido nos títulos de propiedade lindeira co camiño, non existente en poder deste Concello". O interesado manifes-

ta que non está de acordo coa certificación municipal, xa que o Concello tivo no seu poder a escritura pública correspondente, presentada por aquel en diversos escritos de solicitude. Segue e subliña que a Xunta de Goberno Local, en sesión de 2 de maio de 2005, acordou o seguinte:

1. Aproba-la corrección material dun erro na grafía existente no plano de planimetría de viais do Inventario Municipal de viais, bens e dereitos, eliminando o grafismo dez metros finais do ramal de Fonte Escura.

2. Dar traslado do presente acordo ó Pleno Municipal na rectificación anual do Inventario Municipal de viais, bens e dereitos.

O acordo explicita detalladamente as actuacións e reflite que a interesada, o 17 de setembro de 2004, solicitou a corrección da planimetría de viais públicos, eliminando o grafismo dos últimos dez metros no tramo final do Ramal 3 de Fonte Escura, xa que, de acordo coa súa escritura de propiedade e a folla de características do inventario, o mencionado ramal non discorre a través da súa propiedade. Subliña, ademais, que o número ... é agoa o número ..., por se existise algún tipo de dúbida. Por todo, non se pode asfaltar todo o ancho do ramal, porque na actualidade ten dous metros de ancho, o resto non é do Concello e non terían que asfaltar dous metros no centro do mesmo, indicando que, se asfaltan todo o ancho, a auga da chuvia acumularíase na parte máis próxima ó camiño e caería no seu terreo, provocando inundacións, co perigo do terraplén na altura ata o camiño.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/06/2005 que se recibe o 20/06/2005 dende o Servizo de Vías e Obras, no que se di que o taller de Vías e Obras desiste de actuar no mencionado camiño (Ramal 3 de Fonte Escura), dado o enfrontamento dos veciños da zona, dirixindo a súa actuación a outras rúas. Con data 23/06/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 19/10/2005 reiteramos a petición dunha solución axeitada segundo as reflexións que se subliñan a continuación.

O feito que se contempla neste expediente non é outro que a pretensión dunha obra na procura da mellora da calidade de vida dos cidadáns, deber que os poderes públicos teñen para cos mesmos, tal como se reflite no artigo 45.2 da Constitución española. Segundo a norma máxima do noso ordenamento xurídico, non se pode obvia-lo principio de igualdade ante a lei, e non caben discriminacións de ningún tipo.

Segundo na órbita das normas ou obrigacións, o artigo 18 da Lei 7/1985 (Lei de bases de réxime local), norma elemental dos municipios, reflite o dereito a utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, acceder ós aproveitamentos comunais, conforme ás normas aplicables, e contribuír con prestacións económicas e persoais á realización das competencias municipais; así como a esixi-la prestación e, no seu caso, o establecemento do

correspondente servizo público no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio. Segundo o artigo 26, estes servizos son, entre outros, o acceso a núcleos de poboación, pavimentación de vías públicas, etc. É suficiente con ler detidamente algún dos maxistras parágrafos da exposición da lei básica, tal como aquel no que se explica: *“a implantación dun cimento tan sólido de convivencia, que vale tanto como dicir de futuro, por forza ten que producir beneficiosos efectos ó longo e ó ancho do ser nacional, insuflando novo zume e novas enerxías nos últimos redutos da organización social; nunha palabra, rexenerando un tecido social desatendido, cando non decrepito e magoado polos sucesivos embates de cantos vicios e abusos asolaron a nosa vida pública, transformándose en campo de agramante de quen disputaba o dominio das institucións para a satisfacción de privados intereses”*.

A Constitución española foi o motor capaz de adaptar a Administración local ás novas realidades. No medievo aduciáse “o aire da cidade fai libre”, o municipio é o reduto das liberdades e o enclave liberador dos sometidos á servidume.

De aí que renunciar a unha acción como a que nos ocupa vai en descrédito do factor da credibilidade do cidadán en relación coa súa Administración pública máis próxima e, polo tanto, máis importante, instando a que se acade unha actuación conforme ós acordos dos órganos competentes.

Con data 15/11/2005 recíbese escrito de Vías e Obras, no que indica agora que a obra non se executou, segundo o Acordo da Xunta de Goberno Local de 6/05/2005, no que se aprobou a corrección material dun erro na grafía existente naimetría de vias, eliminando o grafismo de 10 metros lineais ó final do camiño, como instou no seu día o promotor da queixa. Por iso, non se considera un camiño público e non se procedeu ó seu arranxo, subliñando que no seu informe anterior deuse un erro na notificación.

EXPEDIENTE 66/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha solicitude feita a Aqualia polas roturas na rede de abastecemento, coas correspondentes obras de reparación. Estas obras causaron danos nun edificio e a Comunidade de Propietarios interpuxo demanda no Xulgado para o resarcimento dos danos, estando previsto o xuízo para o vinte de setembro.

O promotor da queixa reclama a Aqualia, a través do Concello, que lle expida unha certificación das avarías, xa que as solicitou o 13/05/2005 e non obtivo resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/07/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/08/2005, o cal se reitera o 18/08/2005, o 19/10/2005, o 8/11/2005 e o 5/12/2005.

Con data 5/12/2005 recíbese o informe solicitado, no que se indica que, segundo Aqualia, non constan denuncias na rede de abastecemento naquela zona desde o ano 2002. Trasládase a información anterior ó interesado o 12/12/2005.

Con data 12/12/2005 insistimos ante Vías e Obras, indicándolle que a solicitude a Aqualia é sobre accións ocorridas no ano 1994.

REFLEXIÓNS

O cidadán ten dereito a dispor dos datos e documentos que lle afecten neste suposto, o contrario suporía unha discriminación que pode afectar ós seus dereitos ante as vías contenciosas.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. A protección dos dereitos que lle reconece ó cidadán os artigos 35 e 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

EXPEDIENTE 76/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha tapa de rexistro de saneamento situada no cruzamento de Balaídos con Castrelos que está sen asentar e produce un ruído constante e molesto durante o día e a noite, dado o tránsito permanente de vehículos pesados en dirección á Zona Franca e ó Polígono Industrial.

Esta situación foi comunicada reiteradamente por teléfono desde o mes de xaneiro de 2005, sen resultado, e incluso se interesou o seu axuste ós traballadores que, en dúas ocasión, realizaron obras de acondicionamento semellante naquela zona (tapas de rexistro de R), os que lle responderon que non podían face-lo traballo por no estar na súa orde do día.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 1/09/2005, o cal se recibe o 16/09/2005, no que se reflite que *“tendo noticias a través de esa institución da problemática formulada polo interesado, nesta data dáse traslado a Aqualia para reparación urxente do rexistro de saneamento”*. Do anterior deuse cumprida información ó interesado o 19/09/2005.

Con data 13/10/2005 o promotor da queixa manifesta que se fixo unha revisión da tapa, pero que na mesma zona existen outras dúas que xunto co firme desgastado seguen a producir un ruído intenso, aínda que non tan acusado como cando se iniciou a queixa.

Con data 19/10/2005 dirixímonos o Servizo de Vías e Obras solicitando unha revisión daquela zona.

Con datas 7 e 8 de novembro de 2005 recíbense comunicacións do interesado nas que reafirma que o arranxo non se produciu, o que lle ocasiona molestias permanentes a toda a familia, e coas que achega fotografías como proba da situación viaria. Neste senso dirixímonos a Vías e Obras con datas 14/11/2005 e 13/12/2005.

REFLEXIÓNS

Unha vez máis, atopámonos cun ruído que ocasiona un efecto psicofísico non desexado, que ben sabido é que ó superar os niveis normais, ser permanente e intensificarse nas horas de repouso nocturno, afecta, sen dúbida, á integridade física e á moral da veciñanza.

O artigo 325 do Código penal, debuxa ó ruído como a fonte que pode prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais e, conseguintemente, a saúde das persoas. Polo tanto, aínda que a xurisprudencia cualifica tal delito como de perigo abstracto, estende a punición no suposto de risco de grave prexuízo para a saúde das persoas; pero aínda se chega a máis cando se definen como bens a protexer a intimidade persoal e familiar no ámbito do domicilio, o benestar e a calidade de vida dos cidadáns, así como o equilibrio dos sistemas naturais.

RECOMENDACIÓN

Unha actitude positiva por parte do órgano municipal, en aras a reducir ó máximo unha perturbación tan contrastada.

EXPEDIENTE 77/2005

ASUNTO

Queixa presentada en representación da Comunidade de Propietarios e Comerciantes da Travesía do Pino en relación co estado en que se atopa a citada travesía.

Indica o promotor da queixa que o 11/10/2004 presentou no Rexistro Xeral do Concello unha solicitude en demanda dunha solución digna e axeitada a unha situación lamentable, xa que a Travesía do Pino carece de beirarrúas, non ten unha iluminación suficiente, o asfalto está cheo de fochas e ten un tránsito e un aparcamento de vehículos caóticos. Considera que pagan os seus impostos pero non perciben as prestacións e as atencións que lle corresponden ó Concello.

Como única atención, recibiron a visita do Concelleiro de Distrito e dun funcionario de Vías e Obras días despois de presenta-la súa solicitude, pero non lles deron ningunha solución.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/09/2005, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, o cal tivo que reiterarse o 19/10/2005 e o 14/11/2005.

Con data 15/11/2005 recíbese informe da Concellería de Servizos Xerais, no que indica que deu traslado do expediente á Concellería de Urbanismo por ser da súa competencia.

Con datas 28/11/2005 e 12/12/2005 solicítase informe actualizado á Concellería de Urbanismo.

REFLEXIÓNS

Estamos nun suposto de clara discriminación, xa que non se dá o principio de igualdade ante a lei. Os veciños contribúen á realización das competencias municipais con contribucións económicas, de aí o seu dereito a reclamar as prestacións, neste caso, o acondicionamento dun lugar de tránsito frecuente e colectivo, que máis ben parece unha canella ca unha travesía.

A resposta do Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1999 de non executar as obras polos desniveis que existen por enriba da rasante prevista, non parece satisfactoria con respecto á realidade actual, cal é: a existencia de múltiples furados, a ausencia de asfalto, os labirintos das beirarrúas, o caos circulatorio e a falta de iluminación.

A sociedade móstrase como un todo continuo, onde a distancia, antes factor explicativo de supostas autarquías, foi superada polos medios de transporte, polas ondas e pola defensa dun mercado único. A continuidade do tecido social fai imposible marcar unhas fronteiras nítidas ós intereses, cuxa tutela se encomenda ós distintos poderes que, deste xeito, destacan a súa condición de formar parte dun conxunto institucional. As competencias teñen que adaptarse ós intereses reais en xogo.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. A axilidade e eficacia na prestación dos servizos públicos obrigatorios.

EXPEDIENTE 92/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades polas que están a pasar os veciños dunha rúa por mor das obras que se realizan nela. Subliñan que na súa zona non se adoptaron as medidas que se tomaron noutras, como deixar unha das beirarrúas para o paso dos peóns e unha parte da calzada para a circulación e o aparcamento dos vehículos.

Indican que as gabias van de beirarrúa a beirarrúa, polo que se producen grandes moreas de terra, pedras, madeira e cascallos que impiden o máis elemental movemento; os valados conforman auténticos labirintos e só permiten o tránsito en ringleiras de un e, se chove, o paraugas non se pode utilizar; suprimíronse os aparcamentos en todo o que o Concello vén en chamar Zona 1 para residentes, polo que os veciños se preguntan onde está a alternativa que se tiña que ter previsto.

Estiman que a veciñanza merece un respecto e a achega de alternativas, instando a adopción urxente de medidas que alivien a situación, en especial aquelas que faciliten a mobilidade das persoas e dos vehículos, así como aparcamentos para residentes.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 7/11/2005 á Concellería de Urbanismo, quen na mesma data lle dá traslado á Concellería de Servizos Xerais – Vías e Obras, por estimar que é da súa competencia.

Con data 14/12/2005 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 16/12/2005, no que indica que a esa data os problemas xa estaban solucionados.

REFLEXIÓNS

Estamos ante outra situación de discriminación en canto ó tratamento dos veciños en relación con situacións idénticas, non só no contido, senón tamén na temporalidade. As obras de acondicionamento teñen que procurar o menos índice de molestias ós afectados máis próximos, por moito que as mesmas teñan un gran significado na mellora da urbe.

RECOMENDACIÓN

Unha planificación máis axeitada ás necesidades dos cidadáns afectados.

EXPEDIENTE 97/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas inundacións que se producen no baixo e no garaxe da vivenda do interesado debido as fortes chuvias, xa que o enreixado do sistema de desaugadoiro é insuficiente. Estes feitos están acreditados con actas da Policía local de data 8 de novembro de 2005.

O promotor da queixa vén presentando escritos, cos que achega fotografías, dende o ano 1997, sen actuacións consecuentes, agás unha notificación do 26 de novembro de 1997 na que o departamento de Infraestruturas e Obras lle comunica que Seragua informa que a “vía devandita dispón dun colector que desauga a través de propiedades particulares, sendo descoñecido o trazado e as características da conducción. Ordenouse a limpeza dos sumidoiros existentes no lugar emprazado”.

Non obstante o anterior, oito anos despois segue a producirse a mesma situación.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/11/2005, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Servizos Xerais – Vías e Obras o 16/11/2005, o cal se recibe o 30/11/2005, do que se dá cumprida información ó interesado o 30/11/2005, e no que informa o seguinte:

“En data 3 de abril de 2001, Seragua informou ó respecto, que debido ás intensas choivas increméntanse considerablemente os caudais aportados á rede de saneamento, impedindo o seu correcto funcionamento.

Estas circunstancias provocan inundacións, non por obstrución dos colectores ou sumidoiros que reteñan parte da auga que circule por eles, senón pola incapacidade momentánea para a súa evacuación.

Este informe foi notificado a ... en data 26/04/01.

Vista a tramitación deste expediente, arquivado por orde do anterior xefe de Vías e Obras ..., o considerar suficiente a explicación de Seragua, pola presente entendo debe reabrirse o expediente nº ..., dando traslado ós servizos técnicos deste departamento, os efectos de que informen sobre a posibilidade de atopar unha vía para que a problemática prantexada cese.

Da tramitación deste expediente será periodicamente informado o Valedor do Cidadán....”

REFLEXIÓNS

Hai que salientar a axilidade e a eficacia amosadas polo Negociado de Vías e Obras.

EXPEDIENTE 98/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas inundacións que se producen debido á ineficacia do sistema de desaugadoiros cada vez que hai chuvias fortes. O interesado comunicou ó Concello en varias ocasións esta situación, existindo un atestado do ano 2002; ademais, solicitou unha elevación da beirarrúa, sen resultado ningún, ó parecer, por falta de presuposto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/11/2005, o cal se recibe o 29 do mesmo mes e no que se informa o seguinte:

“En data 3 de abril de 2001, Seragua informou ó respecto, que debido ás intensas choivas increméntanse considerablemente os caudais aportados á rede de saneamento, impedindo o seu correcto funcionamento.

Estas circunstancias provocan inundacións, non por obstrucción dos colectores ou sumidoiros que reteñan parte da auga que circule por eles, senón pola incapacidade momentánea para a súa evacuación.

Este informe foi notificado a ... en data 26/04/01.

Vista a tramitación deste expediente, arquivado por orde do anterior xefe de Vías e Obras ..., o considerar suficiente a explicación de Seragua, pola presente entendo debe reabrirse o expediente nº ..., dando traslado ós servizos técnicos deste departamento, os efectos de que informen sobre a posibilidade de atopar unha vía para que a problemática prantexada cese.

Da tramitación deste expediente será periodicamente informado o Valedor do Cidadán...”

REFLEXIÓNS

Hai que salientar a axilidade e a eficacia amosadas polo Negociado de Vías e Obras.

EXPEDIENTE 99/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha focha existente nunha beirarrúa que se produciu hai tres meses; a solución adoptada no seu momento foi tapala cunha prancha de ferro, pero as dimensións da focha segue aumentando día a día, con patente risco para as persoas e para o edificio.

O interesado realizou varias chamadas telefónicas ó Concello e presentou un escrito en data 28/10/2005, sen resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 17/11/2005 que se reiterou o 26/12/2005.

REFLEXIÓNS

A eficacia é un principio activo de todas as Administracións públicas. O primeiro interese do cidadán é que a Administración pública máis próxima preste eficazmente os servizos que lle son propios, e polos que está obrigado economicamente a compartir o seu establecemento e, por ende, o seu funcionamento.

RECOMENDACIÓN

Unha actuación decidida e áxil na procura de solucións a problemas como o que nos ocupa, que non só afectan ó cidadán individual senón tamén ó decoro e á imaxe da propia cidade.

EXPEDIENTE 105/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun punto de luz que dificulta o acceso a unha propiedade e que pon en perigo a integridade física dos afectados.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/12/2005.

REFLEXIÓNS

A retirada do punto de luz faise por estimar que o mesmo está en propiedade privada. No entanto, a sentenza que delimita o terreo indica que, se ben se trata dun camiño privado, os interesados teñen o dereito a recobra-la posesión no relativo ó paso necesario para acceder á finca do demandante e entrar e saír dela, incluso en automóbil, ordenando ó demandado a reintegrar a posesión e o exercicio do acceso, tal como se viña facendo antes da colocación do aramado e repoñendo as cousas ó seu estado anterior, removendo calquera obstáculo que se opoña á libre circulación dos vehículos.

Esta Institución insiste en que o Concello pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O preámbulo da Lei 7/1985, fai expresa mención a que a organización democrática da nosa convivencia está representada pola Constitución e un dos ámbitos en que maiores efectos produce é o relativo á Administración local, tan necesitada de adaptación á nova realidade, tema no que se ten que afondar día a día.

RECOMENDACIÓN

A revisión dos acordos que impidan situacións de desamparo como a que nos ocupa, adaptando os mesmos a situacións que produzan unha máis axeitada convivencia e realidade social.

CAPÍTULO VI: URBANISMO

EXPEDIENTE 1/2005

ASUNTO

Queixa en relación cun local de hostalería que funciona desde decembro de 2002 sen licenza, sen suxeición ó horario de peche e produce molestias pola intensidade da música. Esta actividade foi denunciada na Xerencia Municipal de Urbanismo nas seguintes datas: 16/12/2002, 30/12/2002, 2/01/2003, 14/02/2002, 7/03/2003, 17/03/2003, 31/03/2003, 24/03/2003, 13/05/2003, 9/06/2003 e 26/06/2003, sen resultado ningún.

Con data 21/07/2003, a Técnica de Administración Xeral, comunícalle ó promotor da queixa que “neste momento (7/2003) este expediente se atopa pendente do informe da Policía local”; tamén achega informe dos delineantes municipais, de 22/05/2003, no que se subliña que “se atopa en trámite”.

Con data 5/08/2003, o interesado presenta nova denuncia sobre o asunto que nos ocupa, a cal foi reiterada nas seguintes datas: 19/08/2003, 4/09/2003, 3/11/2003, 1/12/2003, 23/12/2003, 23/01/2004, 16/02/2004, 22/03/2004, 27/04/2004, 26/08/2004, 7/09/2004, 4/10/2004 e 11/01/2005, das cales non constan medidas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/01/2005, solicitándose o preceptivo informe o 17/01/2005 e reiterándose a mesma o 11/02/2005, o 15/03/2005, o 19/04/2005 e o 18/05/2005.

Con data 24/05/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se informa que, con data 4/10/2002, a entidade cuestionada solicitou nesa xerencia licenza de actividades e instalacións para cervexería, a cal nese momento (trinta e un meses despois) se atopaba no trámite de exposición ó público, e que os informes municipais realizados como consecuencia das denuncias indican que a música é de tipo

ambiental e co volume baixo. Con este escrito se achegan copias dos informes da Policía local de 6/05/2004, 22/12/2004 e 17/03/2005. Dáse traslado desta información ó promotor da queixa o 26/05/2005.

Con data 20/06/2005, tendo en conta o tempo transcorrido desde o 3/05/2005, data na que o expediente estaba en fase de exposición ó público, solicitouse informe actualizado do mesmo, o cal se recibe o 2/08/2005. No mesmo, sublíñase que o expediente estase a tramitar conforme o RD 2316/1982 (Regulamento xeral de policía de espectáculos recreativos), atopándose nese intre pendente do informe do enxeñeiro técnico industrial. Do anterior dáse cumprida información ó interesado con data 4/08/2005.

Con data 29/08/2005 solicítase información actualizada respecto ó informe pendente, a cal tivo que reiterarse o 19/09/2005.

Con data 6/10/2005, a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo envía escrito no que subliña que, con data 20/09/2005, o enxeñeiro técnico notificou ó peticionario da licenza a necesidade de que achegase unha serie de documentos para continuar coa tramitación dos expedientes de licenza de actividades e de licenza de obras, indicándolle que se no local se está exercendo actividade e se están causando molestias á veciñanza, procederase á incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística.

Con data 10/10/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada. Con Data 15/11/2005 solicítase a anterior información, que se reitera o 13/12/2005.

Con data 19/12/2005 recíbese escrito no que indica que, segundo informe da Policía local, cesaron as molestias producidas.

REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto manifesto dun control público case esperpéntico:

- Dise que consta licenza, solicitada en outubro de 2002, e en outubro de 2005 dise que aínda é preciso que o interesado na apertura do local achegue unha serie de documentos para continuar coa tramitación de dous expedientes: licenza de actividades e licenza de obras.

- Indícase, ademais, que se no local se está exercendo actividade e esta causa molestias á veciñanza, procederase á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística. ¿Que pasa coas denuncia feitas en decembro de 2002? ¿Que pasa co informe da Policía local de 2004, no que se indica que se exerce unha actividade dedicada á subministración de bebidas?

- Existen informes pendentes desde xullo de 2003 e non se efectúan ata maio de 2004.

- En outubro de 2005 está pendente da documentación do propietario do local para os efectos da concesión da licenza de actividades, dunha actividade que está acreditado que está en funcionamento desde finais de 2002. Sendo esta unha actividade clasificada, é obrigado dispoñer de licenza de apertura e da suxeición á Ordenanza municipal sobre contaminación acústica e vibracións.

Nun suposto iniciado en decembro de 2002, case tres anos despois segue en situación non legal, incumpríndose o principio de eficacia, considerado como un principio activo non só desexable, senón indispensable no funcionamento de todas as Administracións públicas (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999).

A mesma Constitución española, no seu artigo 103, establece como piares das Administracións públicas a eficacia e o control, sen esquecer que a mellora da lexitimidade das Corporacións Locais debe buscarse, sobre todo, pola vía dos rendementos, sendo as estratexias inesgotables neste eido. É preciso superar a indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a administración (Álvarez Corbacho). As prestacións que o cidadán lle interesan van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

RECOMENDACIÓN

1. A legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. A aplicación estrita das medidas tendentes á protección da legalidade urbanística.
3. O cumprimento do dereito que teñen os cidadáns a ser informados en relación coas peticións naqueles asuntos en que son parte interesada (artigo 35 da Lei 30/1992).

EXPEDIENTE 4/2005

ASUNTO

Queixa en relación cun expediente iniciado no ano 2004 e considerado en suspenso tra-la información remitida o 30/09/2004, en función das actuacións que se poidan levar a cabo e, de non ser así, considerárase pechado.

O promotor da queixa manifesta o 25/01/2005 que a vivenda que consta no expediente aludido é agora da súa propiedade. Con data 27/01/2005 comunícaselle que, ante as posibles actuacións ou consultas sobre o mesmo, é preciso que nos faga chegar a documentación acreditativa da titularidade da vivenda en cuestión.

SITUACIÓN

Non se recibiu resposta ó respecto.

EXPEDIENTE 6/2005

ASUNTO

Queixa en relación cun inmovible dedicado a hostalería na zona do Berbés, obra de cantería que na súa fachada configura unha zona de soportais.

Co gaio das obras levadas a cabo na zona, instaláronse dunha caixas metálicas e uns soportes de considerables dimensións acaroados e fixados na parede do edificio, así como unha base de formigón para unha delas, practicándose numerosos furados na fachada. O promotor da queixa achega copia do informe técnico (14/05/2002) no que se reflite o estado do inmovible naquel momento. Na actualidade, retirouse unha das caixas que tiña un aramado e pezas de madeira. Intentou retirar os citados elementos, polo que solicitou información ó respecto en Urbanismo. Fai mención ó apartado 1.6 do Peri Casco Vello, no que se sinalan as prohibicións relativas ós tendidos eléctricos aéreos e telefónicos, que deben ser substituídos por outros baixo terra, ademais doutras prohibicións (gas, televisión, postes, etc.).

Manifesta o seu desacordo xa que, a pesar das múltiples xestións levadas a cabo, non recibiu resposta por parte do Concello en relación co exposto, o que considera unha manifesta pasividade por parte do mesmo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe o 27/01/2005, o cal tivo que ser reiterado o 28/02/2005, o 29/03/2005 e o 27/04/2005.

Con data 29/04/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que informa que en data 22/10/2003 remitiron ó departamento de Electro-Mecánicos do concello a denuncia presentada polo interesado, ó ser da súa competencia os feitos denunciados.

Con data 2/05/2005 deuse cumprida información do anterior ó promotor da queixa, indicándolle que, dado o tempo transcorrido e tendo en conta que a situación seguía sen se solucionar tralos subliñados requirimentos, con esa mesma data procedíase a instar ó departamento de Electro-Mecánicos do Concello a solución inmediata do problema, xestión da que se lle daría cumprida información.

Con data 18/05/2005 recíbese escrito do departamento de Electro-Mecánicos, no que se reflite o seguinte: *“Xirada visita de inspección aos soportais do Berbés, comprobouse que a citada caixa metálica trátase dun Centro de Mando de alumado público, está ubicado en zona pública e que o mesmo non toca en ningún caso a parede do inmovible, xa que mantén unha distancia de alomenos 5 centímetros (achéganse fotografías da zona)”*.

Con data 20/05/2005 dáse cumprida información ó interesado, sen que se desen actuacións posteriores.

REFLEXIÓNS

Do relatorio feito no seu día polo promotor da queixa sobre as actuacións levadas a cabo, resulta evidente a falta de coordinación entre os diferentes departamentos implicados (empresa que executou os traballos, Xerencia Municipal de Urbanismo e departamento de Electro-Mecánicos), o que provocou unha deficiencia no mecanismo de información que o interesado solicitaba e á que tiña dereito.

RECOMENDACIÓN

A canalización axeitada nos condutos de información ós cidadáns.

EXPEDIENTE 9/2005

ASUNTO

Queixa en relación co contido do proxecto de normalización de fincas de Xestoso, na UR 1 do PEM de Esparramán, co que non está de acordo o interesado, segundo a última versión corrixida. A desconformidade refírese á situación da parcela asignada, así como á medición resultante.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/1/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/2/2005, o cal tivo que ser reiterado o 2/03/2005, o 4/04/2005, o 5/05/2005 e o 2/06/2005.

Con data 20/06/2005 recíbese escrito da Concellería de Urbanismo, co que achega informe técnico do 16 de xuño do mesmo ano, no que se reflite que o interesado, o 16/02/2005, presentou recurso de reposición contra o acordo de aprobación definitiva do proxecto de normalización de fincas. Con data 6 de xuño de 2005, o topógrafo municipal da XMU emitiu informe ó respecto. Á vista do mesmo, con data 7/06/2005, foille notificado ós redactores do proxecto de normalización copia do citado informe co fin de corrixir as deficiencias observadas, estando pendente a oficina de xestión e planeamento de recibir o proxecto modificado.

Con data 23/06/2005 deuse cumprida información ó promotor da queixa, indicándolle que en datas vindeiras solicitaríase información actualizada en relación coas “deficiencias observadas”, segundo o informe técnico.

Con data 3/08/2005 solicítase á Concellería de Urbanismo informe actualizado, petición reiterada o 1/09/2005, o cal se recibe o 4/11/2005, no que se reflite a evolución do expediente e que se espera unha rápida resolución do mesmo por parte do departamento de xestión e planeamento. Do anterior deuse cumprida información ó interesado o 7/11/2005.

Solicitouse nova información o 5/12/2005 que se recibe o 30/12/2005. Na mesma reflítese o acordo da Xunta de Goberno Local de 5/12/2005 que estima o recurso de reposición interposto polo interesado e anula a aprobación definitiva do expediente de normalización de predios, sen prexuízo de que os propietarios poidan presentar unha proposta de normalización axustada á realidade e á normativa aplicable.

REFLEXIÓNS

Trátase dunha xestión recorrida en febreiro da que non consta resolución ata once meses despois, o que denota unha falta de axilidade no seu desenvolvemento e que repercute, sen dúbida, no fundamento que debe presidir esta actuación, cal é o da eficacia.

RECOMENDACIÓN

A axilización das xestións, para que se acade unha acción axeitada ás necesidades dos cidadáns.

EXPEDIENTE 26/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa xestión levada a cabo pola Concellería de Urbanismo nun expediente da Xerencia Municipal, non obstante as denuncias formuladas o 23/01/2003, pola realización de obras sen licenza, existindo unha resolución de novembro de 2003 pola que se ordena a paralización das obras por carecer de licenza.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 4/04/2005, petición que tivo que reiterarse con datas 2/05/2005, 2/06/2005, 4/07/2005, 3/08/2005 e 1/09/2005.

Con data 16/09/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que reflíte:

- Con data 4/01/2005 imponse multa coercitiva en contía de 1000 euros co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado.
- Con data 11/07/2005, o propietario da obra sen licenza presenta solicitude de licenza para legaliza-la obra ilegal.

Con data 19/09/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado, quen, con data 17/10/2005, achega copia dun escrito entregado na mesma data na XMU e nos comunica o seu desacougo polas actuacións da mesma e que pretenden aumentar a altura da obra ilegal.

Con data 19/10/2005 dirixímonos á vicepresidencia da XMU solicitando información actualizada e a adopción das medidas axeitadas en defensa da legalidade urbanística, pedimento que se reitera o 16/11/2005 e o 13/12/2005.

REFLEXIÓNS

No noso escrito do 19/10/2005 fanse as reflexións que corresponden á totalidade do proceso, cales son:

1. ¿Como é posible que en data 4/01/2005 se imponha unha multa coercitiva, co apercibimento da posibilidade dunha nova multa se transcrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado? ¿Que sucedeu entre o 4/01/2005 e o 9/09/2005, data do informe oficial, toda vez que a comunicación de reitera-la multa é para un mes, o cal se cumpriu en febreiro de 2005 (oito meses antes do informe oficial)? ¿Quen se encarga e, polo tanto, se responsabiliza dese seguimento?

É evidente que se produce unha notoria falta de axilidade e de eficacia, principios activos de toda Administración pública, máxime en temas relativos á protección da legalidade urbanística.

2. Sublíñase, ademais, a opinión da doutrina xurisprudencial neste tipo de multas coercitivas en relación cos efectos das mesmas, segundo a cal non son máis cunha mera contribución ó cargo do infractor. A vía dos rendementos queda, polo tanto, en dúbida ante os cidadáns.

Solicítase unha licenza seis meses despois da imposición da multa e persistindo a ilegalidade urbanística, que se afirma máis por mor dunhas obras complementarias que se estiveron a facer.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. O cumprimento estrito da legalidade en materia de protección da normativa urbanística.

EXPEDIENTE 28/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa pavimentación da rúa Bolivia por estimar que non respecta as cotas e provoca prexuízos innecesarios. Tras sucesivas notificacións, o 7/11/2003 recibe comunicación oficial, á que fai as seguintes puntualizacións:

1. No número tres da citada rúa as cotas poden trazarse de xeito alternativo, despois dos portais e locais da rúa Bolivia, co que non se verían afectados pola proposta.

2. No número tres o ancho da beirarrúa, sobre oito metros, permite unha parte exterior, tal como está, e unha interior, ben con escaleira, ben con desniveis progresivos, como xa está na mesma praza e xusto fronte á mesma esquina. O desnivel que se solicita existe en varias rúas da cidade.

Esta proposta, xunto con outras posteriores, nunca foron respondidas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005, que se reitera o 12/05/2005.

Con data 16/05/2005 recíbese escrito dos Servizos Técnicos da XMU informando que o 17/02/2004 e, posteriormente, o 21/01/2005 instouse ó director da urbanización da praza Elíptica a que remitise informe sobre os extremos das solicitudes; esta petición reiterouse o 4/05/2005, sen que recibisen resposta.

Con data 18/05/2005 deuse cumprida información ó promotor da queixa, subliñando que, en datas vindeiras, insistiríase ante a Concellería de Urbanismo co ánimo de acadar unha solución ó problema.

Con data 30/05/2005 recíbese novo escrito dos Servizos Técnicos da XMU, no que informa que o 25/05/2005 non se recibira o informe solicitado. Disto dáse información ó interesado o 2/06/2005.

Con data 3/08/2005 interésase información actualizada ós Servizos Técnicos da XMU, petición que se reitera o 7/09/2005.

Con data 19/09/2005 recíbese escrito dos anteriores servizos, no que informa, unha vez máis, que non recibiron o informe do director da urbanización da praza Elíptica. Disto dáse información ó interesado o 20/09/2005.

Con datas 21/11/2005 e 15/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS

Hai que salienta-la prontitude nas respostas do director dos Servizos Técnicos da XMU; todo o contrario por parte do director técnico de obras da praza Elíptica que, requirido ata catro veces polos citados servizos técnicos, non evacuou o informe requirido e necesario para rematar o expediente.

Esta situación provoca unha falta de axilidade e de eficacia na propia Administración municipal que tería que adoptar outras vías para que se dea cumprimento ás súas peticións.

O artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán é manifestamente claro “tódalas autoridades, funcionarios, órganos e organismos da Administración municipal, así como os representantes das empresas concesionarios que xestionen servizos públicos municipais, están obrigados a colaborar e auxiliar á Comisión e ó Valedor nas súas accións con carácter prioritario”.

Ó cidadán o que lle interesa é que a súa administración máis próxima funcione, e só neses termos acadara a credibilidade na mesma; en supostos como este o cidadán xa non pode atuar tanta realidade.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 29/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa existencia dun inmovible en pésimo estado, con perigo de derruba, que pode ocasionar danos irreparables. O promotor da queixa indica que a propiedade do mesmo é de varias persoas, entre elas el mesmo, e que solicitou información en varios organismos e no propio Concello, sen recibir resposta ningunha.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005, o cal tivo que reiterarse o 12/05/2005.

Con data 30/05/2005 recíbese escrito da XMU, no que informa que, como consecuencia do escrito presentado polo interesado en outubro de 2004, incoouse un expediente de orde de execución ó inmovible referido. Do anterior deuse cumprida información ó promotor da queixa o 6/06/2005.

Con data 30/06/2005 solicitouse informe actualizado en relación co expediente citado, que se recibe o 19/07/2005. Nel sublíñase que, trala visita realizada pola arquitecta municipal o 6/07/2005, incoouse expediente contradictorio de ruína, achegándose copia da resolución do vicepresidente da XMU de 7 de xullo de 2005, na que se fixa un prazo de quince días para as alegacións dos interesados. Esta información trasládase ó promotor da queixa o 3/08/2005.

Con data 24/10/2005 solicitouse información actualizada respecto ó expediente contradictorio de ruína, que se reitera o 28/11/2005.

Con data 30/11/2005 recíbese informe no que indica que o Consello da Xerencia de Urbanismo, o 17/11/2005, acordou a declaración de ruína, ordenando o procedemento a seguir polos afectados, do que se deu información ó interesado o 1/12/2005.

REFLEXIÓNS

En outubro de 2004 incoouse expediente contradictorio de ruína e ata doce meses despois non se declara a ruína do inmovible. Con esta actuación non se dá realmente unha prestación obrigada coa axilidade necesaria para os intereses dos cidadáns e ante un perigo manifesto.

RECOMENDACIÓN

Máis axilidade no desenvolvemento dos procedementos.

EXPEDIENTE 33/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo por unha Asociación de Veciños na que se denuncia a existencia dunha solicitude de licenza para a instalación dunha estación base de telefonía. Indican que o lugar da pretendida instalación corresponde a unha zona axardinada do PERI, polo que estiman que o lugar é inadecuado para o fin que se pretende.

A zona en cuestión está moi habitada e non só comprende a zona PERI, senón tamén unha ampla barriada e outras beirarrúas próximas nas que, a menos de 150 metros, se atopan unha gardería infantil, catro centros de educación, un centro da terceira idade, dous centros de saúde, dous hospitais e un centro de SOS Aldeas Infantís.

A pretendida estación base é unha instalación clasificada como CUALIFICADA (NON INOCUA), o que implicará problemas ambientais e de saúde por moitas medidas correctoras e protectoras que se lle imponhan, e fan referencia ó contido da exposición de motivos, punto 1, dos artigos 13 e 35 da Ordenanza Municipal deste ámbito.

Subliñan, ademais, que ser ter concedida a licenza xa realizaron obras de asentamento consistentes nunha base de formigón de 4x3x0,50 metros.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/04/2005, o cal tivo que reiterarse o 24/05/2005.

Con data 30/05/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que se reflite que con data 19/05/2005 resolveu declarar expresamente a suspensión dos procedementos para

o outorgamento das licencias de obras e actividades e instalacións solicitadas pola entidade ... para unha estación base de telefonía móbil na rúa ..., achegando copia da resolución.

Con data 2/06/2005 deuse cumprida información do anterior á Asociación de Veciños promotora da queixa, indicando que en datas vindeiras solicitaríase informe actualizado en relación co punto terceiro da citada resolución, na que se reflíete que se efectuarán comprobacións sobre as obras e instalacións e, de se-lo caso, procederíase á incoación do correspondente procedemento de reposición da legalidade urbanística.

Con data 30/06/2005 solicítase a información antes referida, que se recibe o 11/07/2005 e na que consta que *"non houbo modificación na situación do referido expediente con respecto á notificación remitida con data 27/05/2005."*

Con data 13/07/2005 trasladouse a anterior información á Asociación de Veciños interesada, sen que se desen actuacións posteriores.

REFLEXIÓN

Hai que salienta-la axilidade e a eficacia que, neste expediente, tivo a Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións semellantes á que nos ocupa.

EXPEDIENTE 35/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa existencia dunha estufa de leña que ten unha saída de fumes que discorre pola parede posterior da vivenda do promotor da queixa, situada no primeiro andar dunha edificación de dúas plantas.

Achega fotografía na que se observa un entubado para a saída de fumes que non é axeitado para tal fin, polo que se filtran polas xuntas, ás que lle aplicaron unha masa branca.

Presentou tres denuncias na Xerencia Municipal de Urbanismo (2004 e 2005) e unha en Sanidade (2004) do Concello, sen ningún resultado, xa que a única resposta foi unha inspección que non deu resultado porque o denunciado non permitiu a entrada na súa vivenda ó inspector.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005, que tivo que reiterarse o 6/06/2005.

Con data 8/06/2005 recíbese escrito no que se indica que se procedeu á apertura dun expediente de información e que o informe da técnica municipal de data 30/05/2005 di que as obras denunciadas, consistentes na instalación dun conduto para a saída de fumes nunha vivenda unifamiliar de dúas plantas, serían legalizables de solicitar a correspondente licenza, sempre que a altura da desembocadura da cheminea supere en 1 metro a altura da edificación máis alta existente nun radio de 15 metros.

Con data 9/06/2005 deuse cumprida información ó interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitaríase informe actualizado en relación co expediente en cuestión, o que se fai en datas 7/07/2005, 4/08/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005.

REFLEXIÓNS

É obvio que os principios de axilidade e eficacia requiridos non se fixeron efectivos, toda vez que é cidadán afectado non se lle prestou a atención debida desde que en febreiro do ano 2004 presentou a primeira denuncia.

A solidariedade afecta sensiblemente ás actividades administrativas de carácter social e, con maior intensidade, a quen ten máis capacidade de obrar.

O cidadán séntese máis integrado na Administración municipal, de aí a gran tarefa de fuxir do risco do burocratismo das xestións públicas. Tense que conseguir que a realidade sexa tan satisfactoria como a posibilidade e non é de recibo unha resposta como que “ó inspector non se lle permitiu a entrada na vivenda”. As normas sen coercitividade non son nada e existen medios suficientes para que, de acordo coa lei, esta se cumpra polos cidadáns, de grao ou por forza. A Administración pública é eficiente se os seus servidores promoven e xestionan os servizos e desenvolven liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. Dar ó cidadán en tempo e forma a información á que ten dereito en relación coas súas peticións.

EXPEDIENTE 41/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia presentada polos inquilinos dun inmovible pola instalación dunha antena de telefonía móbil na azotea do edificio e doutros equipos electrónicos na antiga vivenda do persoal de portería.

Subliñan os afectados que non dispuxeron do dereito a expoñer a súa opinión con respecto á pretendida instalación durante os vinte días desde a publicación do edicto relativo ó expediente correspondente. Estiman que tal instalación resulta perigosa para a saúde pública e que se dá unha actuación de mala fe por parte do representante da propiedade, xa que non lles comunicou as súas intencións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/05/2005 que se recibe o 7/06/2005, no que o vicepresidente da XMU informa dos trámites a seguir no expediente en cuestión e que con data 2/06/2005 se procedeu a emitir notificación ó representante dos inquilinos ampliándolles o prazo de información pública en dez días para que examinen o expediente, formulen, no seu caso, as alegacións e acheguen os documentos que estimen necesarios. Do anterior deuse información ós interesados con data 8/06/2005.

Con data 24/10/2005 solicitouse información actualizada con respecto ó expediente, reiterándose o 23/11/2005 e o 23/12/2005.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación discriminatoria por canto os interesados non tiveron a opción de exercer os seus dereitos en tempo e forma. Ademais, transcorridos seis meses da notificación de ampliación do prazo subliñado, esta oficina non ten coñecemento das actuacións, non obstante os requirimentos efectuados.

RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

Os procedementos deben respectar escrupulosamente os dereitos dos interesados.

EXPEDIENTE 44/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos furados practicados nun edificio para a ventilación dun local de hostalería, o que produciu fendas no garaxe. Estes furados foron feitos unha vez rematada a edificación e rodeados con reixas.

Esta situación foi denunciada en varias ocasións polo interesado ante o Concello desde agosto do ano 2004.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, o cal se reiterou o 15/06/2005, o 7/07/2005, o 8/08/2005, o 6/09/2005, o 19/10/2005, o 14/11/2005 e o 12/12/2005.

REFLEXIÓNS

Unha vez máis, o cidadán non ve satisfeitas as súas necesidades con axilidade pola falta de eficacia do órgano competente, o que non contribúe, obviamente, a un acercamento na procura da credibilidade.

A lexitimidade reside no carácter servicial que o concello ten que proporcionar, e non se dan as fórmulas precisas e obrigadas para tal fin.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. Uns rendementos axeitados ás obrigas da función pública.

EXPEDIENTE 48/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunhas escavacións feitas en zona forestal e coa construción dunha nave polos propietarios duns talleres, deixando unha franxa de terreo de 75 metros aproximadamente do lindeiro.

O interesado fixo a súa primeira denuncia no ano 1998 e, posteriormente, nos anos 1990, 1991, 1993, 1995 e 1997. En todas declara a construción ilegal e fai mención a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2000 na que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto pola persoa que realizou as obras, como consecuencia do acordo do Consello da XMU do ano 1997 polo que se decretou a demolición da nave industrial.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 25/05/2005, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 23/06/2005, 3/08/2005, 29/08/2005, 26/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 13/12/2005.

REFLEXIÓNS

Resulta chocante que unha obra declarada ilegal, con orde de demolición no ano 1997, se atope sen unhas actuacións axeitadas no respecto á legalidade urbanística. A Administración municipal ten a obriga de facer cumprir a normativa vixente, ben por grado, ben por forza.

A eficacia da actuación pública quebra co principio recollido no artigo 103 da Constitución española; a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo, non só desexable senón tamén indispensable no seu funcionamento, de aí que o interese do cidadán, máis próximo á entidade pública, non se ve satisfeito, dada a falta de eficacia da actuación do órgano responsable, deixando a un lado o carácter instrumental que toda Administración pública debe ter, o cal se manifesta prestando un servizo de interese xeral, cal é a defensa da legalidade urbanística. A falta de rigor na utilización dos medios de que dispón é manifesta e cómpre acometer un exercicio de reflexión histórica en torno ó xeito de respectar-la disciplina urbanística e, sobre todo, facela respectar cos medios que a lei ten deseñado.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento da legalidade en materia de disciplina urbanística.

EXPEDIENTE 49/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa construción dunha nave sen licenza e que ten unha orde de derruba, segundo sentenzas xudiciais, a teor do contido da queixa.

Ademais, o promotor da queixa indica que as tarefas que se realizan no local, recollida e moenda de residuos sólidos, fan que a convivencia resulte insoportable. O interesado achega copia da resolución da vicepresidencia da XMU (28/05/2004) pola que se ordena a suspensión da actividade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2005. Con data 25/05/2005 solicitouse o preceptivo informe, que se recibe o 21/06/2005 e no que se reflite a resolución antes citada, que o expediente se remitiu á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, xa que o chan no que se sitúa a nave está clasificado como non urbanizable especialmente protexido de paisaxe e masas forestais e que, debido a que se recibiron novas denun-

cias que indican que a actividade segue en funcionamento, con data 25/05/2005 procedeuse a solicitar informe á Policía local sobre se se cumpre a resolución de suspensión de actividade de 9 de decembro de 2003 e, no caso de que non se cumpra, solicítase que procedan a intentar o precinto do local. Infórmase do anterior ó interesado o 23/06/2005

Con data 3/08/2005 solicítase información en relación coa actuación policial citada no informe anterior, petición que se reiterou o 19/09/2005, o 19/10/2005, o 15/11/2005 e o 13/12/2005.

REFLEXIÓNS

Obviamente esta queixa refírese ó mesmo asunto que a anterior e os interesados merecen a mesma consideración nas dúas demandas, cosa que non se dá.

En relación co expediente que agora nos ocupa, chama a atención que en data 25/05/2005 a vicepresidencia da XMU solicite informe á Policía local e que cinco meses despois non se teña constancia do mesmo, o que obriga a considerar a falta de axilidade, eficacia e coordinación entre as unidades administrativas cooperantes. Esta situación, o que realmente produce, é a desafección do cidadán con relación ó poder público responsable do que está mais preto.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. A axilidade e coordinación na xestión para logra-la protección da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 53/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas obras realizadas por un veciño que provocaron danos na finca do interesado, quen indica que a inspección da XMU non ordenou a paralización das mesmas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/06/2005. Con data 6/06/2005 solicitouse o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 4/07/2005, 3/08/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 5/12/2005.

REFLEXIÓNS

Esta situación non se clarexa porque non consta a existencia de actuacións ó respecto. Unha vez máis, a intervención desta oficina obviase como algo sistemático.

A dilixencia e os dereitos dos cidadáns a ser informados conforme a lei non fan acto de presenza.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

2. Unhas actuacións axeitadas á normativa vixente.

EXPEDIENTE 58/2005

ASUNTO

Queixa formulada por unha comunidade de veciños que presentou varias denuncias sobre a falta de cumprimento da normativa de alturas dunhas edificacións, pola instalación de antenas que consideran un risco para a saúde dos habitantes dos edificios lindeiros e pola carpintería exterior dun establecemento que non unifica coa do edificio.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/06/2005. Con data 23/06/2005 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 7/07/2005 e no que se reflite que, segundo o informe da inspección técnica, as alturas cuestionadas axústanse sensiblemente ó proxecto obxecto da licenza, o mesmo que a carpintería exterior do establecemento sito nos baixos do edificio.

Con data 11/07/2005 deuse cumprida información do anterior ó interesado, sen que se desen actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 62/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa derruba dunha parede divisoria de dous garaxes dun edificio coa intención de comunicar os espazos, sen que conste o preceptivo permiso municipal. O representante da Comunidade de Propietarios dirixiuse ó Concello con data 6 de agosto de 2004, sen obter resposta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/07/2005. Con data 4/07/2005 solicitouse o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 18/08/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 15/12/2005.

REFLEXIÓNS

Os interesados non recibiron resposta ningunha á súa denuncia, ó que, é obvio, teñen dereito, segundo se contempla na norma reguladora da actividade administrativa xeral de todas as Administracións públicas (artigo 35 da Lei 30/1992), así como no Real Decreto 208/1996 que regula os servizos de Información administrativa e atención cidadá e no artigo 18 da Lei 57/2003, Lei de medidas para a modernización do Goberno local.

O cidadán séntese defraudado en relación coa credibilidade que ten cara á administración que lle é máis próxima e, polo tanto, na que máis integrado debe sentirse; a credibilidade por rendemento non se lle presenta de forma palpable.

RECOMENDACIÓN

1. A protección de legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento das obrigas que dimanan da normativa subliñada.
3. A defensa e, de se-lo caso, a protección da legalidade urbanística, que require dunha acción áxil e eficaz.

EXPEDIENTE 65/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia interposta na Xerencia Municipal de Urbanismo polos arrendatarios dun edificio o 18/03/2004, motivada polos estragos na fachada do mesmo que supuxeron varias actuacións da Policía local e dos Bombeiros e que producen desprendementos, co conseguinte perigo para os viandantes. O propietario do inmovible non accede á súa reparación e o Concello non adopta ningunha medida ó respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/07/2005. Con data 7/07/2005 solicitouse o preceptivo informe que tivo que reiterarse o 18/08/2005, o 19/10/2005, o 8/11/2005 e o 5/12/2005.

REFLEXIÓN

Existe unha deixazón das funcións obrigatorias e unha ausencia absoluta de actuacións, segundo consta nos antecedentes, que deberían levarse a cabo segundo o procedemento, situación que pode provocar danos irreparables.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. Unhas actuacións axeitadas ás situacións que implican riscos facilmente previsibles.

EXPEDIENTE 73/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos procedentes dun local de hostalería que se prolongan durante toda a noite. O promotor da queixa indica que o citado local carece de licenza e que presentou seis denuncias durante o último trimestre do ano 2004, coas que achegaba medicións sonométricas feitas pola Policía local que superan o nivel permitido.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/08/2005. Con data 18/08/2005 solicitouse o preceptivo informe que se reitera o 31/10/2005, o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓN

Ademais dos efectos da contaminación acústica, xa expostos no capítulo relativo á Área de Medio Ambiente, neste caso concorre a agravante da posible falta de licenza de actividade.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.
2. O cumprimento da legalidade en defensa da normativa urbanística.

EXPEDIENTE 83/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo por unha Comunidade de Veciños en maio de 2005 pola apertura sen licenza dun taller mecánico. Indican que unha resolución de abril de 2005 ordena a inmediata suspensión da actividade.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 5/10/2005. Con data 19/10/2005 solicitouse o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

Se o día 12 de abril de 2005 decretouse a inmediata suspensión da actividade do local e a comprobación do cumprimento de tal orde para os efectos, de se-lo caso, do precintado do local, ¿como é posible que no mes de outubro se siga denunciando tal actividade?

O promotor da queixa indica, ademais, que a actividade produce vibracións e tremores na estrutura do edificio e que, debido ás tarefas de lavado da maquinaria, batuxan e enchen de terra e lamas os vehículos dos demais propietarios.

No proxecto non se tiveron en conta as características técnicas necesarias para determinar se o forxado pode soportar os pesos dos vehículos e da maquinaria, xa que a actividade se realiza a rentes do chan e no baixo existen outros locais que teñen que soportar os ruídos e as vibracións e co temor fundado dunha derruba. Produciuse xa algún incidente, polo que a Policía levantou atestado no que avisa de posibles acontecementos de maior alcance.

As Administracións públicas teñen que fuxir das actuacións insuficientes e axiliza-los trámites legalmente establecidos, máxime nos supostos en que está comprobada a situación de ilegalidade, con especial referencia ós expedientes de reposición da legalidade urbanística e á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Son precisas actuacións e medidas orixinais e específicas que limiten a proliferación de mecanismos obsoletos que, ademais de levar a custes elevados, xeran unha manifesta lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados, de aí que se requira ter en funcionamento un mecanismo imprescindible como é a coordinación, primeiro principio de toda organización. Eses mecanismo obsoletos producen un desacougo e unha falta de credibilidade ós cidadáns que, como no caso que nos ocupa, están, ás veces, expostos a situacións que lles poden producir danos irreparables.

RECOMENDACIÓN

A máxima axilidade e interese no logro da eficacia para a adopción das medidas que regulan o restablecemento da legalidade urbanística.

EXPEDIENTE 84/2005

ASUNTO

Queixa en relación co corte das subministracións básicas dunhas vivendas acordado polo Concello. Os promotores da queixa consideran estas medidas desproporcionadas, xa que derivan dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que contempla que o uso e destino do inmovible é susceptible de corrixirse e subliñan que podería legalizarse no Plan Xeral de Ordenación Urbanística anterior ou no novo que está para aprobarse, polo que os desaloxos das vivendas se evitarían ata a súa aprobación, estando a solución nas mans da Xerencia Municipal de Urbanismo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/10/2005, o cal se reiterou o 24/11/2005.

Con data 19/12/2005 recíbese informe, que se traslada ó interesado o 20/12/2005.

REFLEXIÓNS

Entre a norma e a realidade existen, ás veces, distancias esgotadoras; é necesario un exercicio de reflexión histórica en relación cos expedientes de disciplina urbanística: cantos se iniciaron, cantos se completaron e as razóns polas que estes expedientes chegaron ás situacións nas que agora se atopan.

A disciplina urbanística, como toda disciplina, non é máis ca un conxunto de regras para mante-la orde entre os membros dunha colectividade. Estas regras son de ensinanza, impostas pola lei a todos os que interveñan nunha relación e, nese ámbito, esixen que o concello controle primeiro o proceso construtivo, paso previo e obrigatorio que nace coa autorización ou licenza que se outorga para construír; e, segundo, esixe comprobar que o construído se axusta ó proxecto autorizado. Da non observancia destes presupostos xorde o descontrol e, ás veces, a anarquía.

Os cidadáns preguntanse, á vista das repetidas realidades, cantas obras ilegais foron comprobadas en tempo e forma, cantas se derrubaron e cantos incumpridores públicos foron requiridos e denunciados. A xustiza declarou xa a súa repulsa por tanta pasividade no ámbito urbanístico.

As cidades requiren de xeitos máis eficaces e transparentes, baseándose en compromisos que a norma contempla.

No ano 2005 son máis de oitocentas as vivendas afectadas por ordes de derruba e preto de medio cento as requiridas de desaloxo. Os cidadáns requiren respostas á pregunta de como se pode chegar a tales situacións, unhas por supera-las cotas de edificabilidade tolerada, é dicir, por

incumprimento da licenza, e outras por modificación do destino ou por anulación da licenza por afectar ó medio ambiente. Neste último aspecto, hai que subliñar que o Dereito comparado considera ó urbanismo como o medio ambiente artificial que condiciona de xeito decisivo a calidade de vida (Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia). Hai que evitar as actuacións insuficientes e, moito máis, a falta de actuacións.

A realidade conduce a interrogantes como estes:

- Por que existen vivendas sen licenza de primeira ocupación estando ocupadas e tendo a subministración de servizos de competencia municipal (auga, saneamento, luz)?

- Quen controla que tales subministracións sexan as axeitadas á dispoñibilidade da vivenda desde o punto de vista legal?

Como é posible que os obrigados funcionalmente e, polo tanto, competentes para entender do procedemento, non teñan intervido por non se sabe que. De todo isto dedúcese, alomenos, unha descoordinación patente; non se dá unha implicación na posta en práctica de medios e sistemas que faga posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica e a acción conxunta no exercicio das respectivas competencias de tal xeito que se acade a integración dos actos parciais na totalidade do sistema.

RECOMENDACIÓN

A máxima atención á disciplina urbanística.

EXPEDIENTE 87/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas obras de reforma que se están levando a cabo en dous baixos con actividade no ramo da hostalería, un dos cales, no seu día, foi pechado por carecer da debida licenza. En ningún dos supostos subliñados hai exposto cartel no que se faga constar a licenza de obra nin calquera outro dato relevante ó respecto.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/10/2005. Con data 19/10/2005 solicitouse o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 20/12/2005.

REFLEXIÓNS

Existe unha necesidade de actuación consonte cos principios de defensa da legalidade urbanística.

RECOMENDACIÓN

As que derivan das reflexións.

EXPEDIENTE 88/2005

ASUNTO

Queixa pola recepción de correspondencia persoal, comercial e bancaria de persoas alleas ó seu enderezo, xa que na Parroquia de San Paio de Navia existen tres dirección similares que provocan esta confusión.

O promotor da queixa deu conta deste erro ó Concello e a Correos, pero non solucionaron o problema.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 14/10/2005. Con data 19/10/2005 solicitouse o preceptivo informe que foi remitido pola oficina de Estatística-Padrón o 25/10/2005, no que se reflite que o mantemento do Rueiro Municipal corresponde ó departamento de Estatística e que as vías públicas que se cuestionan están moi preto a unha da outra pero que, en todo caso, lle corresponde ó Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos nomes dos espazos públicos. Ademais, engade, que eses nomes veñen de antigo e respectan os topónimos dos lugares.

Deuse traslado desta información ó interesado o 2/11/2005.

REFLEXIÓNS

Da resposta do Concello non se deduce ningunha solución que poida resolver o problema. Se é realmente comprobable que existe unha situación que produce anomalías nun servizo público, como é o reparto da correspondencia persoal, a solución non vén pola vía do respecto da toponimia, senón por un axeitado sistema de identificación que permita unha distribución dun servizo personalizado e privado que, é obvio, non se está a proporcionar, sendo responsabilidade do Concello a ordenada disposición dos espazos públicos.

RECOMENDACIÓN

1. Unha exemplar xestión do departamento de Estatística en canto á celeridade da resposta.
2. A resposta non conduce á solución do problema, polo que o propio departamento de Estatística tería que propor, á vista da queixa formulada, a solución ó órgano competente baseándose nos datos achegados.

EXPEDIENTE 89/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa titularidade do camiño posterior a uns edificios dunha rúa da cidade.

En febreiro do ano 2001 o promotor da queixa, en representación da comunidade de propietarios, presentou solicitude no Concello. A resposta do arquitecto municipal foi que o terreo ó que se refire o pedimento non figura grafiado como vía pública no Inventario Municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario o 4/05/1993 e con referencia ó 31/12/1991.

O interesado, o 23/09/2002, presentou solicitude no Rexistro Xeral do Concello en petición de axuda para solucionar o problema que se lles presenta, cal é que os vehículos aparcen ó longo do camiño, fronte ás portas dos garaxes e, incluso, diante das mesmas, impedíndolles o uso para o que están destinados. Indica que cando reclaman ós propietarios dos mesmos reciben malas contestacións, xa que non existe sinal de entrada de carruaxes que indique a privacidade da zona, séndolles denegada a súa colocación, e o guindastre non pode actuar.

En decembro do ano 2002 consultaron no departamento de Patrimonio sobre a titularidade do camiño, o cal os remitiu ó Ministerio de Economía e Facenda de Pontevedra, Xerencia Territorial do Catastro de Vigo desde onde, con data 10/01/2003, lles indican que a “calificación de los caminos es competencia del Ayuntamiento”.

Á vista do anterior, dirixíronse ó departamentos de Patrimonio do concello instando información e facendo alusión ó anterior escrito. Na resposta que reciben en febreiro de 2003 consta a mesma lenda que recibiron no seu día do arquitecto municipal.

Con data 2/09/2003 solicitaron entrevista co Concelleiro de tráfico, xa solicitada o 23/09/2002, e da que aínda non recibiron resposta.

Os afectados preguntánsen quen lle vai da-la solución ó problema, xa que, non obstante, eles pagan os seus impostos e cumpren as súas obrigas.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/10/2005. Con data 19/10/2005 solicitouse o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación esperpéntica; se en marzo de 2001 o camiño non figura no Inventario Municipal de bens e dereitos, aprobado en maio de 1993, e o mesmo seguía

pechado no ano 2003, existe unha falta de actualización, podéndose dicir o mesmo a finais do ano 2005.

En tanto as administracións implicadas eluden o problema e ninguén asume a competencia e, polo tanto, a cooperación, a Constitución española e a Lei 30/1992 poñen en letra impresa a obriga da cooperación entre todas as Administracións públicas.

Se o asunto se contempla desde a órbita anterior, non ten solución; pero existe outra fórmula legal, cal é a aplicación das normas xurídicas atendendo á realidade social do tempo en que se van aplicar e, especialmente, ó seu espírito e finalidade, cal é a aplicación analóxica, sen esquecer, ademais, o principio de boa fe, que permite adecúa-las condutas ás esixencias invocadas pola conciencia social nun lugar e nun momento determinado.

Resulta incomprendible que o camiño en cuestión, dada a súa natureza, aínda non estea destinado ó uso público e dotado das medidas de protección xurídica que procedan.

RECOMENDACIÓN

1. O cumprimento da legalidade que dimana do dereito dos cidadáns a ser atendidos e orientados na procura de solucións axeitadas ós problemas do seu contorno relacionados coa Administración pública.

2. Axilidade e eficacia na resolución dun problema que limita dereitos dos cidadáns.

EXPEDIENTE 96/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen a correspondente licenza municipal na azotea dun edificio próximo a dous colexios e un club de xubilados.

O interesado presentou unha denuncia en setembro de 2005, ademais de realizar varias chamadas á Policía local, sen obter resultado ningún.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 14/11/2005, que tivo que reiterarse o 14/12/2005.

REFLEXIÓNS

Existe a necesidade de realizar unhas actuacións eficaces e áxiles na procura da reposición da legalidade urbanística.

RECOMENDACIÓN

As que derivan das reflexións.

EXPEDIENTE 101/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos que producen catro establecementos de hostalería ata altas horas da madrugada. Existen informes da Policía local por incumprimento do horario de peche e por non axustarse a súa actividade á licenza concedida.

O interesado denunciou a situación en varias ocasións desde o mes de febreiro de 2005.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 29/11/2005, que se reiterou o 26/12/2005.

REFLEXIÓNS

O promotor da queixa presentou vinte e dúas denuncias desde o mes de febreiro de 2005, sen que se realizase ningunha actuación por parte da concellería competente. Isto non supón unha mellora na prestación dun servizo público que o concello ten a obriga de prestar e fornecer, senón todo o contrario.

Unha vez máis, a lexitimidade non se dá no ámbito debido e cunha dobre vertente: a inadecuación da actividade á licenza concedida e a contaminación acústica, á que se fixo referencia no capítulo correspondente.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións eficaces e áxiles en relación coas situacións que quebrar coa legalidade urbanística e o medio ambiente.

EXPEDIENTE 106/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa facturación incorrecta do consumo de auga por parte de Aqualia. O interesado indica que en un só contador figuran dous usuarios, polo que lle facturan dúas veces o consumo. Esta reclamación foi presentada na Oficina Municipal de Información ó Consumidor cando se encadrou na Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 26/12/2005.

REFLEXIÓNS

A empresa Aqualia, ante a primeira denuncia, limítase simplemente a corrixir a última facturación en canto ó número de usuarios, o que provoca a reclamación por non facer mención ós tempos previos.

En realidade estamos ante unha situación á que se lle dá a solución de corrixir a factura, pero non se fai ningunha mención ós cobros indebidos que se produciron durante máis de vinte anos.

RECOMENDACIÓN

Unha actuación correctora por parte do departamento competente co ánimo de acadar unha solución de xustiza.

CAPÍTULO VII: XESTIÓN MUNICIPAL

EXPEDIENTE 3/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa facturación do consumo de auga por parte de Aqualia, xa que cando o consumo é de 1 m³ obrígase a pagar un mínimo de 30 m³, o que o promotor da queixa considera ilegal, dado que a situación de mercado carece doutras ofertas e, polo tanto, se está ante unha situación abusiva que impón obrigas contrarias ó dereito común e á Constitución española.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/01/2005. Con data 27/01/2005 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 24/02/2005 e o 29/03/2005.

Con data 5/04/2005 recíbese escrito do departamento de Administración de Tributos-Dirección de Ingresos, do que se dá cumprida información ó interesado o 5/04/2005 e no que se informa o seguinte:

“Con data 25 de xaneiro de 2005 esa oficina do Valedor do Cidadán remite ó Sr. Concelleiro de Xestión Municipal escrito de queixa de D. ... sobre aplicación da taxa de auga,

sendo recibida para informe por esta Dirección de Ingresos o 2 de febreiro, data na que se require informe da entidade concesionaria do Servicio reiterándose en catro ocasións posteriores.

Esta Dirección de Ingresos lamenta o retraso na cumprimentación do presente informe, que, de forma excepcional, se produce por motivos alleos a esta área de Economía e Facenda. As medidas implementadas dende o día de hoxe, prognostican que non se volverá a producir novamente esta demora.

Achégase informe de 4 de abril de 2005 asinado polo director do Departamento de Clientes da entidade AQUALIA no que se manifesta a estricta aplicación da Ordenanza Fiscal. En consecuencia, a aplicación dunha cota mínima é legal porque así o dispón a Ordenanza Reguladora.

O fundamento ou xustificación técnica, económica e legal para que a Ordenanza Fiscal prevea unha cota mínima – exista ou non consumo efectivo – obedece as seguintes cuestións:

a) A cota mínima fixa asociada a un consumo máximo de ata 30m³/bimestre ten por obxecto o establecemento dunha cota mínima que permita a cobertura dos gastos orixinados polo mantemento, conservación e explotación da infraestrutura básica do servicio de abastecemento e saneamento e, en consecuencia, establece as bases para evitar o desequilibrio na conta de explotación da concesión.

O resultado estatístico de existencia de mínimos de consumo no noso país reflexa distintas situacións, segundo se analice o norte da península (concretamente Galicia) e o resto das zonas secas (centro e sur, Illas Baleares, Canarias, etc.): Na nosa comunidade autónoma a existencia da cota mínima de consumo, practicamente na totalidade dos Concellos, debe asociarse coa suficiencia de subministro para a atención das necesidades da poboación, aínda cando hai coincidencia sobre a escasez e natureza de primeira necesidade dun ben como a auga potable. A sensu contrario, nas demais comunidades autónomas o criterio tarifario réxese polo establecemento dunha cota de servicio de contía máis elevada e asociada a consumo cero, (sustitutoria dunha cota mínima asociada a un consumo máximo) e complementada por unha facturación adicional que grava por cada m³ o consumo efectivamente realizado.

b) Por outra parte a consecución da “igualdade de condicións” ou o logro do “obxectivo de equidade” cúmprese, mediante o establecemento da cota fixa mínima que permite, por una parte, a disposición dun consumo medio suficiente (30 m³/bimestre), e por outra parte, contribúe a repartir **os custes fixos do servicio de abastecemento e saneamento entre todos os usuarios que dispoñen do mesmo**. De non aplicarse este criterio, - en certo sentido redistribuidor de custes fixos-, debería establecerse unha tarifa excesiva para os consumos efectivamente realizados inferiores a 30 m³/bimestre, de tal sorte que se lograse a cobertura dos gastos orixinados polo **mantemento e conservación da infraestrutura básica do servicio**.

Por último, debe engadirse que a adopción dunha “cota fixa mínima asociada a un consumo máximo” é coherente co pliego de cláusulas administrativas que rexeu o concurso para o

outorgamento da concesión administrativa, ó establecerse en dito documento (que rexe os dereitos e obrigas das partes contratantes) que o custo do servizo se establecerá mediante a fixación dunha tarifa media ou custo unitario por m³ de auga subministrada, de conformidade coa prognosis ou predicción de evolución da demanda do abastecemento, que ten en conta para a súa determinación os metros cúbicos facturados (incluíndo mínimos) e non os efectivamente aforados no contador de medida. Calquera decisión respecto á eliminación dos mínimos de consumo requiriría unha reformulación do modelo económico-financieiro polo que se determina a retribución do concesionario, de difícil viabilidade técnica e, obviamente, un novo plantexamento do sistema de tarifas incluído na Ordenanza Fiscal Reguladora, que indubidablemente pasaría pola determinación dunha cota fixa de disposición do servizo, asociada a consumo 0, en contía suficiente para garanti-los custes da explotación e a recuperación das inversións comprometidas máis unha cota por m³ de auga efectivamente consumida e/ou evacuada.

En conclusión cabe dicir que as notas configuradoras do sistema de tarifas actualmente vixente son as seguintes:

- Establecemento dun mínimo promedio teórico de consumo ó que se asocia unha cota fixa mínima (tarifa unitaria x 30m³ máximo/bimestre) que permite facer fronte os gastos orixinados polo mantemento e conservación da infraestrutura básica do servizo de abastecemento e saneamento.

Dito noutros termos, a tarifa unitaria cubre o custe do servizo (gastos correntes e amortizacións) só se vai asociada a un consumo promedio fixo e mínimo de 30m³/bimestre.

- Determinación dunha tarifa progresiva para aqueles consumos que superen os 30 m³/bimestre con obxecto de optimizar a utilización dos recursos naturais, disuadindo a aqueles usuarios que estiveran incursos en situacións de consumos excesivos

Este sistema de tarifas é tecnicamente correcto, aínda que existen outras opcións tamén correctas. E legalmente compatible co disposto no artigo 24 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e cumpre de forma adecuada co dictado deste texto legal sobre a “adecuación da contía das taxas, na medida do posible, a capacidade económica daqueles que deban satisfacerlas”.

En calquera caso, unha fórmula alternativa de contraprestación polo servizo comportaría ineludiblemente a suma das seguintes partidas:

a) Unha cota fixa de conexión ó servizo, asociada a consumo cero, de importe notoriamente superior á vixente.

b) Unha tarifa por cada m³ de auga efectivamente consumida e/ou evacuada, igualmente superior á vixente.”

Con data 24/05/2005 recíbese escrito do interesado puntualizando que, non obstante o detalle pormenorizado do informe, entende que se está a contrariar o código ético de comercio, sobre todo nunha actividade monopolizada, facendo precisión sobre o consumo por tramos, co que o argumento eximido dun “mínimo” xa non ten validez, así como que o aluguer do contador non sexa optativo, podendo ser de propiedade do usuario.

Con data 25/05/2005 esta Institución diríxese ó departamento de Dirección de Ingresos acusando recibo do seu escrito e dándolle traslado das puntualizacións do interesado, ademais de facer as seguintes reflexións:

“Pola nosa parte, e atendendo a supostos similares presentados en anos anteriores, parécenos que resulta contradictorio que a Ordenanza reguladora, no seu artigo 4 (Base Impoñible) declare que a mesma determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte e, posteriormente, no artigo 5 (Tarifas) dígase que o consumo mínimo que se lle deberá facturar aos usuarios non poderá ser inferior a 15 m³/mes.

É claro que as tarifas non son técnica nin xuridicamente unha taxa ou un prezo público, senón un prezo privado, non esixible por vía de constrinximento e discutibles ante a xurisdición civil. É de suma importancia manter unha eficacia notable na solución dos problemas sociais, máxime cando poidan dar lugar a situacións que puidesen afectar aos intereses económicos dos usuarios por mor de cláusulas que se puideran cualificar de abusivas ou temerarias nos contratos derivados de concesión de servizos públicos.

Non se esqueza que medidas como a que se cuestiona, poidan dar lugar a consumos non necesarios, o que vai en detrimento, alomenos, dunha axeitada política medio ambiental.

É coñecida a precisión técnica, pero non equitativa, de que a cota mínima permite a cobertura dos gastos orixinados polo mantemento, conservación e explotación do servizo. Téñase en conta que o resultado estatístico de existencia de mínimos de consumo reflite situacións diferenciadas, segundo se analicen as zonas xeográficas da península.

Insistimos en que a equidade é compañeira inseparable da xustiza, e que debe restrinxirse o odioso e ampliar o favorable (segundo sentenzas de hai máis de un século).

Entendemos que a ordenanza en cuestión non contempla a realidade dos supostos que abrangue, trátase de acadar medidas baseadas na xusteza e non na suavidade.

Este suposto, que obviamente non é illado, require unha análise da realidade, non só no tema do consumo de auga, senón tamén noutros supostos, que só requiren dun exercicio de sabela cotiá da razón que impida tratamentos iguais a situacións desiguais.

É preciso recordar o artigo 31 da Constitución española, no que se impón a obriga de contribuir, por parte de todos, ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e pro-

gresividade, non estimando que este se acade polo feito de utiliza-los criterios aludidos de “mantemento, conservación e explotación do servizo”. Esta adecuación non ten que supoñer unha quebra da consideración de taxas ás prestacións patrimoniais que establezan as Entidades Locais por prestación dun servizo público que non sexa de recepción voluntaria; xa que a realidade vén marcada por unha imposición dun caudal de consumo que algúns cidadáns non necesitan para a súa vida privada, social ou empresarial.

Os detalles teñen unha importancia considerable, non se deben desprezar, ata tal punto que ignoralos é a orixe de moitos incidentes, perdas de tempo e consumo de enerxías inútiles, esixindo molestias ao administrado que poderían evitarse (Mariani).

Se o pagamento dun tributo tense que asociar coa prestación dun servizo, é de xustiza, atendendo aos principios de igualdade e proporcionalidade, que a referida obriga sexa acorde co uso ou consumo que se faga do servizo prestado.

Recoñécese pola doutrina que á hora de cuantifica-las taxas pódese estar gravando unha realidade ficticia.

O Tribunal Constitucional considera como necesaria a subministración de auga para consumo humano, para as necesidades da persoa.

Débase ter moi en conta que o principio de igualdade quebra cando non se dá algún dos presupostos esenciais:

- a) A achega dun termo válido da equiparación que acredite a igualdade dos supostos.
- b) O troco de criterio inmotivado ou con motivación irracional ou arbitraria.

En canto ó consumo da auga, tense que asegurar o recurso do mesmo en cantidade e calidade suficiente, establecéndose tres liñas básicas de actuación:

1. Racionalidade económica.
2. Racionalidade medioambiental.
3. Racionalidade social.

Precísase unha cultura nova sobre a auga, tense que chegar a unha política de demanda máis sostible: políticas de aforro, melloras do rendemento das instalacións, concienciación cidadá sobre o valor da auga como ben insubstituíble e, se é preciso, gravando economicamente os consumos altos (José A. Oregón, Director Xerente da Empresa Municipal de Augas da Coruña).

De aí que se estime unha necesaria revisión da Ordenanza reguladora da prestación do servizo público de abastecemento de augas.

Dada a transcendencia que ten o tema para toda a colectividade, prérgase unha detida análise das propostas.”

REFLEXIÓNS

Non obstante o anterior, esta Institución, dada a transcendencia social do asunto, con data 22/06/2005 remitiu á Sra. Alcaldesa do Concello de Vigo a seguinte recomendación:

Durante os anos 2004 – 2005 recibíronse, na Oficina do Valedor do Cidadán, queixas en relación coas tarifas do consumo de auga por parte da cidadanía de Vigo.

Concretamente, adúcese nas mesmas, unha excesiva descompensación entre o consumo realizado e o montante da factura; supostos nos que, sendo o consumo da auga inexistente, nalgúns casos a factura se sitúa entre 27, 49 e 41,21 euros.

De acordo coa formulación anterior, conséntase o desproporcionado da facturación realizada nos casos denunciados, polo que se solicita do Concello unha revisión da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

O uso sostible do recurso auga require da aplicación de tarifas adecuadas que cubran realmente os custes de consumo, a conservación do medio acuático e a prestación do servizo. Por iso, en termos xerais, cómpre impoñer unha nova cultura da auga.

A importancia da auga como un ben escaso acrecéntase a causa do seu alto consumo, da súa mala distribución e dos altos niveis de contaminación, ós que hai que engadir os problemas derivados da seca.

A Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo, de 23 de outubro de 2000, establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. O seu artigo 9 “Recuperación dos custes dos servizos relacionados coa auga”, di que “os Estados membros han de incluír na súa política de prezos o principio de recuperación dos custes do servizo relacionados coa auga, incluídos os ambientais e os relativos ós recursos.

Neste senso, os Estados membros han de garantir, chegado o ano 2010, que a política de prezos da auga incorpore incentivos, de tal xeito que os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos hídricos, tanto no ambiente doméstico como no sector industrial, motivo polo cal o uso sostible do recurso auga require da aplicación de tarifas adecuadas (nas subministracións urbanas, a súa tarifa correspóndese cos custes medioambientais e de xestión de recursos).

Os municipios, como entidades básicas da organización territorial do Estado e de canles inmediatas de participación cidadá, gozan dunha autonomía recoñecida na Constitución. En función da citada autonomía e en relación coas súas competencias, teñen dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ós seus intereses, respectando a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas.

O artigo 25, apartado f, da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, de 2 de abril, inclúe como competencias dos municipios a subministración de auga (...); a rede de sumidoiros e o tratamento de augas residuais.

- No que á tarificación da auga se refire, encárganse dos servizos relativos á distribución de auga desde os depósitos ás acometidas e desde a rede de sumidoiros ou recollida de augas residuais ata a depuradora.

- En relación cos servizos de adución e depuración, son competentes para propor a modificación de tarifas.

- Con respecto ós servizos de distribución e rede de sumidoiros, compétenlle a aprobación das tarifas ou taxas dos mesmo, dentro dos límites establecidos polas Comunidades Autónomas e autorizados polas mesmas.

Facendo uso de tales competencias, redactouse en Vigo a ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais -número 60-, na que se regulan as taxas pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, redes de sumidoiros, saneamentos e depuración de augas residuais.

No seu artigo 4 establece que a base impoñible do tributo se determinará en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte. Pola súa parte, no seu artigo 5 regula que, na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servizo, se seguirá o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos.

Así mesmo, a ordenanza regula un consumo mínimo para os usuarios, o cal non poderá ser inferior a 15m³/mes. Este feito altera por completo o ditado pola Directiva Marco de Auga, na que reza o principio do **uso sostible da auga e incentiva o consumo sostible da mesma**.

Polo tanto, é evidente a contradición entre un uso sostible ou inexistente, cunha tarifa, ó noso entender, abusiva nos termos que aquí se sinalan. A cidadanía viguesa consume máis auga que outros habitantes de España e, ademais, o seu custe é elevado. Así, fronte ós 14,63 euros que pagan, como mínimo, cada bimestre os usuarios de Vigo, os ourensáns e os composteláns aboan pouco máis de 7 euros.

Ó aplicar á maioría dos fogares vigueses o tramo mínimo de gasto, fixado en 30.000 litros ó bimestre, que se factura a 0,29 euros por cada mil litros, ademais dunha cota fixa de 5,80 euros, totalizan os 14,63 €.

Polo tanto, os habitantes de Vigo pagan o tramo mínimo máis amplo de Galicia, o cal pon de manifesto que están obrigados a pagar moitos máis litros que o resto dos galegos, consúmanse estes ou non.

A Unión Europea, desde a súa Directiva Marco de Augas, preconiza o prezo razoable da tarificación da auga, que debe ser instaurada antes do 2010, instando a que se desenvolva un

regulamento de subministración domiciliar de auga e que, desta maneira, se adecúe o prezo estipulado tanto ó consumo polo servizo prestado, como pola utilización efectiva realizada polo usuario.

O horizonte viría determinado pola imposición dunha tarifa binómica. Unha equitativa, onde a cota fixa ou de servizo cubriría os custes fixos das instalacións, aínda que non se faga uso delas (usuarios sen consumo); e outra eficiente, cota variable por metro cúbico, que incide no consumo e permite políticas de aforro, o que actualmente se denomina Xestión da Demanda.

Como consecuencia do descrito, parece claro que os cidadáns de Vigo están sufrindo un prexuízo inxustificado, e que, ao respecto, o Concello non ten adoptado todas as medidas ó seu alcance para que se corrixa esta situación no menor prazo posible.

*Por todo o sinalado ata o de agora, considerase necesario en aplicación do disposto no artigo 10.6 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, facer chegar a esa Alcaldía a seguinte **recomendación** :*

Que se adopten as medidas precisas para a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, así como a revisión do contrato de concesión da explotación da subministración de auga á empresa AQUALIA.

Ó que antecede resposta a Concellería de Xestión Municipal en escrito do 28 de xullo de 2005, no que nos participa o seguinte:

“Poño no seu coñecemento que os Servizos Económicos do Concello iniciaron, acollendo favorablemente a inquietude posta de manifesto por esa Institución no seu escrito de data 26 de maio de 2005 (expte. 3/2005), o correspondente estudo económico que permita establecer unha nova estrutura de tarifas de subministro de auga e saneamento, con supresión dos mínimos obrigatorios de consumo bimestral, cumprindo os seguintes obxectivos:

1. Racionalidade económica:

Manter o equilibrio económico-financieiro da Concesión, garantindo a cobertura do custo de explotación do servizo ou retribución do concesionario, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeu o respectivo concurso, e todo isto en evitación de que o Concello de Vigo teña que recorrer a vía de subvención para o logro do reequilibrio da explotación, situación esta que suporía unha alteración no equilibrio orzamentario.

2. Racionalidade medioambiental:

Estrutura da tarifa que permita o aforro e a concienciación do valor da auga como ben insubstituíble.

3. Racionalidade social:

Aplicación ponderada dos principios de capacidade económica, beneficio e progresividade de segundo consumos efectuados e tipos de usuarios (privados e/ou de actividades económicas).

Dada a complexidade da análise que a determinación dunha nova estrutura de tarifas require, toda vez que se fai preciso efectuar simulacións con arranxo á evolución dos consumos históricos do servizo, de tal sorte que se garanta o equilibrio aludido no apartado punto 1 do presente escrito, estimamos que a súa entrada en vigor non sería posible para o exercicio económico 2006 polo que se procedería da seguinte forma:

- *Na sesión plenaria do mes de setembro presentárase a aprobación xunto coas restantes taxas municipais – actualización da vixente estrutura de tarifas na contía da variación do IPC.*

- *No momento en que o Pleno aprobe o expediente de retribución da Concesión do exercicio 2005 que conterà o correspondente estudo económico-finaceiro, con determinación da correspondente tarifa media, formularase proposta de Modificación da estrutura de tarifas, que no caso de ser aprobada pola Xunta de Goberno Local incluíranse no expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora, que entraría en vigor unha vez cumpridos os trámites regulamentarios de exposición pública, alegacións, aprobación definitiva e publicación no BOP.”*

Do contido do anterior informe deuse cumprida información ó interesado o 29/08/2005.

RECOMENDACIÓN

Prestar a maior dilixencia na tramitación da nova tarificación, dada a transcendencia social que implica.

EXPEDIENTE 14/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa denegación da exención do pagamento da taxa pola recollida do lixo, sendo beneficiario do Risga.

O promotor da queixa indica que presentou unha solicitude para reemprender o cobro do Risga fóra de prazo debido a que o 22/09/2004 recibiu a notificación de suspensión do beneficio, cuxa readmisión foi solicitada o 22/10/2004 e non recibiu notificación da mesma ata o 11/01/2005.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/02/2005. Con data 28/02/2005 solicitouse o preceptivo informe, que rende a xefatura de Administración de Tributos o 8/03/2005 e no que se subliña que o

desenvolvemento dos trámites para obter o beneficio do RISGA non é necesario para presentar a solicitude de exención da taxa pola recollida do lixo; este prazo comeza o primeiro de outubro e remata o 31 de decembro.

Do anterior deuse cumprida información ó interesado o 10/03/2005.

REFLEXIÓNS

Sen obviar que os prazos establecidos na norma obrigan á administración e ós interesados, é preciso considerar que o desenvolvemento cronolóxico das distintas etapas do expediente non lle permiten ó interesado axustarse ós prazos que a normativa aplicable establece; hai que ter en conta que entre a solicitude de readmisión no Risga e a resposta dada pola administración, transcorreron dous meses e medio, case tanto tempo como o que a Ordenanza Fiscal subliña para as solicitudes de exención do pagamento da taxa do lixo.

O procedemento administrativo supón, en todas as Administracións públicas, unha garantía, unha protección simple dos dereitos e intereses dos cidadáns que obriga ás entidades públicas a actuar con celeridade e eficiencia, non debéndose imputar ó cidadán o efecto da demora ou atraso na resolución dun procedemento, cando tal resolución ten que producir efecto nunha Administración pública doutro ámbito. O sentido da cooperación non está moi presente.

O interesado non actúa en virtude dun erro ou dunha situación de ignorancia, senón dunha situación derivada dunha resposta pública que se demora máis do que a razón o considera; estase, cando menos, nunha situación de boa fe.

RECOMENDACIÓN

1. Unhas actuacións áxiles como a do Servizo de Administración de Tributos.
2. Unha análise máis detida dos problemas cando dependen de resolucións doutras Administracións públicas.

EXPEDIENTE 15/2005

ASUNTO

Queixa formulada polos veciños da Parroquia de Bembrive polo incremento do IBI. Indican os interesados que presentaron solicitude no Concello en decembro de 2004, nun escrito no que se fan precisións sobre as diferenzas que existen na prestación dos servizos municipais en comparación con outros grupos veciñais, o que reflite unha situación discriminatoria.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/02/2005. Con data 1/03/2005 solicitouse o preceptivo informe ó departamento de Administración de Tributos, que renden o 6/04/2005 e no que se reflite o seguinte:

“A requirimento dese Valedor do Cidadán en expte. 15/2005 esta Dirección de Ingresos procede a informar o seguinte:

*- A primeira consideración a realizar é que o Imposto sobre Bens Inmóveis é un Tributo Municipal obrigatorio no que a xestión é compartida por dúas Administracións públicas: **O Ministerio de Economía e Facenda** a través da Dirección Xeral do Catastro e os Concellos.*

O fondo da queixa formulada ó Concello polos veciños da Parroquia de Bembrive estriba en que son gravados, en tanto que titulares de bens inmóveis, dende o ano 2004, de forma moi superior a como resultaban gravados anteriormente.

Do seu escrito despréndese a demanda dun menor gravame apoiada en argumentos como servizos municipais peores que noutras zonas do municipio, que os terreos non ocupados por edificación queden excluídos do Imposto, que se demore a súa inclusión ata o novo PXOM...

A través deste informe trataremos de expoñer e demostrar que ningunha das circunstancias devanditas variarían a aplicación que o concello de Vigo fixo no Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana do exercicio 2004.

*En primeiro lugar compre situar as competencias e responsabilidades das diferentes Administracións públicas implicadas no Catastro e no Imposto sobre Bens Inmóveis. Segundo o RDL 1/2004 (T.R da Lei do Catastro Inmobiliario) **“a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario é competencia exclusiva do Estado”**. Esta función inclúe a valoración dos bens, e este valor constituirá a base impositiva do Imposto sobre Bens Inmóveis. A incorporación dos bens inmóveis no Catastro con carácter de natureza urbana ven regulada, en consecuencia, na citada norma de rango legal, e suxeita a un procedemento formal. A continuación relátase o calendario habido no concello de Vigo para a incorporación, como bens de natureza urbana, de determinadas bolsas de solo que non estaban incluídas no Catastro coa categoría que lles correspondía conforme o planeamento urbanístico vixente (PGOU-93).*

- Xaneiro 2002: O Concelleiro vocal no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria é informado sobre a elaboración da Ponencia complementaria pola Xerencia do Catastro.

- 21 Marzo 2002: O Sr. Alcalde remite escrito manifestando a necesidade dunha aplicación interpretativa e non directa das normas catastrais e fiscais para solos suxeitos a planeamento secundario pendente de aprobación e solos de “núcleos rurais”, e advirte do proceso de Revisión do PGOU.

- 24 Febreiro 2003: A Xerencia Territorial do Catastro remite ó Concello a “Delimitación Catastral de Solo Urbano” para informe preceptivo pero non vinculante.

• 4 Marzo 2003: O Concello remite o informe preceptivo apuntando que “non deberían incorporarse solos urbanizables sen desenvolvemento urbanístico”.

• 12 Marzo 2003: A Xerencia Territorial informa que a Lei 48/2000 do Catastro Inmobiliario determina a inclusión no Catastro Urbano dos solos urbanizables que así clasifique o planeamento e estean incluídos en sectores.

• 19 Maio 2003: O Concello remite informe especificándose que “dende o punto de vista urbanístico a ponencia axústase ás determinacións do PGOU vixente, e dende o punto de vista dos valores, confírmase que se aplican os valores da Ponencia do ano 1989 actualizados”.

• 1 Outubro 2003: Anuncio no BOP da exposición pública da Ponencia de Valores.

• Xaneiro-Febreiro 2004: Os titulares catastrais reciben 20.000 notificacións de valor catastral correspondentes a outras tantas fincas. As notificacións inclúen os recursos procedentes ante a Xerencia Territorial do Catastro: Reposición e Económico Administrativo. (Achégase copia como Doc.Nº 1)

• 26 Xaneiro 2004: O Concello-Pleno aproba por unanimidade moción para **solicitar** da Dirección Xeral do Catastro determinadas reducións de valor, por motivos urbanísticos, e coa finalidade de minorar a carga fiscal que corresponderá polo IBI:

- 0.6 para solos urbanos en supostos de inedificabilidade temporal.
- 0.8 para solos urbanizables pendentes de ordenación ou con imposibilidade de licencia.

• 15 de Febreiro 2004: O Concello traslada ó Catastro a petición acordada polo Pleno.

• 19 de Febreiro 2004: O Catastro accede á aplicación do coeficiente 0.6 de inedificabilidade temporal a solos urbanos naquela situación. Estima inviable, legalmente, a aplicación do segundo coeficiente solicitado, a solos urbanizables.

• 15 de Marzo 2004: A Xunta de Goberno Municipal aproba unha relación exhaustiva de todos os ámbitos de solo urbano en situación de inedificabilidade temporal. Trasládase este acordo á Xerencia do Catastro.

• Abril-Maio 2004: A Xerencia Territorial do Catastro, por aplicación do coeficiente 0.6, reduce a valoración de 6000 fincas urbanas. Proceda a notificar individualmente as 6000 novas valoracións cos correspondentes recursos de reposición e económico-administrativo.

Conclúe así o procedemento de determinación e valoración do feito impositivo do Imposto. Neste proceso convén subliñar os seguintes extremos:

1. A determinación do feito impositivo é establecida polo RDL 1/2004, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, que, no seu artigo 7, apartado segundo,

dispón que se **entende por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico como urbano, así como os terreos que teñan a consideración de urbanizables segundo o planeamento e estean incluídos en sectores.**

2. Trátase dunha competencia exclusiva do Estado. As normas de valoración están incluídas na citada Lei do Catastro e normativa regulamentaria de desenvolvemento. Da lectura das citadas normas despréndese a toma en consideración das características urbanísticas dos terreos, o seu aproveitamento, os valores de mercado, os servizos urbanísticos e outras circunstancias que inflúen no valor.

3. O Concello actuou neste proceso, a través dos seus órganos, nos únicos termos en que legalmente podía actuar: Poñendo de manifesto as circunstancias urbanísticas que podían fundamentar unha redución da valoración fixada pola Dirección Xeral do Catastro.

Compre apuntar que os titulares do solo urbanizable non argumentaron en ningún caso que a valoración fose excesiva. Demandan a súa exclusión por motivos diferentes ós contemplados na Lei do Catastro.

Unha vez determinado e valorado o feito impositivo e determinados os suxeitos pasivos pola Administración do Estado, as competencias do Concello limitáanse a determinar o tipo impositivo con arreglo ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais. O artigo 72 do citado texto legal prescribe a fixación dun único tipo para inmobles urbanos, outro para inmobles rústicos e un terceiro para inmobles de características especiais. O Concello ten determinado o tipo impositivo no 0,720 polo que a única función que debe realizar é a práctica das liquidacións individuais. A aplicación dun tipo impositivo distinto do aprobado en sesión plenaria de 29 de decembro de 2003 sería nulo de pleno dereito.

En calquera caso, aínda que fose legalmente viable, resultaría contrario ó principio de xustiza e equidade fiscal que os contribuíntes que agora se incorporan ó Catastro tras 10 anos de omisión (PGOU-1993), por motivos de demora administrativa, tivesen un tipo máis baixo que o resto do Municipio que ven tributando dende 1993.

Sen embargo, de forma excepcional, por ser o primeiro ano de tributación para as fincas incluídas na Ponencia de Valores Parcial-2003, o Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda tomou a decisión de ampliar o período de pagamento voluntario para esta zona: Abrir un novo período voluntario a partir de marzo de 2005.

Como conclusión, esta Dirección de Ingresos debe manifestar que a actuación do Concello foi – dentro das posibilidades legais – o máis favorable ós contribuíntes afectados.

Con data 9 de decembro de 2005, 787 veciños da Parroquia de Bembrive presentan un escrito, cualificable como QUEIXA, no que manifestan diferentes argumentos xa tratados previamente na reunión do 25 de outubro do ano 2004 do concelleiro de Facenda cos presidentes das Asociacións de Veciños e dous técnicos municipais, na Sede da Federación . (Achégase copia que se sinal como Doc. N° 2)

Con data 31 de xaneiro de 2005, a Directora de Ingresos informa ó Sr. Concelleiro Delegado da xestión municipal sobre o escrito anterior. (Achégase copia que se sinala como Doc. N° 3)

Con data 11 de febreiro de 2005, a Directora de Ingresos emite informe sobre o mesmo asunto a unha alegación presentada ós Presupostos correspondentes ó exercicio 2005 pola Federación Veciñal Eduardo Chao. (Achéganse copias que se sinalan como Doc. N° 4 e 5)”

Con data 8/04/2005 deuse cumprida información do anterior ós interesados.

REFLEXIÓNS

Resulta evidente que o incremento do IBI deriva da inclusión no catastro de terreos que anteriormente non tiñan a consideración de chan urbano e que, segundo a lexislación vixente, se está ante unha competencia allea á Administración municipal, se ben esta actúa dentro da marxe das competencias que a referida lexislación lle atribúe.

Calquera actuación posterior por parte dos interesados debe dirixirse á Administración do Estado competente e, de non existir conformidade, poderían recorrer ó Defensor del Pueblo.

RECOMENDACIÓN

Hai que tomar exemplo da dilixencia mostrada polo Servizo de Administración de Tributos na contestación deste expediente.

EXPEDIENTE 21/2005

ASUNTO

Queixa en relación cunha caída por mor do mal estado da beirarrúa que dá acceso da avenida de Castelao ó Centro Comercial nº 4 de Coia, o que ocasionou ó promotor da queixa a rotura dos anteollos e os pantalóns, tal como consta no informe da Policía local.

O interesado solicitou o 1/04/2004 a reparación dos danos e achegou posteriormente, o 5/05/2005, os xustificantes pertinentes.

Con data 2/03/2005, a Concellería de Xestión Municipal comunicoulle ó promotor da queixa a resolución, pola que declara inadmisíbel a reclamación por falta de competencia ó non ser titular da vía nin ter asumido título competencial respecto da conservación e mantemento da mesma.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 16/03/2005. Con data 17/03/2005 solicitouse o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 21/04/2005.

Con data 25/04/2005 recíbese escrito, no que se reflite o seguinte:

“Dado o elevado número de reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulan ó Concello de Vigo, faise inviábel resolvelas no prazo de 6 meses previsto no artigo 42.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Respecto á afirmación do apartado d) do seu escrito respecto á estimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial de D. ... unha vez transcorrido o prazo para resolver, infórmolle que, consonte o artigo 13.3 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións públicas en materia de Responsabilidade patrimonial, os efectos do silencio administrativo no caso de falta de resolución expresa son negativos, contrarios a indemnización do particular.

No escrito inadmitindo a reclamación non podemos informarlle á reclamante sobre a Administración competente para resolver porque esta Administración descoñece a quen pertence a titularidade do lugar onde ocorreu o accidente.”

Con data 27/04/2005 deuse cumprida información ó interesado, indicándolle o noso desacordo co contido do informe, e coa mesma data dirixímonos á concellería competente manifestando o seguinte:

a) O artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, é taxativo, a obrigatoriedade de cumprir os prazos non admite desculpas; a resposta é obvia cando o cidadán non cumpre, a resposta é clara: “fóra de prazo”.

Cando a administración non cumpre, adopta fórmulas preservativas, como a do artigo 13.3 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, que, non obstante ser coñecido por esta Institución, se fixo a precisión do apartado d) das reflexións como algo que sería normal, o que tería que ser coñecido polo interesado de forma clara no momento da instrución do expediente, e en lugar de resolver declarando a falta de competencia, case trece meses despois, terse limitado a informar puntualmente desa inadmisión e deixar libre as outras vías pertinentes.

b) Non é de recibo o argumento de que o elevado número de reclamacións que se formulan faga inviábel resolvelas no prazo establecido na lexislación.

Temos que reiterar o exposto na páxina 195 da Memoria do ano 2004, presentada ao Pleno do Concello o 1 de abril de 2005: “Da desculpa alegada de “excesivo volume de expedientes”, non se pode inducir unha xestión áxil e eficaz. O primeiro interese do cidadán vai dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata a adopción das medidas tendentes para resolver os problemas da vida cotiá. Nas súas relacións cos cidadáns, todas as Administracións públicas someten a súa actividade á disciplina do Dereito Administrativo, este Dereito outórgalle notables privilexios, que se xustifican como instrumentos para que o ente público poida cumprir coas finalidades que a Lei e a Constitución

Ile atribúen. Pero este mesmo Dereito, como contrapartida inescusable, define mecanismos que permiten o control da actividade administrativa.

Tense que potencia-la eficacia administrativa, xa que o cidadán mantén un elevado interese en que a administración se mostre en termos de calidade, axilidade e rapidez”.

Na mesma páxina subliñase que “A entidade local ten á súa disposición mecanismos regulamentarios para dotarse dos medios, humanos e materiais, necesarios para a procura dunha xestión eficaz”.

É preciso reiterar o exposto na mesma Memoria (páxinas 201 a 203), e lembrar a resposta dada por esa Concellería de Xestión Municipal ao expediente 63/2004, documento ... do 8/09/2004, no que se reflite “...prácame comunicarlle que todo o que vostede expón para axilizar e modernizar a xestión municipal é unha tarefa na que todos os membros do Goberno municipal e, por suposto, eu mesmo como concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, está a traballar todos os días para tratar de conseguir un servizo público e de calidade para toda a cidadanía.

... propostas que... tomaremos en conta para tratar de mellorar día a día a xestión municipal e evitar situacións como a explicitada”. Propostas reflectidas tamén nas páxinas 9-18 da citada Memoria.

c) Rematamos coa pesadume que supón o seu último parágrafo, onde se indica que “esta administración descoñece a quen pertence a titularidade do lugar onde ocorreu o accidente”, o que nos vén a acreditar o abandono e a indefensión do cidadán afectado.

Con data 24/05/2005 diriximos novo escrito á concellería competente poñendo de manifesto que o interesado manifesta o seu abraio como consecuencia de que o Concello descoñeza a quen pertence a titularidade do lugar onde ocorreu o accidente, pregando ultimamente as xestións que estimen a fin de coñecer ese dato, xa que é un lugar situado na cidade de Vigo.

Con data 26/09/2005 dirixímonos de novo á concellería competente indicando que con data 23/09/2005 o interesado comunicanos que o Concello arranxou a beirarrúa onde se produciu o seu accidente, polo que insiste na aclaración sobre a titularidade da mesma.

Con data 4/10/2005 recíbese escrito da concellería no que indica que se solicitou informe a outras dependencias municipais para investigar a titularidade da beirarrúa.

Con data 7/11/2005 reitérase o pedimento de información sobre a titularidade do lugar, informe que se recibe o 30/11/2005, no que indica que a recepción daquela zona fíxoala Xunta de Galicia, ante quen deberá interesarse a información requirida. Coa mesma data dáse cumprida información do anterior ó interesado.

REFLEXIÓNS

Están resumidas no escrito que esta Institución dirixiu á Concellería de Xestión Municipal antes subliñado, ás que se pode engadir, para maior precisión, que a confianza lexítima dos cidadáns nas actuacións das Administracións Pública non pode ser alterada arbitrariamente e, cando un procedemento administrativo non é áxil e breve, é difícil que poida ser unha administración ó servizo dos cidadáns. Así, o artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, fai referencia normativizada a supostos como o que nos ocupa ó indicar, no parágrafo cinco, cando se pode suspender o prazo máximo para resolver un procedemento; no parágrafo seis, de forma taxativa, os mecanismos que se poden adoptar para resolver en prazo os procedementos iniciados e, no paragrafo sete, alude ó cumprimento dos prazos para o persoal competente.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións precisas e en consonancia coa normativa antes exposta.

EXPEDIENTE 25/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa facturación do consumo de auga por parte de Aqualia, xa que por un consumo de 0 m³ se lle facturaron 27,49 euros, co que parece que o consumo responsable e o aforro dun ben escaso non se teñen en consideración.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/03/2005, solicitándose con data 30/03/2005 o preceptivo informe.

Con data 13/04/2005 recíbese escrito do Servizo de Dirección de Ingresos, no que informa o seguinte:

“Con data 30 de marzo de 2005 esa oficina do Valedor do Cidadán remite ó Sr. Concelleiro de Xestión Municipal escrito de queixa de D. ... en representación ... sobre aplicación da taxa de auga, sendo recibida para informe por esta Dirección de Ingresos o 5 de abril, data na que se require informe da entidade concesionaria do Servizo.

O usuario do Servizo de Auga manifesta a súa desconformidade polo feito de que con 0 metros cúbicos de consumo se lle xire liquidación por importe de 27,49 euros.

A citada liquidación é correcta conforme á Ordenanza e o fundamento ou xustificación técnica, económica e legal para que a Ordenanza Fiscal prevea unha cota mínima –exista ou non consumo efectivo- obedece as seguintes cuestións:

a) A cota mínima fixa asociada a un consumo máximo de ata 30m³/bimestre ten por obxecto o establecemento dunha cota mínima que permita a cobertura dos gastos orixina- dos polo mantemento, conservación e explotación da infraestrutura básica do servico de abastecemento e saneamento e, en consecuencia, establece as bases para evitar o dese- quilíbrio na conta de explotación da concesión.

O resultado estatístico de existencia de mínimos de consumo no noso país reflexa dis- tintas situacións, segundo se analice o norte da península (concretamente Galicia) e o resto das zonas secas (centro e sur, Illas Baleares, Canarias, etc.): Na nosa comunida- de autónoma a existencia da cota mínima de consumo, practicamente na totalidade dos Concellos, debe asociarse coa suficiencia de subministro para a atención das neces- dades da poboación, aínda cando hai coincidencia sobre a escaseza e natureza de primeira necesidade dun ben como a auga potable. A sensu contrario, nas demais comunidades autónomas o criterio tarifario réxese polo establecemento dunha cota de servico de contía máis elevada e asociada a consumo cero, (substitutoria dunha cota mínima asociada a un consumo máximo) e complementada por unha facturación adicional que grava por cada m³ o consumo efectivamente realizado.

b) Por outra parte a consecución da “igualdade de condicións” ou o logro do “obxectivo de equidade” cúmprese, mediante o establecemento da cota fixa mínima que permite, por una parte, a disposición dun consumo medio suficiente (30 m³/bimestre), e por outra parte, contribúe a repartir **os custes fixos do servico de abastecemento e saneamento entre todos os usuarios que dispoñen do mesmo**. De non aplicarse este criterio, - en certo sentido redistribui- dor de custes fixos-, debería establecerse unha tarifa excesiva para os consumos efectivamen- te realizados inferiores a 30 m³/bimestre, de tal sorte que se lograse a cobertura dos gastos orixinados polo **mantemento e conservación da infraestrutura básica do servico**.

c) Por último, debe engadirse que a adopción dunha “cota fixa mínima asociada a un con- sumo máximo” é coherente co prego de cláusulas administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión administrativa, ó establecerse en dito documento (que rexe os dereitos e obrigas das partes contratantes) que o custo do servico se establecerá mediante a fixación dunha tarifa media ou custo unitario por m³ de auga subministrada, de conformidade coa prognosis ou predicción de evolución da demanda do abastecemen- to, que ten en conta para a súa determinación os metros cúbicos facturados (incluíndo mínimos) e non os efectivamente aforados no contador de medida. Calquera decisión res- pecto á eliminación dos mínimos de consumo requiriría unha reformulación do modelo económico-financeiro polo que se determina a retribución do concesionario, de difícil via- bilidade técnica e, obviamente, un novo plantexamento do sistema de tarifas incluído na Ordenanza Fiscal Reguladora, que indubidablemente pasaría pola determinación dunha cota fixa de disposición do servico, asociada a consumo 0, en contía suficiente para garan- ti-los custes da explotación e a recuperación das inversións comprometidas máis unha cota por m³ de auga efectivamente consumida e/ou evacuada.

En conclusión cabe dicir que as notas configuradoras do sistema de tarifas actualmente vixente son as seguintes:

- *Establecemento dun mínimo promedio teórico de consumo ó que se asocia unha cota fixa mínima (tarifa unitaria x 30m³ máximo/bimestre) que permite facer fronte os gastos orixinados polo mantemento e conservación da infraestrutura básica do servizo de abastecemento e saneamento.*

Dito noutros termos, a tarifa unitaria cubre o custe do servizo (gastos correntes e amortizacións) só se vai asociada a un consumo promedio fixo e mínimo de 30m³/bimestre.

- *Determinación dunha tarifa progresiva para aqueles consumos que superen os 30 m³/bimestre con obxecto de optimizar a utilización dos recursos naturais, disuadindo a aqueles usuarios que estiveran incurso en situacións de consumos excesivos*

Este sistema de tarifas é tecnicamente correcto, aínda que existen outras opcións tamén correctas. É legalmente compatible co disposto no artigo 24 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e cumpre de forma adecuada co dictado deste texto legal sobre a “adecuación da contía das taxas, na medida do posible, a capacidade económica daqueles que deban satisfacelas”.

En calquera caso, unha fórmula alternativa de contraprestación polo servizo comportaría ineludiblemente a suma das seguintes partidas:

a) Unha cota fixa de conexión ó servizo, asociada a consumo cero, de importe notoriamente superior á vixente.

b) Unha tarifa por cada m³ de auga efectivamente consumida e/ou evacuada, igualmente superior á vixente.”

Con data 14/04/2005 deuse cumprida información ó interesado, indicándolle que esta Institución presentaría unha proposta de modificación da actual Ordenanza Fiscal reguladora da prestación deste servizo.

Con data 29/08/2005 deuse cumprida información ó interesado da proposta presentada ó Concello ó respecto.

REFLEXIÓNS

As mesmas subliñadas no expediente 3/2005.

RECOMENDACIÓN

As mesmas subliñadas no expediente 3/2005.

EXPEDIENTE 39/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación da Asociación de Comerciantes e Vendedores dun mercado que, tendo a condición de concesionaria desde agosto de 2004, segundo sentenza do Tribunal Supremo de 7/05/2002, se atopan sen liquidez para facer fronte ós gastos diarios que implica o mantemento do mercado debido a que outra asociación do mesmo non aboou os recibos mensuais que lle corresponden, sen que por parte do Concello se tomen as medidas axeitadas para tal cumprimento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/05/2005. Con data 11/05/2005 solicitouse o preceptivo informe que tivo que reiterarse nas seguintes datas: 9/06/2005, 5/07/2005, 3/08/2005, 5/09/2005 e 19/10/2005. Neste último requirimento indícase que os interesados, con data 29/09/2005, achegan copia dun escrito entregado no Rexistro Xeral do Concello o 2/07/2005 no que instan a incoación de expediente de procedemento de desafiuzamento administrativo, así como documentos complementarios.

Con datas 9/11/2005 e 5/12/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

REFLEXIÓNS

Existe unha falta de atención e unha ausencia de actuacións, xa de información xa de asesoramento, a un colectivo que o precisa e que ten dereito a ser tratado segundo o disposto na normativa vixente (artigo 35 da Lei 30/1992).

RECOMENDACIÓN

O indicado no apartado das reflexións.

EXPEDIENTE 51/2005

ASUNTO

Queixa en relación co embargo da conta bancaria do interesado como consecuencia da falta de pago da taxa pola recollida do lixo dos anos 1998 e 2000. Indica que a primeira notificación ó respecto recibíuna en maio de 2005, polo que considera que, en todo caso, a acción está prescrita.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/05/2005. Con data 26/05/2005 solicítase o preceptivo informe que se recibe o 26/06/2005, do que se dá cumprida información ó interesado na mesma data, e no que se reflite:

“Os efectos de cumprimentar a súa solicitude do 26 de maio de 2005, relativa ao escrito de queixa presentado ante esa Institución por D.. ..., se lle remite o seguinte INFORME, así como copia da documentación óbrante no expediente administrativo de referencia.

- *Nesta Unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo seguiu-se expediente administrativo de apremio n°: ... contra o debero D. ..., polos seguintes conceptos tributarios:*

CONCEPTO	Nº RECIBO	OBXECTO TRIBUTARIO	PRINCIPAL
LIXO VIVENDAS 1998	52,89 €
LIXO VIVENDAS 2000	53,46 €

- *O procedemento executivo iniciase mediante as correspondentes Providencias de Constrinximento, nas que identifica a débeda pendente, coa advertencia de que no caso de non efectúa-lo pagamento da mesma, se procederá ao embargamento dos bens do debedor/a en contía suficiente para cubri-lo crédito perseguido.*

*Esta providencia de constrinximento é o **título executivo suficiente** para proceder contra os bens e dereitos do debedor/a, de acordo co disposto no artigo 167 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e ten a mesma forza executiva que unha sentenza xudicial.*

- *A providencia de constrinximento correspondente á taxa pola recollida do lixo do exercizo 2000 foi notificada ó interesado o 4 de novembro de 2002, quen asinou o correspondente acuse de recibo.*

- *Respecto a liquidación do exercizo 1998, intentouse a notificación da Providencia de Constrinximento no enderezo do debedor/a en **tres ocasións**, e ao atoparse **ausente** se lle deixaron os correspondentes avisos de chegada. Nestes casos, e tal como establecía o artigo 105 da Lei 230/1963, vixente naquel momento, ...cítarase ao interesado ou ao ser representante para a notificación por comparecencia, por medio de anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia. A devandita citación foi publicada no **Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19 de xuño do 2002**. Unha vez transcorrido o prazo sen comparecer, a notificación se ten por efectuada a todos os efectos legais.*

- *En canto a prescrición, regulada nos artigos 66 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, o dereito da Administración a esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas, prescribe os **catro anos**, contados dende o día seguinte a aquel no que remata o período voluntario de pagamento.*

• O cómputo do citado prazo, interrómpeuse por calquera acción da Administración tributaria, feita con coñecemento formal do obrigado, dirixida de forma efectiva á recadación da débeda. **Producida a interrupción, iníciase novamente o cómputo do prazo.**

• Como se indicou anteriormente no presente expediente a prescrición interrompeuse pola notificación ao debedor/a da Providencia de Constrinximento do seguinte xeito:

CONCEPTO ANO	Nº RECIBO	FIN PRAZO VOLUNTARIO	ACTUACIÓNS	DATA NOTIFICACIÓN PROVIDENCIA
LIXO VIV. 1998	...	15-07-1998	Intentos de notificación individual o 04.11.99, 22.01.01 e 23.01.01, con resultado "ausente"	BOP Pontevedra 19-06-2002
LIXO VIV. 2000	...	17-07-2000		04-11-2002, asinada polo interesado

• A dilixencia de embargamento de conta corrente de data 28/04/2005, se efectuou dentro do prazo de prescrición de catro anos.

• Por último, faise constar que todos os actos de xestión recadadora son susceptibles de ser recorridos en reposición, de acordo co previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, tal como se indica nas propias notificacións. Neste caso non consta que a interesada houbera recorrido en vía administrativa antes de acudir a esta Institución.

Achégase ao presente informe unha copia das actuacións obrantes no expediente administrativo de constrinximento."

Non se deron actuacións posteriores, polo que se estima o expediente pechado.

REFLEXIÓNS

As mesmas que se refliten no apartado de recomendación.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións dilixentes como a correspondente a este suposto, efectuada polo Servizo de Tesourería-Recadación Executiva.

EXPEDIENTE 55/2005

ASUNTO

Queixa en relación cos danos sufridos como consecuencia dun tropezón cun tronco dunha árbore parcialmente cortada na rúa Urzáiz, polo que o interesado tivo que estar de baixa durante máis de tres meses e non puido desempeñar as tarefas normais que viña realizando.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/06/2005, solicitándose o preceptivo informe con data 14/06/2005, no que se facían as seguintes REFLEXIÓNS: *“Á vista de que, instruído o expediente oficial ó respecto, o Concello resolve con data 4/05/2005 indicando que “non corresponde ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo causal entre o accidente e o funcionamento do servizo público”, esta institución fai as seguintes reflexións:*

1. O Concello ten a obriga de manter unha mínima actividade de vixilancia e coidado dos bens públicos que lle son propios, tanto na procura de mantelos en condicións para o servizo que prestan, como en condicións idóneas e axeitadas para que non produzan danos nas cousas e bens privados e nas persoas que das mesmas se serven.

2. A seguridade dos usuarios dos bens e servizos públicos ten que estar en todo momento garantida, xa sexa pola propia Administración pública titular do ben, como por aquelas persoas xurídicas ou físicas encargadas dos mesmos. Non é tolerable a existencia de defectos, dificultades ou atrancos que fagan dificultosa a circulación das persoas, ben polo seu propio pé, ben por medio de vehículos.

Para tal fin, e no suposto de tales dificultades, estas deben estar suficientemente sinalizadas co ánimo de prever os feitos que se puidesen derivar, cales son os accidentes.

3. Non resulta razoable o manifesto da empresa concesionaria cando di: “... que a árbore en cuestión se viu afectada por algunha das actuacións (balizamentos, descarga de materiais, movementos de máquinas, etc.) emprendidas nesa zona para a remodelación da rúa”.

É obvio que, se se van facer obras de remodelación, se terían que colocar avisos, sinais ou proteccións naqueles puntos para prever os posibles e probables accidentes, que corren o risco de incrementarse por mor das propias obras. Tal como di a normativa de prevención de riscos laborais (valos, sinais axeitados), ó ser unha zona de tránsito afecta ós traballadores que realizan as obras e tamén ós viandantes. Destas medidas tense que preocupar a propia Administración pública”.

Con data 7/07/2005 recíbese a resposta da concellería competente, da que se dá cumprida información ó interesado, no que se reflite:

“A caída do Sr. ... produciuse ó tropezar cun tocón dunha árbore que estaba situado dentro dun alcorque, polo tanto nunha zona non apta para a circulación de peóns. O feito de que a árbore fose cortada por mor das obras que se estaban a realizar nesa data, obras de humanización do barrio do Calvario, non representaba risco ningún para os viandantes, tanto pola súa ostensibilidade, xa que medía uns 50 cms. como polo dato, xa mencionado, de que estaba situado nunha zona non apta para a circulación de peóns, criterio mantido na resolución que pon fin á reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo Sr. ..., que foi avalado polo dictame CCC 182/05 do Consello Consultivo de Galicia que di textualmente que “non consta elemento ningún no expediente do que se poida derivar que o lugar onde se produciu o suceso represente un especial risco para os viandantes, no sentido de que constituía un obstáculo- trampa, polo que, congruentemente, deberemos entender que o tronco da árbore onde a reclamante tropezou ata caer – que estaba incluso rodeado dunha visíbel zona terrosa non apta para o tránsito de peóns- é un obstáculo perfectamente perceptíbel en circunstancias normais. E esta ostensibilidade, no tocante á presenza do dito obstáculo e o coidado que normalmente hai que manter ó transitar por unha vía pública, lévanos a apreciar, como suposto máis probable, que o Sr. ..., non controlou, na medida na que debía, o seu propio deambular, propiciando esta circunstancia a súa caída, sendo así que, do seu relato non se desprende, nin aparece acreditado no expediente, que o punto da vía onde caeu fose de difícil ou imposible percepción para calquera peón minimamente atento e controlador do seu camiñar. Tal consideración lévanos a establecer a conclusión conforme coa que non procede estimar a pretensión indemnizatoria exercitada pola reclamante, por non quedar acreditada a existencia dunha relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento do servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e, en canto tal, non indemnizábel pola Administración á que se lle dirixe a reclamación ”

RECOMENDACIÓN

Neste expediente, como en tantos outros desta natureza, non é aceptable a tardanza na súa resolución cando a propia norma que regula o procedemento (Real Decreto 429/93, de 24 de marzo) establece, no seu artigo 13, que o prazo para resolver as reclamacións é de seis meses máis o período extraordinario de proba á que se refire o artigo 9, no seu caso, que, obviamente, non implica meses de duración. Non caben desculpas de problemas de persoal, xa que a Lei 30/1992 establece mecanismos ó respecto.

Non se pode esquecer que todo procedemento administrativo supón unha garantía, unha protección simple dos intereses dos cidadáns que obriga ás entidades públicas a actuar con celeridade e eficiencia.

EXPEDIENTE 93/2005

ASUNTO

Queixa en relación co que o interesado considera unha usurpación de bens de propiedade pública por parte de particulares. Estima que os bens afectados son propiedade do Concello, tal como fixo constar en denuncias efectuadas o 8/11/2004 e o 29/06/2005.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 7/11/2005 á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, desde onde lle dan traslado ó departamento de Patrimonio, por ser da súa competencia.

Con data 14/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

REFLEXIÓNS

Chama a atención que unha Comunidade de Montes formule denuncias sobre un posible apropiamento de terreos públicos, presentando a primeira delas no Rexistro Xeral do Concello o 8/11/2004 e a segunda o 29/06/2005, segundo consta en copias, ás que ademais se xuntaban documentos complementarios en apoio ó desfase entre os mesmos, sen que, polo momento, conste resposta nin sexa coñecida actuación ningunha por parte do propio Concello.

Cando menos, é necesario lembrar que os cidadáns teñen amparados pola lei uns dereitos; non é preciso repetir neste expediente o que, ó respecto, figura na introdución desta memoria, pero si é conveniente reiterar o que se reflite especial e detalladamente no artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, definida como de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A confianza lexítima dos cidadáns está en que a actuación das Administracións públicas non se pode alterar arbitrariamente. O cidadán espera unhas actuacións áxiles e eficaces nos seus pedimentos, máxime cando parece que está en xogo o propio patrimonio municipal.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións puntuais e eficaces en temas que afectan á colectividade dos veciños, sen que caiba xustificación de imposibilidade cando se deixa transcourir un ano sen ter constancia das mesmas.

EXPEDIENTE 100/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa modificación e cambio de números dun edificio, o que ocasiona trastornos ós veciños, ademais de que non recibiron resposta ningunha ás súas peticións.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 25/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 28/11/2005.

Con data 7/12/2005 recíbese escrito do departamento de Estatística, do que se dá cumprida información ó interesado o 12/12/2005, no que indica que se fixo unha inspección no lugar co fin de resolver a dúbida e que, segundos os técnicos, as entradas ó edificio están situadas conforme ós planos de situación, dos que se enviaron copias ós interesados cos que, ademais, mantiveron varias reunións coa participación de funcionarios da oficina técnica do “Rueiro”.

REFLEXIÓNS

Saliéntase unha eficaz resolución, en tempo e forma, por parte do departamento de Estatística.

RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións a ter en consideración por todas as unidades municipais.

EXPEDIENTE 102/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación dunha Asociación de Veciños debido a diversas circunstancias que afectan ó grupo de vivendas que ocupan dende hai anos.

SITUACIÓN

Solicitude presentada o 12/12/2005, solicitándose informe á Concellería de Xestión Municipal – Patrimonio con data 14/12/2005.

Non obstante ser este un tema de competencia do Ministerio de Vivenda, aténdese o pedimento xa que en xuño de 2005 os interesados presentaron solicitude no Concello de Vigo en demanda dunha xestión de cesión dun terreo.

REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación que socialmente afecta a máis de catrocentos cidadáns e que se configura en torno ás relacións humanas, que teñen un substractum económico.

O home atópase fronte a unha alternativa: ou marchar cara adiante con crecente velocidade en prol de melloras ilimitadas e ata o de agora inconcebidas, ou ser condenado a unha perpetua oscilación entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a todos os esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

Á autoridade non se lle pode pedir o que excede das súas competencias, pero si que ten que asegura-las condicións xerais de felicidade que constitúan as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

Actualmente, a actividade administrativa preséntase como un problema de carácter social, porque a solidariedade é un ditado da natureza que eticamente se impón tamén ós gobernantes, e precisamente con maior intensidade porque neles é maior a capacidade.

É preciso, no suposto que nos ocupa, distinguir entre o condicionante o determinante; unha cousa é que un feito, un fenómeno, sexa condición de que outro se produza e outra, ben distinta, que o determine na súa esencia.

RECOMENDACIÓN

Unha detida consideración en relación coa decisión a tomar no pedimento dos interesados.

EXPEDIENTE 107/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa falta de resposta a un recurso presentado na Tesourería – Recadación Executiva.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 26/12/2005.

REFLEXIÓN

As mesmas que as reflectidas no expediente 39/2005.

RECOMENDACIÓN

As mesmas que as reflectidas no expediente 39/2005.

CAPÍTULO VIII: OUTROS

EXENCIONES SEGUNDO O REGULAMENTO ORGÁNICO DO VALEDOR DO CIDADÁN

EXPEDIENTE 57/2005

ASUNTO

Queixa en relación coas actuacións levadas a cabo por un veciños referentes á plantación de árbores.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/06/2005. Con data 23/06/2005 acúsase recibo da mesma e comunícase ó interesado que, tal como lle informou o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo, o asunto non é de competencia municipal, senón que se trata dun tema puramente civil recollido nos artigos 591 e seguintes do Código civil, polo que o Valedor do Cidadán non pode coñecer del.

EXPEDIENTES REMITIDOS Ó VALEDOR DO POBO

EXPEDIENTE 2/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa actuación do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) nun tratamento de enfermidade dun familiar, para o que tivo que solicitar orde xudicial para que se procedese ó seu internamento.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/01/2005. Con data 24/01/2005 acusouse recibo da mesma e comunicóuselle ó interesado que con esa mesma data dábase traslado da documentación ó Valedor do Pobo, por tratarse dun tema alleo á Administración municipal.

EXPEDIENTE 20/2005

ASUNTO

Queixa en relación co imposto xeral sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentais. As xestións foron levadas a cabo na Delegación da Consellería de Economía e Facenda – Servizo de Xestión Tributaria de Vigo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/03/2005. Con data 25/03/2005 acúsase recibo da mesma e dáse traslado da documentación ó Valedor do Pobo, por tratarse dun tema alleo á Administración municipal.

EXPEDIENTE 70/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa situación penitenciaria dun familiar.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/07/2005. Con data 3/08/2005 acúsase recibo, indicándolle ó seu promotor que non procede a súa admisión por tratarse dun tema alleo á Administración municipal; non obstante, indicamos que se o interesado o solicita, daremos traslado da mesma ó Valedor do Pobo.

O interesado rexeita autorizar o traslado subliñado.

EXPEDIENTES RELATIVOS Ó “DEFENSOR DEL PUEBLO”

EXPEDIENTE 94/2005

ASUNTO

Queixa en relación coa contaminación acústica producida polo tráfico da circunvalación Arquitecto Palacios, vía da que é titular o Ministerio de Fomento. O departamento de Medio Ambiente remitiu o expediente ó citado ministerio.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/11/2005. Con data 9/11/2005 acúsase recibo da mesma e comunícaselle ó interesado que non procede a súa admisión por tratarse dun tema alleo á Administración municipal; non obstante, se o autoriza, daríase traslado do expediente ó Defensor del Pueblo. Non se recibiu resposta por parte do promotor da queixa.

RESUMO ESTATÍSTICO

ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS	10 (9,08%)
Festas	2
Normalización lingüística	1
OMIC	2
Sanidade	5
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE	14 (12,72%)
Contaminación acústica	8
Fumes e vibracións	2
Infraccións	1
Uso indebido da auga	1
Varios	2
ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE	26 (23,64%)
Mobilidade	7
Retirada vehículo	2
Sancións	12
Seguridade	1
Varios	4
ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ	5 (4,55%)
Asistencia a Plenos	1
Varios departamentos	1
Varios	3
ÁREA DE SERVIZOS XERAIS	12 (10,91%)
Vías e obras	12
ÁREA DE URBANISMO	26 (23,64%)
Apertura de obras sen licenza	13
Instalacións perigosas	3
Inmobles estado perigoso	2
Obras con danos a 3 ^{os}	1
Orde de derruba	2
Pavimentación inadecuada	1
Proxectos normalización fincas	2
Varios	2
ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL	12 (10,91%)
Administración e tributos	2
Contratación	2
Responsabilidade patrimonial	2
Tarifas consumo de auga	2
Tesourería	2
Varios	2
OUTROS	5 (4,55%)
Cuestión civil	1
Defesor del Pueblo	1
Valedor do Pobo	3

EXPEDIENTES ORDENADOS EN FUNCIÓN DO TEMA

Asuntos Sociais	9,08%
Medio Ambiente	12,72%
Mobilidade e Seguridade	23,64%
Participación cidadá	4,55%
Servizos Xerais	10,91%
Urbanismo	23,64%
Xestión Municipal	10,91%
Outros	4,55%

REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2005**ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS**

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2005	Solicitud de documentos de castelán por non coñecer o galego	27/01/2005	11/02/2005
11/2005	Control de festas	3/02/2005 20/05/2005 20/06/2005 7/07/2005 17/08/2005 26/08/2005 26/09/2005 24/10/2005 21/11/2005 15/12/2005	15/02/2005 18/02/2005 25/02/2005 29/03/2005 26/08/2005
12/2005	Convenio festa da Reconquista	3/02/2005 13/04/2005 12/05/2005 13/06/2005 7/07/2005 8/08/2005 6/09/2005	16/02/2005 30/09/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
13/2005	Exceso de maleza e fosa séptica nunha finca	17/02/2005 29/03/2005 18/05/2005 2/06/2005 20/06/2005 4/07/2005 2/08/2005 6/09/2005 19/10/2005 15/11/2005	7/04/2005 14/09/2005 5/12/2005
38/2005	Animais de granxa en zona non autorizada	10/05/2005 9/06/2005 3/08/2005 31/10/2005 12/12/2005	24/06/2005 28/09/2005
67/2005	Conexión á rede xeral de saneamento	23/08/2005 19/09/2005 31/10/2005 16/10/2005 30/11/2005	28/09/2005 5/12/2005
72/2005	Finca inzada de maleza	17/08/2005	14/09/2005
78/2005	OMIC	8/09/2005 19/10/2005 9/11/2005 5/12/2005 22/12/2005	Sen resposta
91/2005	Cortello de animais en zona urbana	3/11/2005 14/12/2005	Sen resposta
103/2005	Oficina municipal de información ó consumidor	14/12/2005	

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
5/2005	Contaminación acústica dun taller de calderería	27/01/2005 28/02/2005 29/03/2005 27/04/2005 30/05/2005 3/08/2005 5/09/2005 19/10/2005 9/11/2005 5/12/2005	Sen resposta
23/2005	Contaminación acústica dun local de lecer	21/03/2005 25/04/2005 26/05/2005 30/06/2005 3/08/2005 7/09/2005 19/10/2005 10/11/2005 12/12/2005	Sen resposta
24/2005	Contaminación acústica dun local de lecer	30/03/2005 25/04/2005 26/05/2005 30/06/2005 3/08/2005 7/09/2005 19/10/2005 10/11/2005 12/12/2005	Sen resposta
37/2005	Sanción por tender roupa no oco dunha fachada exterior	11/05/2005 9/06/2005 5/07/2005 3/08/2005 19/10/2005 9/11/2005 7/12/2005	Sen resposta

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
42/2005	Contaminación acústica dun taller	16/05/2005 15/06/2005 7/07/2005 8/08/2005 6/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 12/12/2005	Sen resposta
46/2005	Contaminación acústica e malos cheiros dun local de hostalería	16/05/2005 15/06/2005 7/07/2005 8/08/2005 6/09/2005 19/10/2005 22/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
50/2005	Contaminación acústica dun local de lecer	25/05/2005 23/06/2005 27/06/2005 3/08/2005 24/10/2005 21/11/2005 15/12/2005	25/08/2005
63/2005	Funcionamento das campás dun reloxo parroquial	8/08/2005 7/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 12/12/2005	Sen resposta
71/2005	Uso indebido da auga polos servizos públicos	8/08/2005 28/09/2005	7/10/2005
74/2005	Contaminación acústica por mor do tráfico	20/09/2005 19/10/2005 16/11/2005	Sen resposta
79/2005	Falta de limpeza dunha praza pública	13/09/2005 19/10/2005 16/11/2005	23/09/2005 7/12/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
80/2005	Contaminación acústica dun local de lecer	28/09/2005 25/10/2005 22/11/2005	Sen resposta
90/2005	Contaminación acústica en festas parroquiais	19/10/2005 24/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
105/2005	Queima de material en finca contigua	19/12/2005	

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
8/2005	Sanción de tráfico	27/01/2005 28/02/2005 29/03/2005 26/04/2005 30/05/2005 30/06/2005 3/08/2005 5/09/2005 19/10/2005 9/11/2005 5/12/2005	*1
10/2005	Tres sancións de tráfico simultáneas	3/02/2005 2/03/2005 4/04/2005 5/05/2005 2/06/2005 4/07/2005 3/08/2005 1/09/2005 19/10/2005 8/11/2005 5/12/2005	*1
16/2005	Sanción de tráfico por estacionar en dobre fila sen condutor	1/03/2005 19/09/2005 24/11/2005 22/12/2005	*1

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
17/2005	Retirada do vehículo por estacionar en zona reservada a minusválidos	1/03/2005	16/03/2005
19/2005	Situación da veciñanza polo plan de remodelación da Praza de Compostela	15/03/2005 14/04/2005 12/05/2005 20/06/2005 7/07/2005 17/08/2005 26/09/2005 24/10/2005 21/11/2005 15/12/2005	*1
22/2005	Retirada dunha motocicleta	21/03/2005 21/04/2005 24/05/2005 23/06/2005 3/08/2005 29/08/2005 26/09/2005 24/10/2005 21/11/2005 15/12/2005	*1
27/2005	Sanción de tráfico por estacionamento de emerxencia	11/04/2005 11/05/2005 9/06/2005 5/07/2005 3/08/2005 5/09/2005 19/10/2005 9/11/2005 15/12/2005	*1

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
30/2005	Dificultade de acceso ás vivendas por mor dos bolardos	13/04/2005	
		12/05/2005	
		20/06/2005	
		7/07/2005	
		17/08/2005	
		26/09/2005	
		24/10/2005	
		21/11/2005	
		15/12/2005	*1
31/2005	Solicitude da tarxeta de Vitrasa	13/04/2005	
		12/05/2005	
		20/06/2005	
		7/07/2005	
		17/08/2005	
		26/09/2005	
		25/10/2005	
		24/11/2005	
		22/12/2005	*1
32/2005	Acoso ás dotacións dunha autoescola	21/04/2005	
		24/05/2005	
		6/06/2005	
		23/06/2005	
		3/08/2005	
		7/09/2005	
		19/10/2005	
		10/11/2005	
		12/12/2005	*1
36/2005	Sanción por estacionar na beirarrúa para a descarga de paquetería	5/05/2005	
		6/06/2005	
		4/07/2005	
		3/08/2005	
		1/09/2005	
		11/10/2005	
		9/11/2005	
5/12/2005	*1		

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
47/2005	Sancións reiteradas a residentes do Casco Vello	25/05/2005 22/06/2005 2/08/2005 29/08/2005 25/10/2005 22/11/2005 22/12/2005	*1
52/2005	Solicitude de certificado de convivencia	2/06/2005	10/06/2005
59/2005	Sanción por aparcar en zona non competente do Concello	23/06/2005 3/08/2005 19/09/2005 19/10/2005 14/11/2005	18/11/2005
60/2005	Molestias na rúa Castelar polas continuas obras de reforma	23/06/2005 3/08/2005 19/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 13/12/2005	*1
61/2005	Molestias na rúa Castelar polas continuas obras de reforma	30/06/2005 3/08/2005 19/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 13/12/2005	*1
64/2005	Proxectos de novos aparcamentos subterráneos	5/07/2005 18/08/2005 28/09/2005 8/11/2005 5/12/2005	*1
75/2005	Circulación das motocicletas polas beirarrúas	25/08/2005 28/09/2005 9/11/2005 5/12/2005	*1

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
81/2005	Repetición dunha multa xa pagada	19/10/2005 22/11/2005	*1
82/2005	Multa por obstaculizar a un vehículo de limpeza que circula en dirección prohibida	10/11/2005 22/12/2005	*1
85/2005	Eliminación de entrada de carruaxes	19/10/2005 22/11/2005	*1
86/2005	Barreiras no transporte público para persoas con discapacidades	19/10/2005 24/11/2005 22/12/2005	*1
95/2005	Dificultades para a mobilidade	10/11/2005 14/12/2005	*1
108/2005	Estacionamento para discapacitados	27/12/2005	
109/2005	Tema relacionado con Protección Civil		*2
110/2005	Tema relacionado con Protección Civil		*2

*1 Sen resposta

*2 Queixas presentadas o 30/12/2005, solicitáronse os informes no 2006.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
18/2005	Falta de liberdade de expresión nas reunións públicas do Concello	13/03/2005	9/04/2005
40/2005	Dificultades por mor da adquisición duns edificios	11/05/2005 4/07/2005 29/08/2005 26/09/2005 22/11/2005 22/12/2005	27/05/2005 16/06/2005 17/06/2005 11/10/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
56/2005	Danos ocasionados polas obras levadas a cabo nunha rúa		29/06/2005
		14/06/2005	19/07/2005
		17/08/2005	22/07/2005
		19/10/2005	4/08/2005
		22/12/2005	18/11/2005
68/2005	Non se pide o informe preceptivo porque o interesado non achega os documentos requiridos		
69/2005	Danos nunha propiedade	3/08/2005	
		19/09/2005	20/09/2005
		19/10/2005	28/10/2005
		28/11/2005	7/12/2005
ÁREA DE SERVIZOS XERAIS			
QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
34/2005	Inundacións nunha vivenda polas forte chuvias	5/05/2005	
		19/10/2005	1/06/2005
		19/11/2005	19/11/2005
		15/12/2005	27/12/2005
43/2005	Cortes de auga e impedimento para acceder ás vivendas	16/05/2005	
		15/06/2005	
		7/07/2005	
		7/09/2005	8/07/2005
		19/10/2005	11/11/2005
12/12/2005	27/12/2005		
45/2005	Facturas da auga		27/05/2005
		16/05/2005	16/06/2005
54/2005	Estado do chan dun camiño	13/06/2005	20/06/2005
		19/10/2005	15/11/2005
66/2005	Rotura na rede de abastecemento	3/08/2005	
		18/08/2005	
		19/10/2005	
		8/11/2005	
		5/12/2005	
12/12/2005	7/12/2005		

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
76/2005	Tapa de rexistro no cruzamento de rúas	17/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 13/12/2005	16/09/2005
77/2005	Estado dunha travesía*	7/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 12/12/2005	15/11/2005 20/12/2005
97/2005	Inundacións por chuvias	16/11/2005 26/12/2005	29/11/2005
98/2005	Inundacións por chuvias	16/11/2005 26/12/2005	29/11/2005
99/2005	Focha na beirarrúa	17/11/2005 26/12/2005	Sen resposta
102/2005	Acondicionamento dunha rúa	7/11/2005 14/12/2005	13/12/2005
104/2005	Retirada de punto de luz	19/12/2005	

*En data 19/10/2005 a súa tramitación pasou a Urbanismo

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
1/2005	Local de hostalería que funciona desde 2002 sen licenza	17/01/2005 11/02/2005 15/03/2005 19/04/2005 18/05/2005 20/06/2005 29/08/2005 19/09/2005 15/11/2005 13/12/2005	24/05/2005 2/08/2005 6/10/2005 19/12/2005
4/2005	Vivenda que cambiou de titularidade. Iniciado no 2004 e en suspenso		*1

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
6/2005	Instalación de caixas metálicas nun edificio	27/01/2005 28/02/2005 29/03/2005 27/04/2005 2/05/2005	29/04/2005 18/05/2005
9/2005	Desacordo co proxecto de normalización de fincas nunha UR	3/02/2005 2/03/2005 4/04/2005 5/05/2005 2/06/2005 3/08/2005 1/09/2005 5/12/2005	20/06/2005 4/11/2005 30/12/2005
26/2005	Obras sen licenza	4/04/2005 2/05/2005 2/06/2005 4/07/2005 3/08/2005 1/09/2005 19/10/2005 16/11/2005 13/12/2005	16/09/2005
28/2005	Pavimentación dunha rúa que non se axusta ás cotas	13/04/2005 12/05/2005 3/08/2005 7/09/2005 21/11/2005 15/12/2005	16/05/2005 30/05/2005 19/09/2005
29/2005	Inmoble con perigo de derruba	13/04/2005 12/05/2005 30/06/2005 24/10/2005 28/11/2005	30/05/2005 19/07/2005 30/11/2005
33/2005	Instalación de estación base de telefonía sen licenza en zona moi poboada	21/04/2005 24/05/2005 30/06/2005	30/05/2005 11/07/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
35/2005	Estufa de leña con saída de fumes, sen licenza	5/05/2005 6/06/2005 7/07/2005 4/08/2005 6/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 15/12/2005	8/06/2005
41/2005	Instalación de antena de telefonía móbil	11/05/2005 24/10/2005 28/11/2005 23/12/2005	7/06/2005
44/2005	Furados practicados nun edificio para a ventilación dun local	16/05/2005 15/06/2005 7/07/2005 8/08/2005 6/09/2005 19/10/2005 14/11/2005 12/12/2005	Sen resposta
48/2005	Escavacións feitas por un taller en zona forestal	25/05/2005 23/06/2005 3/08/2005 29/08/2005 26/09/2005 25/10/2005 22/11/2005 13/12/2005	Sen resposta
49/2005	Construción dunha nave sen licenza	25/05/2005 3/08/2005 19/09/2005 19/10/2005 15/11/2005 13/12/2005	21/06/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
53/2005	Obras que producen danos en finca allea	6/06/2005 4/07/2005 3/08/2005 1/09/2005 19/10/2005 8/11/2005 5/12/2005	Sen resposta
58/2005	Incumprimento da normativa de alturas en edificacións e instalación de antenas de telefonía móbil	23/06/2005	7/07/2005
62/2005	Derruba sen licenza dunha parede divisoria de dous garaxes	4/07/2005 18/08/2005 19/10/2005 8/11/2005 5/12/2005	Sen resposta
65/2005	Desprendementos na fachada dun inmovible	7/07/2005 18/08/2005 19/10/2005 8/11/2005 5/12/2005	Sen resposta
73/2005	Contaminación acústica dun local sen licenza	18/08/2005 31/10/2005 22/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
83/2005	Apertura dun taller sen licenza	19/10/2005 24/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
84/2005	Corte das subministracións básica debido a unha sentenza	13/10/2005 24/11/2005	19/12/2005
87/2005	Obras de reforma de dous locais sen que conste licenza	19/10/2005 24/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
88/2005	Enderezos similares que provocan confusións	19/10/2005 22/12/2005	25/10/2005

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
89/2005	Titularidade dun camiño	19/10/2005 24/11/2005 22/12/2005	Sen resposta
96/2005	Antena de telefonía sen licenza	14/11/2005 14/12/2005	
101/2005	Actividade non axustada á licenza	29/11/2005 26/12/2005	
106/2005	Reclamación na OMIC sobre facturación de auga	26/12/2005	

*1 O interesado non deu resposta ás peticións do Valedor do Cidadán

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
3/2005	Facturación excesiva do consumo de auga	27/01/2005 24/02/2005 29/03/2005 25/05/2005 26/06/2005	5/04/2005 28/06/2005
14/2005	Exención do pagamento da taxa pola recollida do lixo	28/02/2005	8/03/2005
15/2005	Incremento do IBI	1/03/2005	6/04/2005
21/2005	Responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa	17/03/2005 21/04/2005 24/05/2005 26/09/2005 7/11/2005	25/04/2005 4/10/2005 30/11/2005
25/2005	Facturación excesiva do consumo da auga	30/03/2005	13/04/2004

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
39/2005	Concesión dunha Asociación de comerciantes e vendedores	11/05/2005 9/06/2005 5/07/2005 3/08/2005 5/09/2005 19/10/2005 9/11/2005 7/12/2005	Sen resposta
51/2005	Embargo pola falta de pago de taxas	26/05/2005	26/06/2005
55/2005	Responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa	14/06/2005	7/07/2005
93/2005	Usurpación de bens municipais	7/11/2005 14/12/2005	
100/2005	Desacordo direccións postais	28/11/2005	7/12/2005
102/2005	Situación dunha Asociación de Veciños en relación cuns terreos	15/12/2005	
107/2005	Falta de resposta a un recurso	26/12/2005	

PARTE V: ENTREVISTAS

1. ASUNTOS SOCIAIS	16
Benestar Social	4
Festas	1
Sanidade	1
Varios	10
2. MEDIO AMBIENTE	46
Maleza en fincas	2
Ruídos	44
3. MOBILIDADE E SEGURIDADE	72
Accesos	4
Mobilidade	20
Sancións	14
Varios	2
4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ	10
Desenvolvemento local	4
Plans comunitarios (Casco Vello, Teis)	6
5. SERVIZOS XERAIS	42
Aqualia	10
Recollida lixo	10
Vías e obras	22
6. URBANISMO	66
Afectados Ronda	4
Afectados derruba	6
Infraccións urbanísticas	52
Varios	4
7. XESTIÓN MUNICIPAL	36
Cualificación urbanística	2
Contratación	4
Exencións	2
Responsabilidade patrimonial	16
Taxas dos transportes	2
Tributos	10
8. OUTROS	31
Administración central	2
Cuestións civís	20
Empresas Álvarez	2
Expropiacións	6
Valedor do Pobo	1

ENTREVISTAS ORDENADAS EN FUNCIÓN DO TEMA

Asuntos Sociais	5,02%
Medio Ambiente	14,42%
Mobilidade e Seguridade	22,57%
Participación cidadá	3,13%
Servizos Xerais	13,29%
Urbanismo	20,69%
Xestión Municipal	11,29%
Outros	9,72%

PARTE VI: CONSULTAS CORREO ELECTRÓNICO

1. ASUNTOS SOCIAIS	3
Asistencia social	1
Deportes	2
2. MEDIO AMBIENTE	8
Ruídos	6
Salubridade	2
3. MOBILIDADE E SEGURIDADE	22
Aparcamentos	7
Entradas de carruaxes	1
Mobilidade	5
Seguridade	5
Sancións	4
4. SERVIZOS XERAIS	2
Vías e obras	2
5. URBANISMO	13
Infraccións	2
Licencia	3
OMIC	6
PXOM	1
Varios	1
6. XESTIÓN MUNICIPAL	9
Responsabilidade patrimonial	1
Taxas	4
Tributos	3
Varios	1
7. OUTROS	22
Consumo	10
Cuestións civís	4
Outras Administracións públicas	7
Valedor do Pobo	1
TOTAL	79

TOTAL DE CONSULTAS EFECTUADAS POR CORREO ELECTRÓNICO NO ANO 2005 ORDENADAS EN FUNCIÓN DO TEMA (79)

Asuntos Sociais	3,79%
Medio Ambiente	10,12%
Mobilidade e Seguridade	27,84%
Servizos Xerais	2,53%
Urbanismo	16,45%
Xestión Municipal	11,39%
Outros	27,84%

PARTE VII

EXPEDIENTES ANALIZADOS NO ANO 2005 QUE SE CORRESPONDEN CON ACTUACIÓN INCIAADAS NOS ANOS 2002 Ó 2005

EXPEDIENTES REXISTRADOS NO ANO 2005	110
1. ASUNTOS SOCIAIS	10
Festas	2
Normalización lingüística	1
OMIC	2
Sanidade	5
2. MEDIO AMBIENTE	14
Contaminación acústica	8
Fumes e vibracións	2
Infraccións	1
Uso indebido da auga	1
Varios	2
3. MOBILIDADE E SEGURIDADE	26
Mobilidade	7
Retirada vehículo	2
Sancións	12
Seguridade	1
Varios	4
4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ	5
Asistencia a Plenos	1
Varios departamentos	1
Varios	3
5. SERVIZOS XERAIS	12
Vías e obras	12
6. URBANISMO	26
Apertura de obras sen licenza	13
Instalacións perigosas	3
Inmobles estado perigoso	2
Obras con danos a 3 ^{os}	1
Orde de derruba	2
Pavimentación inadecuada	1
Proxectos normalización fincas	2
Varios	2
7. XESTIÓN MUNICIPAL	12
Administración e tributos	2
Contratación	2
Responsabilidade patrimonial	2
Tarifas consumo de auga	2
Tesourería	2
Varios	2

8. OUTROS5

Cuestión civil	1
Defesor del Pueblo	1
Valedor do Pobo	3

EXPEDIENTES ORDENADOS EN FUNCIÓN DO TEMA

Asuntos Sociais	9,08%
Medio Ambiente	12,72%
Mobilidade e Seguridade	23,64%
Participación cidadá	4,55%
Servizos Xerais	10,91%
Urbanismo	23,64%
Xestión Municipal	10,91%
Outros	4,55%

NOTA: os expedientes incluídos no epígrafe “varios” correspóndense coas seguintes áreas:

Medio Ambiente	2
Falta limpeza nunha praza	1
Suspensión do funcionamento das campás nunha parroquia	1
Mobilidade e Seguridade	4
Acoso a autoescola	1
Certificado convivencia	1
Proxecto aparcamento sen facilidades para residentes	1
Tarxeta Vitrasa para pensionista	1
Participación cidadá	3
Danos por obras municipais que producen falta de limpeza e tránsito incontrolado de persoas	1
Dificultades na adquisición duns edificios por unha promotora	1
Falta de colaboración do interesado, que impediu o seguimento do expediente	1
Urbanismo	2
Caixas metálicas na parede dunha casa	1
Cambio de titularidade dunha finca	1
Xestión Municipal	2
Troco de números dun edificio	1
Usurpación de bens públicos	1

EXPEDIENTES ANALIZADOS Ó LONGO DO ANO 2005 QUE SE CORRESPONDEN CON ACTUACIÓN S INICIADAS EN ANOS ANTERIORES

ÁREA	ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE		
	2002	2003	2004
ASUNTOS SOCIAIS	-	-	2
MEDIO AMBIENTE	-	-	5
MOBILIDADE E SEGURIDADE	-	2	8
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	-	-	-
SERVIZOS XERAIS	-	1	3
URBANISMO	4	5	14
XESTIÓN MUNICIPAL	-	1	8
OUTROS	-	-	-


TOTAL DE EXPEDIENTES ANALIZADOS NO ANO 2005 ORDENADOS EN FUNCIÓN DO TEMA:163

Asuntos Sociais	7,36%
Medio Ambiente	11,65%
Mobilidade e Seguridade	22,08%
Participación cidadá	3,07%
Servizos Xerais	9,82%
Urbanismo	30,06%
Xestión Municipal	12,88%
Outros	3,07%

Destes 163 expedientes analizados, no momento de redactar esta memoria, xaneiro de 2006, concluíranse 65

PARTE VIII: RESUMO ESTATÍSTICO


EXPEDIENTES REXISTRADOS



Tanto en 2004 como en 2005, os asuntos máis frecuentes foron a apertura de obras sen licenzia (16 en 2004 fronte 13 en 2005) e as sancións (13 en 2004 fronte 12 en 2005).


Os de maior incremento en 2005 foron: vías e obras (de 5 a 12), Mobilidade e Seguridade (de 0 a 7), Sanidade (de 0 a 5) e Contaminación Acústica (de 4 a 8).

Número de expedientes rexistrados



Por temas, e comparado co ano 2004, o número de expedientes incrementábase en todo tipo de asuntos excepto en Xestión Municipal e no apartado Outros (cuestións civís, asuntos do Defensor del Pueblo e asuntos do Valedor do Pobo).


Porcentaxe de expedientes rexistrados



En porcentaxe, no ano 2005 tamén diminúe a proporción de expedientes rexistrados en materia de Xestión Municipal, 11% fronte ao 14% do 2004, e Outros: 5% fronte ao 11% do 2004.

EXPEDIENTES ANALIZADOS


Número de expedientes analizados



En canto ao número total de expedientes analizados en 2005, destacan os de Urbanismo (49), e Mobilidade e Seguridade (36).


Os expedientes analizados en 2005 con orixe en anos anteriores posúen un perfil moi parecido aos analizados en 2004 tamén con orixe en anos anteriores. En todo caso, o seu número aumenta en 2005, especialmente nos asuntos de Xestión Municipal (de 2 a 8) e Urbanismo (de 17 a 23).

Porcentaxe de expedientes analizados




En porcentaxe, o perfil do número total de expedientes analizados en 2005 sepárase dos que posúen orixe en anos anteriores e foron analizados en 2005 e 2004, sobre todo en materia de Urbanismo (30% no primeiro grupo, fronte ao 45% destes dous últimos grupos). Pola súa banda, os analizados en 2004 con orixe en anos anteriores sepáranse dos outros dous grupos sobre todo en Mobilidade e Seguridade (38% nos analizados en 2004 fronte ó redor do 20% nos analizados en 2005).

ENTREVISTAS




Por número de entrevistas destaca infraccións urbanísticas (52 en 2005 e 48 en 2004) seguido de contaminación acústica (44 en 2005 fronte a 24 en 2004), sancións (32 en 2005 fronte a 12 en 2004), Vías e Obras (22 en 2005 fronte a 10 en 2004), Mobilidade (20 en 2005) e cuestións cívís (20 en 2005 fronte a 16 en 2004).

Número de entrevistas




Por tipo de asuntos, en 2005 destaca Mobilidade e Seguridade (72 en 2005 fronte a 30 en 2004), seguido de Urbanismo, tamén maioritario en 2004 (66 en 2005 fronte a 78 en 2004). Nun segundo nivel atópanse Medio Ambiente (46 fronte a 26 en 2004), Servizos Xerais (42 fronte a só 18 en 2004) e Mobilidade e Seguridade (40 fronte a 30 en 2004).

Porcentaxe de entrevistas




En porcentaxe, a presenza dos diferentes tipos de asuntos en 2005 é moi similar ao 2004, excepto sobre todo en Urbanismo que diminúe do 36% ao 23% e en Mobilidade e Seguridade, que aumenta do 14% ao 23%.

CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO




En 2005 destacan as consultas de consumo (10 fronte a 4 en 2004), seguidas de aparcamentos e asuntos de outras administracións (7 fronte a 4 e 2 en 2004, respectivamente), contaminación acústica (6 fronte a 3 en 2004), e OMIC (6 fronte a ningunha en 2004).

Número de consultas por correo electrónico




Por tipo de asunto, en 2005 destacan os asuntos de Mobilidade e Seguridade (17 fronte a 22 en 2004) e Outros (15 fronte a 22 en 2004). Así mesmo, destaca a importante redución no número de consultas sobre Urbanismo (de 13 en 2004 a 1 en 2005) e en Xestión Municipal (de 9 en 2004 a 4 en 2005).

Porcentaxe de consultas por correo electrónico




En porcentaxes, o perfil dos asuntos consultados cambia do 2004 ao 2005, especialmente en Urbanismo (16% en 2004 fronte ao 2% en 2005), en Asuntos Sociais (do 4% en 2004 ao 14% en 2005) e Servizos Xerais (do 3% en 2004 ao 9% en 2005).

RESUMO

En resumo, considerando toda a actividade da oficina do Valedor no ano 2005, o número de actuacións presenta o seguinte detalle comparado co de 2004:

1. Rexistráronse 110 novos expedientes fronte a 97 en 2004.
2. En total, analizáronse 163 expedientes fronte a 134 en 2004.
3. Mantivéronse 319 entrevistas fronte ás 214 de 2004.
4. Producíronse 79 consultas por correo electrónico fronte ás 56 de 2004.

Total actuacións por tipo de asuntos



Por tipo de asunto, o resumo é o seguinte, de maior a menor número de actuacións:

1. Destaca Mobilidade e Seguridade que presenta 156 actuacións, fronte a 107 en 2004.
2. Séguelle Urbanismo, con 154 actuacións, fronte a 142 en 2004.
3. Medio Ambiente alcanza as 87 actuacións, fronte a 53 en 2004.
4. Xestión Municipal supuxo 78 actuacións fronte a 53 en 2004.
5. En concepto de Outros (asuntos doutras Administracións públicas, cuestións civís, Defensor do Pobo, Valedor do Pobo, etc.) realizáronse 63 actuacións fronte a 67 en 2004.
6. Asuntos Sociais pasa de 32 actuacións en 2004 a 41 en 2005.
7. Para rematar, Participación Cidadá supuso 20 actuacións, por só 5 en 2004.÷

ANEXO

Non obstante o período real que abrangue esta memoria, faise unha sucinta referencia a aqueles expedientes que tiveron actividade por parte das distintas unidades municipais en forma de resposta ou información entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2006.

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Expediente 18/2003. Queixa presentada en relación cos malos olores producidos por unha planta de residuos sólidos e coa acumulación de diversos materiais na beirarrúa.

O 3 de febreiro de 2006 recíbese escrito do servizo de Participación e Atención Cidadá, co que achega informe da XMU, no que indica que con data 16/01/2006 se comunica á empresa afectada a apertura dun período de información previo á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística (35 meses despois da presentación da queixa).

Expediente 105/2005. Queixa en relación coa queima de material nunha finca lindeira á vivenda do interesado. O 9 de febreiro de 2006 recíbese informe do departamento correspondente, no que indica que o tema se atopa xudicializado.

ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

Expediente 91/2004. Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en dobre fila como consecuencia de padecer unha enfermidade.

O 8 de febreiro de 2006 (catorce meses despois de iniciado o expediente) recíbese o informe do departamento de Seguridade e Transportes quen, non obstante xustificar a enfermidade que padece o interesado e o testemuño do persoal dun local de hostalería, desestima as alegacións e confirma a sanción.

Neste expediente non se teñen en conta as circunstancias que motivaron a actuación do interesado, xa que a conduta activa derivada dun estado de necesidade que non provoca alteracións nin ocasiona situación de perigo ningún non debe tomarse como un comportamento antixurídico, debido a que a actuación do cidadán deriva dunhas condicións especiais; ademais, non se teñen en conta os xustificantes médicos nin as testemuñas, sempre a ter en conta.

Tampouco se seguen as prescricións que se sinalan nos textos legais obrigatorios, tales como as que se refliten no artigo 38 da Lei 30/1992 e as do Real Decreto 2568/1986, de obrigatorio cumprimento tamén para a concellería competente neste ámbito.

O Defensor del Pueblo ten proclamado que "A veces, los criterios jurídicos chocan con los criterios de sentido común".

Expediente 8/2005. Queixa en relación cunha sanción de tráfico.

O 6 de febreiro de 2006 recíbese o informe solicitado o 27 de xaneiro de 2005, trece meses despois, do departamento de Seguridade e Transportes. No mesmo se desestiman as alegacións feitas polo interesado.

Expediente 16/2005. Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar o vehículo en dobre fila e sen condutor.

O 3 de febreiro de 2006 recíbese o informe do departamento de Seguridade e Transportes, solicitado o 1/03/2005, no que indica que a infracción foi “estacionar en dobre fila con condutor”. Non se estiman as alegacións do interesado, o que causa unha equivocación ou erro debido á administración, cuxa consecuencia sería o arquivo do expediente.

Non se ten en conta a circunstancia que motivou o aparcamento indebido, que non é outra que prestar axuda ante unha situación de necesidade.

Expediente 36/2005. Queixa en relación cunha sanción de tráfico por aparcamento momentaneamente para descargar paquetes e bolsas para unha persoa de idade.

O 6 de febreiro de 2006 recíbese o informe solicitado o 5 de maio de 2005, no que non se teñen en conta as alegacións presentadas nin se fai mención ó trato inadecuado que recibiu o interesado por parte dun Policía local; tampouco se teñen en conta as circunstancias do estado de necesidade en que se atopaba o promotor da queixa

Expediente 47/2005. Queixa en relación cunhas sancións de tráfico impostas por descargar paquetes e bolsas nunha zona restrinxida e que afecta sensiblemente ás necesidades dos veciños.

O 6 de febreiro de 2006 recíbese o informe, solicitado o 25/05/2005, do departamento de Seguridade e Transportes, no que se desestiman todas as alegacións do promotor da queixa.

Como resumo desta Área de Mobilidade e Seguridade, ten que se subliñar a falta de cumprimento do mandato do artigo 38 da Lei 30/1992 e do disposto no RD 2568/1986.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Expediente 40/2005. Queixa en relación coas deficiencias da rede de auga nun inmovible.

O 13 de xaneiro de 2006 recíbese informe do servizo de Participación Cidadá, co que achega escrito de Aqualia no que indica que se remitiu o expediente ó Instituto Galego de Consumo por estimar que é quen debe seguir coa tramitación.

Expediente 56/2005. Queixa en relación cos danos producidos polas obras da rúa San Sebastián.

Con data 13 de xaneiro de 2006 recíbese escrito no que informa que o expediente está pendente de informe do técnico encargado das obras.

Expediente 69/2005. Queixa en relación cos danos producidos nunha finca pola actuación duns operarios do concello.

Con data 10 de febreiro de 2006 recíbese escrito no que informa que a Xunta de Goberno Local (16/01/2006) aprobou a práctica do deslinde da propiedade obxecto da queixa, polo que se procederá a realizar as obras de acondicionamento e reparación.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

Expediente 42/2004. Queixa en relación cunhas deficiencias nunha mina de auga.

O 1 de febreiro de 2006 recíbese escrito do Servizo de Electro-mecánicos no que nos infórmea, unha vez máis, que a solicitude feita a Augas de Galicia o 10 de outubro de 2005 para o arranxo da galería aínda non tivo resposta.

É obvio que a cooperación por parte doutras administracións non é o efectiva e áxil que debería.

Expediente 76/2005. Queixa en relación co ruídos que producen as tapas de rexistro nun cruzamento de rúas con tráfico intenso.

O 25 de xaneiro de 2006 recíbese escrito do departamento de Vías e Obras no que indica que se deu a orde para o arranxo das tapas.

Expediente 99/2005. Queixa en relación cunha focha producida na beirarrúa.

O 10 de xaneiro de 2006 recíbese escrito do departamento de Vías e Obras no que informa que xa se deu a orde de arranxo.

ÁREA DE URBANISMO

Expediente 17/2002. Queixa relacionada cunha instalación de taller sen licenza.

O 2 de febreiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, co que achega copia da sentenza nº 250/05 na que se condena ó denunciado no expediente como autor dunha falta contra a orde pública. Signifícase que o denunciado segue a negarse a facilita-la entrada para a inspección sen unha orde xudicial.

Expediente 51/2002. Queixa en relación coa construción dun muro.

Este expediente reábrese o 19/01/2006 a instancia do interesado. Solicítase con esa mesma data a protección da legalidade urbanística, xa que non se procedeu nin á derruba do muro nin á legalización do mesmo.

Expediente 30/2004. Queixa en relación coa construción en 1998 dunha nave industrial sen licenza.

O 31 de xaneiro de 2006 recíbese notificación da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo na que informa da imposición dunha multa coercitiva, por resolución de 11/07/2005, e que está pendente de resolución un recurso de reposición interposto o 28/07/2005.

Pola nosa parte, manifestouse á vicepresidencia da XMU o noso estupor polos atrasos, a falta de atención, a inacción e a negligencia no seguimento deste expediente, instando unha acción puntual e efectiva no ámbito da protección da legalidade urbanística.

Expediente 34/2004. Queixa en relación cun taller de chatarreira sen licenza que produce molestias á veciñanza.

O 14 de febreiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU, co que achega informe de inspección de 20 de xaneiro de 2006, no que subliña que se retirou bastante mate-

rial do interior da finca, aínda que quedan algunhas pequenas pezas e algún material exterior, ademais de que o peche está realizado con ferralla e madeiras.

Expediente 9/2005. Queixa en relación co proxecto de normalización na UR1 do PEM de Esparramán.

O 2 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da Concellería de Urbanismo, co que achega copia da certificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 5/12/2005 polo que se estima o recurso de reposición interposto no seu día polo interesado.

Expediente 28/2005. Queixa en relación coa pavimentación da rúa Bolivia.

O 23 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa con detalle das obras realizadas.

Expediente 41/2005. Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil.

O 10 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa da suspensión do outorgamento de licenzas deste tipo, segundo o PXOM.

Expediente 48/2005. Queixa en relación coas escavacións feitas nunha zona forestal.

O 7 de febreiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa, polo miúdo, da situación do expediente, no que consta unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se desestima o recurso interposto contra o acordo do Consello da XMU de 6/03/1997; e subliña a imposición de sucesivas multas coercitivas por incumprimento da orde de derruba.

Con data 9/02/2006 dirixímonos á vicepresidencia da XMU facendo mención da xa coñecida doutrina do moderno modelo europeo de excelencia, en canto á eficacia e á axilidade en orde a dar respostas axeitadas ás demandas do contorno; neste senso pronúnciase a Lei 57/2003, de 16 de decembro. Tamén se fai mención á doutrina xurisprudencial sobre a imposición de multas no ámbito de protección da legalidade urbanística, no senso de que non son máis que cantidades simbólicas aceptadas polos administrado a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren co previsto na lei.

Trátase dun asunto denunciado no concello o 31/12/1989, polo que se insta unha acción decidida e eficaz consonte á lei.

Expediente 49/2005. Queixa en relación coa construción dunha nave sen licenza que ten orde de derruba.

O 2 de febreiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa que, como ampliación ó informe do 6/06/2005, en data 16/12/2005 o inspector municipal emite informe no que se indica que non se pode determinar se se realiza actividade ou non no interior da nave, polo que, con data 10/01/2006 solicítase novo informe á Policía local.

Trátase dun expediente iniciado en 1989.

Expediente 53/2005. Queixa en relación cunhas obras que provocan danos nunha finca allea.

O 3 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da Inspección Técnica de Obras, co que achega notificación do Vicepresidente da XMU na que se informa polo miúdo que se trata de obras sen licenza que non teñen carácter de legalizables, ordenándose, segundo resolución de

7/06/2005, a paralización das mesmas e a retirada dos materiais. Tamén informa de que á data da notificación o expediente está pendente de remisión á apareladora municipal para informar as alegacións de carácter técnico presentadas.

Expediente 62/2005. Queixa en relación coas obras sen licenza realizadas no garaxe dunha Comunidade de Propietarios, xa denunciadas o 6/08/2004.

O 31 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa que a queixa foi remitida o 14/09/2005 ó servizo de Inspección para a comprobación dos feitos denunciados (un ano despois).

Expediente 65/2005. Queixa en relación co estado da fachada dun edificio, que presenta perigo para a seguridade pública. Este feito foi denunciado o 18/03/2004.

O 7 de febreiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa que o 1/03/2005 ordenouse ós propietarios que procedesen á execución das obras de reforma e que o 18/01/2006 está pendente de resolución o recurso de reposición interposto por aqueles.

Expediente 73/2005. Queixa en relación cos ruídos procedentes dun local de hostalería que carece de licenza de actividade, denunciados no ano 2004.

O 26 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa que o 17/11/2005 acordouse incoar expediente de protección da legalidade urbanística.

Expediente 78/2005. Queixa en relación coa falta de resposta a unha reclamación presentada na OMIC.

O 13 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da OMIC no que informa que o expediente foi remitido ó Instituto Galego de Consumo, competente na materia.

Expediente 87/2005. Queixa en relación coas obras que se están a realizar en determinados locais, sen que conste a licenza ó respecto.

O 31 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da vicepresidencia da XMU no que informa que a denuncia foi remitida á inspección para a súa comprobación o 30/09/2005.

Expediente 103/2005. Queixa en relación coa falta de resposta a unha reclamación presentada na OMIC.

O 25 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da OMIC no que informa que se deu traslado do expediente ó Instituto Galego de Consumo, competente na materia.

Expediente 106/2005. Queixa en relación coa falta de resposta a unha reclamación presentada na OMIC.

O 13 de xaneiro de 2006 recíbese escrito da OMIC no que informa que o expediente foi remitido ó Instituto Galego de Consumo, competente na materia.

Non obstante o anterior, antes de trasladar a citada información ó interesado, esta Institución solicitou con data 17/01/2006 o Prego de cláusulas administrativas da concesión do abastecemento de auga ó servizo de Contratación, sen te-lo recibido ó peche deste anexo.

ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

Expediente 92/2004. Queixa en relación coas subas do prezo de abono dun aparcamento de vehículos.

O 3 de febreiro de 2006 recíbese informe da concellería competente.

Expediente 34/2005. Queixa en relación coas inundacións que se producen na vivenda do interesado debido ás fortes chuvias.

O 14 de febreiro de 2006 recíbese informe do departamento de Patrimonio, no que indica que o expediente se atopa en trámite de audiencia ó interesado.

Expediente 93/2005. Queixa en relación cunha denuncia sobre presunta apropiación de bens públicos.

O 13 de xaneiro de 2006 recíbese escrito de Participación Cidadá, no que se indica que o expediente se atopa en trámite.